



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 49

**Sesión Plenaria**  
21 de novembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos lexislativos

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas (doc. núm. 10538, 10/PPLC-000005)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 23.06.2017

### Punto 2. Comparecencias

#### 19874 (10/CPP-000042)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das novas propostas de coordinación en materia de emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 20099 (10/MOC-000055)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Rivas Cruz, José Luis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19139, publicada no BOPG nº 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

#### 3.2 20100 (10/MOC-000056)

##### Grupo Parlamentario de En Marea

##### Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19039, publicada no BOPG nº 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

#### 3.3 20114 (10/MOC-000057)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 18688, publicada no BOPG nº 195, do 18.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

## **Punto 4. Proposicións non de lei**

### **4.114121 (10/PNP-001164)**

#### **Grupo Parlamentario de En Marea**

#### **Vázquez Verao, Paula, e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

### **4.2 17218 (10/PNP-001298)**

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

### **4.3 17688 (10/PNP-001320)**

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

### **4.4 19444 (10/PNP-001438)**

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

#### **Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018 do cuadrexésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

### **4.5 19565 (10/PNP-001447)**

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

### **4.6 19594 (10/PNP-001452)**

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para ga-

rantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

#### **4.7 19622 (10/PNP-001454)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis**

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo, posibles casos de corrupción no sector público galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

#### **4.8 19744 (10/PNP-001465)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**García Míguez, María Ángeles e catorce deputados/as máis**

Sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 18979 (10/INT-000617)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

#### **5.2 19022 (10/INT-000620)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e catro deputados/as máis**

Sobre o sector conserveiro e o emprego nel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

#### **5.3 19254 (10/INT-000637)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 02.11.2017

### **Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

#### **6.1 20180 (10/POPX-000058)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o cumprimento da normativa vixente na loita contra o terrorismo machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**6.2 20196 (10/POPX-000059)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación da política desenvolvida polo Goberno galego en materia de reforma de estruturas forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**6.3 20202 (10/POPX-000060)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as razóns da incapacidade das políticas da Xunta de Galicia para trasladar o incremento nominal do PIB galego á diminución da desigualdade social e a precariedade ou a mellora dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 18046 (10/POP-002196)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para previr e erradicar os asasinatos de mulleres a consecuencia da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.2 19304 (10/POP-002304)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 02.11.2017

**7.3 20200 (10/PUP-000120)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a colaboración que está a ofrecer a Xunta de Galicia ás entidades locais para a celebración o 25 de novembro do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, co fin de acadar unha maior efectividade dos recursos nos ámbitos da sensibilización, da prevención e da asistencia ás vítimas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**7.4 20201 (10/PUP-000121)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a retirada da campaña publicitaria titulada *O máis grande de Galicia non se maltrata*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**7.5 18668 (10/POP-002250)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da redacción do proxecto e avaliación ambiental do alongamento do acceso ao porto seco de Monforte ata a N-120

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**7.6 19527 (10/POP-002329)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma do Hospital Provincial de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

**7.7 17351 (10/POP-002149)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas específicas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa situación extrema de seca que padece o sector primario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**7.8 20177 (10/PUP-000118)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa contratación dos helicópteros para a loita contra incendios das campañas de 2011, 2012 e 2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**7.9 20199 (10/PUP-000119)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía dunha protección suficiente das costas de Galicia fronte a unha situación similar á catástrofe do *Prestige* coas actuacións levadas a cabo desde hai quince anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

*Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.*

*O señor presidente anuncia a ausencia xustificada do deputado señor Cal Ogando. (Páx. 11.)*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación da proposición de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 11.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 15.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 18.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 20.)*

*Rolda de réplica: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 23.)*

*O señor Tellado Filgueira (P) pide a palabra, con base no artigo 76, e intervén para facer unha aclaración sobre a intervención da señora Prado Cores. (Páx. 25.)*

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas: rexeitada por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)*

**Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das novas propostas de coordinación en materia de emerxencias. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 26.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 38.), Sr. Díaz Villoslada (S) (Páx. 41.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 45.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 49.)*

*Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 54.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 61.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 61.), o señor Díaz Villoslada (S) (Páx. 63.), o señor Villares Naveira (EM) (Páx. 65.), a señora Prado del Río (P) (Páx. 68.) e o señor vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 71.)*

*O señor presidente anuncia o debate acumulado das mocións que figuran no punto terceiro da orde do día. (Páx. 76.)*



**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes. (Punto terceiro da orde do día)**

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto. (Punto terceiro da orde do día)**

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais. (Punto terceiro da orde do día)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas ás mocións. (Páx. 76.)*

*Intervención dos grupos autores das mocións: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 78.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 81.) e Sr. Quiroga Díaz (S). (Páx. 84.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. González Vázquez (P). (Páx. 87.)  
O señor Rivas Cruz (BNG) (Páx. 92.), a señora Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 94.) e o señor Quiroga Díaz (S) (Páx. 95.) interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

### ***Votación das mocións***

*Votación da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes: rexeitada por 19 votos a favor, 37 votos en contra e 13 abstencións. (Páx. 97.)*

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)*

*Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada. (Punto cuarto da orde do día)**



*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 99.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 103.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 104.)*  
e *Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 106.)*

*A señora Vázquez Verao (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 109.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as cadeiras que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público. (Punto cuarto da orde do día)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S). (Páx. 110.)*

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 112.), Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 114.)* e *Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 115.)*

*Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 117.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S). (Páx. 119.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 123.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (EM) (Páx. 124.)*  
e *Sra. García Míguez (P). (Páx. 126.)*

*A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018 do cuadrexésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración. (Punto cuarto da orde do día)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 129.)*

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 132.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 134.)* e *Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 136.)*

*Nova intervención do señor Puy Fraga (P). (Páx. 139.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña.** (Punto cuarto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 141.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 141.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 144.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 146.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 148.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 151.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.** (Punto cuarto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 152.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 154.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 157.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 158.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 160.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 162.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo, posibles casos de corrupción no sector público galego.** (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 164.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 167.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 168.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 170.)

*Nova intervención da señora Santos Queiruga (EM).* (Páx. 173.)

*Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos da noite.*

*Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos dar comezo ao pleno.

Antes de nada, xustificar a inasistencia a este pleno do deputado don Marcos Cal Ogando.

Comezamos co punto primeiro da orde do día, textos lexislativos.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas**

**O señor PRESIDENTE:** Para presentar esta proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Esta proposición de lei da que imos debater a súa toma en consideración teño que comezar dicindo que nos foi trasladada pola CIG, pola Confederación Intersindical Galega. E hoxe eu quero agradecerlle que alertara sobre esta situación e sobre a necesidade de facer unha modificación na lexislación laboral a respecto de que haxa un cómputo diario de xornada, é dicir, que quede rexistrado a que hora os traballadores e traballadoras inician a súa xornada laboral e a que hora a terminan. Parece unha cousa tan básica que a verdade é que non tería que ser necesario que houbera que demandar unha modificación neste sentido.

É, polo tanto, unha proposición de lei trasladada pola CIG aos grupos políticos con representación aquí neste Parlamento e que o BNG asume como propia. E ten —como dicía— como obxectivo a modificación do Estatuto dos traballadores e a Lei sobre infraccións e sancións na orde social. Unha modificación lexislativa para un tema moi concreto, unha modificación lexislativa realmente reducida, que pode parecer cativa, mais de enorme relevancia para que os traballadores e traballadoras poidan defender os seus intereses.

Os datos do mercado de traballo en Galiza son demoledores, en moitos aspectos. Podíamolo resumir en que aceptar calquera traballo por calquera salario, por calquera condición laboral, sen saber cal vai ser a xornada, pois segue sendo unha das constantes, ao igual que a desregulación segue sendo esa consecuencia nefasta das reformas laborais. E, dentro dos problemas máis importantes, o do exceso de xornada é un deles. Xornadas traballadas e non cobradas, xornadas que se sabe cando empezan mais non cando rematan, e horas extras realizadas constantemente sen que se computen.

Esta modificación lexislativa que propoñemos —insisto— pretende resolver esta situación; unha situación que vén dada porque o Estatuto dos traballadores non establece con claridade a obriga de que os centros de traballo realicen un rexistro de xornada laboral en cómputo diario. E non o establece porque foi modificándose este Estatuto dos traballadores coas diversas

reformas laborais. E, polo tanto, esa falta de concreción e claridade a respecto desta cuestión, estipulada nos artigos 35 e 34, levou a que a interpretación feita por moitas empresas fora a de que non era preciso o rexistro diario de xornada. Diante desta interpretación, empezou a xurdir a conflitividade laboral, polo que moitos traballadores e traballadoras víanse con dificultades á hora de que lles foran computadas as horas de xornada ou computadas as horas extras.

Isto fixo que, diante das reclamacións feitas por estes traballadores e traballadoras, se foran ditando sentenzas favorables a que si debía existir ese rexistro de xornada. E, entre elas, diversas sentenzas da Audiencia Nacional, en función das cales se foi instaurando —por así dicilo— a doutrina pola que se interpretaba o artigo 34, en relación co 35 do Estatuto dos traballadores, que supoñía a necesidade de levar un libro de rexistro de xornada diario en todas as empresas.

Esta doutrina foi recollida pola Inspección de Traballo, que elaborou unha instrución no senso da obriga dese rexistro e do cómputo de xornada, dado que a súa inexistencia constituía un prexuízo para os traballadores e traballadoras. Mais esta doutrina, este xeito de interpretar eses artigos 34 e 35 do Estatuto dos traballadores —que, insisto, non determina con claridade a cuestión—, foi alterada por unha sentenza do Tribunal Supremo do 23 de marzo deste ano 2017, unha sentenza a respecto dunha litixiosidade tanto de Bankia como de Abanca. Nesa sentenza establécese que as empresas deben manter un cómputo diario de horas dos seus traballadores e traballadoras para determinar tan só a existencia de horas extraordinarias e fai desaparecer a obriga a respecto da xornada ordinaria.

Dende logo, estamos diante dun auténtico sensentido, que o rexistro só sexa obrigatorio cando se realizan horas extraordinarias, porque para que estas sexan extraordinarias terá que partirse de cales son as ordinarias; é dicir, parece unha especie de trabalinguas pero é un auténtico sensentido. É dicir, hai que levar un rexistro para saber cales son as extraordinarias, pero esas computaranse a partir de que se saiba onde empeza e onde remata a xornada laboral. Parece —insisto— tan de perogrullo que ata é un pouco complicado explicar que haxa que clarificar esta cuestión.

¿E cal é a situación actual a partir desa sentenza? Pois que son os traballadores e traballadoras os que teñen que probar cal é a súa xornada e teñen que probar que realizan horas extras, que realizan horas fóra da xornada laboral. Isto está creando un aumento —como dicía— da litixiosidade, e esa sentenza do Tribunal Supremo, onde establece que só é precisa a existencia de horas extraordinarias, di que o fai ao abeiro do que establecen eses artigos 34 e 35, e a mesma sentenza establece que é preciso e conveniente a modificación legislativa. A propia sala manifesta que «sería conveniente unha reforma legislativa que clarificase a obriga de levar un rexistro horario e facilitase ao traballador a proba da realización das horas extraordinarias». É dicir, o Tribunal Supremo di que dita esa sentenza en base a que nos artigos 34 e 35 non está establecido con claridade e tamén exhorta a que se faga unha reforma legislativa para que quede con claridade. E precisamente diante dese exhorto é polo que a CIG traslada esa modificación legislativa.

Porque a non existencia dun rexistro diario de xornada, a dificultade ou imposibilidade de saber cal é ese cómputo diario de horas traballadas, ¿que significa? Pois xornadas laborais

leoninas, aumento das xornadas dun xeito indecente, horas traballadas e non cobradas, horas extraordinarias traballadas, horas extraordinarias non rexistradas, horas extraordinarias non pagadas, horas extraordinarias polas que non se cotiza. É dicir, estamos tamén con xornadas a tempo parcial que se converten *de facto* en xornadas a tempo completo mais que non se cotiza nin se paga por esas xornadas a tempo completo.

É dicir, estamos diante dunha situación que é un problema para os traballadores e traballadoras, que vai en contra dos seus dereitos, que vai en contra das súas nóminas, mais tamén vai en contra do que é a caixa da Seguridade Social, porque todas esas horas tampouco computan nin van á caixa da Seguridade Social. Entón, estamos falando de fraude nas cotizacións á caixa da Seguridade Social, de roubo aos dereitos futuros da clase traballadora, porque significa que, se non se cotiza, as futuras pensións van verse minoradas, e de roubo nas prestacións sociais, a empezar polas prestacións de desemprego.

E logo tamén hai varias derivadas. Primeiro, que o exceso de xornada fai que aumente a sinistralidade, tanto nos postos de traballo como tamén *in itinere*. E é unha evidencia que a realización dun tempo de traballo superando a xornada legal establecida está sendo unha norma e non a excepción.

Polo tanto, esta proposición de lei que promovemos cubriría esa necesidade de clarificación normativa e seguridade xurídica, modificando —dun xeito moi breve pero clarificando— o establecido nos artigos 34 e 35 do Estatuto dos traballadores e tamén modificando o artigo 7 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, a fin de establecer como unha infracción grave en materia de relacións laborais, tanto individuais como colectivas, a falta de control no rexistro diario de xornada.

Con esta modificación legal preténdese evitar as prolongacións irregulares de xornada, que prexudican —insisto— os intereses económicos e xurídicos dos traballadores e traballadoras e o seu dereito á conciliación laboral e familiar. Tamén afecta a creación de emprego e, consecuentemente, a diminución do desemprego.

En concreto, a modificación que se solicita é engadir un novo apartado no artigo 7 —e aquí xa fago unha referencia a que hai un pequeno erro na iniciativa—; entón, é engadir un novo punto, que sería o punto 9, onde se estableza que a empresa sexa a responsable de levar un rexistro diario do tempo traballado de cada traballador, e ese rexistro conservarse polo menos durante tres anos despois de que finalice o período considerado. A empresa estará obrigada a facilitar aos traballadores que así o soliciten e á representación legal dos traballadores unha copia do rexistro das horas traballadas.

Tamén unha modificación ao apartado 5 do artigo 35 —e aquí é onde está o erro, porque na iniciativa pon o artigo 34 e é o artigo 35—, onde se estableza que, para efectos do cómputo de horas extraordinarias, a xornada ordinaria de cada traballador rexistrarse conforme o disposto no artigo 9, é dicir, o que dicía ao principio: que haxa un cómputo de xornada ordinaria e a partir de aí establecerase o cómputo das horas extraordinarias, a partir dese cómputo.

E logo tamén se solicita a modificación dese Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, da Lei de infraccións e sancións na orde social, onde nese artigo 7 establece cales son as infraccións graves e no artigo engadíraselle ao que establece xa no artigo, ou sexa, que é unha sanción grave a transgresión das normas e os límites legais en todo o que establece e ademais na transgresión do rexistro de xornada. É dicir, unha cuestión —insisto— que é sinxela, mais que significa un grande avance para os dereitos da clase traballadora.

E estas cuestións que estou a comentar non son cuestións de estatística, non son cuestións que non teñan consecuencias en persoas con nomes e apelidos. E podíamos hoxe aquí falar durante horas de casos particulares de homes e mulleres que se ven nesta situación que estou a describir: que saben a que hora empezan pero non a que hora terminan, que teñen contratos a tempo parcial que *de facto* son contratos a tempo completo, contratos por 4 horas que se converten xa non en 8, senón en 10, en 12 e máis.

Mais vou optar por facer referencia a sectores enteiros, casos de colectivos nos que esta situación de realización de horas extras que non se computan e non se pagan, lonxe de ser a excepción, convértese na norma.

Segundo datos da propia EPA —que non os estou inventando eu—, as horas extraordinarias non pagadas xa superan as pagadas no conxunto dos sectores. Con todo, hai algúns onde isto é especialmente sangrante.

O primeiro destes é o sector da banca, un dos que maior fraude rexistra. As entidades financeiras son das maiores defraudadoras á Seguridade Social. Aínda que o persoal do sector é un dos que máis horas extraordinarias realiza, estas nin se cobran nin se cotizan. Coido que todos e todas nós coñecemos persoas que nos din que pasan as tardes na entidade financeira facendo horas extras que non constan en ningún lado e polas que non cobran; pasan tardes enteiras para intentar acadar os obxectivos que lles marcan as entidades bancarias —insisto— sen que estas sexan retribuídas e sen que consten para efectos de cotización.

E foron precisamente Abanca e Bankia, estas entidades rescatadas con máis de 21.000 millóns de euros públicos, as que litigaron e conseguiron que a Sala do Social do Supremo ditase esa sentenza eliminando a obriga de rexistrar a xornada efectiva.

Podemos seguir con máis sectores. Outro onde tamén é moi habitual a realización de horas extras non computadas e non pagadas é no comercio de alimentación, onde traballan miles de galegos e de galegas, nunha parte importantísima mulleres, e non teñen mecanismos de control horario para detectar esas horas extraordinarias que se fan, pero que as empresas nin cotizan nin pagan e tampouco se compensan en tempo de descanso.

Podemos falar dun tráxico suceso na ampliación da ponte de Rande, onde os traballadores e traballadoras denunciaron esta situación; denunciaron a realización de xornadas de 10 e 12 horas a 60 metros de altura a pleno sol por 7 euros a hora, denuncia que trouxo aquí a este Parlamento o propio Bloque Nacionalista Galego, á que se fixo caso omiso e que se saldou, de momento, coa morte tráxica dun traballador o pasado xullo.



Podemos falar do caso das ambulancias aquí en Galiza, onde estamos falando dun contrato público e onde sistematicamente os traballadores e traballadoras reivindican que se limite en convenio a realización de horas extras, que hai un exceso de xornada que afecta especialmente o persoal con contratos moi precarios.

En resumo, estamos a falar dunha situación que é xeneralizada e que, dende logo, eu pido o apoio para esta modificación lexislativa, porque, como poder lexislativo galego, temos a obriga de velar porque as condicións laborais dos galegos e das galegas sexan minimamente dignas. E eu considero que que quede constancia de que a que hora empeza a xornada laboral e a que hora remata parece que é un deses dereitos fundamentais e mínimos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Permítanme, antes de entrar polo miúdo a explicar o posicionamento do Grupo Socialista respecto desta iniciativa, lembrar que o vindeiro 25 de novembro é o Día Internacional pola Eliminación da Violencia cara ás Mulleres, e por iso o Grupo Socialista e cada un dos deputados e deputadas que o compoñemos hoxe nos comprometemos, ao igual que o fixo a nosa organización política ao longo destas derradeiras décadas, na loita contra esta violencia. Por iso eu, Noela Blanco, deputada do Grupo Socialista, comprométome unha vez máis co pacto de Estado contra a violencia de xénero e prometo traballar por e para mellorar e enriquecer o mesmo dende o colectivo e tamén individualmente. (*Aplausos.*)

Quero xa, indo á iniciativa, agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego á proposición de lei que presentou o Grupo Socialista no Congreso dos Deputados en xuño deste mesmo ano. Cando miramos e nos fixamos na data de rexistro, resulta que a do Bloque Nacionalista Galego foi rexistrada unhas semanas despois de que a miña compañeira deputada, ademais pola provincia de Ourense, a señora Rocío de Frutos o fixera no Congreso dos Deputados.

¿Cal foi o percorrido que tivo esta proposición de lei dende o que o Grupo Socialista —repto— a rexistrou no Congreso dos Deputados? Pois debateuse o 17 de outubro no plenario, aprobouse cos votos en contra do Partido Popular e hoxe atópase en trámite de emendas.

A proposición de lei que trae o BNG hoxe é practicamente un calco, salvo ese erro que comentou a señora Prado, porque ao copiar tamén hai que ter moito coidado e copiar exactamente o mesmo. A nós, señora Prado, non nos molesta que nos copien ao Grupo Socialista. Benvidos sexan a calquera tipo de iniciativa que sexa progresista que vostedes nos queiran



copiar. O que nos molesta —e teño que dicilo—, nos molesta profundamente, é que se roube o espírito do xestor; o que nos molesta é que as fagan parecer como propias cando non o son. Iso é unha falla de respecto ao traballo por suposto de todo o Grupo Socialista no Congreso e tamén da miña compañeira Rocío de Frutos.

En todo caso, nós, posto que a proposición de lei é nosa, imos votar a favor, como non podía ser doutra maneira. Nós entendemos que o mínimo para comezar a falar de calidade no traballo é que un traballador poida demostrar o que traballa e que cobre polo que traballe e que tamén cotice polo que cobre.

O establecemento destes mecanismos para tentar controlar as xornadas maratonianas non é ningunha man de santo, non vai solucionar os problemas grandísimos que ten o mercado laboral, pero si vai intentar traballar na senda de evitar as consecuencias nefastas que teñen para a economía do noso país e tamén para a vida das persoas esas xornadas maratonianas. Primeiro, pola desvalorización salarial; é unha das vías máis importantes, a de traballar máis tempo cobrando menos, e incide de maneira negativa na precariedade. Incide tamén —agora que se aproxima o 25 de novembro— de xeito negativo na igualdade entre homes e mulleres, en incrementar esa fenda salarial, no retroceso na taxa de emprego e tamén de actividade feminina, que ven nesas xornadas incontroladas un hándicap tamén na súa incorporación ao mercado de traballo. É unha barreira, por suposto, para a conciliación laboral e familiar. A implantación de horarios racionais só é posible cando se parte dunha xestión adecuada dos tempos de traballo. E para iso é un elemento *sine qua non* o rexistro de xornada.

Frea a creación de emprego. Nós cremos que isto é bastante evidente. Se a empresa cobre as súas necesidades con traballadores que incrementan máis do que está establecido contractualmente, mesmo na lexislación vixente, o seu horario de traballo, desenvólvese unha actividade empresarial a custo cero en moitos casos, que frea —como dicía— a creación dese emprego.

Segundo o cálculo realizado polas organizacións sindicais, estas horas equivalerían a máis de 326.000 empregos. Non estamos falando de calquera cousa nin dun feito menor.

Afecta, por suposto, a sustentabilidade da caixa da Seguridade Social e o financiamento das pensións, esa caixa saqueada nestes derradeiros anos tamén polo Partido Popular. O exceso de horas realizadas e non rexistradas, e non pagadas ou mesmo pagadas en B, reduce, señorías, a cotización á Seguridade Social, pois non se ingresan as contías correspondentes ás horas realmente traballadas.

Afecta a prevención de riscos laborais e tamén incrementa a accidentabilidade daquelas persoas que fan unha xornada laboral maior do que lles corresponde. E isto é especialmente singular en Galicia, na comunidade autónoma que ten o índice de incidencia mortal agora mesmo máis alto de todas as comunidades do Estado. Non soamente na seguridade dos traballadores, afecta tamén na propia saúde, no desenvolvemento persoal, no incremento dos factores de risco psicosocial.

O respecto á xornada é un elemento fundamental na xestión de prevención de riscos laborais e o rexistro é un aspecto esencial para ordenar o tempo de traballo, o descanso e as quendas.

Non é ningunha sorpresa —como xa se comentou aquí— o exceso, o coñecemento por parte de todos e todas de excesos de traballo, non soamente dende perruqueiras ata camareiros, que traballan moitas máis horas das que lles corresponde, mesmo economistas que traballan en grandes consultoras das cidades máis importantes deste país, en edificios en que se pode ver a luz acendida ata máis aló das nove da noite.

Este feito do incremento das xornadas máis aló do legalmente establecido e do contractualmente pactado é unha das denuncias máis frecuentes ante a Inspección de Traballo e tamén unha das que peores resultados obtén na investigación e na resolución do mesmo, dada a dificultade de controlar a realización desa xornada tanto por parte dos inspectores de traballo como daqueles traballadores e traballadoras aos que se obriga a traballar máis aló da súa xornada laboral, posto que non poden demostrar que é así se non teñen ningún mecanismo de rexistro vixente, e porque —xa se comentou aquí tamén— o propio Estatuto dos traballadores non regula de forma clara a obriga de rexistrar a xornada, o que supón unha indefensión para os traballadores e os inclúe nun círculo vicioso de non poder demostrar as horas que realmente traballan.

É consecuencia tamén de varias sentenzas da Audiencia Nacional que entran en contradición coa última, coa derradeira do Tribunal Supremo. As da Audiencia Nacional consideran importante a necesidade de dispor dun libro de rexistro da xornada diaria en todas as empresas. Non obstante, a sentenza do Tribunal Supremo o que fai é soamente incidir na necesidade de que se rexistre aquela xornada que sexan horas extraordinarias e non a xornada ordinaria de traballo. Houbo mesmo dous membros do Tribunal Supremo que emitiron determinados votos particulares contrarios a esta interpretación. É, polo tanto, necesario harmonizar, clarificar esta interpretación, para ter unha posición clara a respecto deste precepto.

Mire, señora Prado, ao noso grupo parécenos lóxico que os rexistros de xornada se conserven por parte do empresario, durante catro anos, porque iso é o que se establecía na proposición de lei que presentou o Grupo Socialista, e non foi un capricho: é que resulta que catro anos é o tempo que teñen para reclamar os traballadores e as traballadoras a respecto destas xornadas. E vostede fala na súa proposición de lei de tres anos, co cal resta un ano e incrementa a inseguridade xurídica do que xa se está —repito— a tramitar no Congreso dos Deputados, que está agora mesmo en fase de emendas e que mesmo o Grupo Socialista se acaba de autoemendar, xa que consideramos que é importante que este rexistro se poña ao dispor dos representantes legais dos traballadores, que é esencial, que vostede esta autoemenda do Grupo Socialista xa a recollía na proposición de lei.

Nós entendemos, polo tanto, que a tramitación desta proposición de lei no Congreso dos Deputados —repito— tal e como se está a facer agora mesmo é un mecanismo importante e conveniente, é procedente e é proporcional. É por iso polo que —repito— o presentamos no Congreso dos Deputados, polo que o imos defender. Imos chegar ata o final, imos intentar mellorar un texto que entendemos que mellora tamén a vida dos traballadores e das traballadoras deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

Nós estamos totalmente de acordo no fondo da proposta do BNG e estamos en desacordo na forma da proposta.

Estamos totalmente de acordo no fondo porque nos parece acaído traer onde reside a soberanía popular os problemas reais que ten a sociedade galega, a clase traballadora galega. E eses temas que nazan da iniciativa dos sindicatos e que os grupos parlamentarios o traian ao Parlamento parécenos un procedemento moi positivo. Estamos moi de acordo con iso.

Porque, ademais, a iniciativa do BNG fala dun gravísimo problema que, en nome técnico, é a extensión irregular da xornada e, en nome concreto, son as horas extras obrigatorias non pagadas.

A min gústame dar datos para falar, e cando os vía asustábame; eu creo que son difíciles de entender, hai que prestar incluso un pouco de atención para entendelos.

En España cada semana, cada semana, fanse 6,5 millóns de horas extraordinarias. Como no ano hai 52 semanas, cada ano fanse en España 328 millóns de horas de traballo extraordinarias. E máis da metade delas son horas extraordinarias non pagadas, isto é, horas estafadas á clase traballadora, estafadas aos sistemas de protección social, estafadas á Seguridade Social.

É fácil facer unha conta destes 3,6 millóns de horas non pagadas á semana; 187 millóns de horas extras non pagadas ao cabo dun ano supoñen 4.000 millóns de euros, que se lles subtraen directamente ás persoas asalariadas e tamén, na parte que lle corresponde, á cotización á Seguridade Social e ao IRPF.

Os datos en Galicia son proporcionais no noso peso no mercado de traballo en España e, polo tanto, nós facemos, os galegos e as galegas fan 330.000 horas extras á semana, 17 millóns de horas extraordinarias ao ano, das cales o 55 % non se pagan. Polo tanto, estamos falando dun problema de enorme dimensión que afecta moitas persoas, con graves consecuencias.

Ten consecuencias sobre o emprego. O total de horas extraordinarias, como dicía a portavoz do Partido Socialista, que se fan no noso país permitiría crear 350.000 postos de traballo. Nun país que ten unha taxa de paro do 17 % é intolerable que se realicen horas extras en empresas que despiden traballadores. Pero é que as horas extras non pagadas, que é do que estamos falando hoxe aquí, permitirían pagar 160.000 empregos en España e 8.000 empregos en Galicia.

A segunda variable é sobre os salarios, porque ¿que son as horas extras non pagadas? ¿Que é isto da extensión irregular da xornada? Pois, directamente, eu contrátote por catro horas,

págoche por catro horas e ti traballas oito horas. E iso, esa forma de sobreexplotar a clase traballadora, é un dos instrumentos para iso que se chama a devaluación salarial, para crear traballadores e traballadoras pobres, persoas contratadas por catro horas que traballan oito horas pero cobran por catro horas.

Neste sentido, quería dicir aquí que a iniciativa que se aprobou, a proposición de lei que se aprobou no Congreso dos Deputados, digamos que contempla un elemento formal, que é a existencia dun rexistro nas empresas, pero o problema vai moito máis alá. Vou citar só un exemplo. Mentres exista a regulación actual do contrato a tempo parcial, que permite que se fagan horas extraordinarias neses contratos de tempo parcial sen estar reguladas e definidas, pois é igual que teñamos un rexistro de horario das persoas. Esta é unha medida positiva pero ten que ser encadrada nun plantexamento moito máis amplo.

Polo tanto, un problema de sobreexplotación laboral, que deriva en salarios baixos, que afecta especialmente as mulleres, porque en moitos casos se concentra en sectores de actividade que están feminizados.

Terceiro problema: que afecta o sistema público de pensións. O Partido Popular leva tempo recortando as pensións; a última, ese incremento do 0,25 % cando a inflación está no 2 % no que levamos de ano.

Os sindicatos estano dicindo claramente: o problema non é seguir recortando nos gastos da Seguridade Social senón incrementar os ingresos, e miren vostedes que fórmula máis fácil, xusta e legal de incrementar os ingresos: que non exista esa sobreexplotación de horas traballadas non pagadas, esa estafa aos traballadores e ao sistema público, que, ademais, xera competencia desleal entre empresas, etc., etc.

Obviamente inflúe sobre os ingresos públicos, os ingresos do Estado, porque na medida en que non cobras non cotizas ao IRPF, porque é unha renda oculta, unha renda da que se benefician en exclusiva os empresarios que practican esa práctica ilegal.

Pero hai máis —e aquí se dixo—. Hai outras consecuencias negativas. A primeira é o maior risco de accidentes de traballo. Iso está perfectamente estudado polo sistema. Os accidentes de traballo concéntranse en determinadas fases ou momentos, ou en determinadas situacións, e unha delas é cando a persoa está no seu posto de traballo máis alá de oito horas, cousa que ocorre con moitos traballadores.

E a última é a dificultade de conciliar a vida persoal e profesional. Se sempre é difícil, con este tipo de situacións máis, porque do que estamos falando é de xornadas irregulares, xornadas non previstas, xornadas discrecionalmente decididas polo empresario —«queda máis tempo porque non podes saír»—, e iso impide que as persoas poidan organizar a súa vida.

En definitiva, este é un tema de enorme relevancia cuantitativa: afecta os salarios das persoas, afecta o emprego, afecta a Seguridade Social, afecta os impostos, a saúde laboral, o benestar da cidadanía. Por iso nos parece moi relevante que se traia ao Parlamento.

Eu gasto trinta segundos na forma. Nós imos votar a favor, porque, como o tema de fondo é tan importante, non queremos non estar aí apoiando esta iniciativa, pero, como dicía a portavoz do Partido Socialista, o noso Grupo Parlamentario de En Marea no Congreso dos Deputados votou a favor dunha proposición de lei exactamente igual a isto que estamos hoxe debatendo; aprobouno o día 17 de outubro, coa abstención da dereita española, do PP e de Cidadáns, que non están moi interesados neste problema das horas extras non pagadas, e está en fase de trámite de emendas, e sabemos ademais que o Partido Popular pois está facendo caso omiso ás leis que aproban as maiorías no Parlamento, a última unha proposta de lei de pensións que presentou o Grupo Parlamentario de En Marea no Congreso dos Deputados. E posiblemente a utilidade desta proposta sexa incidir niso, en que o Partido Popular, que é o Goberno, realmente leve adiante o que xa se ten aprobado no Congreso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señor Lago, permítame, en primeiro lugar, recordarlle que a conxelación das pensións do noso país foi cousa do Partido Socialista. Nós nunca conxelamos as pensións en España, nós actualizamos as pensións ano tras ano e todos os anos. Polo tanto, non minta, porque unha mentira mil veces repetida, señor Lago, segue sendo unha mentira. Esa é a realidade.

Mire, hoxe sorpréndenos o Bloque Nacionalista Galego, como é habitual nesta deriva deste primeiro ano de lexislatura, cunha iniciativa imposible. Ínstase o Congreso dos Deputados a admitir a trámite unha proposición de lei sobre o rexistro diario sobre a xornada dos traballadores, unha proposición de lei que xa foi admitida a trámite o pasado 17 de outubro —como ben lle recordaron dende o Partido Socialista e tamén dende as Mareas de Podemos— e, polo tanto, xa está admitida a trámite no Congreso dos Deputados dende hai máis dun mes.

Logo da reprimenda da señora Blanco, eu teño a sensación de que o BNG debería retirar esta iniciativa, porque nos leva a unha situación imposible. ¿Que lle dicimos ao Congreso dos Deputados? ¿Que volva admitir a trámite outra iniciativa e que se debata dobremente coa que xa está sendo debatida? Pero ¿que barbaridade é esa?

Polo tanto, non sexan incongruentes, e eu pídolle ao Partido Socialista que tampouco sexa incongruente, porque os seus compañeiros no Congreso dos Deputados, a señora Frutos, pensarán que o Partido Socialista de Galicia non se entera, igual que o Bloque Nacionalista Galego. Propoñen elevar ao Congreso dos Deputados unha iniciativa que xa está en fase de emendas, señora Prado Cores, debatida no Congreso o 17 de outubro, incorporada na orde do día deste pleno na Xunta de Voceiros do pasado 14 de novembro. Ou non se enteran ou nos toman de broma ou, en realidade, o que acontece é outra cousa.

Mire, nós compartimos en boa medida a necesidade de regular unha cuestión como o rexistro diario da xornada dos traballadores, claro que si. Entendemos que é así porque é unha cuestión que durante anos estivo nunha sorte de limbo legal e que creou unha certa inseguridade xurídica, solucionada parcialmente por esa recente sentenza do Tribunal Supremo, e tamén é o propio Tribunal Supremo o que valora a conveniencia de impulsar unha reforma lexislativa que clarifique a obriga de levar un rexistro horario que facilite aos traballadores acreditar a realización de horas extras.

Neste sentido, é certo que este tipo de rexistros poden axudar a evitar abusos en canto ás xornadas con horas de máis ou á retribución das mesmas e, polo tanto, iso afecta directamente a calidade do traballo e as condicións dos traballadores. Toda reforma que sirva para evitar a fraude nós imos apoiala, toda reforma que sirva para protexer os dereitos dos traballadores e para dotármonos dun ámbito laboral que sexa o máis seguro xuridicamente nós imos apoiala.

Tamén é certo que na nosa Autonomía temos ferramentas propias para evitar a fraude que todos coñecemos, que todos temos escoitado. E, polo tanto, eu teño que dicirlles que a Xunta de Galicia pon en marcha, en coordinación co Estado, e executa un Plan de inspección laboral para velar polos dereitos laborais dos traballadores galegos.

Nese plan eu teño que dicirlles que no ano 2016 se desenvolveron 73.388 actuacións, que deron lugar a 3.997 actas de infracción, ascendendo a máis de 15 millóns de euros en importe de sancións correspondentes a infraccións detectadas; de 73.000 inspeccións, case 4.000 actas de sanción de infracción.

Dende o ano 2009, que levamos gobernando na Xunta de Galicia, realizáronse máis de 700.000, señora Prado, 700.000 actuacións, que deron lugar a máis de 40.000 actas de infracción, e que suman 132 millóns de euros en sancións. Polo tanto, o Plan de inspección laboral está a funcionar, está a dar os seus froitos.

A actividade inspectora céntrase en vixiar que se cumpra a lexislación vixente en materia de seguridade e saúde laboral, en materia de contratación, así como os pactos e acordos acadados no eido das relacións laborais, o emprego de estranxeiros e evitar a fraude á Seguridade Social.

Tamén se inclúe neste capítulo outro tipo de actuacións, como o control para velar polo correcto funcionamento das ETT, que non existan casos de discriminación en materia de xénero nin impagamento ou atraso no pagamento dos salarios, ou controlar as horas de traballo para garantir o cumprimento da xornada laboral.

Nese sentido, cabe destacar que a Xunta ten un plan específico, un plan para o control da correcta utilización dos contratos formativos, un plan para controlar as prácticas non laborais nas empresas e para en xeral a persecución da fraude na contratación. Grazas a este plan, o pasado ano acadouse a conversión de preto de 3.000 contratos temporais en contratos indefinidos. Polo tanto, estamos traballando nese eido que a todos nos preocupa, estamos traballando en Galicia.



Tamén a Xunta de Galicia leva a cabo actuacións inspectoras específicas contra o emprego non declarado. No ano 2016 foron máis de 33.200, permitindo que afloraran na nosa comunidade 4.450 empregos somerxidos.

Todo isto é unha mostra máis do compromiso deste goberno, do compromiso da maioría parlamentaria que o sustenta, cos dereitos dos traballadores e coas garantías coas que debe desempeñar o seu traballo.

Tamén é certo que a realidade do mercado laboral, xa non só a presente senón tamén a futura, é a da flexibilización das condicións e dos horarios; é obrigado, señora Prado. Vivimos tempos nos que os negocios, os traballadores autónomos, o pequeno comercio, as empresas en xeral demandan maior liberdade para autoorganizarse, porque cada vez traballan máis en función dos seus resultados e menos en función do presentismo laboral. Na actualidade os mercados son flexibles, os tipos de traballo tamén o son e os modelos de negocio son variados.

Propoñer unha reforma lexislativa improvisada como a que vostede trae, que só sirva para introducir maior rixidez e que non sexa froito dun amplo diálogo e de consenso, alí onde temos que falar cos axentes sociais, eu creo que non é o máis axeitado.

Nós non lle pediremos ao BNG que se coloque á vangarda da lexislación laboral, propoñendo solucións de futuro, non llo pedimos; nin sequera lle pedimos que entenda o presente como é. Só queremos que entendan que a súa proposta de hoxe é extemporánea e está fóra de todo lugar.

De feito, temos a impresión de que a inconcreción coa que foi presentada hoxe esta proposición de lei o único que provocaría é unha maior incerteza aos empresarios e tamén aos traballadores. ¿Quen estaría suxeito a esta regulación? Señora Prado, non o dixo. ¿Todas as empresas? ¿As dos traballadores por conta propia tamén? ¿As que teñen un par de empregados tamén? Non aclarou nada neste sentido, porque, se é así, quizais algún pequeno negocio se vería fortemente prexudicado polo desafío que lle suporía en termos de xestión e da propia loxística da empresa.

Neste sentido, quizais nalgúns sectores sería máis interesante dar novos impulsos á negociación colectiva, como xa propuxemos dende o Grupo Parlamentario Popular, por certo, coa negativa dos grupos que conforman a oposición.

E, ademais, eu teño que recordarlle, señora Prado, que hai unha mesa de diálogo social en Madrid sobre a calidade do emprego, con ampla representación, na que se están dando reflexións pertinentes para mellorar a lexislación neste sentido. Vostede quere legislar sen escoitar os axentes sociais. Eu creo que sería importante escoitar o que din as mesas de diálogo social, para logo implementar eses acordos na lexislación vixente.

Mire, eu teño a sensación de que, con esta iniciativa, o BNG o único que pretende é, sinxelamente, saír na foto. Mire, a presentación desta proposición de lei, o debate que hoxe nos traen aquí, lévanos a preguntarnos que é o que motiva o BNG realmente para traer esta ini-



ciativa, sabendo que xa está en curso un debate no Congreso dos Deputados, impulsado polo Grupo Socialista. Eu teño a sensación de que o único motivo que se nos pode ocorrer para entender que a actitude do Bloque Nacionalista é precisamente esa: querer saír na foto. O BNG quere aparentar que ten algo que dicir no debate nacional, neste debate, cando nin sequera está presente no Congreso dos Deputados.

Pero, señora Prado, non se enfade. Non están no Congreso dos Deputados porque non o quixeron os galegos; os galegos non viron no BNG un bo representante da sociedade galega no Congreso dos Deputados, non o quixeron; non o quixeron nas eleccións de decembro de 2015, non o quixeron cando esas eleccións se repetiron seis meses despois. E, polo tanto, se vostedes neste asunto, que xa lle digo que está no debate parlamentario, non teñen nin voz nin voto, é simplemente porque non o quixeron os galegos, non quixeron que vostedes os representaran en Madrid. Esa é a realidade.

Pero eu voules ofrecer unha solución, que creo que pode interesarlles. Mire, xa que vostedes non poden participar no Congreso dos Deputados no debate desta iniciativa, que —xa lle digo— non hai que pedirlle ao Congreso que a admita a trámite porque xa foi admitida a trámite, falen cos seus socios, falen con Bildu; teñen alí dous deputados de Bildu, vostedes xa son socios de Bildu no Parlamento Europeo, onde teñen alí colocada unha asesora, e eu o que lles propoño é que, a través dos deputados de Bildu, que están no Grupo Mixto, vostedes fagan chegar as súas aportacións e tamén as da CIG. Eu propóñolle que sigan ese modelo, e, polo tanto, así tamén saberemos se esas fotos que vostedes sacan co señor Otegui lle permiten ao BNG ter peso político, peso político —iso si— en Euskadi.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Eu pídolles que tomen en serio este Parlamento. Non se pode admitir a trámite o que xa foi admitido a trámite. E tamén lle pido ao Partido Socialista un pouco de coherencia, porque, se non, os seus compañeiros no Congreso dos Deputados van pensar que o Partido Socialista de Galicia non é que se rexenere a través dese congreso, é que van a mal, van a peor, porque lle piden ao Congreso que faga o que xa fixo.

Nada máis e moitas grazas (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Réplica. Grupo autor da proposición de lei, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Señor Tellado, vostede é a crónica dun exabrupto anunciado. É que por non entrar ao fondo das cuestións pois é capaz de..., bueno...

É evidente que este Parlamento ten capacidade lexislativa, é evidente que este Parlamento ten a capacidade de elevar iniciativas que non son do seu ámbito competencial para que sexa o Congreso dos Deputados o que o faga. Eu empecei a miña intervención de hoxe dicindo que a iniciativa que traía o BNG nos fora trasladada pola CIG ás organizacións políticas con representación neste Parlamento e no Congreso dos Deputados.

A CIG fíxoa público, e están aí as hemerotecas. Eu lamento de verdade, señora Blanco, o papelón que acaba de facer vostede aquí, (*Murmurios.*) láméntoo profundamente, porque, dende logo, o obxecto de debate desta iniciativa...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**A señora PRADO CORES:** ...era que neste Parlamento se dera o debate a respecto do que está pasando.

Mire, a CIG fixo público o 13 de xuño do ano 2017, a CIG promove unha proposición de lei para establecer o rexistro diario da xornada de traballo nas empresas; nota de prensa na que acompaña a literalidade da proposición de lei, literalidade que o Bloque Nacionalista Galego fixo propia e rexistrou neste Parlamento o 16 de xuño do ano 2017. Foi admitida a trámite o 19 de xuño, publicada, etc., etc.

Eu non veño aquí competir por quen a presentou antes. Veño aquí dicir que houbo un sindicato, a CIG, que, diante dun problema que está aí fóra, diante dun problema que está afectando miles de galegos e de galegas, que é que non hai obrigaición de ter un cómputo de xornada, que non hai obrigaición de que os traballadores e traballadoras saiban a que hora entran e a que hora terminan, polo cal non hai xeito de saber cales son horas extras e cales non, que diante diso e diante de que había unha sentenza do Tribunal Supremo que o di na exposición de motivos, diante dunha sentenza do Tribunal Supremo que di que esa cuestión tal como está regulada no artigo 34 e 35 do Estatuto dos traballadores e traballadoras non é nada claro, e que o propio Tribunal Supremo di que sería bo facer esa modificación lexislativa, a CIG faino público e trasládallelo ás organizacións políticas con presenza neste Parlamento e no Congreso dos Deputados.

E a min paréceme ben pois que o Partido Socialista se faga eco e o faga como propio. Non me parece ben que diga que é iniciativa propia, porque iso non é certo. Iso si que non me parece ben. (*Aplausos.*) Igual que o BNG non di que é iniciativa do BNG, porque non é iniciativa do BNG, porque foi a CIG quen nolo trasladou. E paréceme unha auténtica metedura de pata, desde logo, vir aquí atribuírse a paternidade ou maternidade de algo que nos foi trasladado por un sindicato. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Co cal, o obxectivo do BNG era que aquí se dera o debate, porque o Partido Popular, efectivamente, ¿votaría a favor se non estivera tramitándose no Congreso dos Deputados, señor Tellado? ¿Votaría a favor? Non, entón non se agoche detrás de que xa está en trámite. E paréceme lóxico que neste Parlamento se poida dar o debate a respecto de cuestións que afectan a clase traballadora de Galiza.

O que é incontestable é que hai un incremento da contratación a tempo parcial en Galiza, que no ano 2016 aumentou un 92,83 %.

¿Que significa contratos a tempo parcial? Na súa inmensa maioría non son voluntarios, non son os traballadores e traballadoras os que demandan ter un traballo a tempo parcial, son as propias empresas as que así lles fan os contratos. ¿Por que? Porque contrato a tempo parcial, xornada a tempo completo; cóbrase pola metade e trabállase a xornada completa. Esa é a realidade.

Igual que é unha realidade que o incremento das horas extras por traballador non cobradas foron exponenciais. E iso é unha realidade. ¿E que esa modificación lexislativa significa o bálsamo de Fierabrás e que con iso xa se vai resolver de inmediato? Non, pero é un toque de atención. E era ese toque de atención o que pretendía o BNG traendo isto hoxe aquí, para que este Parlamento reforzara a posición do debate que se está dando no Congreso dos Deputados, para reforzar a posición no debate.

O Partido Popular votou en contra no Congreso e, evidentemente, vai votar hoxe en contra, e votaría en contra aínda que non estivera a debate no Congreso. Esa é a auténtica realidade. Porque, se non é así, transformámolo nunha proposición non de lei, señor Tellado, apoiando a iniciativa que está en debate no Congreso. A ver que votan vostedes entón. Imos trasladala nunha proposición non de lei para apoiar o debate que está no Congreso. A ver que votan naquel momento, a ver cal é a escusa que teñen nese momento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

*(O señor Tellado Filgueira pide a palabra.)*

Si, señor Tellado, ¿para que quere a palabra?

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Si, en base ao artigo 76, por alusións ou inexactitudes.

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento, si, si. Se hai unha inexactitude, dígame exactamente cal é.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** A inexactitude é que a señora Prado di que no Congreso dos Deputados o 17 de outubro o Partido Popular votou en contra desa proposición de lei e non é verdade. O Partido Popular abstívose, deixando o tema nas mesas de diálogo social. Como o BNG non está en Madrid, non está no Congreso porque non o quixeron os galegos, pois a señora Prado non se entera do que acontece alí. É unha lástima. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Exactamente así foi.

Aclarado iso, que efectivamente xurdiu así no debate e así se clarificou, imos votar.

Procedemos, polo tanto, a votar esta toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados.*

**O señor PRESIDENTE:** Abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día, co punto 2, comparecencia en Pleno.

**Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das novas propostas de coordinación en materia de emerxencias**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta intervención ten a palabra o vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Bos días, señorías.

Comparezo nesta Cámara, por petición propia, para falar da xestión das emerxencias; para falar da situación anterior, para falar da situación actual e, sobre todo, para falar da situación de cara ao futuro e da necesidade de coordinarse para que esa situación que plantexamos desde a Xunta de Galicia cara ao futuro sexa realmente efectiva e sirva de verdade para o que ten que servir, que é algo tan importante como garantir a seguridade dos galegos e das galegas.

Non é a primeira vez que comparezo nesta Cámara para falar de emerxencias. Trátase dunha materia prioritaria, desde logo, para o Goberno, a pesar de non tratarse —creo que isto era o primeiro que habería que dicir— dunha competencia autonómica, ou, cando menos, dunha competencia exclusivamente autonómica, nin moito menos.

Eu creo que para centrar esta comparecencia me gustaría empezar citando, nin máis nin menos, que o que di a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, lei aprobada —recordo— nun parlamento con maioría bipartita, no ano 2007. ¿Que establece esta lei? A verdade é que é bastante concreta e bastante clara á hora de distribuír competencias.

O artigo 26 refírese ás deputacións provinciais. ¿Que teñen que facer as deputacións provinciais en materia de emerxencias? Pois nada máis e nada menos que garantir a prestación do Servizo de Protección Civil e do Servizo de Xestión de Emerxencias. E isto ¿que inclúe? Os servizos contra incendios e os servizos de salvamento. ¿Onde? Naqueles municipios que non contén con servizos propios. ¿Por que non poden contar con servizos propios? Ou ben porque non están obrigados, porque tiveron algún tipo de dispensa; ou ben porque non chegan ao umbral de poboación a partir do cal si que é obrigatorio —é dicir, que non chegan a 20.000 habitantes—. É dicir, o 93 % dos concellos de Galicia teñen que ter garantido o seu servizo de prestación de emerxencias, incluído salvamento e incendios, a través das deputacións provinciais.

Artigo 27: ¿que teñen que facer os concellos que si teñen a obriga, os concellos de máis de 20.000 habitantes? Teñen que crear un servizo municipal de protección civil e teñen que xestionar as súas emerxencias, así como os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento. E ¿que ten que facer a Xunta de Galicia? Por suposto, tamén ten obrigas, e establécenas claramente a Lei 5/2007. Ten a obriga da superior coordinación e da dirección da protección civil. ¿Para que? Para garantir unha prestación unitaria nas emerxencias que así o requiran.

É dicir, garantía da prestación ao 93 % dos concellos coa xestión subsidiaria por parte das deputacións; no outro 7 %, concellos de máis de 20.000 habitantes, os concellos directamente; e a superior coordinación, pola Xunta de Galicia. Creo que este marco xurídico é importantísimo telo claro. E dígoo porque, a partir de aquí, si que se poden ir tomando decisións, si que se pode acadar unha coordinación e si que se pode clarexar un pouco un debate que moitas veces se embarulla á hora de dicir que a competencia é dun e non é doutros.

Por suposto, a Xunta de Galicia non vai facer deixación —nunca o fixo nin pensa facelo— das competencias que lle corresponden, das súas responsabilidades, que insisto en que as ten, pero son as que son. A superior coordinación implica responsabilidade compartida, por suposto, responsabilidade concorrente e, por tanto, coordinar as diferentes administracións públicas; é dicir, buscar vías de diálogo e colaboración. E isto é o que eu quero plantexar nesta comparecencia.

Hai administracións directamente responsables —entidades locais, deputacións e concellos— e, polo tanto, hai que axudalas, baixo coordinación, a que poidan cumprir e exercer as súas competencias do mellor xeito posible. Non estou contando —creo— ningunha novidade. Creo que levamos cooperando as diferentes administracións moito tempo en materia de emerxencias. E os avances —dos que tamén quero falar, sobre todo comparando a situación anterior coa actual e a futura a onde queremos chegar— explícanse sempre dende a coordinación.

Permítanme recordar simplemente a situación do ano 1999 —non hai tanto tempo, vai facer agora dezaioito anos—. Galicia tiña tan só sete parques de bombeiros profesionais, só sete parques de bombeiros profesionais nas grandes cidades. Despois había algún parque con certas características profesionais, pero non era un parque de cidade. E non había nada máis. Había solucións nalgúns sitios, cando tiñan un problema intentaban buscar as solucións.

Pero solucións, dende logo, que teñen pouco que ver coas que existen actualmente e coas que queremos que cheguen a existir.

Dezaoto anos despois, como dicía, ¿cal é a situación? Pois creo que é, afortunadamente para todos e para todas, ben diferente: 32 parques de bombeiros profesionais en funcionamento en todo o territorio galego, e ademais están coordinados: os parques comarcais, que son os que fan 32, restándolles estes 7 —é dicir, 25 parques comarcais en catro consorcios provinciais e unha xestión única—; existen 24 grupos de emerxencia supramunicipal, existen 226 agrupacións de voluntarios de protección civil, existe un grupo de apoio loxístico que depende da Xunta de Galicia para intervención en grandes emerxencias, e existe un centro de coordinación das emerxencias punteiro tecnoloxicamente. É dicir, a situación que hai agora, comparada coa de hai dezaoto anos, como dicía, afortunadamente ten pouco que ver. E pasamos do «sálvese quen poida» a unha situación que por suposto é mellorable —hai moitas cousas que mellorar— pero que ten pouco que ver coa que tiñamos hai pouco tempo.

Dende logo, na Xunta de Galicia —e tamén, por suposto, nos anos do Bipartito, nos anos anteriores ao Bipartito e nos anos posteriores ao Bipartito— creo que se fixeron esforzos moi importantes. A min tócame falar en nome da Xunta de Galicia, creo que é fácil de entender, á hora de facer propostas ás administracións responsables. Temos feito avances substantivos: ese Centro de Atención ás Emerxencias, na Estrada —do que logo falarei—; promovemos coas deputacións —como dicía— os parques de bombeiros comarcais; implantamos os grupos de emerxencias supramunicipais, en colaboración coa Fegamp; fixemos, estamos facendo e faremos un esforzo moi importante de formación na Agasp, e de homologación desta formación. Señorías, creo que podemos dicir que, dentro das comunidades autónomas que non son uniprovinciais e, polo tanto, onde existen deputacións —que aquí son as competentes, insisto—, probablemente xunto con Cataluña, a Comunidade Autónoma de Galicia é a que está facendo, a que veu facendo sempre e a que vai seguir facendo, un esforzo orzamentario destacadísimo, moito máis ca outras comunidades autónomas no conxunto do Estado. A día de hoxe pódese dicir —e creo que o que é medible é dificilmente opinable— que aproximadamente o 60 % do gasto público en emerxencias que se produce en Galicia vén da Comunidade Autónoma, que en puridade tería só a competencia de coordinación no eido superior, á que antes me refería, que é a que lle atribúe a Lei de emerxencias do ano 2007.

Por darlles algunhas cifras, nos últimos tres anos, ademais de todas as actuacións que lles dixen agora —112, formación, consorcios de bombeiros—, as aportacións que se fan son: a Protección Civil, que ás veces é a gran esquecida —son miles e miles de voluntarios e voluntarias que fan un labor fundamental— témoslle dedicado case 10 millóns de euros, e practicamente en solitario —a agrupacións que na maioría dos casos teñen carácter municipal—, 110 todoterreos, 50 furgóns, 53 embarcacións, 152 remolques... —a lista é moi longa—. Neste ano 2018, 2 millóns de euros máis, algo que si que eu creo que é pouco discutible aquí, en canto a competencias, dende a claridade da Lei do ano 2007. Pero respecto de Protección Civil éo especialmente

Polo tanto, señorías, a Xunta de Galicia leva tempo facendo os seus deberes en materia de emerxencias —e temos que facer moito máis aínda, insisto—, e traballando na mellora con-



tinua das emerxencias en Galicia, buscando esa coordinación. E as outras administracións deben facer o mesmo. E creo que, ademais, despois dos acontecementos vividos no mes de outubro, razón de máis. Xa antes, pero eu creo que despois dos incendios de outubro aínda con máis razón e con máis forza.

Levabamos meses, xa antes do mes de outubro, traballando no deseño dun novo mapa de emerxencias, dicíndolles ás outras administracións que tamén tiñan que implicarse —e creo que así o estaban facendo—. E esa é a razón de que hoxe comparecera eu en nome da Xunta de Galicia diante de vostedes para trasladarlles en primeiro lugar —mesmo antes que ás administracións implicadas— as propostas da Xunta de Galicia, que quedaron minimamente apuntadas na primeira reunión constitutiva do grupo de emerxencias que tivo lugar hai apenas un mes e que se convocou onte mesmo para dentro duns días, logo de que eu dea conta de todo isto no Parlamento de Galicia.

Polo tanto, traio a esta Cámara, señorías, actuacións concretas para construír unha nova etapa en materia de emerxencias. E cremos que ten que pivotar —por facer un resumo global pero para entender ben o obxecto da miña comparecencia— en dous eixos fundamentais: primeiro, conseguir acadar unha resposta inmediata e eficaz en materia de emerxencias dentro do que se chama a isócrona —o que os técnicos chaman isócrona, é dicir, un tempo razoable para que esa resposta sexa eficaz e, polo tanto, prestada por profesionais e con medios acaídos—; e tamén incidir moito na materia da prevención, como segundo eixo. Isto sinceramente aquí vai quedar apuntado loxicamente pola mecánica da comparecencia, pero os plantexamentos globais que hoxe quero facer aquí creo que están respaldados por un estudo profundo desta materia por quen realmente coñece e sabe dela. E, polo tanto, o que pido —e estou seguro de que vai ser así— é que sexa tratada coa responsabilidade que merece este traballo; sobre todo, pensando en que despois ten que dar froitos no futuro.

Xa digo que inmediatamente despois lla trasladaremos ao grupo de traballo que se creou dentro da Comisión Galega de Protección Civil, que xa digo que está convocado dende onte, e vaise reunir o vindeiro día 29. E aí si que hai que avanzar. Eu agardo, ademais, que se avance rápido.

É unha proposta, ademais —teño que dicilo porque é que, se non, é moi difícil que funcione—, que ten partidas orzamentarias concretas do ano 2018. E os que tiveron oportunidade de estar na comparecencia na Comisión 1ª xa as coñecen. A Xunta de Galicia dotou orzamentariamente as cantidades para facer fronte a parte dos compromisos que estamos propoñendo. E o que é de esperar é que as outras administracións competentes directas fagan o mesmo —para iso é este grupo—, e así poderemos levar a adiante estas propostas.

Comezo coas suxestións, coas propostas concretas, que quería plantexar. A primeira é que, para dar unha resposta eficaz e profesional, o primeiro que hai que facer, señorías, é eliminar as zonas aínda escuras no mapa de emerxencias, que aínda existen e, polo tanto, hai que afrontalas e hai que intentar cubrilas canto antes. As emerxencias —todos entendemos isto— non entenden de divisións administrativas, non entenden de fronteiras que non sexan aquelas que impiden unha prestación eficaz do servizo de emerxencias. E, polo tanto, os dispositivos para atender as emerxencias tampouco deberían entender destas divisións



administrativas nin destas fronteiras. Por este motivo, o que hai que facer é poñer en común os medios que temos, ver como poden funcionar mellor e onde sexa necesario poñer medios a maiores, pois facelo. E, polo tanto, con isto evitaremos, por unha banda, solapamentos —que os hai tamén—. Non ten sentido estar cunha sobredotación de medios en zonas onde ao mellor cun pouco menos é dabondo e, ao mesmo tempo, que haxa zonas onde debería haber medios e non existen ou existen nunha cantidade máis escasa da que sería debido.

¿Que hai que facer para evitar estas zonas escuras, estes baleiros xeográficos de atención ás emerxencias? Hai varias fórmulas. A primeira que traio aquí xa é coñecida. A Xunta apuntouna nese grupo de emerxencias pero quería desenvolvelo un pouco máis aquí. O primeiro é facer unha proposta para comarcalizar os parques das cidades. Señorías, no ano 1999, cando empezou todo o desenvolvemento do mapa de emerxencias actual, é certo que os parques das cidades, as áreas metropolitanas ao lado das cidades, quedaron un pouco ao lado pensando que o primeiro que había que facer era dotar as vilas, as comarcas, dun servizo profesional de emerxencias como teñen agora. E iso era o máis urxente porque non había nada. E como máis ou menos estaban atendendo desde as cidades as súas zonas de influencia pois aquilo non se atendeu coa atención coa que probablemente se tivo que ter dende o principio, e por moitas razóns —as primeiras, probablemente, orzamentarias—. Pois ben, agora temos orzamento para poder atendelo e son sete parques de bombeiros que levan funcionando hai moito tempo nas cidades, sete parques profesionais. E se acadamos un obxectivo de poder conveniar con eles esa comarcalización, isto suporía reducir considerablemente os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas, nos concellos que están ao redor.

Doulles algúns exemplos. Por exemplo, no parque de Santiago, onde poden estar —porque é certo que xa houbo un intento no seu momento— polo menos os cálculos ou mesmo as negociacións máis avanzadas, terían servizo todos os concellos do arredor: Milladoiro, por exemplo, en 10 minutos; Bertamiráns e Sigüeiro, en 14. Estes son os cálculos feitos polos técnicos de ambas partes. No parque de Pontevedra: Poio e zonas que están máis próximas, apenas en 3 minutos; Marín, 13/14 minutos; Ponte Caldelas, 20 minutos. Na Coruña, a atención a Culleredo en 9 minutos; a Oleiros, en 14. E en Vigo isto daríalle sentido, ademais, ao plantexamento da atención ás emerxencias dende un eido metropolitano, que estaba no plantexamento da área e que, sen dúbida, sería un dos servizos que máis a farían visible, comarcalizando o parque de Vigo. E, señorías, así poderíamos seguir coas restantes cidades, ata sete.

Son cálculos —insisto— feitos polos técnicos. Calculando unha media no desprazamento dos vehículos de emerxencias de 50 quilómetros por hora, en 20 minutos os bombeiros das cidades, das sete cidades, chegarían a un radio de 15 quilómetros, que é tanto como dicir que cada un podería cubrir unha área que agora mesmo non está cuberta —polo menos non está cuberta como debería— de 700 quilómetros cadrados. Doulles outra cifra: quedarían protexidas máis de 260.000 persoas, que é case o 10 % da poboación de Galicia. Son as persoas que viven nas áreas que circundan as grandes cidades.

Isto require moitas cousas. Require, por suposto, vontade administrativa, require coordinación, require facer unha serie de cálculos. Porque está clara unha cousa —e iso eu entén-

doo perfectamente e téñeno manifestado varios alcaldes cando se deu algunha situación na que houbo que atender concellos arredor das cidades—: non se pode, para atender un concello que está ao lado, deixar desatendido o obxectivo principal, que é o propio parque, a propia cidade á que dá servizo ese parque. Iso entendémolo perfectamente, polo tanto o que hai que facer é dar máis dotación, facer organizacións de traballo, dar máis medios, para que se poidan atender axeitadamente as dúas zonas, a da cidade, que xa se vén atendendo, e as áreas metropolitanas, as áreas que están arredor destas cidades.

Isto vale cartos. Nós temos consignado, para poder empezar a facelo dende o día que entre en vigor, o orzamento, se fora necesario. Eu sei que ten que haber unhas negociacións, pero xa se podería facer pola nosa banda dende o principio. Son 1,7 millóns de euros que corresponderían á parte da Xunta de Galicia, facendo unha proposta dun escenario lóxico, vendo como se veñen financiando agora mesmo os consorcios provinciais, para aportar a parte que nos correspondería, que agora mesmo está sendo do 50 % na maioría dos casos. E habería que falar tamén —e este é un plantexamento que habería que facer no seo da Fegamp, mesmo penso que hai concellos que estarían dispostos, os concellos que agora mesmo teñen a obriga de ter parque de bombeiros e non o teñen, e necesitan ser atendidos— de que incluso os concellos de máis de 20.000 habitantes tamén puideran facer a súa aportación. Polo tanto, baixaría a que terían que facer tanto a Xunta de Galicia coma as deputacións provinciais. Isto hai que falalo, pero, se falamos e despois buscamos os cartos, entón deixamos pasar moito máis tempo. Nós xa temos os cartos e agora imos intentar falalo, por iso pedimos celeridade e compromiso por parte das outras administracións. E eu agardo que, neste grupo de emerxencias que está creado, poidamos facelo rapidamente. Insisto, poderíamos facelo dende o 1 de xaneiro. Comprendo que o 1 de xaneiro é unha data que xa está aí, pero poderíamos facelo, dende logo, durante o ano 2018.

Este sería o primeiro plantexamento, a comarcalización dos parques das cidades. Está claro que, aínda comarcalizando os parques das cidades, vai haber zonas onde non se chegue —nesa isócrona de 20 minutos— e seguirán sendo zonas en sombra. ¿Que hai que facer aí? Aí loxicamente haberá que dotalas dun recurso de emerxencias que agora mesmo non existe, haberá tamén que volver poñer cartos encima da mesa e recursos de todas as administracións para cubrir esas zonas.

A Xunta de Galicia ten feito un estudo que, por suposto, trasladaremos a ese grupo de traballo dentro da Comisión Galega de Protección Civil ao que me veño referindo. Pero desta análise conxunta xa lles podo adiantar que o que lles dá aos técnicos da Xunta de Galicia, aos técnicos de Axega, é que sería necesario crear *ex novo* cinco novos servizos de emerxencia, cinco novos grupos. Xa veríamos se terían que ser subparques, se terían que ser grupos de emerxencia supramunicipais. Iso é o que habería que falar nese grupo. Pero está claro que hai cinco zonas que agora mesmo están en sombra, que non quedarían cubertas; non están agora mesmo nin cubertas polos parques comarcais nin estarían cubertas pola comarcalización. Polo tanto, cómpre crear eses grupos *ex novo*. Son cinco zonas, arredor de 40.000 persoas que terían que estar cubertas por eses novos servizos e arredor de 2.000 quilómetros cadrados. Non lles escapa que son, sobre todo, zonas situadas no rural, zonas situadas en lugares afastados dos parques actuais e en lugares con pouca poboación, pero que loxicamente teñen todo o dereito do mundo —como o que vive nunha cidade ou en calquera outro territorio—

a estar atendidas dun xeito profesional. E, polo tanto, serían esas cinco zonas, repartidas nas diferentes provincias, as que demandarían a creación dun novo servizo.

Simplemente con comarcalizar os parques das cidades e crear estes cinco grupos a maiores, que non existen agora, pasaríamos de cubrir o 65 % do territorio na isócrona de 20 minutos —que é o que temos agora— a cubrir nada máis e nada menos que máis do 90 %. É certo que segue habendo zonas que non terían esa cobertura, pero son zonas que practicamente non teñen poboación e, polo tanto, non é o máis urxente de cubrir agora. Pero é que estamos falando de cubrir un 25 % máis de territorio. (*Murmurios.*) Nalgúns casos non teñen absolutamente ningunha poboación. Se queren, poñémoslles alí un servizo de bombeiros.

Entón, na cobertura da poboación, pasaríamos do 85 % a máis do 95 % da poboación cuberta. Agora mesmo está o 85 % e pasaríamos a máis do 95 % e nos achegaríamos ao 100 % nun tempo de 20 minutos.

Dende logo, son melloras substanciais, son melloras calculadas polos técnicos, que —insisto— son os que saben. O que nos corresponde aos políticos, o que nos corresponde ás administracións, é implementar as medidas para facelas posibles. E, por parte da Xunta de Galicia, insisto en que están as dotacións orzamentarias. Falta coñecer a vontade dos concellos afectados e, por suposto, das deputacións, directamente responsables e competentes —insisto— pola atribución dunha lei do ano 2007 para garantir a cobertura —xa o podían ter feito, pero está claro que é necesaria a colaboración da Xunta de Galicia— do 100 % da poboación naqueles concellos —que son o 93 %— que non teñen a obriga de facelo por si mesmos.

O segundo plantexamento, despois da comarcalización, é a creación de novos grupos onde é necesario, en zonas de sombra. O segundo sería actuar sobre o que existe actualmente. O que existe actualmente son os vinte e cinco grupos de atención ás emerxencias, os GES. Os que levan tempo na vida municipal ou na xestión de emerxencias coñecen perfectamente a xénese destes GES. Comezaron sendo os coñecidos Grumir, grupos municipais de intervención rápida, que naceron nun momento no que non había nada, con moitas eivas, con moitas necesidades de melloras, que se foron acadando. E despois evolucionaron a un modelo creo que bastante máis perfeccionado, que son os grupos de emerxencias supramunicipais. Pero, sen dúbida, necesitan aínda bastantes melloras e concretar un modelo de xestión, un modelo de permanencia, que a nós nos gustaría na Xunta de Galicia que fora xa o definitivo. E nisto estamos e isto imos plantexar tamén no grupo de traballo dentro da Comisión Galega de Protección Civil. Isto tamén custa cartos. É necesario o cálculo e é necesario tamén, por suposto, vontade política e administrativa.

E ademais de saber o que temos que facer cos GES, haberá que saber tamén o que temos que facer cos parques de bombeiros, cos parques comarcais de bombeiros que existen espallados por todo o territorio. Antes dicía que pasamos de non ter ningún a ter vinte e cinco en moi pouco tempo, falando do esforzo que foi en apenas dezaioito anos.

Señorías, hai dous anos creo que houbo unha comparecencia pedida por min mesmo para falar deste tema, e é coñecido xa polos medios de comunicación e houbo moitas reunións.

Hai tempo que a Xunta de Galicia lles dixo ás deputacións, que plantexaban un cambio de modelo, despois de moitos anos funcionando por xestión indirecta —con deputacións de todas as cores políticas, que mantiñan un sistema de xestión indirecta—, que non había ningún inconveniente en cambiar a un modelo de xestión directa. Hai dous anos que o levamos dicindo. E hai dous anos tamén que o único que dixemos é que queremos unha proposta onde se garanta, por un lado, que os cartos públicos para investir non serían máis —de acordo con todo o que se nos di, ao contrario, serían menos— e que tamén os dereitos dos traballadores e traballadoras que están agora mesmo nos parques haberá que garantilos. Haberá que contarlles exactamente en que consiste este cambio de modelo. Simplemente pedimos iso, pedimos acordos plenarios e propostas concretas, polas que seguimos esperando, señorías. E, polo tanto, hai que dicir que, se as temos mañá, mañá se poderá facer ese cambio de modelo por parte da Xunta de Galicia, sen ningún problema. Pero isto haberá que definilo tamén. Se queremos un cambio no modelo de xestión de emerxencias e queremos un cambio para o futuro e un cambio que sexa permanente, isto terá que acabar definido máis alá de declaracións nos periódicos, máis alá de dicir que é a Xunta de Galicia a que se opón. A Xunta de Galicia non se opón en absoluto. E, polo tanto, pedímoslles ás deputacións, ademais, que movan ficha dunha vez. Isto pódese facer mañá se realmente está na súa vontade facer aquilo que din que queren facer pero que nunca concretan. E despois, a partir de aí, podemos falar tamén da homologación, que é necesaria, dos soldos de todos os traballadores dos parques comarcais, como está reclamando a Deputación de Lugo.

A Xunta de Galicia ten consignados tamén este ano os cartos necesarios para facer esa homologación. Por suposto, a Deputación de Lugo e a Deputación de Pontevedra —en Ourense non, porque precisamente é a referencia que se está tomando para homologar os soldos dos bombeiros—, as dúas deputacións que aínda non se manifestaron, terán que dicir, logo de aclarar o modelo de xestión, se están dispostas a facer esa homologación. A Xunta de Galicia si está disposta. E con isto creo que lles daríamos estabilidade definitiva aos parques comarcais de bombeiros.

E a terceira actuación sería, como dicía antes, o que se refire aos grupos de emerxencia supramunicipal. Dícialles que somos perfectamente conscientes de que é necesaria unha revisión. E tería que ser, despois da evolución dos Grumir, despois da implantación dos GES, a terceira e definitiva para darlles estabilidade; un recurso que, sen dúbida, cobre unha gran parte —e creo que cobre satisfactoriamente, e debería facelo aínda moito máis— da atención ás emerxencias, especialmente, nas zonas rurais onde non hai parque comarcal de bombeiros.

¿Cal é a nosa aposta? Xa digo: a consolidación definitiva. Contribuímos de xeito decisivo a que naceran, contribuímos de xeito decisivo a fixar o seu modelo de financiamento, non en van a Xunta de Galicia segue aportando o 60 % sendo, insisto, competentes as deputacións e os concellos. E destinamos moitísimos recursos á súa formación na Agas e destinamos moitísimos recursos a dotalas de material; nisto practicamente en solitario, xunto cos concellos onde se residencian, que non son os concellos de ámbito xeográfico, saben que teñen ámbito comarcal. Os concellos que son titulares dos GES están aportando material e, dende logo, está aportando a Xunta de Galicia case 3 millóns de euros, nestes últimos anos, en material destinado aos grupos de emerxencia supramunicipal por parte da Xunta de Galicia.

¿Que queremos facer agora? Primeiro, actuar sobre o seu financiamento. Sen dúbida, é un dos grandes condicionantes que teñen os grupos de emerxencia municipal, que os dota dun aspecto conxuntural que creo que non é o máis acáido e, polo tanto, hai que intentar que eses fondos deixen de ser finalistas e pasen a ter unha natureza —polo menos nunha grande parte— incondicionada, que permita non estar tan condicionada —valla a redundancia— por certas tarefas que teñen que facer. E, despois, tamén falar coas deputacións para chegar a unha homoxeneización dos soldos e das condicións de traballo. Saben que a Xunta de Galicia aporta, como dicía, o 40 %. No convenio que asinamos coa Fegamp, outro 20 % corresponde ás deputacións e outro 20 % aos concellos aos que atenden os GES, normalmente o concello é titular dese persoal. Ben, pois é certo que algunhas deputacións foron asumindo o 20 % que lles correspondía aos concellos. A día de hoxe só a Deputación de Pontevedra segue dicindo que non ten por que asumir ese 20 %, que xa asumen a de Lugo, a da Coruña e a de Ourense. Ao final é unha decisión da deputación. Eu simplemente digo que as outras tres o están facendo e que a Xunta de Galicia está aportando o 60 %. E o desexable sería un homoxeneización, pensando que, se non, correspondería ás deputacións o 100 % do financiamento destes grupos de emerxencia supramunicipal.

Deberíamos tamén, nos GES, redefinir as súas funcións e os seus medios, tanto os persoais como materiais, intentar que teñan a mesma dotación material, a mesma dotación de persoal e a mesma formación en todos os casos. Isto foise acadando estes anos pero hai que facelo dun xeito definitivo. E, polo tanto, tamén avanzar na homoxeneización das súas condicións laborais en canto a soldo. Nisto vai influír moito —xa digo— que as deputacións asuman a parte dos concellos.

Aos GES quédalles un ano. Este ano a Consellería do Medio Rural vai aportar un millón para aínda diminuír máis o financiamento incondicionado, pero temos este ano para definir, xunto coa Fegamp e sobre todo no grupo de emerxencias, qué queremos que sexan os GES a partir de agora. Xa digo, as propostas da Xunta de Galicia son facer fondo —canto menos incondicionado, mellor—, que sigan facendo prevención —creo que nisto os concellos tamén están de acordo—, pero que atendan especificamente, preferentemente, as emerxencias; que teñan condicións laborais e salariais similares e que, sobre todo, non dependan de convenios cara ao futuro, senón que teñan xa, coas fontes de financiamento que sexan necesarias, un compromiso das administracións para que sexan xa un recurso permanente no tempo. Estamos falando duns medios de emerxencias que cobren unha parte moi importante do territorio galego, especialmente no medio rural. Todo isto custa cartos, en todo isto custa facer plantexamentos —insisto— polos que saben realmente. Pero todo isto hai que levalo á Comisión de Protección Civil, hai que levalo a negociar coa Fegamp. E o compromiso por parte da Xunta de Galicia, cando menos, é que nos seis primeiros meses do ano 2018 quede pechado xa —aínda que logo queden seis meses de vixencia do modelo actual— o que van ser os GES de aquí ao futuro e xa sen prazos, o que serán permanentemente a partir do 1 de xaneiro do ano 2019.

E, por último, señorías, dentro deste redeseño e destas propostas do mapa de emerxencias, do sistema de emerxencias galego para o futuro, deberíamos ter aínda máis en conta as agrupacións de protección civil, que son miles e miles de persoas que todos os días —especialmente as fins de semana, pero todos os días do ano— están dispostos a acudir a eventos,



a complementar os servizos profesionais de emerxencias e a poñer o seu tempo, que é o máis valioso que teñen, e a súa vontade e vocación de servizo, á disposición dos demais, formándose, prestando a súa adicación. E, polo tanto, o mínimo que podemos facer as administracións —é a nosa obriga— é dotalos de medios materiais. Insisto, a Xunta de Galicia, case 10 millóns de euros en solitario. Ningunha outra administración, nin concellos, practicamente, salvo raras excepcións, nin ningunha deputación, creu que era necesario equipar de material as agrupacións de Protección Civil, e era moi necesario, era moi necesario. Non era de recibo que os voluntarios tiveran que acudir aos operativos nos seus vehículos, non era de recibo que chegaran a unha actuación, sabendo o que teñen que facer porque teñen formación, e que non tiveran os medios acaídos para facelo. Todo iso había que dotalo. E creo que poden constatar vostedes, falando creo que coa inmensa maioría dos voluntarios e voluntarias, que o antes e o despois en cuestión de material é moi notorio. Era unha débeda que todos tiñamos pendentes e que, dende logo, a Xunta de Galicia saldou. Eu creo que a partir de agora deberíamos facelo todos, non soamente a Xunta de Galicia, e ter en conta que evidentemente as emerxencias en Galicia non poden pivotar, nin moito menos, exclusivamente sobre os voluntarios e voluntarias de Protección Civil, pero si que son un complemento importante que ás veces non é tido en conta dabondo.

Outra proposta que queremos facer é a potenciación do novo centro coordinador da Estrada, o novo centro de atención ás emerxencias na Estrada. Vai ser o ano 2018 o primeiro ano completo de funcionamento deste novo centro. Leva tempo xa operativo —saben que empezou no ano 2017—, pero nos vindeiros meses será cando se vaian despregando todos os obxectivos e cumprindo todos os obxectivos cos que naceu este centro e, polo tanto, véndose as melloras que supón respecto da situación anterior. E a mellora fundamental é a integración no seu día a día, no seu funcionamento, dos diferentes recursos de atención ás emerxencias que temos en Galicia, é dicir, bombeiros, GES, salvamento marítimo, Garda Civil, Policía Nacional, Unidade da Policía Adscrita. Todos estes corpos, señorías, deberían, deberán e van ir tendo durante este ano representación neste centro operativo. Isto vai axilizar, vai mellorar, de xeito considerable a xestión de cada emerxencia. Ademais, isto vaise unir ao traslado á Estrada durante o ano 2018 do outro gran centro de atención ás emerxencias que existe en Galicia, que é o 061.

Dende logo, esta integración vai ser moi relevante á hora de axilizar a atención ás chamadas. Vai permitir unha execución moito máis óptima e novas fórmulas de organización; por exemplo, o que se chama «sala partida», que consiste —dun xeito moi resumido— en que serán uns operadores os que atendan os avisos, é dicir, as chamadas entrantes, e despois serán derivados a outros operadores que, de xeito especializado, poderán mobilizar os recursos. E, por suposto, tamén a demandada atención exclusiva para os alcaldes e alcaldesas a través do 112. O centro ten rexistrados os seus números de teléfono, os que eles aporten, e, polo tanto, cando un alcalde ou alcaldesa chame ao 112 será atendido sempre e exclusivamente polo técnico que nese momento estea de garda sen que entre polo sistema normal de chamadas do resto que se produzan no 112.

Estas, señorías, serían, a grandes rasgos —e, polos imperativos da comparecencia, para concretar, por suposto, moito máis no grupo de traballo— as propostas da Xunta de Galicia para seguir avanzando na coordinación das emerxencias respecto da atención profesionalizada, da atención eficaz e da atención razoable, no tempo dos vinte minutos.



Outro gran eixo sería o da prevención —creo que tan importante como a atención—, unha prevención axeitada para que despois a atención, cando haxa que dala, sexa unha atención que veña derivada de que a prevención non puido evitar certas situacións.

¿Como queremos facer esta prevención? A primeira e fundamental é a través de accións de formación e información á sociedade. Os servizos de emerxencia deben —eu creo que o teñen cada vez máis en conta en toda España, en toda Europa e seguro que en todo o mundo— procurar ter informada a poboación, procurar facer campañas de concienciación, de autoprotección, de que se saiba o que hai que facer para evitar certos riscos e como hai que actuar cando estes riscos se producen. Isto despois facilita moitísimo o traballo dos servizos de emerxencias cando teñen que intervir. Polo tanto, dende a Xunta de Galicia comprometémonos a seguir avanzando, de xeito coordinado, dialogado, falando con toda a sociedade civil, con asociacións, con colectivos. Un pouco a modo do que se fai nas campañas de seguridade viaria creo que se poden facer campañas de seguridade noutros moitos eidos: ensinar a poboación a analizar riscos, a visualizalos, a saber o que facer para evitalos ou metodoloxías de comunicación e formación. Creo que todo o que ten que ver coa comunicación e a formación de emerxencias é fundamental, e que se pode e se debe avanzar nesta vía.

Outra vía, dentro da prevención, sería a revisión do cumprimento da normativa e a promoción da elaboración de plans de protección para aqueles centros que xeren un risco potencial por si mesmos. Polo tanto, levamos tempo incidindo nesta faceta, traballando na revisión dos plans especiais de protección civil, participando en simulacros de accidentes, en plans de emerxencia exterior, en plans de prevención de rotura de presas. No vindeiro ano ímolo seguir facendo, imos continuar coa revisión do Plan territorial de emerxencias de Galicia, o Platerga, implantando plans de emerxencias en diferentes empresas nas que é obrigado facelo e promocionando sobre todo —e este é outro labor de coordinación e de concienciación dos propios responsables municipais— a elaboración de plans de emerxencias municipais. A obriga é dos concellos que teñen máis de 20.000 habitantes. Quere dicir que, a partir de agora, pasan do 50 %, pero non moito, os concellos que, estando obrigados a ter este plan, o teñen, e que o teñen revisado e actualizado. Deberíamos chegar ao cen por cento. É unha obriga legal. Se non chegamos a isto, é moi difícil facer outros plantexamentos. E, por suposto, hai que seguir implantándoos en concellos que, aínda que non teñan obriga, evidentemente acadan unha enorme vantaxe se teñen o seu plan de emerxencias en vigor e actualizado. A día de hoxe en Galicia son 43 os concellos que o teñen, e insisto en que deberían ser moitos máis.

E o terceiro eixo dentro da prevención sería seguir potenciando o uso das novas tecnoloxías. Aquí teñen que ver moito os avances que se están producindo en I+D, porque está claro que teñen aplicación en moitos campos, pero no campo das emerxencias é fundamental, na intervención pero tamén na prevención. Todos temos visto estes días —e ademais iso vai ir a máis— a utilidade enorme dos drones á hora de colaborar na busca de persoas desaparecidas, pero tamén á hora de analizar riscos, de dar visión e capacidade de análise chegando a ángulos e chegando a perspectivas ás que ata agora non se podía chegar. Tamén no campo da loxística e do transporte nas emerxencias eu creo que o campo é amplísimo. Imos seguir apostando por aí, aproveitando o polo e a aposta que fixo a Xunta en Lugo. E, dende logo, a implicación da Axega neste tema están sendo e vai seguir sendo fundamental, ademais de

todas as aplicacións que teñen as novas tecnoloxías en materia de plataformas de xestión de atención ás emerxencias, seguimento de vehículos de emerxencias, comunicación doada, rápida e segura entre o que está intervindo nas emerxencias e o centro coordinador, creo que se poden facer moitísimas cousas e, desde logo, imos intentar facer todas as que sexan posibles.

Polo tanto, señorías, xa digo, dun xeito resumido estas son as propostas que a Xunta de Galicia quere facer en materia de emerxencias.

Quería empezar a comparecencia —dígoo porque creo que así perdemos pouco tempo discutindo de quen son as competencias— dicindo que as competencias son de quen di a Lei de emerxencias que teñen que ser. ¿Aplicándoas *stricto sensu* chegaremos a unha solución que garanta a seguridade de todos os galegos e galegas? Está claro que non. Ao final, todas as administracións se teñen que implicar, e as administracións que dispoñen de máis recursos, tamén de máis responsabilidades, as primeiras. Polo tanto, a Xunta de Galicia —volvo dicir— ten o 60 % do investimento en emerxencias, a administración que en teoría, segundo esa lei, só tería que facer a coordinación, que estamos facendo e o imos seguir facendo. É máis, imos aumentar os recursos orzamentarios que a Xunta de Galicia dedica ás emerxencias, ímolo facer de xeito coordinado nos órganos acaídos, intentando evitar as liortas políticas e pensando en que nos xogamos moitísimo. Decía que as emerxencias non entenden nin de fronteiras administrativas nin de cor política das administracións, só entenden de estar ben atendidas, ben planificadas, ben xestionadas e ben respaldadas orzamentariamente. A Xunta de Galicia ten bastantes esperanzas en que o traballo que poidamos facer, con propostas concretas, sobre todo durante o primeiro semestre de 2018, poida ter o seu froito. Xa no mesmo ano 2018, insisto, a Xunta de Galicia tería respaldo orzamentario para facelo e oxalá que o poidamos executar. Pero dende o 2019 e seguintes hai que completar o mapa de emerxencias e, aínda coas melloras que haxa que seguir facendo —que loxicamente este é un traballo sempre inacabado—, dicir que un galego, viva onde viva, ten garantida realmente a atención profesional nun prazo de resposta concreto creo que sería un enorme paso e un gran servizo, deses que ás veces ao mellor a algún —dende logo non á Xunta de Galicia nin a min mesmo— lle poden parecer non tan lucidos, porque parece que non son tan notorios, pero que o día que fan falta se dá conta de que o traballo que se fixo, que os recursos que se dedicaron e, sobre todo, a vontade política que se puido poñer —que é o que nos corresponda a nós— rende, e rende sempre.

Polo tanto, esta era a razón da comparecencia, esta é a razón de facer estes plantexamentos. E o que agardo é que poidamos avanzar, e avanzar rápido, deixando ao lado as diferenzas políticas. Claro que as temos, pero creo que nunha serie de cousas as diferenzas políticas teñen pouco sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día.

Señor Rueda, teño que dicir que me pareceu decepcionante a súa intervención e moi pouco novidosa. Porque veu aquí a contarnos unha serie de medidas que xa foi anunciando nestes últimos meses. E, ademais, foi decepcionante porque vostede fixo un exercicio, podemos dicir, houdiniano, de escapismo. Botoulle a culpa aos demais, a culpa é das deputacións e dos concellos. A Xunta non asume as súas responsabilidade.

Mire, foi vostede, ademais, moi pouco preciso cando falou das competencias. Vostede empezou dicindo que o tema das emerxencias non é de competencia autonómica ou, en todo caso, non exclusivamente autonómica. Nisto segundo podemos darlle algo de razón, pero, na primeira, que diga que as emerxencias non son competencia autonómica, paréceme moi grave nun responsable máximo desta cuestión, como é vostede. Porque, ademais, recórdolle que a lei, no seu título II, a Lei de emerxencias —que, efectivamente, é do ano 2007, do tempo do Bipartito, porque o Bipartito tamén fixo leis; ademais doutras cousas das que lle botan vostedes a culpa tamén fixo leis, e leis avanzadas— establece claramente as competencias e a organización administrativa. E nese título hai cinco capítulos, e máis de tres refírense a responsabilidades e competencias da Xunta de Galiza. Polo tanto, non escorra o vulto e asuma responsabilidades.

Despois fixo vostede un exercicio de imprecisión, porque vostede falou o 90 % do tempo das emerxencias relacionadas cos incendios e co salvamento, é dicir, cos bombeiros, cos parques de bombeiros, co mapa... E hai máis emerxencias ca esas. As emerxencias son moito máis ca iso. A lei fala de moitas máis cuestións. Están as emerxencias sanitarias, onde hai tamén moitas carencias de cobertura territorial. Tamén hai isócronas que non se cumpren, hai emerxencias, por exemplo, que teñen que ver co salvamento marítimo. Hai moitas máis que tamén se teñen que abordar, e vostede fixo unha intervención excesivamente limitada a unha parte do problema.

Vostede, ademais, vén aquí a esta comparecencia forzado por unha realidade, que é a do fracaso estrepitoso e clamoroso do sistema de emerxencias galego. E digo «sistema» e non «modelo» porque realmente non hai un modelo, non é un modelo, non se lle pode chamar modelo. E ese fracaso púxose claramente de manifesto, ademais, con motivo da crise dos lumes do 15 de outubro. Esa crise puxo en evidencia as vergoñas, puxo ao descuberto as deficiencias do funcionamento deste sistema, no que ten as maiores e as máximas responsabilidades a Xunta de Galiza. Porque a resposta a este tipo de crises é da Xunta, da Axencia Galega de Emerxencias. Para iso temos unha axencia, precisamente, que ten esta competencia.

E esa realidade, ademais, púxo de manifesto o persoal que traballa nas emerxencias nunha comparecencia pública inédita na que os representantes do Servizo de Emerxencias 112, dos bombeiros municipais e comarcais, dos brigadistas e axentes forestais describiron a situación como «de caos, improvisación, descoordinación e desaproveitamento dos recursos». É dicir, que houbo recursos, sobre todo nos parques municipais de bombeiros, na Coruña, en Lugo, en Ourense, en Santiago ou en Pontevedra, que non se mobilizaron ou que, se se mobilizaron, foi por iniciativa propia deses parques, non por iniciativa da Xunta de Galicia.

E, como dicía, a responsabilidade máxima é da Axega e da Dirección Xeral de Emerxencias, que tamén temos unha Dirección Xeral de Emerxencias e Protección Civil. Por iso é competencia da Xunta e de vostede, señor conselleiro. Houbo fallos operativos evidentes que foron denunciados por estes colectivos, tamén polas alcaldías, por cantidade de axentes. Un dos exemplos máis claros foi o propio colapso do Centro de Atención ás Emerxencias 112, onde houbo esperas de máis de vinte minutos, agravado ademais ese colapso por unha cousa tamén inaudita, que foi que o presidente da Xunta de Galiza animou a xente a chamar, para calquera situación, a este teléfono. E foi agravado tamén pola escaseza de persoal que se produciu ese día, con 6 traballadoras pola mañá e 14 pola tarde ante unha situación realmente de gravísima crise que precisaba do máximo número de efectivos. Tamén polos fallos da plataforma informática, que é un tema que están denunciando reiteradamente os traballadores deste servizo, ou pola ausencia dunha canle de comunicación directa dos operativos de emerxencias. Vostede falou agora de que as alcaldías ían ter un teléfono, pero hai outros servizos, moitos outros servizos, que non teñen unha canle de comunicación directa, e son servizos operativos das emerxencias que non teñen unha canle de comunicación directa e teñen que agardar a que estea libre a liña.

Polo tanto, o que houbo foi un fallo estrutural estrepitoso, clamoroso, do sistema de emerxencias, coordinado, ou non, descoordinado, pola Xunta de Galiza e pola Axencia Galega de Emerxencias. E unha proba disto, da deterioración, da mala xestión e do fracaso deste sistema foi, recentemente, tamén a dimisión ou cesamento, non sei como chamarlle, do xerente de Axega, que puxo tamén en evidencia esa situación.

E a realidade é que isto non é a primeira vez que pasa. Repítese cada vez que hai unha catástrofe ou un accidente extraordinario, repítese a mesma situación. Pasou co *Prestige*, pasou con Angrois, pasou con Fandicosta. E vemos como despois destas catástrofes non se toman medidas. Mantéñense as mesmas carencias, as mesmas eivas, as mesmas deficiencias, as mesmas ineficiencias. Anúnciase o propósito de emenda pero despois a realidade é que todo segue igual ata a próxima catástrofe, na que se volven poñer de manifesto as mesmas eivas e deficiencias.

Agora vostede vénnos cun anuncio, que xa saíu na prensa nestas últimas semanas, de revisión do mapa de emerxencias, de comarcalización dos parques de bombeiros, dos GES, etcétera, etcétera. E esta situación é algo que é perfectamente coñecido, a falta de cobertura, a falta de resposta neste ámbito concreto das emerxencias, que é un ámbito no que desde hai nove anos se leva falando disto e vostedes non puxeron as solucións nin tomaron as medidas necesarias. E resulta que agora, como houbo un incidente en Tenorio no mes de agosto e houbo unhas críticas furibundas do alcalde de Cerdedo-Cotobade —que ademais é un concello mimado para vostedes—, que primeiro apuntou na dirección equivocada pero despois puxo en evidencia que a responsabilidade era da Xunta, ou, en todo caso, dos parques comarcais e da coordinación da Xunta, agora vostedes resulta que van estudar esta cuestión. Parécenos ben pero xa hai moito tempo que pasa isto e non houbo resposta por parte da Xunta.

Ben, pero hai moitos máis deberes que facer, señor Rueda. E a resposta que dan vostedes nos orzamentos é o descenso do gasto. O gasto nos orzamentos para as emerxencias baixa

no ano 2018 respecto do ano 2017. Dirán que foi porque no 2017 houbo uns gastos extraordinarios, pero tamén hai situacións extraordinarias ás que hai que facer fronte que xustifican un incremento dos orzamentos para o ano 2018.

Os deberes que hai que facer son avanzar cara a un verdadeiro sistema integrado de emerxencias. O actual non é un sistema integrado de emerxencias, porque é un sistema descoordinado, é un sistema fragmentado desde o punto de vista funcional, competencial e operativo; é un sistema privatizado, tanto na xestión do 112 como nos parques comarcais — non lles boto a culpa só ás deputacións—; e é un sistema sen integración operativa no mesmo espazo do novo edificio da Estrada, por iso se gastaron aí 8 millóns de euros. ¿Cando van integrar aí, nese centro operativo único, todos os servizos, non só, como anunciou vostede agora, o 061? ¿Cando van facer valer as competencias en emerxencias e a lexislación para integrar aí as emerxencias sanitarias, o salvamento marítimo, o 085, os bombeiros, as forzas de seguridade, etc.? Necesitamos un mando único operativo, unha dirección operativa cualificada na que se integren os mandos dos diferentes servizos de emerxencias. E iso é algo que ademais se vén recoñecer implicitamente na memoria dos orzamentos do ano 2018.

Pero hai máis deberes dos que tampouco falou vostede na súa intervención, señor Rueda. Temos que desenvolver a lei e facer cumprir a lei, que desde o ano 2007 —van alá xa dez anos— está pendente de desenvolvemento en moitos aspectos. Mire, a disposición adicional terceira fala de que «a Xunta de Galicia impulsará as accións necesarias para homoxeneizar, no prazo de tres anos, as prestacións e as condicións de traballo en todo o territorio». Está sen facer. «No prazo dun ano a Xunta de Galicia promoverá a elaboración dun regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado». Está sen facer. O artigo 38 fala de «plans de recuperación». Están sen facer. E estamos vendo como hai moitos concellos que aínda teñen pendente a recuperación de servizos básicos e infraestruturas básicas porque non se fixeron estes plans. E non estou falando de axudas, estou falando de plans de recuperación previstos na lei.

Igual ocorre no caso do Plan territorial de emerxencias, do Platerga, que é do ano 2009, ou no Plan especial de incendios forestais, do que a última actualización é do ano 2015. E hai moitas cuestións aínda pendentes: plans de protección e autoprotección, información á poboación, actuacións dos corpos de seguridade... Mire, vostede anunciounos aquí unha serie de medidas de información e de protección, pero é que iso xa está no Platerga, xa están contempladas no Platerga as accións informativas, os avisos á poboación, as accións de confinamento, afastamento e evacuación. Por certo, fálase tamén aí de que, para cada unha destas medidas, se elaborará por parte da Dirección Xeral de Protección Civil, competencia da Xunta de Galiza, un protocolo de actuacións específico. E botamos moito de menos, nas emerxencias do pasado 15 de outubro, estes plans de actuacións específicos; por exemplo, en Nigrán, en Chandebrito, coas nefastas consecuencias que tivo esa fallida evacuación que se produciu nesta parroquia pontevedresa. E parécenos agora o colmo, por riba, que coa súa colaboración lles queiran dar un premio ás forzas e corpos de seguridade do Estado que actuaron nesa zona. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Rueda quedan moitas cousas por facer, hai moitos deberes pendentes para realmente cambiar o sistema e ter un verdadeiro sistema público integrado, coordinado cun



mando operativo único, eficaz e áxil de emerxencias; un servizo público fundamental e unha cuestión estratéxica para a protección da poboación e para a seguridade da poboación. Polo tanto, pedímoslles que se esmeren, que se esforcen e que coordinen e impulsen, porque é a súa responsabilidade, unha solución a esta cuestión, non só ao que falou vostede das emerxencias e do salvamento relacionado cos parques de bombeiros, senón a todo o conxunto das emerxencias e da protección civil.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, señor presidente.

Eu, de forma preliminar e tamén como a miña compañeira, comprométome como deputado do Partido dos Socialistas de Galicia ao pacto de Estado contra a violencia de xénero, e prometo traballar por e para mellorar e enriquecer o mesmo tanto desde o punto de vista colectivo como individualmente. (*Aplausos.*)

Señor vicepresidente, entrando xa na súa comparecencia, ía saudar a benvida por esta comparecencia, porque tiñamos en principio a ilusión de que se fixera unha análise, desde a perspectiva precisamente das emerxencias e da protección civil, do acontecido nunha situación que podemos cualificar de catástrofe, como a que ocorreu os días 14 e 15 de outubro. Pero eu creo que cambiou o foco precisamente desta comparecencia e para nada entrou a analizar esta situación. Si que fixo unha análise dalgunhas das cuestións parciais do sistema de emerxencias e de protección civil de Galicia, pero realmente é frustrante que nesta Cámara nestes momentos non se faga unha análise, desde a perspectiva das emerxencias e da protección civil, precisamente do acontecido os días 14 e 15 do mes pasado.

Porque realmente vostedes, desde o Goberno galego, nesta vaga de lumes, ademais de tratar de culpabilizar permanentemente a outros —con certas doses, excesivas moitas veces, de prepotencia—, non estaban atacando e seguen sen atacar precisamente unha das facetas máis importantes do acontecido eses dous días de outubro. A pregunta é sempre en que medida o sistema de emerxencias e protección civil de Galicia foi capaz de dar unha resposta eficaz e integral —e insisto na palabra «integral»— a esta emerxencia, a esta catástrofe.

Como ben dicía na súa comparecencia, non se trata de cores políticas, non se trata de competencias, de aí que non sei a que vén facer un relato parcial precisamente da distribución de competencias cara ás corporacións locais por parte da Lei de emerxencias de Galicia de 2007, cando precisamente non se están tendo en conta as propias competencias asignadas pola propia Lei de emerxencias de Galicia. O artigo 11, xa que estamos a ler artigos, sinala dunha forma contundente que «é o Consello da Xunta o órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión das emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia». O artigo 12 sinala de forma clara que, «en tanto que autoridade superior de dirección e coordinación da Xunta, á persoa titular da Presidencia da Xunta correspóndelle precisa-



mente exercer o mando único dos servizos de intervención fronte a emerxencias nos casos previstos nesta lei». E o artigo 13, para cumprimentar, establece como a persoa titular da consellería da Xunta de Galicia que teña atribuída a competencia en materia de protección civil e xestión de emerxencias —vostede, señor vicepresidente— é o órgano responsable da política de protección civil e xestión de emerxencias de Galicia.

Eu creo que a asignación de funcións, competencias e de responsabilidades por parte da lexislación aprobada nesta Cámara é clara. É por iso que ten que dar, e segue tendo que dar, nesta Cámara a resposta a moitas preguntas e incertezas derivadas dunha discutible xestión dos dispositivos de emerxencias durante os días 14 e 15 de outubro. Porque a pesar de que os tres grupos políticos da oposición desta Cámara pedimos a comparecencia urxente do director xeral de Emerxencias e Interior para dar conta do funcionamento do dispositivo durante eses dous días, o Goberno galego non considerou conveniente en ningún momento acceder a esa comparecencia, que se tivo que producir, efectivamente, con motivo de preguntas urxentes que formulamos na pasada Comisión 1ª.

Basicamente, a resposta do director xeral foi que o dispositivo funcionou razoablemente ben e sen falta de planificación. Algunhas preguntas que lle fixemos ao director, ante a falta de suficiente resposta, volvémosllas facer agora ao señor conselleiro.

Primeiro, ¿considera realmente que o dispositivo de emerxencias foi capaz de dar unha resposta —incido na palabra— integral durante a vaga de lumes de outubro?

Segundo, ¿considera realmente que o nivel de fragmentación dos servizos mobilizados para garantir unha resposta eficaz era integral?

Terceiro, ¿operou realmente o mando único durante esta grave emerxencia? ¿Operou correctamente a interface incendios forestais/urbanos durante esta emerxencia? ¿Foi correcta a activación dos niveis de emerxencias? ¿Considera realmente que a Compañía de Radio e Televisión de Galicia cumpriu coas súas obrigas informativas esa tarde-noite do día 15?

¿Por que os parques de salvamento e extinción de incendios dalgunhas cidades tardaron en ser mobilizados máis de 10 horas e, sen embargo, foron mobilizados servizos de emerxencias de Madrid? ¿É correcto que houbo 7 operadores na sala do 112, durante a mañá do domingo 15? ¿Houbo unha correcta integración tecnolóxica das plataformas do 112 e do 085?

Señor Rueda, confiamos en que na comisión de estudo que se acaba de crear nesta Cámara para analizar precisamente o ocorrido nesa vaga de lumes e apostar por cambios no ámbito do forestal tamén se lle dedique un capítulo moi importante ao sistema de emerxencias e protección civil de Galicia, porque seguen sendo moitas as preguntas e moi poucas as respostas. Porque, señor conselleiro, o acontecido cos lumes de outubro vén demostrar, a priori polo menos, que o modelo europeo de resposta integral non está a funcionar na Comunidade Autónoma de Galicia. A Decisión 1313, de 2013, do Parlamento Europeo e do Consello, incide na importancia de adoptar un enfoque integrado da xestión de emerxencias e catástrofes. A Resolución, do propio Parlamento Europeo, do 5 de xullo do 2011, sobre o servizo universal do número de urxencias 112, considera que este número creado

por decisión do Consello xa en 1991 para que os cidadáns poidan ter acceso a todos os servizos de urxencias —bombeiros, policía e urxencias médicas— non debe ser obxecto de confusión con outros números que as autoridades nacionais poidan manter. A nosa propia Lei de emerxencias de 2007 establece, entre os seus principios xerais, a garantía dun sistema integrado de protección civil e emerxencias, debendo canalizarse de forma unificada as incidencias e as alertas que se produzan a través do número único europeo 112.

¿Cre vostede que a profusión de números de emerxencias —112, 085, 061 e o anunciado teléfono, agora, dos alcaldes— garante que os cidadáns teñan sempre claro a quen chamar ante unha alarma ou un sinistro? Será unha cuestión que creo que terá que analizarse tecnicamente nesas comisións.

Pero a outra cuestión que nos preocupa dunha forma moi especial é se os niveis de activación dos plans de emerxencias foron os correctos, e se están axeitadamente coordinados. Dixéronnos nesa Comisión 1ª, por medio do director xeral, que activaron durante varias horas dos días 14 e 15 o nivel 2 do Peifoga, do Plan especial de protección civil ante emerxencias de incendios forestais de Galicia, co que a dirección do plan unicamente correspondía aos delegados territoriais da Xunta. ¿Non consideraron preciso en ningún momento activar o nivel 3? ¿Por que? ¿Non lles parecía suficientemente grave a situación de alarma ese domingo, que se estaba a producir en relación con persoas, con bens e coa incidencia urbana dos lumes forestais? ¿Non considerou o presidente da Xunta, nin vostede, suficientemente grave a situación de emerxencia durante esas horas en Galicia? Porque, conforme a Lei de emerxencias de Galicia, vostedes eran e son os máximos responsables do dispositivo. ¿Non consideraron en ningún momento, nin vostedes nin os seus asesores, que estábamos perante unha emerxencia de interese galego prevista no propio Platerga? Porque a iniciativa de activar ese nivel é súa, señor conselleiro, baixo a dirección do plan, que é do señor presidente.

Porque, polo contrario, o Consello de Ministros do pasado venres día 10 si que tomou o acordo polo que se declaran as comunidades autónomas de Galicia e do Principado de Asturias como zonas gravemente afectadas por unha emerxencia de protección civil. Mesmo o propio delegado do Goberno, nunha entrevista desta fin de semana, lembraba como houbo que desaloxar 2.100 persoas, realizándose 8.000 auxilios en condicións difíciles, e moitas extremas, nesta situación de catástrofe.

Señor vicepresidente, vostede e o señor presidente talvez non estiveron á altura das circunstancias durante os días 14 e 15 de outubro pasado. Na listaxe das 30 medidas incluídas na proposta de acordo forestal que o presidente da Xunta presentou diante deste Pleno na súa pasada comparecencia unicamente figura unha medida en materia de emerxencias, precisamente o mando único para todos os servizos de emerxencias. ¿Por que, se esta obriga xa estaba establecida na propia Lei de emerxencias de 2007? ¿Ou é que realmente en conciencia saben que non actuaron correctamente e agora hai que presentar como medida o que foi un fracaso?

Sinalaba antes que a interface incendios urbanos/forestais —da que non falou en absoluto— non funciona. Moitos mandos, moito persoal, moitos directores técnicos de emerxencias,

consideran da máxima prioridade revisar non o mapa de emerxencias senón o propio modelo de salvamento e extinción de incendios de Galicia. Os bombeiros forestais non están a recibir a formación necesaria para poder actuar no ámbito urbano. A interacción dos dous ámbitos en incendios viviuse e sufriuse ese domingo 15.

Os parques urbanos, comarcais e provinciais responden a distintos protocolos de actuación, a distintos modelos de xestión. A fragmentación —como se ten denunciado en moitas ocasións—, tanto dos entes públicos que interveñen na resposta —Xunta, Seaga, Tragsa e entidades locais— ou da xestión privada en varios ámbitos, non pode en ningún momento garantir esa resposta integral dos servizos de extinción baixo un modelo único. Temos que camiñar non só cara a un mapa novo de emerxencias, temos que camiñar cara a un modelo único e público dos servizos de extinción de incendios e salvamento con dependencia orgánica e funcional única. Outras comunidades así o teñen establecido, mesmo a Comunidade de Madrid, Valencia ou o País Vasco. Hai modelos onde podemos inspirarnos para realmente apostar por ese novo modelo necesario.

Unificar protocolos, garantir isócronas homologadas que cubran todo o territorio —como ben dicía—, estabilizar moitas brigadas, que rotan a 3.000 traballadores cada ano, e levar a adiante un programa de formación continua integral son retos que hai que abordar para un sector clave en momentos críticos para a poboación.

O noso grupo parlamentario por iso ten pedido, ademais, un informe da Comisión Galega de Protección Civil no que se avalíen os cambios que se deben levar a cabo no sistema de emerxencias e protección civil de Galicia con motivo das incidencias, dos posibles erros de mando, de comunicación e de insuficiencia de recursos postos de manifesto durante os días 14 e 15. E debe este informe incidir en moitas das cuestións que temos anunciadas: cobertura territorial, análise de riscos, operatividade dos servizos, coordinación operativa, inventario de recursos, programa de implantación e financiamento do sistema.

Agardamos sinceramente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...que esta vez poidamos aprender do acontecido e poidamos coñecer os resultados do informe que solicitamos, que ben se podería integrar nas conclusións da comisión de estudo que se creou.

Por iso, señor conselleiro, é realmente decepcionante que nesta comparecencia non se fixera nin a máis mínima alusión a un problema tan grave como o que sufriu Galicia os días 14 e 15 de outubro desde a perspectiva das emerxencias e da protección civil. Seguen sen realizar ningunha revisión crítica do sistema. Non sei se é medo, impotencia ou realmente, como moitas veces, soberbia ou precisamente prepotencia. ¿Seguen e seguirán sen asumir ningún tipo de responsabilidade política polo acontecido estes días?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ¿Só van seguir responsabilizando a outros ou van seguir alimentando o relato das tramas incendiarias? Que, por certo, haberá que esperar a que os órganos do ámbito xudicial tomen unha decisión ao respecto.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor vicepresidente, ¿cando vai sacar vostede o traxe de peliqueiro? ¿Non ve vostede que o entroido non é agora? ¿Cando van deixar de disfrazar a súa propia incompetencia da xestión da vaga de lumes, primeiro, mediante a manipulación informativa, logo, mediante a incapacidade de xestionar a situación cos concellos e, agora, disfrazándoo mediante un plan que aparentemente nada ten que ver co acontecido durante o domingo negro? ¿Por que non quitan xa o disface da súa propia incompetencia e recoñecen o que pasou? Porque soamente recoñecendo as causas do que pasou se poden tomar medidas que sexan eficaces para o futuro. Deixen xa ese disface que teñen posto para intentar manipular a opinión pública, como fixeron o domingo dos lumes negro, como o fixeron despois facendo, dunha das causas, a única causa dos incendios, e busquen solucións. Pero, para empezar, fágano traendo aquí unha análise rigorosa de cales foron as causas deses lumes e do que foi o que fallou nos seus propios dispositivos. Porque había cousas que dependían de vostedes e renunciaron, como consecuencia da súa incompetencia, como consecuencia do abandono ao que tiñan sometido todo o sistema de emerxencias, que fracasou. E por iso veñen agora presentar plans diferenciados que supoñen unha emenda á totalidade da súa política anterior en materia de emerxencias para que isto non se volva repetir.

Pero isto é algo que fallou e que non se debe única e exclusivamente ao sistema de emerxencias. Esquécese vostede —aínda que está tamén dentro do seu negociado— da manipulación informativa, que tamén forma parte da xestión dunha emerxencia. Vostedes preferiron xestionar a opinión pública en vez de xestionar unha catástrofe. Puideron axudar eficazmente, mediante un servizo público como a CRTVG, a contribuír a que a emerxencia fose levada de forma máis liviá por parte da poboación afectada e renunciaron a facelo. Preferiron disfrazarse e preferiron disfrazar unha realidade que máis dun millón de galegos e galegas vía directamente polas súas xanelas, ou que a vían nas rúas ou ao pé das súas casas. E isto, polo tanto, impídenos, e impídelle a vostede, facer unha análise rigorosa de qué foi o que pasou e, polo tanto, afrontar con todas as consecuencias as consecuencias da vaga de lumes.

A xente sentiuse abandonada pola súa incompetencia, pola incompetencia da Xunta de Galicia na peor noite da historia recente do noso país. E fallou o servizo de emerxencias do que hoxe vén vostede falar. Fallou, en primeiro lugar, por unha imprudencia temeraria, por uns

mandos políticos de Protección Civil que, por exemplo, non prohibiron ou non suspenderon a xornada de caza que se iniciara esa fin de semana. Nin suspenderon tampouco a posibilidade de que os sendeiristas estivesen polo monte, podendo causar unha verdadeira catástrofe.

Non se mobilizaron —vostede non fai referencia aquí en ningún caso— todos os recursos materiais dispoñibles, aquí xa o denunciámos en varias ocasións. Vostede non dixo nada agora en relación con isto. Referiuse, pero para outra cousa, non para o que estamos tratando. Non se mobilizaron todos os efectivos dispoñibles; por exemplo, nos parques comarcais de bombeiros, dos que tamén falou. Como consecuencia disto, soamente na provincia de Lugo deixamos de dispoñer de 6 nodrizas, que tiveron a oportunidade de supoñer máis medios de reforzo na extinción dos lumes ocasionados. Faltaron medios materiais de protección cidadá, a pesar de que os grupos de carácter municipal e de protección civil fixeron todo o que puideron e puxeron todo da súa parte. Fixérono descoordinadamente, porque faltou o mando único operativo de emerxencias, algo que deu lugar a esa contradición de que, por un lado, din que existe, e, por outro lado, din que o van poñer, anúnciano como unha das 30 medidas do outro día do Goberno Feijóo —ás que, por certo, vostede agora non se referiu tampouco en ningún caso—. E faltaron medios materiais para apoiar esa acción deses grupos municipais, faltaron mascarillas para que a poboación puidera defenderse do lume, faltaron batelumes, faltou todo. Non se activaron os protocolos de evacuación, sen que tampouco vostede dera aquí explicación ningunha de por que pasou iso. ¿Por que os protocolos previstos no Peifoga non se activaron? Non se activaron por unha simple razón: porque non había un mando de coordinación. E menos mal que vostede ao ler a lei reconece que, polo menos, a suprema coordinación de mandos, e, polo tanto, ese mando único, debería de pertencer á Xunta de Galicia con carácter efectivo na fin de semana dos lumes. E, sen embargo, non o foi. E isto contribuíu a poñer nun maior risco ou a incrementar sensiblemente o risco que por si só supuñan os incendios. É unha mala xestión dos recursos dispoñibles por parte da súa consellería, da que vostede é responsable, sen que vostede veña aquí a facer unha soa mención a ese fracaso estrepitoso que supuxo a súa incompetencia.

A inexistencia deste mando único de emerxencias deu lugar a unha maior ineficacia dos recursos dispoñibles, á incapacidade de coordinar os mandos de carácter urbano cos mandos de extinción rural, á incapacidade de xestionar coordinadamente servizos e ámbitos dispoñibles. ¿É aceptable que estes mandos de emerxencias actúen así, descoordinadamente? ¿Non é capaz de recoñecer directamente esa existencia de descoordinación e de asumir as responsabilidades políticas ou de facer que outros as asuman? ¿Foi vostede o responsable directo desta descoordinación ou foi o señor Menor? Quen o fixo ¿fíxoo ben ou fíxoo mal? E se o fixo mal, ¿debe seguir no seu posto? Nós dixémolo no seu momento: non, deben asumirse responsabilidades políticas.

Houbo un colapso dos servizos de información e de emerxencias. Os servizos de atención telefónica 112 e 085 estiveron colapsados toda a tarde do domingo, ¡toda a tarde do domingo! Houbo ausencia de forzas e corpos de seguridade do Estado tamén para regular o tránsito viario, faltaron medios para regular ese tráfico, para ordenar a saída da xente dos núcleos. Non existía unha protocolización dunha evacuación racional dos núcleos que estaban ameazados. Non había medios materiais, non había forzas de seguridade que se puidesen ocupar



disto. ¿Segue pensando que o mando único funcionou ben como funcionou ata agora, é dicir, no papel e sen existencia directa na realidade?

Despois vostedes decidiron disfrazar a realidade, en primeiro lugar, durante o propio día mediante a manipulación informativa que supuxo unha CRTVG que, como servizo público, debería estar aprendéndolle á xente como facer no caso de que o lume se achegase ás súas vivendas, como establecer medidas de seguridade para pecharse dentro delas, dicindo onde había estradas cortadas, por onde se podía evacuar, onde había parques urbanos ou por onde entraba o lume nas cidades. E nada disto fixeron, preferiron manipular e disfrazar de normalidade o que todo o mundo vía e todo o mundo percibía por todos os sentidos: polo fume, polo lume, pola emerxencia que vían no resto dos veciños porque algo pasaba, ou polo resto dos medios de comunicación que non tiñan a obrigaón de servizo público que si tiña a CRTVG, que tamén depende de vostede, e non o fixeron.

Preferiron disfrazar tamén as causas nos días posteriores, atribuíndollas a un terrorismo incendiario que parece que vostede erixía en causa única dos lumes que se causaron. Iso si, da investigación da trama hoxe xa tampouco escoitamos falar nada, a pesar de que depende tamén do seu propio departamento. Trama incendiaria, si; pero investigación sen medios.

O outro día o presidente da Xunta deu conta dentro das súas medidas da creación dunhas brigadas de investigación que reproducen unhas que xa existían hai practicamente dez anos, e das que vostedes non deron conta tampouco con ocasión dos orzamentos. Pero non se preocupen que En Marea si que contén emendas efectivas nese sentido para a creación dese corpo. E todo isto a pesar de que forma parte tamén do seu propio negociado. Non hai que esquecer tamén que vostedes tiñan ata o de agora, e teñen, corpos que teñen funcións de policía xudicial e, polo tanto, para investigar e para auxiliar os xulgados e tribunais na investigación destas funcións; e tamén a propia fiscalía especializada en medio ambiente.

A xestión en días posteriores non foi moito mellor, por non dicir que foi igual de catastrófica. O abandono que os concellos sufriron pola Xunta de Galicia non se limitou á falta de medios descoordinados no propio momento no que vostedes xestionaron a vaga de lumes senón nos días posteriores. Veu vostede á provincia de Lugo, a Cervantes, a anunciar a apertura dunha oficina que soamente estivo aberta unha semana; en horario, por certo, no que a xente está cos labores gandeiros e non pode acudir, e, ademais, con funcións soamente informativas e onde non se podía iniciar ningún tipo de expediente administrativo. E, ademais, sen que iso supuxese unha modificación daqueles requisitos para poder acceder ás axudas, nalgúns casos, que fan que sexan absolutamente inasumibles. Á parte duns prazos de axudas que son absolutamente ridículos.

Máis alá do lume, máis alá desa fin de semana, o que vimos e o que vostede vén recoñecer aquí implicitamente, disfrazando de normalidade o que non o é, é que carecemos dun sistema público de emerxencias unificado e eficaz capaz de atender situacións que se poden producir de novo no noso país. É necesario que acabemos cun sistema desregulado e segregado, é necesario que desenvolvamos unha Lei de emerxencias, que, desde o ano 2007, ten moitos apartados que están completamente intocados desde aquel momento, dos que vostede dá conta mediante a súa lectura pero que sabe de sobra que non tiveron ata o de



agora unha correlación en relación co desenvolvemento das propias competencias da Xunta de Galicia.

Hai unha desidia tamén que dá lugar a que cada concello, deputación, incluso a Xunta, teña que crear diferentes corpos para prestar servizos de prevención, defensa e extinción de lumes. Soamente en relación cos incendios podemos contar os bombeiros públicos en concellos de máis de 1.000 habitantes, comarcais privados, grupos de emerxencias municipais, as brigadas da Xunta, as brigadas forestais municipais, as de Seaga, as de Tragsa, as de Protección Civil... É dicir, unha serie de medios atomizados como consecuencia da súa incapacidade de articular unitariamente todo un operativo que debía ter no mando único unha referencia. E que non a ten a pesar de que o Platerga, o Infoga, o Pladiga, o Peifoga e a Lei de emerxencias establecen a necesaria colaboración e a necesaria coordinación mediante un mando único, que, como vostede leu ao principio da comparecencia, é a súa función. Polo tanto, foi a súa deixación, foi o seu abandono, foi a súa incompetencia, foi a súa incapacidade de facelo, o que nos impediu ter unha coordinación adecuada de todos os servizos dispoñibles.

Hai máis leis que non se cumpren —non fixo referencia a elas—. A Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, non se cumpre. Tampouco falou vostede, ou fixo referencia tanxencial simplemente, do servizo de extinción de incendios dos parques comarcais, que se fai mediante unha privatización do servizo. O interese xeral e os negocios son ás veces malos aliados, porque non buscan os negocios a protección do interese xeral senón a protección do propio interese particular.

As emerxencias requiren un mando único e a coordinación de todos os corpos, e niso parece que estamos de acordo e que o asumen implicitamente, aínda que disfracen a súa falta de responsabilidade. É necesario loitar contra a atomización e a privatización destes servizos. Unha cuestión de interese público non pode estar ligada a intereses privados. É necesario comprometerse por parte das institucións co colectivo de bombeiros. E por iso non entendemos a súa afirmación nominal de que si se van ocupar da equiparación salarial e da recuperación para o público dos parques privatizados...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...cando realmente non puxeron os medios ata agora para iso, a pesar de que outras administracións xa o fixeron desde o curso pasado.

O catálogo de recursos de emerxencias, ata agora existentes soamente no papel, é necesario poñelo adiante, é necesario sacar a adiante o mando único operativo, é necesario o investimento en investigación dos lumes forestais, diferentemente do que fixeron vostedes, é necesario referirse a esas medidas anunciadas polo presidente da Xunta das que vostede non deu conta, e é necesario, sobre todo, que todo isto se poida falar sosegadamente e paccionadamente nun pacto nacional polo territorio. O sistema de xestión de emerxencias do noso país debe formar parte desa comisión de estudo na que todas e todos temos que facer achegas, achegas que entendemos que poden ser significativas para mellorar a xestión dos propios lumes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Deixo para a seguinte quenda unha serie de propostas que, como En Marea, temos que facerlle.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor vicepresidente, en primeiro lugar, quero agradecer a súa comparecencia voluntaria para falar da xestión das emerxencias. Agradezo, señor vicepresidente, o seu ton construtivo e propositivo, recoñecendo que Galicia ten avanzado moito no ámbito das emerxencias, non só con gobernos do Partido Popular senón que vostede tamén fixo aquí un recoñecemento ao Goberno Bipartito, cando en Galicia tamén houbo unha vaga de lumes moi importante, e no eido das emerxencias, a pesar diso, tamén se fixeron algún avances. Por tanto, creo que, se ese é o ton, todos deberíamos ser construtivos e non escoitar algunhas das cousas que aquí acabamos de escoitar.

E vén vostede, señor vicepresidente, aquí con propostas serias e concretas. Algún dixo que ningunha. Eu escoitei, como mínimo, tres bloques de propostas. Por unha banda, a eliminación das zonas escuras do mapa de emerxencias en dous ámbitos, no da comarcalización dos parques de bombeiros e na creación de novos servizos para a atención ás emerxencias nas zonas deficitarias do mesmo. Segundo, a actuación sobre os grupos de atención ás emerxencias determinando o modelo de xestión dos bombeiros, revisando financiamento, competencias e homologación dos GES e no ámbito dos voluntarios de Protección Civil. E, en terceiro lugar, potenciando o novo centro de coordinación da Estrada. Os que dixeron que non houbo propostas, eu creo que non estaban nesta sala ou, polo menos, estaban ausentes de pensamento. Ou tamén pode ser que trouxeran escrita a súa intervención e daba igual o que dixera o señor vicepresidente, porque eles viñan co seu discurso e ninguén lles ía mudar esa intervención.

Certamente, señor vicepresidente, a Xunta fai un esforzo no financiamento das emerxencias, porque é certo que son competencia das deputacións e dos concellos. Si, señor Bará, si, porque vostede ben sabe que para os concellos que non son de máis de 20.000 habitantes teñen que ser as deputacións as que actúen. E vostedes, que vicepresiden a Deputación de Pontevedra deberían dicirlle á señora María Carmen Silva que se poña á fronte da Deputación e que asuma as súas competencias, que non estea todo o día abdicando en mans da Xunta toda a problemática. Porque, entre outras cousas, esta vaga de lumes foi moi importante e afectou moitísimos concellos da provincia de Pontevedra, e algo terá que facer a deputación e algo terán que facer os concellos. Non pode ser que a Xunta, que ten competencias en materia de

política forestal, teña a culpa de todos os males que pasan en toda Galicia. Non, cada un coas súas responsabilidades. E creo que só así, recoñecendo cada un as súas competencias, imos resolver algúns dos problemas que temos. Porque lles lembro que o señor presidente da Deputación da Coruña, que si compareceu nesta Cámara hai uns días para dar conta dos seus orzamentos —outros e outras non tiveron a valentía de facelo—, recoñeceu nesta Cámara o traballo que leva feito a Xunta en materia de emerxencias e recoñeceu o traballo e colaboración da Xunta de Galicia cos concellos en materia de emerxencias e en materia de extinción de incendios. ¿E por que o recoñece? Porque sabe que a Deputación tamén ten competencias e que, sen a colaboración inestimable da Xunta de Galicia, non se podería levar a cabo o traballo que se leva dende as deputacións.

Tamén o señor vicepresidente foi moi claro neste sentido en moitas ocasións nesta Cámara. E ten dito que, se o modelo que vostedes propoñen agora é un modelo de xestión directa, a Xunta está disposta a seguir financiando os servizos de emerxencias sempre e cando non se incrementa o custo. Pero non só o di o señor vicepresidente da Xunta de Galicia, é que o seu compañeiro da corporación de Pontevedra e vicepresidente da Deputación de Pontevedra tamén dixo o mesmo: que sempre que non se incrementen os custos, tamén se valorará... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, está na hemeroteca, señor Bará, está na hemeroteca. Non estou inventando nada. Dixo exactamente que, se non se incrementaban os custos, irían pola xestión directa. ¿Que pasa? Que vostedes en campaña electoral, como todo vale e como nos mitins todo vale e soportan todo, pois, claro, din aos bombeiros, para telos contentos, que non, que imos á xestión directa. Explíquenlles aos bombeiros o que vai pasar cos seus postos de traballo, porque é unha fraude de lei pasar un traballador dunha empresa privada a unha empresa pública sen pasar por un proceso de selección público, transparente, con concorrencia competitiva e en igualdade de condicións e de oportunidades que outros cidadáns que se queiran presentar. Señor Bará, iso é o que vostedes non lles din aos bombeiros, iso é o que non lles din, porque igual algún queda sen traballo e no mitin igual xa non teñen tanto éxito cando din estas cousas. Unha cousa é falar cando se está na oposición e outra cando se está no goberno, ¿verdade, señor Bará? Ao igual que os señores das Mareas de Podemos, que tamén están na Deputación da Coruña e tamén están dicindo o da xestión directa. ¡Oian! ¡Fágano, fágano! ¿Por que non o fan na Coruña? ¿Por que non o fan? ¿Por que non o fan na Deputación da Coruña? ¡A ver!, a culpa sempre é da Xunta e a culpa sempre é do PP.

Non, non é un capricho do Partido Popular. A Lei de emerxencias do 2007, que inclúe os dous tipos de xestión, directa e indirecta, é obra súa, non é obra do Partido Popular. Deixen xa de dicir que a privatización é cousa do Partido Popular. Non, señorías, non, a privatización, se vostedes á xestión indirecta lle chaman privatización, é de todas as administracións de todas as cores políticas. Porque todos os que están aí sentados pertenceron, pertencen ou, nalgún caso, teñen compañeiros alcaldes e alcaldesas que están en administracións que subcontratan servizos, ¿ou non? ¿Non hai empresas en ningún dos concellos nos que vostedes están? Señor Bará, ¿vostedes non teñen contratada ningunha empresa no...? ¡Ah, claro, entón privatizan! No Concello de Santiago xa sabemos que privatizan ata os orzamentos participativos, privatizan a democracia, privatizan todo. Pero non, os grandes privatizadores son os do PP. Mire, ese discurso xa non calla na cidadanía, porque a cidadanía é máis intelixente do que vostedes... Vostedes teñen a xente por parva, e a xente non é parva. A cidadanía sabe perfectamente quen é quen e o que fan.

Mire, señor vicepresidente, vostede veu aquí con propostas. E eu só escoitei algunhas reflexións que podían mudar en propostas por parte do señor Díaz. Despois aquí veu cun discurso destrutivo, de crítica, absolutamente de crítica, o señor Bará, con cero propostas. E o señor Villares o único que fixo foi botar bile por esa boca, como é habitual nel, e describir a apocalipse. Veu co traxe de Tomás, de Tomás de Torquemada, señor Villares. Vostede hoxe puxo o traxe de Tomás de Torquemada, o gran inquisidor. Mire, non, vostede equivocase moitas veces de escenario. Vostede hoxe veu aquí a describir unha situación de que todo é malísimo, de que todo funcionou mal... Mire, nin nós somos tan malos nin vostedes son tan bos, señor Villares. Así que, faga o favor, e, se ten propostas, eu convídoos a que as faga, porque diso se trata.

Miren, o presidente da Xunta, cando compareceu aquí o 7 de novembro, dixo que hai tres espazos nos que podemos chegar a acordos en materia de extinción, prevención de incendios e política forestal. Un, na Lei de medidas, que onte debatemos por primeira vez nesta Cámara, onde podemos chegar a acordos e podemos ter algún consenso para poñer en marcha políticas forestais a curto prazo para chegar en condicións na época de máximo risco, que é o verán. Outro, na comparecencia de hoxe do señor vicepresidente. Fagan propostas en positivo. ¿Tanto lles custa facer propostas en positivo? ¿Ou é que non as teñen? Pois se as teñen, díganos aquí, díganos aquí, que é onde as temos que debater. E tamén na comisión de estudo. Porque, claro, tamén o señor Díaz dicía: É que non dixo nada, é que todo o que dixo xa saíu na prensa. ¡Home!, é que, señor Díaz, ¡claro que non imos inventar nada! Tampouco o van inventar vostedes. É que supoño que as propostas do Partido Socialista non serán tan sumamente innovadoras que nunca tiveramos escoitado falar delas.

E claro que ten que falar de cousas que xa se faloron. Pero é que, se non as di na Cámara, é un soberbio porque non trae propostas e non as di na Cámara e si as di nos medios de comunicación. Se as di na Cámara, claro, é que nos vén dicir aquí o que xa dixo nos medios de comunicación. ¡Home!, sexan serios, por favor, sexan serios. Cando o vicepresidente comparece na Cámara está dando conta ao Lexislativo das cousas que está facendo o Executivo. ¿Ou é que xa nos olvidamos da separación de poderes? ¿Ou é que xa nos olvidamos de que o Goberno ten que comparecer nesta Cámara e dar conta disto aos deputados e deputadas? Se non o fai, malo; e, se o fai, tamén malo. Ben, póñanse de acordo e dígnanos qué é o que hai que facer.

E todos temos que ser responsables, todos, dende os servidores públicos que estamos en política ata os servidores públicos que están nas brigadas, os que están no 112. Díxose hoxe aquí que estivo colapsado o 112. Miren, o 112 recibe unha media de 5.000 chamadas nunha fin de semana, unhas 2.500 por día. Esa fin de semana recibiu 12.000 chamadas, a maioría delas na tarde do domingo. É imposible, inviable, que 100 chamadas por minuto sexan respondidas, que non haxa algún tipo de colapso. ¿Acaso non houbo colapso en Asturias, que tamén tiveron unha vaga de lumes? Non foi tan importante como a nosa pero tamén tiveron. Nós multiplicamos un 150 % no 112 o persoal para atender; en Asturias, un 60 %. ¿Que pasa?, ¿que non houbo un colapso de chamadas cando foi o 11M en Madrid? ¿Que pasa?, ¿que non houbo un colapso de chamadas cando foron as inundacións de Valencia? Pero vostedes ¿en que país viven? ¿A culpa é o do PP? Non, miren, é que, por desgraza, cando hai unha eventualidade deste calibre, claro que se colapsan os servizos. E non se colapsan porque o

presidente da Xunta diga que hai que chamar ao 112. ¡Ata aí podíamos chegar! Eu creo que a cidadanía está o suficientemente preparada para saber —outros xa sei que non o saben, pero a cidadanía sábeo perfectamente— que o 112 é o número de chamadas de emerxencias, e loxicamente chaman con independencia de que o presidente da Xunta diga que é o número de chamadas para emerxencias. E digo isto porque, miren, mentres Galicia aínda ardía, mentres as familias velaban os seus mortos, estes papeis dábanos vostedes nas portas dos colexios, o luns. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡O luns, o luns!, ao meu fillo na porta do colexio. E vostedes o luns pola tarde estaban detrás das pancartas, detrás das pancartas. Esa é a súa proposta. A súa proposta ¿cal é? Criticar a Xunta, criticar o PP.

Non, miren, a nosa proposta ¿saben cal é? Resolver os problemas dos galegos e galegas. ¿Puido haber eivas no sistema? Seguro. ¿Podemos melloralas? Seguro, coa súa axuda ou sen a súa axuda. Habitualmente xa estamos acostumados a non ter a súa axuda. Por desgraza, suele pasar, señorías. Suele pasar que o PP estea só ante todo e coas críticas, coa bile e coa apocalipse que vostedes describen día tras día. Pero xa estamos acostumados, señorías. *(Aplausos.)*

Miren, o señor Bará dixo que quedan moitas cousas por facer e moitos deberes por facer. ¡Cero propostas, señor Bará! Diga algunha. ¡Ah, non! ¡Claro!, dixo: «Pedímoslles que se esmeren» —dixo o señor Bará—, «Pedímoslles que se esmeren, pedímoslles que se preocupen e pedímoslles que se responsabilicen». Vostede tamén é concelleiro nun concello.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¿Que pasa?, ¿os concellos non teñen competencias, señor Bará? ¿Que pasa?, ¿a Deputación de Pontevedra tampouco ten competencias? E a señora María Carmen Silva ¿non ten nada que facer neste asunto? ¿Vostedes están abdicando das súas responsabilidades? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¡A ver! Eu xa sei, señor Abel, que non o deixan falar, pero eu non lle teño culpa. É cousa do seu grupo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu xa sei que, se non o deixan, non é culpa miña que non o deixen falar no seu grupo. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Remate, señora Prado, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, si, vou rematando.

**O señor PRESIDENTE:** Non, remate xa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** O mesmo respecto que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu entendo que é difícil ás veces escoitar cando a un non o deixan falar.

Miren, igual que os brigadistas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...que se puxeron detrás desta pancarta o 13 de outubro, o venres. Eu falei o outro día aquí do señor Peter Brea, pero é que o señor Peter Brea, que é un xefe de brigada, responsable, representante da CIG-servizos, o 13 de outubro pola mañá estaba diante desta pancarta na Dirección Xeral de Montes pedindo máis efectivos porque ía haber unha desgraza...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...se non paraba o vento.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** E a este señor pola tarde...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...chamárono para incorporarse ao dispositivo e non se incorporou.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pido responsabilidades para todo o mundo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo, grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Tamén para os servidores públicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías do BNG, de En Marea-Podemos e do Partido Socialista, sobre todo tanto das Mareas de Podemos como do BNG, porque hai que recoñecer que o señor Díaz Villoslada —eu cando menos así o entendín— algunha proposta construtiva, algunha man tendida —polo menos así o entendín, espero que o entendera ben— si que tivo.

Pero, en xeral, eu fago unha pregunta aquí: cando teñamos o grupo de traballo dentro dunha semana, precisamente para coordinar as emerxencias, para que funcione mellor, para que cando se produza calquera tipo de suceso moi grave ou menos grave, pero ao final todos son graves se afectan a vida e integridade das persoas, ¿eu que é o que teño que dicir se quixera dicir o que vostedes me trasladaron aquí? Porque ao final foi o que intentei transmitir: é que as propostas as fan os técnicos, pero a responsabilidade máis adiante é dos políticos, dos que temos responsabilidades, ou ben dos grupos parlamentarios ou ben das administracións, as administracións moito máis executivas cando menos, pero haberá que ter consensos políticos, sobre todo cando estamos falando de implicar administracións de todas as cores.

Eu ¿que é o que teño que dicir? ¿Que o que me din aquí de todo o que propuxen son cousas —o máis suave— sabidas, como di o señor Bará, cousas que xa as lera ou xa as vira apuntadas nos medios de comunicación? ¿Que lles veño contar aquí?, se iso xa estaba na prensa, xa escoitou falar diso, non era nada novidoso; era tan pouco novidoso que en intervencións dun cuarto de hora —páreceme que tiveron— nin un minuto, nada; é o mesmo, dálles exactamente igual. ¿Que hai que falar de futuro para coordinar mellor as emerxencias? Nin un minuto. Dálles exactamente igual.

Non lles parece que isto teña que ter ningunha atención, porque non serve para o que viñeron aquí, para iso de escapismo, iso de houdinismo, todo iso que tiña escrito, dixera eu o que dixera. ¿Para que imos falar de futuro? ¿Para que imos falar de mellorar se iso non nos interesa, se iso non produce desgaste, se iso non lles dá rédito político? ¿Para que imos falar de todo iso?

Pois mire, eu vou falar igual, e voulles dicir que o sinto moitísimo, pero que a vostedes ese tema non lles interesaba, que espero que lles interese se teñen que levalo a cabo, a ver se hai xente máis responsable nos seus partidos. Que aquí ao que están algúns é á liorta política, tamén coas emerxencias, nada máis. Pois espero ter máis sorte cos que de verdade tiñan que executar as cousas que esta mensaxe, que ese non sexa o criterio de actuación. Non me estraña despois que ao señor Rodríguez —que non está agora— lle dea a risa cando eu diga: «non, é que pode haber aínda unha pequena parte de operación que quede sen cubrir». Ja ja. Pero ¿como vai deixar todo sen cubrir? Pero se falei de cubrir o 95 % e non lle dedicaron un minuto. ¡Pero que lles importa todo isto! ¡Que magoa, de verdade, que magoa, sinceramente!

Miren, falábanme de que non fomos capaces, de que foi un desastre todo o 15 e o 16. Non teño ningún problema en falar do 15 e o 16. Viña falar do futuro, por suposto, analizando —díxeno na miña intervención—, vendo o que pasou nesos días, razón de máis para actuar

e actuar canto antes. ¿Que xa tiñamos que ter actuado todos antes? Por suposto, pero sempre estaremos a tempo.

E eu non dixen que nós non tiveramos competencias, señor Bará, en materia de emerxencias. Entón, ¿que fago eu aquí? Agora, teño as competencias que teño, teño as competencias que me piden. Por certo, vostede é concelleiro no Consello de Pontevedra, afectado por algunhas propostas que fixen aquí: nin palabra. Pero a min os alcaldes na Fegamp pídenme que fale destes temas, e, antes de falar con eles, creo que é un síntoma de respecto e un síntoma de intelixencia —iso cría eu—, porque había que levar o respaldo en cousas nas que todos deberíamos estar de acordo, e por iso llelas vin contar aquí.

E esas son das emerxencias das que eu teño que falar. Pero nin esas lles interesaban absolutamente nada. E do 15 e do 16 claro que aprendemos cousas. Claro que de calquera suceso desgraciado —dende logo o 15 e o 16 o foi— hai que sacar consecuencias, e claro que todos temos que mellorar, e cada un dentro da súa responsabilidade.

E eu sigo dicindo o que di a lei, que é moi tozuda —para iso se fan as leis—: que a responsabilidade de garantir a prestación de emerxencias nos concellos é das deputacións, e nos concellos grandes dos concellos grandes, e a Xunta terá que coordinar as prestacións que outros puxeron antes, non as ten que poñer *ex novo*, que si que o estamos facendo, porque se non non estarían postas. Pero é que esas son as competencias e, polo tanto, eu veño aquí exercer as competencias da Xunta de Galicia, con toda a responsabilidade e con todo o ánimo construtivo, que xa vexo que vostedes non foron capaces de ter.

Din que foi todo un desastre, en canto á atención ás emerxencias; todo, por suposto, culpa da Xunta de Galicia. Se a Xunta de Galicia tivera todo ben, non tería pasado absolutamente nada, practicamente, o día dos incendios. Iso é o que deduce calquera que os estea oíndo e quixera facer un exercicio de abstracción, que xa sei que é moi difícil.

Mire: «*Me da la sensación de que lo de ayer era imparable. Se conjugaron factores contra los que las sociedades más avanzadas no podrían hacer prácticamente nada. En Galicia tenemos un buen servicio de extinción. El hombre no siempre es capaz de controlar los incendios, ni con los adelantos técnicos ni con grandes presupuestos, ni en Galicia ni en California ni en Australia. A veces es un riesgo imposible de contener.*» Isto é o que dicía o fiscal de Medio Ambiente de Galicia, acertadamente.

Hai veces en que as situacións se tornan dificilísimas. E claro que a coordinación sempre é mellorable, claro que as competencias que temos que exercer cada un son mellorables. Pero disto que din vostedes que todo foi porque fallou estrepitosamente a Xunta de Galicia, cando vostedes nas súas competencias as exerceron perfectamente, e era un suceso perfectamente controlable, é unha absoluta mentira, e eu teño que dicilo aquí, e, mentres non nos deamos conta de que as cousas son así, non melloraremos absolutamente nada, señor Bará.

Polo tanto, imos poñer todos as pilas, todos. Dende logo a Xunta de Galicia as puxo. ¿Vanas poñer vostedes tamén? ¿Vainas poñer o Concello de Pontevedra? Vostede é concelleiro, goberna. Eu dígolle que, cando saía aquí, vostede me dirá que aquí di o que lle peta, por suposto, pero eu tamén. Polo tanto, dígolle: ¿o Concello de Pontevedra vai comarcalizar o servizo de

bombeiros? Eu fixen unha proposta aquí, vostede non dixo absolutamente nada. ¡Oia!, o alcalde estao pedindo sempre, e é innecesario. E o alcalde de Cerdedo-Cotobade podería dicir que a Xunta puido actuar mellor, pero tamén os puxo a vostedes finos, con razón, porque lle dixeron que, como non había perigo para as vidas humanas, vostedes non saían, e xa está, e xa podía arder e o que fora. Iso foi o que pasou, señor Bará, e iso é o que temos que intentar evitar.

Polo tanto, ¿están dispostos vostedes a evitalo? Nós si. Eu agardo que vostedes tamén, e rápido. Vai custar cartos; a vostedes, non; a nós, si; á Deputación de Pontevedra, tampouco. Vostedes gobernan na Deputación de Pontevedra. Xa sei que vostede non é deputado da Deputación de Pontevedra, pero éo o señor Mosquera. ¿Non faláron deste tema? ¿Non é capaz de dicirme aquí se realmente imos poder facelo, se todas estas proclamas que fan se van poder converter realmente en algo concreto?

Isto hai que falalo agora para atender as emerxencias, isto é o realmente importante, analizar o que pasou, agora e en todos os episodios, por suposto, nos de outubro e en todos os anteriores, e por desgraza nos futuros, para que nos colla mellor preparados, que poidamos dicir que todo o que poderíamos facer o empezamos a facer. Diso ía esta comparecencia, señor Bará, e non doutra cousa, de verdade. Por iso, é un pouco decepcionante, ou moi decepcionante.

Fálame vostede do sistema privatizado. Xa llo dixo a señora Prado: como os que teñen vostedes no Concello de Pontevedra. Ou ¿que pasa? ¿Que hai privatizacións boas e privatizacións malas? Se esta non lles parece ben, levamos dous anos esperando a que a torne, xa dixemos que non hai ningún problema, Deputación de Pontevedra. Agora dinos que hai que esperar a non sei cantos anos. ¿E por que? Fagámolo canto antes. ¡Oia!, se vostedes o propuxeron, é porque pensaban que se podería facer. ¿Ou ten que vir aquí a presidenta da Deputación dicir que quere cambiar o sistema pero despois di: «non, isto é para dentro duns anos»? E dicía unha cousa aos bombeiros, outra cousa a nós ou a min e ao final non contarlles a verdade nin a uns nin a outros. É o que está pasando coa privatización dos bombeiros. Iso vai por todos os parques, non só dos parques de Pontevedra.

Fálame de que anunciei que se ían unificar os sistemas de emerxencias do 112. Si, si, a Policía e a Garda Civil van ir a principios de ano e espero que vaian os bombeiros. ¿Vostede vai permitir que un bombeiro de Pontevedra estea por turnos no CIAE 112 para atender as emerxencias dos bombeiros? Entendín que si, agradézollo moito, espero que o resto fagan o mesmo, e que cando llo pidamos tamén colabore, e, efectivamente, polo ben común e pola xestión das emerxencias, vostedes aporten os seus medios. ¿Ou vai ser todo cousa da Xunta de Galicia?

E aí outra vez non teño nada que dicir. Moito criticar, pero cando teñen tamén que dar un paso no exercicio das súas competencias non van facer nada. Ímoslle pedir persoal, igual que llo pedimos á Policía Nacional, igual que llo pedimos á Garda Civil. Agardamos a súa resposta e veremos se eses compromisos e esas promesas de facelo todo na parte que lle corresponde son verdade ou non verdade.

Fálame tamén dos plans de recuperación dos concellos despois das catástrofes, que está na lei. Si, si, por iso sacamos as axudas; o día 30 rematan. Por certo, están chegando bastantes

peticións de concellos para reparación en danos municipais. E non falo dos particulares, que están sendo atendidos a día de hoxe en exclusiva pola Xunta de Galicia, e agardo que tamén polo Estado, despois das axudas que sacou.

Das deputacións, pois seguimos aquelas que tiñan que facelo, porque foron especialmente danadas. A Deputación de Ourense xa dixo que si, sen ningún problema, e a Deputación de Pontevedra fixo esa cousa de birlibirloque onde ao final non fixo absolutamente nada. Dirixirémonos ás deputacións con esa cuantificación de danos que nos están pasando a través da Fegamp, a ver que poden facer as deputacións, a ver se botan unha man, a ver se de verdade esa vontade de participar na recuperación dos bens municipais, especialmente dos pequenos concellos, é certa ou non é certa; e quedan moi poucos días para sabelo, señor Bará.

Polo tanto, xa lle digo: gustaríame que me dixera que realmente imos poder facer a comarcalización; é máis, se podemos empezar pola de Pontevedra. O Concello de Santiago, bueno, pois xa me dá, xa empezamos a ser construtivos. Agradezo, nos minutos que ten despois, que poidamos sacar xa algunha conclusión e que eu non poida chegar alí a esa comisión e dicir que non teño nin idea do que vai facer o Concello de Pontevedra, porque quen podía dicilo ou polo menos suxerilo non dixo absolutamente nada. Agradézolle entón se vai ser concreto.

Señor Villoslada, xa lle digo que lle agradezo o ton construtivo —que entendín—. Efectivamente, non só na comisión que se vai crear no Parlamento, tamén nese grupo de traballo creado no seo da Comisión Galega de Protección Civil, se poden facer moitas propostas; ¡oia!, é o momento de facelas, aquí; ninguén ten a verdade absoluta.

Agora, haberá que empezar a facer propostas para mirar cara adiante, porque se todo é criticar, todo é dicir que a culpa sempre é da Xunta de Galicia e que esas competencias que se atribúen ás leis en realidade non pintan nada, porque a coordinación o ten que coller todo, son competencias galegas, non podemos estar de acordo. Pero, se realmente hai algo máis, ese é o lugar, que temos que avanzar moi rápido.

Pero tamén llelo teñen que dicir ás deputacións, que están aprobando os seus orzamentos; o da Coruña coñecémolo, o de Pontevedra e o de Lugo pois decidiron que non tiñan por que vilo contar aquí; ao mellor unha das razóns era porque non teñen nada consignado nos seus orzamentos para emerxencias, para atender as novas propostas; agardo que non fora unha das razóns e agardo que, cando teñan que aprobar os orzamentos, haxa as cantidades.

E estamos falando de que a Xunta de Galicia ten case dous millóns de euros a maiores —alguén dixo por aquí que baixara o orzamento de emerxencias—, dous millóns de euros a maiores, para atender a comarcalización e a equiparación salarial dos bombeiros. Agardo que se faga tamén nas deputacións, que teñen que facelo, que son as catro, para facer esas propostas. Polo tanto, a de Ourense e a de Coruña xa nolo viñeron contar; as outras dúas ao mellor esa era a razón de que non o fixeran.

Dime que non se mobilizaron as cidades. ¡Oia!, se quere, recórdolle: o alcalde de Vigo pola mañá —que non se poña nervioso o señor Losada— dicindo que ninguén lle pediu aos bom-

beiros e pola tarde pedindo a UME. Os bombeiros de Vigo mobilizáronse pola mañá... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) —pois se non se pon nervioso, agradézollo moito; pensei que si, porque sempre se pon; pero mire, vale; pois entón, señor Villoslada, vai só por vostede—. O alcalde de Vigo pola mañá sacou unha nota dicindo que os bombeiros de Vigo estaban actuando en Mos, na zona de Ponteareas, que ninguén llos pedira —ou sexa, que non llo contaron—, e pola tarde estaba pedindo que se lle mandara todo o que había.

¿Dáse conta, con isto, de ten que haber certa coordinación e menos demagogia, sobre todo nos momentos importantes, e intentar acertar entre todos? Todas as cidades foron mobilizadas. Claro que houbo unha coordinación para mover os bombeiros dos parques. ¡Oia!, o que non se pode tampouco, igual que o dicía o señor Villares respecto das nodrizas de Lugo, se quere traemos todas as nodrizas de Lugo para Pontevedra por se se está producindo un incendio e deixamos Lugo sen ningunha nodriza para os incendios de Lugo. ¿Era iso o que tiñamos que facer? ¿Era iso o que lle dixó, o que lle está dicindo, o que ten que dicir respecto dos parques de Lugo? Non creo que lle dixera iso. Pois se está dicindo iso, é unha enorme responsabilidade. Deixamos Lugo sen ningún medio, traémolos todos para Pontevedra. ¡Oia!, os de Pontevedra encantados, pero aos de Lugo non sei que tal lles parecería.

Polo tanto, pense un pouco vostede as cousas que di antes de intentar facer unha frase para sacar rédito político e nada máis, porque en emerxencias hai que ser especialmente obxectivo.

Fálame tamén o señor Villoslada da unificación —se entendín ben— de todos os teléfonos de emerxencias, tamén o do 061. ¿Está vostede a favor? Alégrome moitísimo, porque este é un tema a plantexar, é un tema moi delicado. Se polo menos o Partido Socialista está de acordo, xa hai un posicionamento dun partido político respecto da integración de todos os números. É bo sabelo, se iso foi o que dixó.

E, despois, respecto do teléfono dos alcaldes, ¡oia!, non é un teléfono diferente, é o 112, chaman ao 112, pero o 112 derivaos porque ten os números que os propios alcaldes lle deron, non é un teléfono máis. Eu supoño que ou non entendeu ben ou eu non me expliquei ben, e non teño ningún problema en volver facelo, pero non é un teléfono diferente.

E por suposto tamén, os medios de emerxencia van ter unha canle propia. Efectivamente, é necesario que non teñan a mesma canle que teñen os cidadáns cando chaman ao 112 e vana ter tamén e estase en conversas para iso, en parte porque algún de vostedes o plantexou —creo que o señor Bará—.

Pregúntame por que non activamos o nivel 3. ¡Oia!, porque os niveis os que os activan e os que os deciden son os técnicos, e os políticos teremos, na parte que nos toca —porque tamén somos responsables administrativos e, polo tanto, temos a capacidade e a responsabilidade e a obriga de activar os medios de administración—, teremos que executar eses niveis cando están activados.

Pero pasar dun nivel a outro se vostede cre que son decisións políticas en medio dunha emerxencia, e máis unha emerxencia como a que houbo o 15 e 16, se isto funciona simple-



mente por decisións políticas e non se consulta os técnicos e non se teñen en conta circunstancias obxectivas e os medios que hai para mobilizar e poden ser mobilizados, e cre que é unha decisión simplemente política, é que non entende nada; despois non me estraña que diga as cousas que di; porque di que tiven a responsabilidade de activar un nivel ou de activar outro, e que houbo evacuados.

¡Oia!, é que o nivel 2 é para evacuar, señor Villoslada, e que se vostede le —e estou seguro de que o leu— en que consiste a situación cada vez que se activa un nivel, dille que o nivel 2, que xa é un nivel dabondo grave, precisamente é para facer evacuacións. E, polo tanto, se non pasamos dun nivel a outro —que tamén estamos falando de Infoga, non de Platerga—, polo tanto, haberá que ver que niveis se poden evacuar ou non, é porque os técnicos din cando procede e cando non procede, e despois os que se poñen á fronte dos dispositivos, que son responsables administrativos e políticos, terán que executar o que lles din os técnicos.

Dime que o Consello de Ministros acordou declarar Galicia como zona de emerxencia como argumento para dicir que nos equivocamos por non declarar o nivel 3. ¡Oia!, é que é o necesario para poder dar axudas. E que xa o fixeramos nós antes, unha semana antes —estamos esperando que o fagan algunhas deputacións—, pero a Xunta de Galicia tamén declarou en Galicia —non me acordo agora do número exactamente— ao redor de 140 concellos especialmente afectados con situación de emerxencia, que deriva na necesidade de dar axudas. Fixemos exactamente o mesmo que fixo. Pero iso non ten que ver cos niveis. Os niveis, a declaración, as circunstancias e a conveniencia apréciana os técnicos que están nas emerxencias, os técnicos que estaban alí nos postos de mando avanzados, os que tiñan que mobilizar os recursos nunha situación tan difícil como a que describía o fiscal de Medio Ambiente, que antes dicía que a situación era incontrolable, nin en Australia, nin en California, nin en Galicia. E esa é a razón.

O modelo público de emerxencias. E remato. Volvo dicir o mesmo: levamos xa dous anos esperando a que se decida o sistema de xestión dos parques, e se é do que se trata —porque non sei se é o que entendín aquí—, todo se pode falar, por iso lle agradezo o seu ton construtivo e que leven aí as propostas.

Se aquí do que estamos falando é de atribuír a unha única administración todos os corpos de emerxencia para xestionar todas as emerxencias, ese é un modelo que existe nalgunhas comunidades autónomas. Estou de acordo. Pero iso supón renuncia orzamentaria de moitos recursos públicos das outras administracións, transferir eses recursos e que haxa esa capacidade de unificar, porque mando único xa hai neste tipo de emerxencias; outra cousa é que os corpos non son únicos, iso é certo e sabémolo todos. Pero se estamos de acordo en que sexa un corpo único, ¡oia!, está ben. Pero supoño que vostede, cando plantexa isto, xa ten falado coas administracións que goberna ou co Goberno do Partido Socialista e tamén cos seus socios, que iso será moi difícil aínda, máis difícil aínda, e máis que lle fagan caso a vostede nalgunha desas administracións, e que lle digan que non hai ningún problema en transferirnos a inxente cantidade de recursos que serían necesarios. ¡Oia!, se é así, todo se pode falar, e que resida todo na Xunta de Galicia. Pero falamos de transferencias económicas. ¿Xa hai algo adiantado? Supoño que si; se non, vostede non o plantexaría aquí, e se non o hai, ¡oia!, pois empece a plantexalo e léveno a ese grupo que temos constituído e todo se pode falar.



Señor Villares, a verdade, vostede tiña o chiste do día escrito, chamoume «peliqueiro», veu aquí..., en fin, sempre ten que ter esa falta de respecto inicial para poder encauzarse e darse un pouco de seguridade na súa intervención; supoño que irá por aí para a partir de aí empezar en plan *destroyer*, tan *destroyer* que tivo que dicir que ao final fará propostas na súa última intervención. ¡Oia!, pois as agardo, porque eu fíxenas dende o principio, dende o principio.

E vostedes teñen responsabilidades de goberno ou cogoberno en moitas administracións, empezando por parques, que están pedindo a comarcalización. E vólvolle facer a mesma resposta: se vostede é capaz —que teño as miñas dúbidas, dígollo con todo respecto pero con toda a sinceridade— de poder influír algo por exemplo no alcalde de Santiago e nalgún alcalde máis, joia!, avancemos na comarcalización, a ver se somos capaces. A ver se nesa segunda parte me di: «non se preocupe, que eu a comarcalización creo que é necesaria e farei o que estea na miña man, se é que na miña man está algo, para poder avanzar»; ou ao revés: «non me gusta ou non pododo facer nada».

Porque na primeira teño que dicirle que, á parte de dicirme esas cousas como que había que ter sacado todos os medios de Lugo para levalos a outro sitio —xa digo: moi ben nas outras provincias—, menos mal que hai técnicos ao mando dos dispositivos de emerxencias, e, polo tanto, son os que din. Se houbera políticos —e políticos como vostedes—, supoño que tomarían ese tipo de decisións. Pero había mando único; dígollo: había mando único, e, polo tanto, ese mando único foi o que tomou as decisións.

Dime que quixemos ignorar todo isto, non lle quixemos dar importancia. ¡Oia!, eu tiven oito comparecencias —eu falo de min porque é a situación que mellor coñezo— entre as 2 da tarde e as 12 da noite, oito comparecencias públicas avisando de como estaba a situación, recoñecendo a súa crueza e intentando dar toda a información que a min se me transmitía por parte dos técnicos. Pero se vostede, claro, entra nese relato, pois se lle cae iso de que non queríamos darlle importancia e que estabamos pasando de todo e querendo dar esa impresión de normalidade dende o Goberno e tamén dende os medios públicos. Por certo, varias desas comparecencias foron nos medios públicos galegos.

Tamén di vostede que ten que haber un só corpo de atención ás emerxencias. Pois dígolle o mesmo. ¡Oia!, se están dispostos a facer esas transferencias orzamentarias, empecemos a falar tamén, empecemos a falar tamén canto antes.

E despois o de sempre, nese estilo que ten vostede, esas insinuacións de negocios privados: os intereses nos parques comarcais. ¡Oia!, faga o posible, se ten algunha influencia, que eu creo que non, pero faga o posible para que os que teñen que dar pasos adiante nas administracións nas que vostede ten algo que dicir para reverter o sistema de xestión indirecta a directa que o fagan canto antes.

Dous anos esperando, dous anos contándolles historias aos bombeiros, contándonos historias a nós e ao final non facendo nada. Esa é a equiparación salarial, que si —vostede dicía—, que a Deputación de Lugo ten prevista dende o ano pasado. ¿E por que non lles pagou? ¿Vostede cre que a Deputación de Lugo non lles pode dar a parte que decidiron os bombeiros porque non lla dá a Xunta de Galicia? Podía facelo dende o primeiro momento.

Outra cousa é que o puxo alí e coa escusa de que a Xunta de Galicia aínda o está mirando, segundo dicían eles, pois entón non fan absolutamente nada. Dígalles que lles paguen xa, nós temos os cartos para facelo xa. Pero antes definamos o modelo de xestión en emerxencias. Se vostede está tan interesado —nós dende logo o estamos— na equiparación salarial, dean pasos canto antes para decidir o modelo de xestión e que empece xa no ano 2018.

Pero todo iso, señor Villares, sería se realmente vostede quixera tirar algo construtivo de todo este asunto. Como vin que non, clarisimamente —e o seu comezo foi a mellor mostra e o desenvolvemento da súa intervención tamén—, agardo que polo menos na última intervención cumpra a súa palabra e faga algún tipo de propostas. Insisto en que eu as fixen dende o principio.

Teño aquí os medios que se mobilizaron, pero é que é moi longo, e vostede dixo que non se mobilizou practicamente ningún medio, que estaba todo o mundo nos parques de bombeiros sen facer nada, esperando porque ninguén os chamaba. Mire, non é así. Un respecto aos profesionais, cando menos un respecto aos profesionais, xa sei que á Xunta de Galicia e a min persoalmente me ten bastante pouco, ¡alá vostede! Como dixo, recoñecer, facer propostas de futuro é como facer unha emenda á totalidade. Non me estraña que algúns avancen tan pouco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Iniciamos unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora Paula del Río, ben, Paula Prado del Río, Prado del Río, só vou facer unha mención á súa intervención para dicirlle que este deputado e outros deputados e deputadas do BNG estivemos o domingo día 15 percorrendo os concellos, interesándonos e preocupándonos pola situación. Eu mesmo estiven con dous alcaldes do Partido Popular, o de Soutomaior e o de Redondela, e ao día seguinte efectivamente estivemos diante dunha pancarta, porque si, temos dereito á crítica, á denuncia, á mobilización, é un dereito democrático (*Aplausos.*), é un dereito democrático. Vostedes parece que non se dan conta de que estamos nun sistema, supostamente democrático, onde de momento aínda nos deixan manifestarnos, de momento, de momento; xa veremos onde chegan as cousas.

Si, pódese estar preocupándose, movéndose, falando, interesándose, e pódese estar tamén, cando xa pasara o risco, cando xa chovera, que é o seu Plan de emerxencias, porque nós en Nigrán o luns pola noite estivemos debaixo de paraugas, cando xa pasara o seu Plan de emerxencias, que é que chova; ese é o seu plan de emerxencias, esa é a súa solución para as emerxencias; é que chova, que chova.

E, por certo, señora Prado del Río, gustaríame que mo explicara: ¿por que vostede ten datos persoais sobre a actividade e os horarios laborais dun traballador das brigadas? (*Aplausos.*)

(*Murmurios.*), ¿Ou é que vostedes, que son tan respectuosos da lei, teñen información privi-lexiada sobre os horarios de traballo? (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Ou é que vulneran a Lei de protección de datos? Iso é moi grave, e espero que nos dean explicacións a respecto desta grave vulneración dos dereitos dun traballador. (*Murmurios.*) Si, señora Prado del Río, si, non vale todo, non vale todo, non vale todo.

Señor Rueda, esta comparecencia supoñía que era para falar do pasado, porque pasaron cousas moi graves recentemente, e, polo tanto, temos dereito e vostede ten a obriga de falar do que pasou, e tamén desde logo de falar de futuro, de medidas de cara ao futuro, pero non nos impida, non nos coarte a posibilidade e a obriga de falar do pasado, porque, en todo caso, analizando o que pasou, poderemos mellorar a prestación deste servizo fundamental; como di vostede, que nos colla mellor preparados para outra vez.

Efectivamente, pero é que xa chove sobre mollado, porque levamos xa moitas situacións críticas, catastróficas e extraordinarias e sempre acabamos igual, a ver se melloramos. Pero realmente o que demostran, despois de Fandicosta, despois de Angrois, despois do *Prestige*, é que a situación non mellorou.

Polo tanto, vostede ten que asumir responsabilidades, como máximo responsábel das emerxencias en Galicia, que é unha competencia autonómica, efectivamente compartida con outras administracións, pero unha competencia autonómica. E ten que facer autocrítica, porque dixéronllo os profesionais; faláron concretamente de caos, de improvisación, de descoordinación, de desaproveitamento de medios.

Hai moitas cousas, señor Rueda, que mellorar. Fallaron as plataformas informáticas; fallou o sistema de comunicación; houbo unha resposta tardía, parcial e aínda por riba manipulada, utilizando de maneira perversa os medios de comunicación públicos. No que tiveron unha resposta rápida —isto hai que recoñecérllelo— foi en pagarlles 7.000 euros a xornais impresos para publicar a declaración de Feijóo sobre os incendios; nisto foron extraordinariamente áxiles e rápidos; o mesmo luns xa estaban estes anuncios na prensa periódica.

Miren, nós fixemos propostas concretas, falámoslles de propostas concretas, que pasan, en primeiro lugar, por unha cousa moi sinxela, que é cumprir a lei, cumprir a lei, desenvolver a norma e cumprir os plans que están aprobados. Con isto xa avanzaríamos algo. E citeille varias cuestións, varios artigos e compromisos da lei que están sen cumprir.

Señor Rueda, vostede interpélame sobre a comarcalización dos parques de bombeiros. Supoñía que teñen un grupo de traballo onde van discutir esta cuestión, non quererá que o discutamos aquí, pero eu explícolle cal é a postura do BNG a este respecto. A postura do BNG é favorable á comarcalización dos parques municipais de bombeiros, ¡como non! Temos que rendibilizar e facer máis eficaces os servizos que temos, os operativos que temos.

O que dixo o vicepresidente da Deputación e concelleiro do Concello de Pontevedra é que, loxicamente, iso non debía supoñer un custo engadido para o Concello de Pontevedra, que xa está investindo moito diñeiro nese servizo. Se se vai ampliar a dimensión do servizo, terán que colaborar, en todo caso, outros concellos, a Deputación, a Xunta de Galicia ou quen

corresponda, pero o Concello de Pontevedra xa está facendo un esforzo. E a iso se refería nas súas declaracións. Por suposto que queremos esa comarcalización.

Mire, fíxenlle propostas concretas. En primeiro lugar, homoxeneización dos servizos de extinción, regulamento do bombeiro profesional. Dígame, se pode ser na súa resposta, cando van facer isto.

Faleille dos plans de recuperación, que non son axudas, non son convocatorias de axudas. A lei deixa claro que os plans de recuperación son plans que debe desenvolver a Administración, en colaboración cos concellos afectados, para procurar a recuperación dos servizos e das infraestruturas afectadas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Non son axudas.

E igual cos temas relacionados coa información pública —que fallou estrepitosamente—, coa protección, coa autoprotección, porque estamos ante unha realidade que non podemos eludir, que está habendo novas formas de lumes que afectan a poboación e as zonas habitadas, e igual que hai outros países que teñen plans excepcionais e especiais, por exemplo pola afección de terremotos, aquí teremos que facer tamén unha preparación específica para a poboación, unha formación e unha autoprotección para todo o conxunto dos servizos operativos para reaccionar ante este tipo de situación de catástrofes.

Polo tanto, teñen moitos deberes que facer —foi o que lle dixen na primeira intervención— e moitos deles están simplemente relacionados co cumprimento e co desenvolvemento da lei. E despois, desde logo, a necesidade de termos un sistema público, integrado, coordinado, eficaz e cun mando operativo único, que non tivemos ata agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Señora Prado, xa sabemos —tennos acostumados a esa retórica ou dialéctica— que o que trae o Goberno ou o que trae o Grupo Popular é construtivo e o que trae a oposición pois é destrutivo; xoga nesa dicotomía habitualmente. E iso é confundir precisamente o labor de oposición cun labor de oposición e de control ao Goberno. E nese sentido eu chamo a atención sempre sobre esa cuestión que temos falado na Comisión 1ª.

O que si me parece, señora Prado, un exercicio de cinismo absoluto é falar como fala do acontecido os días 14 e 15 e como falaban do acontecido na vaga de lumes de 2006. *(Aplausos.)* Paréceme que citaba a Torquemada, pero o labor inquisitorial de trituradora que aplicaron en 2006 está nas hemerotecas. Agora eu entendo que queiran pasar coa maior suavidade sobre o acontecido os días 14 e 15. De feito, a comparecencia do vicepresidente non abordaba

na primeira intervención, efectivamente, o acontecido. E nese sentido pediríamos un pouco tamén de coherencia e de saber estar cando se lle reclama á oposición tanto saber estar antes de terminar as catástrofes.

Eu o que si lle pediría, señora Prado, e incluso lle pediría á Mesa desta Cámara, é que retiraran do *Diario de Sesións* a referencia persoal a un traballador dos servizos contraincendios. Eu é unha petición que lle fago á Presidencia da Cámara, porque creo que non é respectable nin razoable, en termos de debate parlamentario, utilizar a actitude dun traballador para tratar de focalizar un problema xeral. Eu pídolle ao Grupo Popular, eu pídolle ao señor vicepresidente que inste o Grupo Popular a retirar esa grave acusación e esa utilización das persoas, como, por certo —e tamén teño que dicilo—, fixo dunha forma máis ou menos velada na súa comparecencia o señor presidente en referencia ao alcalde de Nigrán. Son formas de facer que non veñen ao caso.

E, por certo, tampouco podo entender —bueno, si o podo entender vindo de vostedes— como os molestan tanto as manifestacións. ¿Non lles parece razoable que nunha situación de alarma, de emerxencia, de alarma social tan grave como a que aconteceu, a xente saía á rúa e se manifeste, proteste, presente as súas preocupacións? Como ocorreu no *Prestige*. É lexítimo. A sociedade ten a necesidade de expresarse. Que non os molesten tanto as formas de expresarse publicamente por parte da xente na rúa. Iso é compatible precisamente coa acción de goberno, coa acción dos poderes públicos. Non sei por que teñen tanta preocupación neste sentido.

Señor vicepresidente, señor Rueda... (*Murmurios*), si, non, dígoo por se hai algún tipo de interpelación, pois case mellor esperar a outro momento, ¿non?

Eu facía varias preguntas; algunhas tiveron respostas, pero outras —eu creo que as máis importantes—, non. E eu creo que, sen prexuízo de que hai que levar a adiante os traballos necesarios no seo da Comisión Galega de Protección Civil, no grupo de traballo, etc., etc., si que hai preguntas que necesitan respostas nesta sesión plenaria ou noutras sesións plenarias.

Porque realmente eu sigo tendo dúbidas de se realmente vostedes teñen claro que o sistema de resposta do día 14-15 funcionou dunha forma xa non digo eficaz, senón dunha forma integral para poder ser eficaz. Se realmente houbo mando único, porque, se houbo mando único —insisto—, ¿por que o presidente Feijóo oferta nesta Cámara, nas trinta medidas, que sexa operativo o mando único que establecía o seu artigo 12 da Lei de emerxencias de Galicia? ¿O mando único, distribuído entre delegados territoriais, funcionou realmente como tal mando único? Non dubido de que as decisións de activacións de niveis dependan dos técnicos, así debe ser. Pero teño dúbidas de que exista unha correcta coordinación entre o Platerga e o Pladiga, e o Pladiga e o Peifoga. Quero dicir: eu creo que hai que levar a adiante unha análise precisamente da coordinación do que é a planificación xeral de emerxencias e de protección civil.

Como falaba dun parque concreto, eu fállolle doutro parque concreto. Cónstame —cóstanos eu creo que a todos os que coñecemos a cidade— que o Servizo de Incendios —falaba de Vigo, eu fállolle da Coruña— non foi mobilizado durante máis de dez horas, e chegaron

antes os servizos de Madrid. Non podo entender esta forma de traballar en materia de emerxencias.

Outra pregunta que non tivo resposta é precisamente se houbo unha correcta integración tecnolóxica das plataformas 112 e 085, porque non a hai, non a hai.

Vostede falaba de determinadas decisións para mellorar no futuro en materia de formación, en materia de isócronas que cubran todas as zonas de sombra, en materia de mapa de emerxencias, en materia de prevención. Pero non me falou en absoluto —e eu creo que é fundamental tamén para nós— da necesaria integración de xestión orgánica e funcional de todos os servizos de extinción de incendios. Non podemos concibir a extinción de incendios e salvamento desde unha perspectiva unicamente urbana. E o día 15 demostrou que esta interface non funciona. Entón, hai que tomar unha decisión de ir a un novo modelo, público e único —como lle dicía na miña intervención—, para levar adiante precisamente un sistema integral de xestión de emerxencias en Galicia que sexa capaz de atender coa formación necesaria toda a problemática dos lumes, tanto se teñen incidencia forestal como se teñen incidencia urbana.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Sempre fala doutras deputacións, nunca falan da Deputación de Ourense; non sei se será porque a gobernan. Pero eu creo que lle deberían dicir bastantes cousas das que se teñen que preocupar.

Eu creo que, se se vai traballar en materia de formación, en materia de integración de servizos de extinción, é dicir, non se pode dar a situación, como temos coñecido ultimamente, de determinadas actuacións da Inspección de Traballo que son demoledoras en materia de prevención de riscos laborais precisamente en moitas das bases de extinción de incendios forestais, ou, sen ir máis lonxe, a situación crítica que presentaba nestas semanas, nestes meses, precisamente a base de Xinzo de Limia, onde hai amontonados un montón...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...de retardantes, de bombas explosivas. É dicir, non son situacións que axuden para nada a unha concepción integral dun sistema de emerxencias de Galicia eficaz e, como digo, integral.

Hai moito por facer, señor conselleiro, e o que si demandamos son respostas a esas preguntas e sempre máis autocrítica de á que nos teñen acostumbrados. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, señor presidente.



Falaba a señora Prado de Torquemada. Quemada está Galicia, señora. Ese é o problema. Tamén a súa imaxe e a súa capacidade de xestión.

Pero, máis aló diso, a señora Prado podería pasar por unha verdadeira Torquemada, pero, como vostedes son máis modernos que iso, son dignos todos pertencentes ao mesmo partido político da policía política de Fernández Díaz, que investigaba e utilizaba recursos públicos do Ministerio do Interior única e exclusivamente por razóns políticas e non de carácter xudicial, e non por investigación de delitos. E por iso hoxe vén aquí e amosa unha fotografía dunha persoa que está exercitando un dereito fundamental. E, polo tanto, nós non entendemos moi ben a que se refire con esas insidias máis alá de pretender amedrentar a poboación que democraticamente exerce os seus dereitos. *(Aplausos.)*

A apocalipse da que vostede fala foi a que viviu moita xente e que percibiu polos seus propios sentidos practicamente un millón de galegos. O que pasa é que non lles gusta escoitar a realidade, non lles gusta escoitar o que a xente pensa. Nós vimos aquí traer a opinión de moita outra xente que non son vostedes. Vostedes queren que a xente nin pense nin opine. E por iso collen e disfrazan a realidade mediante a manipulación da CRTVG, pero non poden evitar, ata o de agora —de momento—, que nós veñamos aquí e traíamos a opinión de moita xente que se enterou directamente do que pasou e que non se conforma e non se resigna á súa manipulación informativa.

O señor Rueda falaba, no que lle interesaba, do que dicía o fiscal de Medio Ambiente, pero o que di o fiscal de Medio Ambiente é compatible co seu propio ámbito de responsabilidade, porque vostede ten responsabilidade en coordinar os efectivos dispoñibles, ese mando único operativo que existe no papel, e, polo tanto, ten vostede obrigación de facelo real.

Tamén é do seu propio ámbito de actuación non manipular a CRTVG e poñer os medios de comunicación públicos ao servizo do interese público. E tamén forma parte do seu propio ámbito de responsabilidade o cumprimento das leis vixentes. Para empezar, o desenvolvemento completo da Lei de emerxencias de Galicia, do ano 2007, e despois tamén doutras coma a dos incendios forestais. ¿Isto é responsabilidade súa ou non é responsabilidade súa? E, se é responsabilidade súa, ¿que está facendo para non cumprilo?

Preguntaba vostede agora por Lugo. Díxeno creo que bastante claramente, pero volvo explicalo, non se preocupe. Había efectivos dispoñibles de carácter material que non se puideron mobilizar para os incendios, non soamente en Pontevedra, na propia provincia de Lugo, onde tamén faltaron, porque non había efectivos persoais para facelo. E, se eses efectivos persoais estivesen dispoñibles —e dependía de vostedes que estivesen dispoñibles—, entón eses medios materiais poderían ter servido para incrementar o dispositivo da loita contra os lumes. E non o di só En Marea, dino os propios bombeiros, que tamén sacaron un comunicado neste sentido.

E, en canto aos parques comarcais, non se preocupe: aquí xa ten unha das propostas nosas. Do espazo político das Mareas ten a plena disposición para levar a cabo todo aquilo que sexa necesario para mellorar a eficacia na loita contra os lumes e para facer un sistema de emerxencias público e único para toda Galicia.

E seguindo avanzando en propostas, tamén a suxestión da señora Prado con relación aos parques comarcais. Viña aquí explicarnos que non se podían publicar os sistemas por unha cuestión de persoal. Recomendolle que lea a sentenza do Contencioso-Administrativo número 3 de Valladolid número 150/2017, deste mesmo mes de novembro, onde recoñece a capacidade que ten a Administración pública para pasar dunha forma de xestión indirecta a unha forma de xestión directamente neste caso municipal; por certo, nun preito seguido a instancias do propio Ministerio de Facenda, que pretendía impedir a remunicipalización nese caso do servizo da auga.

Tamén en relación con isto, e tamén polo que dixó na súa interpelación o señor Rueda, nós si que criticamos a Deputación Provincial de Lugo por non ter pagado os salarios aos traballadores e non telos equiparado aos da provincia de Ourense. De feito, En Marea, dunha banda, orzou xa para o 2017 eses incrementos, os que agora vostede no 2018 di incluír nos orzamentos. E tamén criticamos que xa non se pagasen nin na parte da Xunta o ano pasado, porque non os dotou, nin por parte da Deputación, que xa os dispuxera o ano pasado.

Por certo, non acabamos de ver a relación causal que ve vostede e que ve o señor Balseiro en Lugo entre equiparación salarial e recuperación para o público do propio servizo. Os servizos poden estar no réxime de concesión indirecta e, en tanto en canto non se produza a república, si producir unha equiparación salarial duns servizos que se están prestando en igualdade de condicións en Ourense que en Lugo.

¿Máis propostas en positivo queren? Pois, en emerxencias e en extinción de incendios, a necesidade de contemplar de forma específica os riscos de emerxencias en áreas industriais, non soamente na custodia de infraestruturas críticas, á que vostede se referiu. Máis necesario que nunca se ve que se xeneralicen os plans de emerxencias municipais, que, ademais, estean dotados dun contido substantivo no que todas as persoas responsables deles saiban como actuar en caso de emerxencia.

¿Máis propostas en materia de emerxencias? A necesidade de que o mando único operativo sexa real, que se desenvolva completamente a Lei de emerxencias, que se desenvolvan os protocolos xa vixentes no Pladiga, no Platerga, no Peifoga, etc. No orzamento, un orzamento real para facer para facer simulacros á poboación civil, tanto de como defendérense nas vivendas como de realizar evacuacións, sobre todo nos lugares máis conflictivos. A dotación de medios materiais, tamén de protección básica, para a poboación nos equipos de protección civil. E tamén implementar nos protocolos de emerxencia ante a presenza de animais a actuación de respecto cunha protección animal nos servizos de emerxencias como o 112 para activar os medios especializados necesarios onde fose necesario. E ter en conta tamén neses plans de emerxencias as entidades de interese público que traballen na protección de animais e que poderían ser útiles na xestión tamén destas catástrofes.

Tamén en relación coas medidas das que vostede fixo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—si— parcialmente referencia sobre difusión sobre as novas medidas de prevención, esta é unha medida contemplada no Pladiga.

E sobre as medidas de sensibilización —a algunhas das cales fixo referencia, a outras non—, queremos recordar que tamén se encontran no Pladiga e que ademais En Marea presentou unha iniciativa denunciando que o ano pasado 2.000 escolares menos se beneficiaran desas campañas de sensibilización, ao cal non foi sensible o Partido Popular.

Tampouco nos parece razoable que se conformen...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—si, si, remato xa— con ese 90 % dicindo que as outras áreas non son prioritarias porque vive pouca xente. A nós 40.000 persoas séguenos parecendo un número importante de xente. E parécenos que esa crítica ou ese desleixo vai en liña co que dixo tamén a conselleira do Medio Rural hai apenas tres semanas criticando veladamente ou deostando os medios que se destinan a lugares onde vive pouca xente, como se esa xente non fosen galegas e galegos que merecen a mesma protección social e os mesmos dereitos sociais e fundamentais que o resto da cidadanía de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, aos que non lles gusta que a xente pense e opine ¿sabe quen son? Son os do Breogán Riobóo, os de Dante Fachín, os de Carolina Bescansa, os de Silvia Jáuregui, os de Manel Cónsola. (*Aplausos.*) O pensamento único é propio da súa organización, señor Villares. Eses son os que non queren xente que pense e opine diferente.

Mire, señor Díaz, eu de vostede non dixen precisamente que vostede non tivera espírito propositivo, ao contrario. Non, non, claro, eu entendo que vostede igual se erixiu tamén en defensor de toda a oposición. Como tamén se erixiu vostede na voz de todo o Partido Socialista e despois lle dixeron que non era. Pero mire, a vostede, precisamente a vostede, excluínos que non fixeron propostas, a vostede excluínos da oposición destrutiva. E vostede vén aquí defender aquí os que destrúen, e vostede vén aquí defender o Torquemada, ¡alá vostede, señor Díaz!, ¡alá vostede!

Mire, di vostede que temos que saber estar e que retire as palabras sobre un dirixente sindical. Mire, sobre ese señor que é dirixente sindical, que é representante dos traballadores, hai traballadores que non se senten representados por el. E igual que algúns teñen datos do 112 (*Murmurios.*) —e a ver de onde os sacaron— outros falamos con compañeiros tamén, e os compañeiros falan e non se senten representados por un señor que sae en todos os medios de comunicación dicindo cousas como: «arde o monte e a Xunta non responde», «cremos que fan falta brigadas, xente no monte para apagar o lume», e logo cando chaman para apagar o lume é o primeiro en non ir. Pois mire, hai traballadores de Seaga que teñen verdadeira

vocación de servizo público que non se senten representados por un señor que non é un verdadeiro servidor público (*Aplausos.*), porque cando chaman para apagar o lume non vai. E claro que non o vou retirar, (*Aplausos.*) porque igual que aquí se fala de Carlos Faílde e vostedes non retiran o que dixeron de Carlos Faílde, que tamén é un traballador, pois nós tampouco imos retirar... (*Murmurios.*) (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor. escoiten a quen está no uso da palabra, igual que se escoitou nas intervencións anteriores, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, escoiten.

Continúe.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Entón, se sae todo nos medios de comunicación, con entrevistas na radio, na prensa e demais, supoño que a este señor pois non lle parecerá mal que falemos do que fai el e se representa ou non representa a todos os traballadores de Seaga. Por tanto, creo que é importante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Falando de competencias, ¿acaso é competencia da Xunta apagar os lumes en Vigo? Non, ¿verdade?, señor Díaz. Pero a Xunta asumiu a súa responsabilidade e sacou efectivos e recursos de onde existen competencias, que é no ámbito forestal, para ir apagar os lumes a Vigo. E xa lle explicou o señor vicepresidente o que fixo o alcalde. E a delegada de Vigo en Pontevedra, a señora Mari Carmen Silva, o que fai é abdicar todos os días das súas competencias. E a Deputación de Pontevedra ten que asumir tamén as súas competencias, igual que todas as deputacións. E igual que digo iso da señora Mari Carmen Silva, tamén digo que o señor Valentín Formoso é un señor e é un caballero, porque cando veu aquí ao Parlamento recoñeceu o traballo que estaba facendo a Xunta.

Por tanto, esta non é unha cuestión partidista, é unha cuestión de persoas, é unha cuestión de dirixentes políticos que asumen as súas competencias e as súas responsabilidades (*Aplausos.*) e de dirixentes políticos que non as asumen. E a señora Mari Carmen Silva non asume as súas competencias nin as súas responsabilidades, e vai sendo hora de que as asuma, señor Díaz, vai sendo hora. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu entendo que falar de Vigo e falar de Mari Carmen é complicado para algúns para estar calados, pero, por favor, contéñase un pouquiño, que despois pide a palabra por alusións. E eu, se vostede me deixa falar, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu, se vostede me deixar falar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A ver, silencio, escoiten a quen está no uso da palabra, por favor. Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** E, máis alá das súas competencias, a Xunta dá un paso máis na atención ás emerxencias, e lidera hoxe, e lidera dende o 7 de novembro un proceso propondo medidas que lle corresponderían a administracións que son competentes. E a Xunta asume esa responsabilidade, claro que asume a responsabilidade, pero vostedes tamén alá onde teñen dirixentes nos concellos e nas deputacións díganlles que tamén teñen que asumir

as súas responsabilidades, porque isto é unha responsabilidade de todos e de todas e non só do Partido Popular e non só da Xunta de Galicia.

Todos estamos convidados a participar na resolución deste problema e todos estamos convidados a aportar solucións e propostas, e hoxe aquí escoitamos moi poucas; moitas críticas, moi poucas propostas... (*Murmurios.*) Si, si, claro, só están para criticar. Non, mire, a oposición tamén ten un labor construtivo, eu entendo que vostede aínda non entrou, non entrou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non sabe..., nin onde gobernan saben xestionar, nin onde fan oposición saben propoñer. (*Aplausos.*) A súa proposta xa a coñecemos: a pancarta. A pancarta é a súa proposta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Apéense da pancarta, apéense da pancarta e fagan propostas. Porque miren, hoxe non fixeron ningunha alusión ás propostas que fixo o señor vicepresidente.

¿Que teñen en contra do mapa de emerxencias? ¿Que teñen en contra da creación de novos servizos? ¿Que teñen en contra da mellora das condicións laborais? ¿Da consolidación definitiva dos GES, que atenden máis da metade da poboación? ¿Da integración de servizos no 112? Esas son as propostas que trouxo hoxe o señor vicepresidente a esta Cámara. ¿Cal é a súa proposta? A pancarta, a pancarta. Pois miren, así non se resolven os problemas dos galegos e das galegas.

Pero miren, mentres ardía Galicia, señor Bará, porque Galicia o luns tamén ardía, porque en Ourense non chovía, vostedes xa tiñan as pancartas preparadas e xa tiñan convidados os nenos e nenas desta comunidade a participar nas manifestacións que tiñan convocadas nas portas dos colexios, repartindo folletos para que os nenos e nenas de Galicia participaran nas manifestacións. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Nós non imos participar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor. Remate.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...das súas propostas. Nós convidámoslos a que fagan propostas en positivo, a que digan que lles parecen as propostas do vicepresidente; se non lles gustan, que fagan outras alternativas e, se lles gustan, teñan a valentía de sumarse; non pasa nada por dicir que hai propostas que están ben, non pasa nada. Non van deixar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...de ser un partido serio por sumarse ás propostas do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche desta comparecencia, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Agradecer que agora si que se fixeron algunhas, algúns fixeron algunhas propostas nesta última quenda de intervencións; menos mal tamén, ¡eh!, menos mal, porque volvo dicir: a Xunta de Galicia veunas facer dende o principio, para iso pedi esta comparecencia, e despois de ver a primeira quenda de intervencións, onde todo foron críticas —en fin, algunhas con moi pouco fundamento e que intentei rebatelas no que puiden—, polo menos algunha proposta, pois, ¡oia!, as collemos. É que temos órganos para empezar a implantalas agora, é que iso é o que pretendíamos. É que algunhas son as mesmas que as nosas e, polo tanto, supoño que non haberá problema en implantalas. Outras son pouco novidasas, como vostedes acusaban as nosas, pero ao final son propostas, e, polo tanto, as que sexan novidasas tamén, pero se aquí estamos para... Eu escoitei propostas moi avanzadas.

Dicía o señor Villoslada: integración orgánica e funcional, volveu dicilo. ¡Oia!, iso son palabras maiores, propóñeno vostedes. Poñan recursos encima da mesa e podémolo ver. Espero que vostede teña certa *auctoritas* para traer esa proposta en nome de administracións que van perder moitas competencias e moitos recursos —perder no bo sentido— en favor doutras. Agardo que despois os que gobernan nas administracións digan: o señor Villoslada propuxo isto no Parlamento e nós traémolo aquí. Iso sería unha boa demostración de coordinación no Partido Socialista, que viría moi ben para as emerxencias. Oxalá que sexa así e oxalá que as poidan traer, señor Villoslada.

Señor Bará, dicía que non pretenderei eu que acordemos aquí a comarcalización; non, nin moito menos. O que pretendo é que falemos aquí. Dicía que o respecto que se lle debe a esta Cámara obriga a que, antes de propoñelo ás administracións, o propoñamos aquí, e iso era o que eu quería facer con esta comparecencia. E, polo tanto, fago o mesmo, doulle o mesmo tratamento ás propostas que se fixeron, escoitámolas, dixéronse aquí e despois traeranse, como lle dicía agora ao señor Díaz Villoslada, aos órganos que si que as poden poñer en práctica. Polo tanto, esas propostas quedan aí.

E para pechar a intervención, puntualizar algunha cousa das que vostedes dixeron, que creo que é necesario que queden ben puntualizadas.

A primeira é que a plataforma informática non fallou, señor Bará; non fallou a plataforma informática o día 15 e o 16, afortunadamente. Vostedes fan ese rebumbio de metelo todo, todo o que pode funcionar mal que funcione e, se non funcionou mal, temos que dicilo, porque, se non, non sacamos nada en claro, porque nós estamos aquí, especialmente na súa primeira intervención, e xa digo: agradezo despois a rectificación en parte; a primeira foi dicir que todo foi un desastre. Pois non meta nese paquete —non debería meter outras moitas cousas— a plataforma informática, porque a plataforma informática non fallou, afortunadamente para todos, o 15 e o 16.



Sobre o 112, que dixeron moitas cousas, hoxe dixeron menos, ao mellor porque xa tiveron máis información. Pero miren, saben o que se dicía do 112 en agosto de 2006 na prensa, non o Partido Popular. «*Muchos vecinos que trataban de pedir ayuda ante el avance de las llamas no recibían respuesta. Bip, bip, bip... hasta que se cortaba. Era lo que se esperaba al marcar el 112*». Isto dicíase no ano 2006.

Polo tanto —e xa se dixo aquí—, hai situacións en que para todos os servizos de emerxencia, cando se dan circunstancias como as que se deron o 15 e o 16, as que se deron noutras ocasións, as que se deron noutras comunidades autónomas, é imposible atender todas as chamadas. Polo tanto, sexan un pouco máis realistas e non fagan demagogias que non levan a ningunha parte. ¿Que todo é mellorable? Por suposto. ¿Que o servizo 112 estivo reforzado ata o 150 % —o 50 % no ano 2006, como máximo—? Iso é así. ¿Que aínda así non foi dabondo? Pois joia!, probablemente, pero que se puxeron reforzos ante a situación que non lle caiba ningunha dúbida, señor Bará, e a todos os demais.

Fálame da homologación. ¡Ah!, díxome que si, que quería a comarcalización. Ben, pois agrázollo. Chegará moi rápido o momento de demostrar que esta vontade que vostedes hoxe expresou aquí claramente —ou así o entendín eu— é certa e se vai poder comarcalizar o servizo de bombeiros en Pontevedra. Supoño que isto tamén o ten falado co señor Mosquera, porque a Deputación de Pontevedra vai ter que aportar bastantes recursos públicos. E así os concellos de Poio, Marín, Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade poderán ser atendidos. É unha boa nova, se despois os seus compañeiros de partido e de goberno na Deputación non lle deixan quedar mal, que agardo que non, porque isto ímolo plantexar rapidamente.

Falábame tamén de homologación e de facer o regulamento de bombeiro, que cando o imos facer. ¡Oia!, pois repito, unha vez máis, porque eu creo que as cousas non por repetilas moitas veces deben quedar claras: aclaremos o sistema de xestión que queremos para os parques de bombeiros, que son vinte e cinco parques de bombeiros comarcais. ¡É que levamos dous anos esperando! E di: «non, é que vostede di que ata que non se faga...». ¡Pero é que levo dous anos dicindo que o podemos facer!

Dicíame o señor Villares que se poden pagar igual os soldos dos bombeiros de Lugo para homologar con respecto aos de Ourense e tamén os de Pontevedra ou os da Coruña. Estou de acordo. É que nós xa puxemos os recursos orzamentarios para todos neste ano.

E, señor Villares, nin sequera pido que quede decidido e efectivo para que poida ser executivo o cambio do modelo de xestión. O que pido é unha folla de ruta, o que pide a Xunta de Galicia é unha folla de ruta. ¿Cando se vai poder facer? É que non vale de nada que me diga a Deputación de Pontevedra: «non, é que as concesións están en vigor ata o ano 2021 e habería que pagar moitos cartos». ¡Oia!, ¿pero non iamos aforrar tanto coa xestión directa, segundo di a propia Deputación de Pontevedra e as outras deputacións? Pois entón eses aforros que vaian ao rescate das concesións; ou, se non ao rescate das concesións, joia!, pois valerá a pena poñer cartos aquí para facer os rescates antes, que foron os que o plantexaron. Ou, en todo caso, fagamos unha folla de ruta clara para nós e para os profesionais, e, en canto teñamos esa folla de ruta e se tomen os acordos plenarios, implantamos a homologación.

Agora, non me diga a min, señor Villares —entendínlle, polo que vostede dixo— que temos que abandonar toda esperanza na Xunta de Galicia de que neste tema non vai haber nin unha folla de ruta con prazos ata o ano 2021, no caso da Deputación de Pontevedra, é dicir, bombeiros comarcais dos parques de Pontevedra, e ata o ano 2019 —paréceme que é— bombeiros comarcais dos parques de Lugo. Os da Coruña téñeno máis fácil, primeiro porque o señor Formoso, efectivamente, foi moito máis claro, e eu creo que o que está dicindo é o que se vai facer, porque están as conversas avanzadas e despois porque están as concesións caducadas. Pero onde haxa que esperar ao rescate, ¿que pasa? ¿Que non imos ter nada de nada, de nada, ata que pasen uns anos? Entón, ¿para que lles menten aos profesionais? ¿Para que lles contan cousas que xa levan comprobando dous anos que non son verdade e creo que xa teñen claro que a Xunta de Galicia non é ningún impedimento?

Pois este ano teñamos folla de ruta e teñamos xa equiparación e que empecen xa os bombeiros de Pontevedra, de Lugo e da Coruña a homologarse cos seus compañeiros de Ourense. Pero, antes, as deputacións, xa non digo que fagan os seus deberes, que cumpran a súa palabra e que cumpran os seus compromisos; xa que non con nós, polo menos cos profesionais.

Señor Bará, díciame tamén das axudas. Vólvolle dicir: non, é que eu lle entendín ben, perfectamente; si, si; as axudas son para recuperación de danos en equipamentos municipais. Di: «pero non ten que ser con axudas, ten que ser con plans». ¡Oia!, ten que ser con cartos, ten que ser con cartos, e os danos prodúcense cando se produce un incendio ou algún tipo de emerxencia ou catástrofe. Agora produciuse, nós queremos arranxalo.

Xa lle digo que, efectivamente, como vostede dicía, non imos acordar aquí nada, pero xa lle anuncio tamén que lle plantexaremos á Deputación de Pontevedra, que foi onde máis danos houbo, xunto coa Deputación de Ourense, unha proposta para a ver se entre todos somos capaces de reparar eses danos. ¿Que nos van dicir?, como me dixo a min a señora presidenta da Deputación de Pontevedra: «non, é que os incendios forestais son competencia da Xunta de Galicia, nós non temos nada que ver». Iso díxoo a min diante de máis xente; ademais, díxoo nos medios de comunicación.

¿Iso que quere dicir? ¿Que os concellos non van poder ter ningunha axuda, salvo que renuncien ás que xa tiñan dereito a través dos plans, que a Deputación lles ten que dar por lei? ¿Que detraían cartos de alí para dedicalos aos incendios? ¿Non vai haber cartos a maiores? ¿Non vai facer como a Xunta de Galicia, porque isto dos incendios non é competencia das deputacións provinciais? Agardo que non sexa así e agardo que, cando fagamos esta proposta, que a faremos rápido —estamos recollendo os danos que son, podía estar facendo a Deputación de Pontevedra tamén, a Deputación de Ourense estao facendo, ou a Deputación de Lugo, que tamén tivo danos na montaña, pero estao facendo a Xunta de Galicia—, polo tanto, faremos esa proposta.

Díciame o señor Villoslada: paréceme que da Deputación de Ourense non falamos destes temas. Si, si, ¡joia!, falamos da parte que corresponde, pero é que da Deputación de Ourense teño que dicir que na reunión que tivemos na Delegación do Goberno o representante da Deputación dixo que eles si que van dar axudas e que estaban dispostos a facer convenios coa Xunta de Galicia. Foi a única deputación das catro que o dixo alí publicamente. Polo tanto, é

que ese problema non o temos e o temos coas outras, espero que non o teñamos, pero a día de hoxe non sei o que vai pasar.

Tamén foi a que dixo dende o principio que estaba de acordo co sistema de xestión que había, de xestión indirecta, e, polo tanto, non plantexaba ningún cambio. Non lles contou ningunha historia que non está cumprindo aos profesionais, aos bombeiros que traballan nos parques comarcais de Ourense. Xa saben o que hai e mire —casualidade—, resulta que a referencia para equiparar os soldos é cos bombeiros de Ourense.

Tamén dixo que si dende o principio á comarcalización, díxoo publicamente tamén. Hoxe tivemos avances aquí, pero os outros presidentes das deputacións aínda non dixeron se estaban de acordo ou non coa comarcalización. O da Coruña sei que si, porque temos comarcalizado o parque de Ferrol, pero quedánlle por comarcalizar dous parques máis; supoño que non haberá problema. Pero de Lugo e de Pontevedra non sabemos nada e a Deputación de Ourense dixo que si á comarcalización do parque de Ourense.

Falaba das manifestacións tamén. ¡Oia!, para nós son perfectamente lexítimas. O que non é normal —e teño que dicilo aquí, como lle dixo a miña compañeira Paula Prado— é estar convocándoas o día 15, en plena vaga de lumes. Que eu vin convocatorias para a manifestación do día seguinte cando estaba nas Neves ás 12 da noite, co que había nas Neves, e había xente que se estaba dedicando a facer xa convocatorias para o día seguinte. Co cal, se a vostede lle parece ben que en plena noite, ás 12 da noite do domingo, 11 e media, alguén se estea dedicando a preparar unha manifestación para o luns, a min non me parece normal, e, sendo lexítima calquera manifestación, o xeito de convocala e o momento non mo parece, e así llo teño que dicir. E supoño que a vostede —así o agardo— tampouco lle pareza esa unha maneira normal de proceder. *(Aplausos.)*

E, polo demais, xa digo: para todas estas propostas —vostede xa o dixo na primeira intervención—, para iso están os grupos, e agardo que durante o ano 2018 vexamos avances importantes.

E, por último, señor Villares, tamén lle teño que agradecer que algunha proposta fixera —jmenos mal para vostede!, especialmente vendo a súa primeira intervención—; pero tamén lle teño que dicir unha cousa, jeh!, a vostede, que fala das manifestacións da señora Prado respecto dun traballador: eu teño unha pregunta mañá de En Marea para responder por que un traballador dun medio público é capaz e ten dereito a escribir un artigo nun periódico que non lle gusta a vostede, e tráemo ao Parlamento para respondelo. Respondereillo con moitísimo gusto, pero esa é a liberdade de prensa e esa é a capacidade censora que exercen algúns; polo tanto, aplique o conto, señor Villares, aplique o conto. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Alégrome de que non discuta o que dixo o fiscal do Medio Ambiente, que, efectivamente, dixo iso, dixo que hai situacións incontrolables e, polo tanto, eu estou de acordo.

O 87 % dos servizos de extinción de incendios, incluídos os das cidades e os dos parques comarcais, mobilizáronse, señor Villares. Teño unha lista moito máis longa, detallada, se

quere: 75 % dos GES; servizos municipais de Protección Civil, o 55 % ; a UME, o 80 %; os bombeiros da Comunidade de Madrid —que non chegaron antes que os bombeiros da Coruña, ¡eh!; chamaron para ofrecerse e chegaron cando puideron chegar; dende logo, moito máis tarde que calquera recurso galego— e, por suposto, os GES case todos. Tamén se mobilizaron moitos... É dicir, teño aquí —e pódollo facilitar— o nivel de mobilización, e, probablemente, vostede, entón, tería que rectificar algunhas cousas que está dicindo.

E voulle dicir: se é tan fácil cambiar o modelo de xestión, ¡adiante! Non me diga que hai que esperar uns cantos anos; non hai que esperar nin un ano nin nada. Vostede dicía que hai sentenzas que avalan remunicipalizacións. Neste caso non sería unha remunicipalización, porque hai un consorcio, pero o mecanismo sería... ¡Fagámolo canto antes! ¡Fagámolo canto antes, de verdade! É que eu xa non sei como temos que dicir que levamos dous anos esperando. Ese tabú de que era un impedimento, que nunca o foi, rompeuse expresamente e ningún —ningún presidente de deputación— pode dicir o contrario. Polo tanto, non perdamos xa máis tempo e fagamos moitas das cousas que se poden facer.

E, por último, eu fixen unha alusión ao señor Rodríguez pola xesticulación —así o entendeu— que fixo na miña primeira intervención respecto do 95 %. ¡Oia! Se chegamos ao 95 %, chegamos ao que non chegou ningunha comunidade autónoma, iso teñámolo claro; polo tanto, coordinémonos todos. O 95 % creo que é un obxectivo moi realista. ¿Que hai que intentar chegar ao cen por cento? Si, si... Imos por pasos, si, si... Haberá que chegar ao cen por cento, por suposto, señor Villares, e por suposto, señor Rodríguez. Pero, entón, algunha desas zonas que quedarían sen cubrir, neste novo salto que damos ao 95 %, están, por exemplo, en Pontevedra. ¡Oia! Pois a ver se a Deputación de Pontevedra admite pagarlles o 20 % que non lles quere pagar aos concellos, e entón hai máis recursos para atender un pouco máis, e así, ao mellor, na provincia de Pontevedra chegamos ao 97 % ou ao 98 % xa agora, porque este é un cómputo global. Claro que hai que chegar ao cen por cento, pero, se non imos marcando obxectivos, é moi difícil facelo. Agora damos un cambio do 85 %, que xa está nunha media —vendo o conxunto do Estado— creo que moi razoable, sabendo a dispersión que temos, ademais, pero temos que chegar ao cen por cento.

E volvo dicir: é que se nós quixeramos —e remato xa con isto, señor presidente—... Perdoe que lles diga, pero é que as leis din o que din e, sobre todo, os que as fixeron —e ao mellor hai aquí algún deputado ou deputada que estaba nesa época, cando se fixo esa lei, e a votou a favor— terán que saber por que din que a responsabilidade de dotar de servizos de xestión das emerxencias e contra incendios é das deputacións. Nós podíamos vir aquí falar de grandes coordinacións e dicir que non temos por que implicarnos nin no equipamento nin na formación dos voluntarios de Protección Civil; que non temos por que estar pagando, como estamos pagando, o 50% dos servizos comarcais contra incendios; que non temos por que implicarnos agora na comarcalización, en propoñela e pilotala; que non teríamos por que, porque habería que dar os servizos sobre o terreo, e iso sería competencia —volvoo dicir, segundo a lei— das deputacións e dos concellos de máis de 20.000 habitantes. Iso, lóxicamente, non o imos facer, porque, entón, non estaríamos falando, en ningún caso, de ratios do 95 % da poboación ou do 85-90 % do territorio. Por iso imos seguir implicándonos e, polo tanto, esa é a razón destas propostas.

Como despois desta comparecencia chegarán as sesións dos grupos de traballo —e chegarán moi rápido—, agardemos que durante os seis primeiros meses deixemos liortas políticas á parte e sexamos capaces de avanzar en algo, porque iso non o entenden nin as emerxencias de fronteiras administrativas nin a xente en xeral; non entenden que discutamos por diferenzas políticas unha axeitada cobertura das emerxencias.

Dicía o señor Méndez Romeu no ano 2006, despois dos incendios, que a xestión da vaga de lumes —e leo textualmente— «foi unha experiencia de colaboración entre institucións moi boa, da que se poden sacar moitas leccións de solidariedade e cooperación». Pois mire, hai cousas que moitos anos despois seguen especialmente vixentes. Por parte da Xunta de Galicia, aquí está a man tendida, con recursos orzamentarios, con impulso político e con capacidade de entendemento. Espero que as outras administracións tamén estean á altura, e comprobáremolo rapidamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de mocións, e debatemos de xeito acumulado tres mocións:

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes**

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto**

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais**

**O señor PRESIDENTE:** Á do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

E ás dos outros grupos presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

*Emenda de modificación.*

*Proponse un novo texto para o punto 2 desta iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*«2. A extensión e localización das masas forestais e plantacións de eucalipto no territorio galego deben quedar claramente fixadas no Plan forestal e plans de ordenación de distrito forestal evitando a constitución de áreas de monocultivo da especie».*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para o punto 12 desta iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*«12. Reformular as brigadas municipais do dispositivo de incendios dependentes da Xunta para centras principalmente en traballos de prevención ao longo de todo ano».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José González Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, as propostas de todos os grupos parlamentarios a prol dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José González Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario de En Marea.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, as propostas de todos os grupos parlamentarios a prol dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José González Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:*



*«O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, as propostas de todos os grupos parlamentarios a prol dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural».)*

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos cos turnos e, en primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

E non chove, e a normalidade non regresa, e o ciclo climático onde o anticiclón se asenta como barreira infranqueable para as borrascas que antano regaban a nosa terra faise asiduo visitante.

E, logo do desastre do 15 de outubro, a climatoloxía aínda non se portou nada mal co inmenso territorio queimado: choveu amodo e con xeito, suficiente para sentar o terreo ardido e para dar tempo a quen tivo e ten intención de recuperar o monte. Sen embargo, non vemos que esta tregua fose aproveitada polo Goberno para poñer en práctica medidas axeitadas tendentes á reparación e recuperación. Continúan lentos, apáticos e ineficaces.

Miren, mentres non sexan quen de ver a realidade, mentres se empeñen en tirar balóns fóra botando culpas a un lado e a outro, mentres os culpables sexan única e exclusivamente eses terroristas incendiarios que, cun afán destrutivo, poñen lume a destro e sinistro, mentres utilicen os medios de comunicación e o silencio informativo para obviar a verdadeira dimensión do problema, estarán dando paus de cego, porque o desastre do día 15 estoupa pola conxunción de varias casuísticas; é un problema estrutural de fondo. As casuísticas á vista están: seca, vento, incendiarios e toneladas de combustible sen orde nin concerto en todo o territorio; este combustible como resultado de políticas erradas ao servizo de quen queira plantar para beneficio de catro que gañan sempre, con lume ou sen el, con ausencia de prevención e abandono manifesto de funcións no tema das franxas de seguridade. O noso país e o noso pobo non merecen este maltrato. O abandono poboacional e a ausencia de futuro que as súas políticas de forestación intensiva e de cesamento da actividade agrogandeira propiciaron en Galicia raian a delincuencia.

Primeiro, e parella á revolución gandeira que comeza a xestarse arredor dos oitenta, vostedes propician unha vez máis unha forestación sen orde nin concerto; e digo «unha vez máis» porque o dos lumes viña de lonxe, desde aquela forestación salvaxe do Icona. Daquela fora o piñeiro nos montes de aproveitamento común incautados ao pobo, o que levantou protesta —posible— a xeito de lume. Agora, a partir dos oitenta, potenciábase con descaro unha nova especie de crecemento máis rápido, o eucalipto, e apostaron polos dous monocultivos: leite e eucalipto e piñeiro. Os cartos de Europa malgastáronse nunha progresiva dependencia dos insumos, nunha carreira na produción que levou a unha especialización en máquinas de producir leite, e non en vacas, mercé a alimentos concentrados procedentes do exterior cunha marxe de ganancia mínima para o produtor.

E isto levounos a un modelo de explotación intensiva con fortes investimentos, provocando un abandono do campo brutal e unha dependencia dos insumos exóxenos extrema; investimentos temerarios que xeran un endebedamento exaxerado. No monte, outro tanto. O do leite era unha escusa. Alguén non de fiar estaba marcando un camiño errado. Á medida que se abandonaban as explotacións as xentes novas abandonaban o campo e ao cabo de poucos anos convertíanse en absentistas que inzaban esas fértiles terras, e os mellores montes, en eucaliptais que cada vez ardían e estendían máis e máis a súa semente. Amplas zonas do territorio comezaron a coller a triste cor verde murcha do monocultivo. Non é o eucalipto o culpable; culpables son quen fomentaron o caos coa súa política de ausencia de políticas para o medio rural.

No Bipartito tentouse poñer orde neste caos: ditáronse leis, tomouse o desenvolvemento do rural en conxunto como fora de sempre, un todo, e apareceron ferramentas. O Banco de Terras pretendía que os protagonistas da economía primaria, agricultores e gandeiros, puidesen aproveitar, en beneficio da colectividade, a superficie agraria útil que outros abandonaban, dando por suposto un pago xusto polos alugamentos desas terras. Facendo rendible a actividade agrogandeira podería volverse atractiva e proveitosa, dando marcha atrás ao éxodo e cambiando a tendencia. Xunto a esta ferramenta, estaba a complementaria, a que pretendía superar o vello atranco da atomización da propiedade. As unidades de xestión forestal mostráronse como a ferramenta acaída para o aproveitamento do monte fraccionado en pequenas tenzas, ordenando o territorio e facendo un aproveitamento colectivo sostible e complementario á actividade agrogandeira.

Vostedes, nese afán de recuperar o poder que cren que lles corresponde por mandato divino, o primeiro que fixeron foi devolver o país ao caos, e nesas andamos.

Esta moción que lles presentamos pretende ir ao fondo do problema. Os avisos repítense e as políticas para o medio rural non mudan; vostedes non fan caso. O Plan forestal que se está xestando condicionará e definirá a política de montes para o futuro. As directrices aprobadas para a revisión deste plan forestal de Galicia definen dous obxectivos claros: un, o uso dos montes ten que ser prioritariamente forestal. A avidez de terras para forestar é manifesta e preocupante, pero repetímoslles aquí, unha vez máis, que o monte galego non ten vocación forestal intensiva, sobre todo da dualidade eucalipto-piñeiro. E, dous, o intento de usurpación dos montes veciñais á veciñanza comuneira — ¡vaia! —, unha volta encuberta ao franquismo, porque —créanme— o gran valor da figura da propiedade xermánica dos montes veciñais en man común está na súa xestión democrática participativa. Se, en teoría, todos estamos de acordo en que o monte precisa superar a atomización da propiedade e o único remedio asumible pola poboación é unha xestión colectiva desde a propiedade privada, desenvolvamos as uxfor outra vez, poñendo empeño en cartos e medios humanos, como se puxeron antano. Sería o remedio para ordenar o uso do monte e para dar solución ás franxas de seguridade en moitas zonas.

E, chegados aquí, eu non entendo por que non se gastan cartos en esforzo, e en dinamizar, motivar e poñer en proveito colectivo eses montes veciñais que están no abandono. Pero, ollo, que un monte xestionado sen o prioritario obxectivo de produción forestal non ten por que ser considerado un monte abandonado; un monte multifuncional pode estar ser-

vindo economicamente á comunidade onde se asenta e non posuír superficie forestal intensiva.

En resumo, fanse prioritarias unha ordenación de uso das terras e unha xestión racional das masas arbóreas. Eu entendo que toda reactivación económica para vostedes pasa polo capitalismo e polo mandato do mercado, lévenos ou non ao desastre máis irracional. Vostedes nunca se van anticipar aos tempos, orientando e planificando, facendo políticas de futuro a longo prazo. Unha política a favor das xentes do rural deste país é iso: unha política de país, proxecto do rural no contexto galego. Este é o suxeito, verbo e predicado: Galicia.

Visto o fracaso e a inutilidade do actual e aínda vixente Plan forestal, coa duplicación de masas de eucalipto sen orde nin concerto, farase imprescindible unha moratoria na implantación desta especie e unha regresión no tocante á superficie, aplicada nunha primeira fase, polo menos ata os niveis que o citado Plan forestal prevía en teoría. A necesidade desta medida está avalada polos avisos reiterados que, en conxunción co ciclo climático que padecemos, nos está a dar como propagador e como especie que impide a vida e esgota os acuíferos, pero que, ademais, ten un escaso valor en relación coas terras que ocupa e con outras especies que poderían decuplicar o seu prezo no mercado.

Paulatinamente, deberíamos ir recuperando a diversidade forestal e da industria procesadora de madeira, de verdade: freixo, cerdeira, castiñeiro, carballo... Faise imprescindible recuperar a redacción do artigo 21 —a redacción orixinal— da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios, recuperando os 100 metros de ancho das franxas de xestión da biomasa no perímetro dos núcleos urbanos, e de todo tipo de instalacións a menos de 400 metros do monte.

Por certo, agora descubren que para actuar sobre as franxas de protección son necesarias modificacións legais que non había, e que agora que se ven en evidencia, vense obrigados a tomar.

Non era, pois, culpa dos concellos. ¡Parabéns! Tarde, pero parabéns. Pero tómeno en serio, é o principio de toda medida de prevención e extinción, e sobre todo para evitar a ameaza dos lumes de interface, que agora, polo que parece, xa existen.

Modificar as liñas de axuda, de prevención e de defensa contra os lumes forestais destinadas a titulares de montes, engadíndolle as seguintes características.

Seren aprobadas no mes de marzo e executados os traballos de prevención a máis tardar o 30 de xuño. Que eses traballos subvencionados se poidan facer de xeito manual ou mecanizado, que os traballos subvencionados poidan ser feitos por empresas e por persoal contratados polas comunidades de montes.

Modificación do artigo 24 da Lei 3/2007, referido á silvicultura preventiva, recuperando a súa redacción orixinal. ¿Saben? Refírese a iso de garantir a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa forestal, e á alternancia de teselas con distinta inflamabilidade e combustibilidade. As dimensións destas teselas deberían de variar entre 20 e 50 hectáreas nos casos xerais, e entre 1 e 20 hectáreas nas zonas de alto risco de incendio.

Nas accións de forestación ou reforestación, as masas forestais mono específicas non poderán ter unha superficie continua superior a 50 hectáreas, debendo ser compartimentadas alternativamente. Isto chámase prevención e ordenación. ¿Saben de que vai?

Entre a campaña da PAC de 2013 e de 2017 detectamos unha perda de superficie agraria cultivada de 150.000 hectáreas. Este dato dá fe da ausencia de proxecto para a actividade agrogandeira, e esta Administración non fixo nada para que as terras das granxas que abandonaban a actividade siga tendo un uso agrario. Tampouco se actuou desde a Xunta para frear as forestacións ilegais de terras agrarias, principalmente con eucalipto. Faise, pois, imprescindible un plan de recuperación das terras de vocación agraria...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...ilegalmente forestadas.

Non vou reiterar aquí por enésima vez a necesidade de aprobar o Pladiga no mes de febreiro para poder desenvolver as tarefas de prevención antes do período de máximo risco, nin tampouco que a estas alturas debería de estar en funcionamento un plan de reestruturación do monte afectado polos lumes.

Ademais da recuperación do solo, faise imprescindible un plan extraordinario de recuperación económica das zonas afectadas polo lume. Hai zonas que quedaron a cero, ¡a cero!

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas. Ten outro turno despois.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

É unha pena que non estea a señora Prado, porque aínda que xa dixemos algunhas propostas, agora imos dicir máis propostas. E tamén é unha pena que non estea o señor conselleiro, porque por moito que digan que respectan a mobilización, non o demostran en moitas das súas declaracións, e tampouco o demostran na aplicación de determinadas leis como a lei mordaza. Pero, aínda que lles moleste, nós imos seguir mobilizándonos e a sociedade vai seguir mobilizándose, porque por moito que digan que non se consegue nada, igual deberían recordar que foi a xente na rúa a que conseguiu que dimitira un ministro seu. *(Aplausos.)*

Porque vostedes, por moito que digan que traen moitas propostas, en realidade o que traen é moita propaganda, e hoxe traemos esta moción con intención de pór enriba da mesa unha serie de medidas para comezar a dar pasos no necesario cambio de modelo que precisamos. Por suposto, non pretendemos que sexa un punto de chegada, senón un punto de partida. De feito, moitos dos puntos que aquí anunciamos hai que debatelos máis polo miúdo para profundar neles, e sobre todo para ver como concretalos e adaptalos ás diferentes realidades do noso territorio, pero o importante é a liña xeral.

Nós entendemos que ante un problema complexo —e levamos moito tempo repetindo que estamos ante un problema complexo e multicausal— as solucións teñen que ser —aínda que soe repetitivo— múltiples e tamén complexas, e estas medidas que traemos hoxe parten desta diagnose complexa e incorporan esta perspectiva necesaria a medio e a longo prazo, en contraposición ás medidas que vostedes poñen enriba da mesa, que parten dunha visión moi curtopracista e moi reduccionista.

Entendemos que si que é verdade que poñen medidas —non diría tanto como propostas— enriba da mesa nestas últimas semanas, e caracterízanse, baixo o noso punto de vista, por dúas deficiencias graves: a improvisación, porque só toman medidas despois de que pasan as cousas; e a propaganda, porque non teñen concreción real, son superficiais e parciais, e porque na maioría dos casos non van á orixe dos problemas.

Hai algunhas que poñen enriba da mesa que poderían entenderse como medidas máis estruturais, pero que non son novidasas e que xa están recollidas na lexislación, lexislación feita e aprobada por vostedes, e non entendemos por que non se están poñendo en marcha. Entón non entendemos cal é en realidade a novidade, ou que cambio decidiu agora tomar o Goberno.

Vendo a súa emenda, podemos intuír por onde van as súas intervencións, e é bastante contradictorio con todo o discurso que acaban de facer tanto a señora Prado como o conselleiro, porque todo o derivan a esa comisión de estudo. Entón, ¿queren propostas ou non queren propostas? ¿E onde queren as propostas? Nós entendemos que a Comisión de estudo está moi ben que se cree, de feito nós pedímolos nun primeiro momento, pero esta comisión está para avanzar, e non xustamente para paralizarnos.

Hai determinadas medidas que xa se poden pór en marcha. De feito, este debate tampouco é unha novidade, tamén levamos moito tempo tratando de abordar esta problemática, moito antes de que acontecera a terrible vaga de lumes. Todo este tempo que nós intentamos poñer este debate enriba da mesa, vostedes negaron constantemente que houbera tal problema e todo tiña que seguir exactamente igual que se estaba a facendo nos anteriores anos.

Pero si que é certo que o acontecido en outubro, nesa fin de semana trágica, o que fixo foi visibilizar dunha maneira máis clara que noutros momentos que estamos ante dous modelos antagónicos. Como digo, xa o sabiamos, pero neses días concretos visibilizouse dunha maneira moi clara.

Por unha banda, está o seu modelo, que continúan mantendo; un modelo fracasado, que aposta por reducir o monte exclusivamente ao produtivo; empregan moitas veces como sinónimo monte e forestal; seguen entendendo os lumes como feitos illados; e desta concepción simplista e reduccionista tamén se derivan todas as medidas que poñen enriba da mesa.

Pero hai outro modelo que non é o que defende só En Marea, é o que defende outra moita xente; un modelo que aposta pola transformación estrutural, que entende que os lumes son unicamente un síntoma e que o que toca de maneira urxente é pararse a pensar e recuperar e pór en valor todas as funcións que historicamente tivo o monte en Galicia, que non é unha,

como xa se comentou nesta Cámara en moitas ocasións, senón que é social, ecolóxica e tamén produtiva, pero non única e exclusivamente produtiva.

Todos os anos de goberno do Partido Popular —ás veces cando falan desde esta tribuna parece que chegaron onte ao Goberno, pero por desgracia levan moitos anos pondo en marcha políticas nas materias que agora abordamos— puxeron políticas de ordenación do territorio deficientes, que non se adecuaban en absoluto á realidade de Galicia. Apostaron dunha maneira moi clara polo monocultivo de especies de baixo valor engadido, e —como dicía— eu penso que todas estas medidas que levan todos estes anos pondo en marcha é porque entenden que o territorio só está para a acumulación de capital, cando o territorio, o país e o monte están para que todas e todos poidamos vivir mellor.

Como dicía, penso que toca que deamos un debate serio, que por desgracia moi poucas veces —ou nunca, dende que estou eu aquí polo menos— se dá un debate serio, deixarse de facer tanta propaganda, falar realmente das causas e deixar de repetir slogans da lexislatura do rural, porque os seus discursos, obviamente, xa non os cre ninguén porque non se sustentan con nada na práctica política que levan a cabo, ou incluso cos orzamentos que estamos debatendo nestes mesmos momentos.

O problema fundamental é que falsean constantemente todos os debates, e iso ten unha dificultade —como xa comentei noutras ocasións— engadida á hora de establecer un diálogo, porque, se faláramos de maneira franca e sincera, seguramente diríamos iso non nos gusta, está mal ou temos opinións diferentes, pero vostedes falsean os debates e incluso menten. Por exemplo, agora anuncian —como xa se mencionou tamén— que van mellorar a coordinación cos concellos e que van seguir derivando cada vez máis responsabilidades nestes, como se fora unha cuestión novidosa. Pero, paralelamente a facer este grande anuncio, conxelan a partida orzamentaria destinada a esta colaboración, ou venden como novidasas todas estas medidas que están recollidas na lexislación que aprobaron vostedes e que levan anos e anos incumprindo. Entón, ¿por que temos que pensar que agora —pídenos unha especie de voto de fe— si van cumprir a lexislación que levan moitos anos dicindo que esa lexislación a había que cumprir? Tiñan tamén deslices, porque o propio director xeral de Montes xa facía unha marabillosa entrevista na que falaba destes incumprimentos sistemáticos.

O Plan forestal. Realmente, nós queremos que o Plan forestal se debata e sexa máis participado, por suposto. Pero ¿para que vai servir un plan forestal se despois se vai incumprir sistematicamente? Obviamente, entendemos que non servirá de nada. Esperamos que este plan forestal verdadeiramente sexa participado e conte con todas as perspectivas, non só coa visión produtivista, pero realmente o máis importante é que despois se cumpra.

E despois —como xa tamén comentei— esperamos que nesta comisión de estudo que se acaba de aprobar superen os marcos estreitos do debate, pois tamén limitan moito o debate os seus marcos, porque hai que falar de política forestal, hai que falar de ordenación dos nosos montes, hai que falar do modelo de prevención e extinción de incendios, pero tamén —e é algo do que nunca falan vostedes— hai que falar do despoboamento do rural, das políticas para reverter este despoboamento e, sobre todo, tamén de emprego, de servizos básicos etc., e diso moi rara vez escoitamos unha soa palabra cando se trata de falar de



prevención e extinción de incendios, e ten unha comprobación moi sinxela. Se se superpón o mapa das zonas queimadas nos últimos anos co mapa das zonas nas que hai abandono, coinciden nunha porcentaxe elevadísima.

Por iso tamén, aínda que entendemos que o que temos que facer é un cambio estrutural, presentamos esta serie de medidas, que algunhas son para curto prazo pero, sobre todo, pensan no medio e longo prazo nesta visión de conxunto de país. Polo menos, se queren dar unha mostra de boa vontade, e dicir que para falar de ordenación do territorio no vale un debate de dez minutos, concordo con esa cuestión; e para falar de despoboamento do rural non vale un debate de dez minutos, bueno, vale; pero levamos moitos anos tratando de pór estes debates enriba da mesa e vostedes negándose sistematicamente. Dean unha mostra de boa vontade e aproben unha serie de medidas que son totalmente sinxelas. Porque ¿cal vai ser a razón para explicar que se van negar, por exemplo, ao punto da moción que fala da elaboración do Pladiga? Porque eu penso que é unha cuestión bastante básica, na que tiveron bastante tempo para reflexionar, para que digan que a Comisión de estudo ten que analizar se o Pladiga se presentou tarde ou se presenta pronto. Bueno, eu penso que é unha evidencia que catro días antes, cando leva anos e anos fracasado, e anos e anos que non serve practicamente para nada.

Ou tampouco poden posicionarse agora con cuestións tan básicas como prestar a atención necesaria aos animais danados, colaborando activamente cos concellos. A ver se teñen algunha razón de peso para dicir que estas cuestións teñen que falarse na Comisión de seguimento. Hai medidas que non poden agardar a esta comisión, e a Comisión de estudo ten que ser —como dicía— para avanzar e non xustamente para paralizarnos.

E vou rematando, pero, obviamente, non creremos absolutamente nada, nin dos discursos nin dos anuncios, mentres non cambien os responsables políticos, porque se non cesan a Ángeles Vázquez e a Fernández Couto, non vai servir absolutamente de nada todo o que digan, porque hai responsables políticos. Fernández Couto leva dezasete anos de políticas fracasadas, e para pór en marcha outras políticas precisamos, obviamente, outros políticos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Bos días, presidente.

Deputadas, deputados.

Previamente á moción, igual que fixeron os meus compañeiros, eu comprométome, como deputado do Partido Socialista, co pacto de Estado contra a violencia de xénero, e prometo traballar por e para mellorar e enriquecer o mesmo dende o colectivo e individualmente. *(Aplausos.)*

Bueno, entrando en materia, hoxe traemos aquí unha moción que, a grandes rasgos, ten coincidencias coa do Bloque e a de En Marea, tendo como fío condutor unha preocupación

común, que entendemos que tamén é a preocupación desta Cámara como é a preocupación da sociedade en xeral. Estamos a falar ou imos falar da prevención e extinción de incendios e diversos aspectos relacionados coa ordenación dos usos do chan e das masas forestais.

É certo que moitos dos aspectos que hoxe imos tocar aquí, que traemos nesta moción, serán —ou entendemos que serán— os puntos da orde do día da recién creada Comisión de estudo. Pero esta circunstancia —que coincidan ou deixen de coincidir— non é obstáculo para ir entrando en materia; tomémolo como unha introdución desa comisión que se acaba de crear. Polo tanto, non imos aceptar a emenda do Partido Popular porque non vemos incompatibilidade en ir falando do que logo falemos e poñamos en valor, debate etc., nesa comisión; unha cousa non é obstáculo para a outra.

Con respecto á moción, en concreto, no primeiro punto pedimos que o documento do Plan forestal se envíe aos grupos para o seu estudo e debate, coa finalidade de facer as aportacións que cada grupo considere. E a nós sérvenos que ese documento aterrice a través da comisión se esta se pon a funcionar rapidamente.

De igual xeito, pedimos a incorporación dos criterios de explotación racional do monte, da sustentabilidade e multifuncionalidade. Non nos vale unha visión —como xa se dixo recentemente desde aquí— estritamente produtivista nin só unha tacticamente preventiva. Temos que ser máis ambiciosos e ser capaces de combinar economía, sociedade e medio ambiente.

Non podemos estar máis tempo falando de algo tan importante e transcendente para o país sen poñernos mans á obra, máxime cando todos sabemos que hai un documento que leva seis meses esperando o debate para a súa adecuación ás necesidades actuais. Temos que ser capaces de conseguir un acordo de país, un plan forestal cun forte respaldo social, ou non será tal plan que cumpra eses obxectivos que todos desexamos.

Cando falamos do cambio que precisan as políticas de agrupación de fincas forestais, estamos a referirnos a unha das necesidades clamorosas para a ordenación deses usos forestais. Se o modelo actual, sofor, reflicte un modelo fracasado, teremos que ser quen de redireccionar esas políticas cara a modelos máis operativos tipo uxfor. Independentemente de que cambiemos nomes, o que está comprobado como operativo haberá que repescalo e implementalo á luz das novas necesidades.

Do mesmo xeito, non podemos seguir coa máxima «deixar facer, deixar pasar», no referente aos procedementos sancionadores en materia de prevención de incendios nas fincas privadas; ou contentarnos coa máxima de pasarlle as responsabilidades á Administración local, cargándolle en exclusiva o peso dunha tarefa que en moitos casos sobrepasa con creces a capacidade deses concellos.

A Administración autonómica ten que traballar en estreita colaboración coa local, por iso na Lei de acompañamento propuxemos a creación dunha axencia de protección do monte como elemento que coordine os esforzos e vehiculice as axudas, e esa idea e ese proxecto levarémolo á Comisión. Non podemos seguir botando man do Banco de Terras como unha solución

milagrosa para facer fronte a unha das grandes eivas do rural como é a estrutura da propiedade, que é unha pexa para a reorganización do mundo rural, cando na realidade a consignación orzamentaria non deixa de ser anecdótica.

Se o Banco de Terras é fundamental para facerlle fronte á disgregación e tamaño das leiras das terras agropecuarias, igual de importante o vai ser para os casos de montes en estado de abandono, sobre os cales hai que facer un derradeiro intento de constituír as xuntas reitoras para que os interesados directos poñan a funcionar o monte coa axuda da Administración.

Por outra banda, as franxas de protección dos núcleos deben ser un valor estratéxico sobre o que se debe poñer todo o foco das actuacións, dada a transcendencia que teñen en situación de risco para a poboación. A nosa postura é que temos que ser xenerosos cos metros do que deben ser as zonas refuxio diante desas situacións de alto risco. As políticas de prevención pasan, entre outras cousas, por poñer o interese no cumprimento da limpeza destas franxas, para o cal a Administración autonómica debe colaborar directamente cos concellos se queremos velas como unha realidade e non como un anuncio de autocompracencia.

A nosa posición é volver ás medidas que no seu día se aprobaron e que o actual Goberno anulou e se resiste a reeditar, cando a experiencia aconsella franxas xenerosas para facerlles fronte aos lumes de nova xeración. De aí a reiteración de que as distancias deben volver a eses 100 ou 50 metros respectivamente. E dáños igual se ao final son 45 e 92, ese non vai ser o problema, senón que a xenerosidade nesas medidas e, polo tanto, nesas franxas, debe ser o norte para a actuación nestas zonas refuxio tan estratéxicas para a seguridade da poboación fronte á ameaza do lume.

Seguindo coas políticas de combate fronte ao lume, o Pladiga do ano 2018 ten que experimentar cambios profundos e abandonar a política de corta e pega que presidiu as políticas de extinción nos derradeiros anos. Un elemento substancial para acadar unha boa planificación contra os incendios é presentar en tempo, prazo e forma o Pladiga. Un Pladiga que nós entendemos —e non imos debater se febreiro, como dixo o representante do Bloque, nós falabamos de marzo como máis tardar— que debe de estar á disposición dos grupos para a súa análise e para o seu debate e implementación e sacar un bo plan.

Con respecto aos traballos de prevención, entendemos que hai que facer unha boa xestión administrativa para que eses traballos sexan eficientes e cumpran o obxectivo para o que foron concibidos, o obxectivo que buscan. En todo caso, os traballos de prevención non deben verse abocados a iniciarse xa co verán enriba.

Un caso concreto e chamativo é o da limpeza de montes veciñais, onde reiteradamente as aprobacións para iniciar os traballos de limpeza de broza e poda danse no verán un ano tras outro, sinxelamente por un problema de mala xestión.

Tamén sería importante mellorar o sistema de pagos para axilizalos e permitir a subsistencia das pequenas e medianas empresas, permitindo o pago ás propias comunidades veciñais, para o cal haberá que habilitar —como xa houbo no seu día— liñas de creto a baixo interese

para que sexan quen de facerlles fronte aos gastos en tempo e forma e que este tipo de traballos non acaben sendo unha bolsa golosa só para as grandes empresas.

Falando do dispositivo de extinción, un dos elementos clave aos que se refiren os distintos colectivos do mesmo é a concentración e coordinación nun mando único para incrementar a efectividade dos mesmos. É unha cuestión de organización simplemente; organización e operatividade que todo o mundo reclama. Do mesmo xeito, temos reiterado nesta Cámara a través de distintas iniciativas a problemática de varios colectivos do servizo público que teñen unhas condicións laborais impropias da Administración, como é o caso dos fixos discontinuos de tres meses, que na súa globalidade acadan case as mil persoas, altamente cualificados, por outra parte, e que teñen unhas condicións laborais que non permiten tirarlles todo o proveito necesario para levar adiante unhas políticas de prevención adecuadas.

Se se escoita a calquera dos membros do Servizo de Extinción a petición de formación, é unha vindicación reiterada debido ao cambio, circunstancias e novos escenarios aos que se teñen que enfrontar. A formación e o material adecuado tamén é vital para facerlles fronte a eses lumes de nova xeración. Do mesmo xeito, a concienciación sobre o cumprimento das normas de prevención e control de queimas, así como a difusión dos plans de emerxencia para as persoas que habitan en zonas de risco, é outro dos piares dunha boa política preventiva.

En definitiva, estas medidas e outras similares, como a análise, o debate e a evolución que tiveron os lumes desde o 2006 haberá que poñelas enriba da mesa da Comisión, co afán de alicerzar un grande acordo que se adecúe ás necesidades do país e que teña un forte respaldo social, porque se non non será tal plan e o tempo estará perdido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, vimos hoxe falar dun tema de moita importancia para o noso país, como é o modelo de monte que queremos ter, non só para nós, senón tamén para os nosos fillos e para os nosos netos. Porque, miren, a xestión forestal ten un compoñente fundamental de planificación a longo prazo.

Trátase dun tema ao que o noso grupo parlamentario e a Xunta lle dan a máxima importancia, e tamén, polo que levo escoitado hoxe —estou seguro—, os grupos da oposición.

A recente vaga de incendios de mediados de outubro motivou —entre outras cuestións, como preguntas en Comisión e en Pleno, interpelacións ou mesmo as mocións que hoxe debatemos— as seguintes comparecencias en sede parlamentaria, para ter idea da importancia que se lle deu. A da conselleira do Medio Rural, que compareceu de forma inmediata na Cámara o martes 17 de outubro, cando aínda non se completaran as tarefas de extinción. A do

presidente da Xunta, no Pleno do día 7 de novembro, é dicir, antes de que transcorrese un mes dende a vaga de incendios. E hoxe mesmo a comparecencia do vicepresidente da Xunta para falar da coordinación das emerxencias, que tivemos ocasión antes de escoitar.

Sen dúbida, para nós, para o noso grupo parlamentario, a comparecencia do presidente da Xunta marcou un fito importante, porque na mesma —que se fixo a petición propia e de todos os grupos da oposición—, unha vez superadas as urxencias, cun balance de danos máis preciso e coas axudas necesarias para os afectados xa publicadas e tramitándose, o presidente anunciou que se daban as condicións para facer un debate con máis coñecemento e, polo tanto, máis amplo e profundo.

Sinalou o presidente —e quero citar literal o que el dixo—: «Señorías, os centenaes, miles de galegos que viviron en primeira persoa a angustia dos lumes, e sobre todo catro familias que choran a perda dun ser querido, merecen que os honremos nesta Cámara cun debate que vaia máis alá do simplismo Goberno-oposición». «Pola miña parte» —dicía o presidente— «acudo hoxe aquí con toda a vontade de que este Parlamento poida ofrecerlles a eles e ao conxunto de Galicia algo que non sexa simplemente unha sesión máis. Debemos ofrecer respostas ao sucedido, pero tamén respostas para o futuro».

Poderían vostedes argumentar que se trata de manifestacións —como xa fixeron— baleiras de contido, mera propaganda, máis do mesmo, pero é que o presidente foi máis alá. Recolleu 30 medidas concretas no eido da prevención, no da ordenación e no da dinamización. E non falou para nada de impoñelas, falou de traballalas conxuntamente con vostedes —logo teremos ocasión de velo—.

Tamén poderían dicir que nós imos facer o de sempre —xa o dixeron—, que imos pasar o rodillo da maioría sen máis. Tampouco lle podemos comprar —neste caso o noso grupo parlamentario— o argumento, porque ademais de propoñer que se traballara conxuntamente nesas medidas, tamén se recolleu a inqueda dos grupos da oposición, e propúxose, e xa se ten constituído, unha comisión parlamentaria que busque un acordo de país sobre a política forestal que blinde para moitos anos a unidade de criterio e a unidade de acción; esta comisión foi aprobada pola Xunta de Portavoces o pasado día 15 de novembro.

No curso da comparecencia, o presidente tamén marcou —non impuxo, pero propuxo— a senda que nos podía levar a ese acordo en materia forestal.

No ámbito das medidas urxentes, na xestión da biomasa nas franxas de seguridade, o que dixo o presidente —sobre todo nos perímetros dos núcleos rurais— é que tiñamos a Lei de medidas fiscais e administrativas como un mecanismo para poder introducir as modificacións que fosen necesarias —que as hai que introducir— antes de que chegásemos ao período de máximo risco do ano 2018. É dicir, non podemos esperar probablemente á conclusión da Comisión, e se temos que recoller algunha medida urxente, fagámolo a través das emendas.

Pedi tamén no debate aos grupos da oposición que presentaran as súas propostas vía emendas á Lei de medidas, coa vontade de chegar a acordos nese ámbito. Así, e con esa vontade,

o noso grupo parlamentario presentou un total de 20 emendas á Lei de medidas relacionadas coa xestión da biomasa nas franxas de seguridade.

No ámbito das emerxencias, naquela comparecencia o presidente anunciou a comparecencia do vicepresidente da Xunta, que se produciu hoxe finalmente.

E, por último, propuxo tamén —como xa dixen— a Comisión parlamentaria de estudo á que nos referiamos antes, para que se buscara un deseño da política forestal consensuado entre todos os grupos parlamentarios, e tamén, por suposto, coa Xunta. Dentro desta comisión, propuxo a tramitación parlamentaria da revisión do Plan forestal de Galicia que configurara as liñas mestras do noso sector forestal para as próximas décadas. Eu, e o noso grupo parlamentario, preguntámonos: ¿non reflicten estas propostas do presidente unha vontade inequívoca de chegar a acordos cos grupos da oposición no deseño da nosa política forestal, a de todos? ¿Non pensan que é o que queren e esperan os galegos e as galegas, precisamente que cheguemos a eses acordos? ¿Que outras propostas alternativas nos fan vostedes nesa senda de consenso?

É certo que as declaracións dos seus voceiros posteriores á intervención do presidente non mostraban moito convencemento respecto da vontade da Xunta e do noso grupo parlamentario de lograr consensos nesta materia, pero nós estamos firmemente decididos —repito—, estamos firmemente decididos a sacar adiante o traballo que se nos encomendou pola sociedade galega, que é facer política para resolver os problemas dos cidadáns.

Con esta posición, eu agora vou comentar e vou explicar por que facemos a emenda que traemos hoxe aquí ás mocións que vostedes presentan. Son tres mocións cun abano de propostas concretas, de medidas. No caso do Bloque e de En Marea, cada un de vostedes presentan 14 medidas, e digo 14 porque, aínda que levan 15, dende logo, non imos discutir como unha medida de política forestal a dimisión da conselleira ou do director xeral. O PSdeG presenta 11 medidas. Son un total de 39 medidas que coinciden bastante entre elas.

Nos días posteriores á comparecencia do presidente, os seus voceiros criticaron as 30 medidas que propuxo a Xunta de Galicia. Sinaladamente, o señor Villares declarou que boa parte delas xa forman parte de leis vixentes, sen que o Goberno galego velase nunca polo seu cumprimento. Para nós resulta sorprendente, cando unha maioría das medidas que propoñen vostedes nas tres mocións concordan coas que propuxo o presidente, e mesmo con algunhas das que nós recolleemos nas nosas emendas á Lei de medidas fiscais e administrativas. Voulles facer un breve recordatorio para que vexan como está fundamentada esta afirmación.

Á necesidade de tramitación parlamentaria do Plan forestal e os criterios que debe de incorporar dedícanlle as medidas 1 e 2 do Partido Socialista, 1 e 2 do Bloque e a medida 1 de En Marea. Pero é que esa tramitación parlamentaria xa foi proposta polo presidente na súa comparecencia. Os criterios que propoñen as súas señorías para incorporar ao Plan forestal xa están recollidos nas directrices, aínda que o señor Rivas diga que se teñen que rexeitar; pero os mesmos criterios que vostede escribe na súa moción están nesas directrices. Tamén lles recordo que este grupo parlamentario aprobou unha proposición non de lei na Comisión



7ª na que instaba a Xunta a seguir esas directrices na revisión do Plan forestal. Todos vos-  
tedes se abstiveron.

A adecuada xestión da biomasa nas franxas de seguridade, sinaladamente nos perímetros dos núcleos rurais, á que o Bloque lle dedica as medidas 3 e 4 da súa moción e o Partido Socialista Galego dedícalle a medida 6, está tamén abordada na súa totalidade nas modificacións que se incorporan pola Xunta na Lei de medidas, a Lei 3/2007. Isto é importante, Lei 3/2007, que é, por certo, do Bipartito: prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia. Ademais, esta preocupación pola franxa de seguridade e pola xestión da biomasa motivou un bo número de emendas tanto do Grupo Popular —20— como dos grupos da oposición. Dado o ton das emendas, sobre todo dalgún grupo, penso que neste campo poderemos acadar acordos na fase de tramitación das mesmas.

Quero facer aquí unha aclaración sobre un tema no que os grupos da oposición están incidindo e que non se corresponde coa realidade. Por exemplo, falaba onte o señor Sánchez de que o noso grupo parlamentario se cargara todo o sistema deseñado polo Bipartito na xestión da biomasa nas franxas de seguridade, e que minorou estas franxas, sinalando como moi grave pasar dos 100 metros aos 50 arredor dos núcleos de poboación. Tamén fixo mención a isto o señor Quiroga.

Eu quero facer dúas precisións. Primeira, que a normativa que segue a regular a xestión da biomasa nas franxas é a Lei 3/2007, que foi modificada, é certo, por unha lei bastante importante, que é a Lei de montes 7/2012, pero en cuestións de procedemento, porque a filosofía segue sendo a mesma: xestión da biomasa polos propietarios e execución subsidiaria polos concellos. A acusación de que se reduciu a franxa de seguridade nos núcleos rurais de 100 a 50 metros non se corresponde, señorías, coa realidade. ¿Como falaba desta franxa de 100 metros o texto orixinal? Falaba de 100 metros arredor dos núcleos de poboación. Miren, ¿desde onde se medían eses 100 metros? ¿Onde comezaba e terminaba ese núcleo? É dicir, non había ningunha concreción para a fixación da franxa. O que se fixo, a modificación —si, señor Rivas—, foi fixar a forma de medila, que é o perímetro do solo urbano do núcleo rural e urbanizable. Aínda que se reduciu en termos nominais a franxa, en termos reais ampliábase esa franxa, porque colle todo o perímetro do solo.

A potenciación do papel do Banco de Terras como instrumento esencial no redimensionamento das explotacións agrogandeiras galegas está recollido na súa moción; na do Bloque, na medida 13.; coincide coa 5 do Partido Socialista Galego e tamén coa 1 de En Marea. Pero miren, é que esta proposta está recollida nas medidas 6, 7 e 8 das que puxo encima da mesa o presidente. Entre outras cousas, fala alí de utilizar o Banco de Terras para conseguir polígonos agrarios e tamén forestais.

Pero é que esta mesma proposta de potenciación —e xa sei que despois me dirán que dedicamos poucos cartos para o Banco de Terras— tamén se recolleu no texto resolutivo dunha proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Partido Popular que se debateu na Comisión 7ª do 7 de xullo deste mesmo ano; por certo, cunha emenda aceptada de En Marea que votamos todos a favor excepto o Bloque, que dixo que se abstiña porque non se fiaba de nós.

A recuperación dos montes afectados polos incendios, que está nas medidas 9 e 10 do Bloque e que están na 12 e 14 de En Marea, xa foi anunciada aquí polo presidente. Dixo na comparecencia que nas primeiras 24 horas posteriores á vaga o Consello da Xunta aprobou o decreto marco que dá soporte xurídico ás axudas, e mesmo se habilitou nos sete días seguintes unha partida de 20 millóns de euros para esas axudas. Ademais, señorías, tal e como lles sinalou a conselleira na interpelación da que traen causa estas mocións, destináronse 7 millóns de euros para accións de consolidación de solos e restauración de zonas queimadas.

A vixilancia e investigación dos incendios forestais, que tamén se recollen nas medidas 4 e 5 de En Marea, son as medidas recollidas no discurso do presidente da 26 á 29, creación de equipos forestais de investigación, creación de equipos de vixilancia e incumprimento, rexistro administrativo de investigacións en materia de incendios forestais, creación dunha rede de vixilancia forestal mediante cámaras de vídeovixilancia.

Señorías, sen dúbida outro dos eidos importantes que teremos que abordar no seo da Comisión é o fomento da agrupación das fincas forestais para a súa xestión conxunta. Neste ámbito, Xunta e Grupo Parlamentario Popular queremos facer un esforzo nas Sociedades de Fomento Forestal, e así o recollemos nas medidas que o presidente propuxo como 24 e 25, que facilitan os requisitos para a constitución das sofor e inclúen rebaixas fiscais para atraer o investimento emprendedor no sector forestal. Os tres grupos parlamentarios fan incidencia na necesidade de recuperar as uxfor, que dicía o señor Quiroga que foron moi efectivas e que non chegaron a constituírse.

Dirá o señor Rivas despois que non lles demos tempo o Partido Popular. Nós, señorías, apostamos, e pregaríalles que as lean neste sentido, polas reestruturacións parcelarias por particulares recollidas na Lei de mellora da estrutura territorial de Galicia e que están impulsadas no ámbito forestal na Lei de medidas neste ano 2018. Son polígonos forestais, están aí recollidos.

No que atinxe ao deseño do Servizo Público de Prevención e Extinción de Incendios é evidente que a Xunta e o noso grupo defenden un modelo co que poden discrepar vostedes, pero tamén disto podemos falar na Comisión.

En definitiva, señorías, penso que co que levo exposto podemos concordar en que moitas das medidas das súas mocións son coincidentes coas medidas propostas pola Xunta e polo noso grupo parlamentario. E dende esa perspectiva de vontade da Xunta e de todos os grupos parlamentarios de traballar a prol dos nosos cidadáns, e xunto coas aportacións dos comparecentes na comisión, deberíannos permitir acadar consensos que se plasmen nas conclusións desa comisión de estudo.

Neste senso, a nosa emenda o que pide é que no traballo de comisión se teñan en conta, ademais das medidas anunciadas pola Xunta, todas as propostas de todos os grupos, tanto do Grupo Parlamentario Popular como dos grupos da oposición, para o deseño dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Vázquez.

Réplica dos grupos autores da proposición non de lei, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señor González, ás propostas que se fixeron aquí por tres mocións da oposición vostedes contestan cun puntinho que di: O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión Especial de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal, as propostas de todos... (*Murmurios.*)

Fagan propostas xa aquí. ¡Fagan agora propostas! (*Aplausos.*) ¡Claro!, ¿que vamos...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Para pasadomañá? E pasadomañá volveremos, e así iremos adiando o problema e a discusión. Non, non, non. Este Parlamento, esta comisión e estas mocións están para propostas e para discutir, para sacar luz. ¿Vostedes non queren luz? ¿Queren sombra? ¡Claro! Non, non. (*Murmurios.*) ¡A ver se nos aclaramos! Xestión forestal ou xestión do monte. Aclárense. Porque vostedes sempre utilizan xestión forestal, e logo falan de monte multifuncional. ¿De que van?

Falan de 30 medidas que para nós son insuficientes porque o problema é estrutural. Vostedes non atenderon ao que dicimos aquí. Non, non, non queren atender. Vostedes presenten emendas que vaian adiantando este diálogo que pretenden facer. A min paréceme moi ben o talante que teñen e paréceme moi ben a chamada ao diálogo, pero o diálogo hai que demostralo. O movemento —repito— demostrase andando.

Non me rebateu ningunha das propostas que lle fixemos. Quedáronme algunhas por facer. De verdade, quedáronme algunhas por facer, ¡claro! Quedoume por facer que nós pedimos unha auditoría para esas contratacións dos medios de extinción, sobre todo dos aéreos. (*Aplausos.*) Están en cuestión desde hai moito tempo, e non só polo BNG. É a sociedade quen cuestiona o montante enorme de diñeiro que se gasta en medios privados, e é necesaria unha auditoría. ¿A quen lle molesta a luz? A Comisión. ¡Fagan unha auditoría!

E, por suposto, a dimisión do señor Fernández Couto. Está... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, por suposto. É dicir, está entredito desde hai moito tempo a súa actuación. Dezasete anos á fronte dunha dirección xeral... ¡xa está ben!

Pero, miren, o problema segue sendo outro que incide no mesmo. Antes de nada, vou dicir que non facemos nós a primeira emenda que se nos fai desde o Grupo Socialista, porque, vistos os antecedentes en canto á observancia do Plan forestal por parte dos gobernos do PP, nós non nos fiamos; seguimos sen fiarnos. Vostedes duplican... Permiten que se violente o Plan forestal... Si, si, o Partido Popular, que leva gobernando toda a vida neste país, excepto tres anos de descanso, de recreo... (*Murmurios.*) ¡Claro! ¡Caramba! Toda a vida, señores, toda a vida. ¡Caramba, non se me alteren! Claro, vostedes, que levan gobernando toda a vida, que permiten este caos, agora queren darnos a entender que o novo plan forestal vai ser doutra maneira.

Sigo preguntando, ¿de onde van partir?, ¿de que realidade forestal e de monte van partir? ¿Das catrocentas e moito mil hectáreas ocupadas polas monoespecíficas ou dun novo monte? Dígnanos de onde van partir para formular ese plan forestal. Necesitamos sabelo para saber como imos falar disto.

Por suposto, no tocante ás brigadas municipais do dispositivo de incendios, cremos que deben ser suprimidas por inoperantes; e ademais por ser unha ferramenta política moi dada a manipulacións caciquís das que todos sabemos e todos falamos diso sempre. E, por favor, ¡xa está ben!

Pero, sobre todo, revitalizar o rural, repoboalo, supón crear as condicións para que se asenten familias que, coa súa actividade económica e laboral, continúen coa humanización da paisaxe, facendo xestionable o territorio.

A ocupación do territorio rural, a súa habitabilidade e o seu aproveitamento sostible ten a ver coa descompresión dos asentamentos urbanos e cun impacto menor sobre o medio ambiente.

O aproveitamento económico ten que ser integral; monte, agricultura e gandería conxúganse en conxunto, están interrelacionadas. Non hai monte posible sen agricultura e gandería, e viceversa.

As reformas son estruturais, unha emenda á totalidade das políticas erráticas do PP. De verdade, estamos satisfeitos, bastante satisfeitos, de que vostedes agora se empecen a cuestionar as súas políticas, porque as 30 medidas do presidente son un principio de *mea culpa*, un acto de contrición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor. ¿Por que non adoptaron esas medidas antes, se o problema está aí desde hai moitísimo tempo? Desde hai moitísimo tempo os lumes ameazan as poboacións. Desde hai moitísimo tempo todos vemos que está manga por ombro. Todos vemos os eucaliptos metidos nas estradas, ¡caramba! Iso está así, calquera cego o ve, ¡por favor!

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda do PP, ¿que me di?

**O señor RIVAS CRUZ:** Sobre a emenda do PP —descúlpeme, señor presidente, grazas pola súa xenerosidade—, esperamos que cumpran o que queren cumprir, o que acaban de dicir aquí, que se baixen a razoar, que se paren a razoar e a discutir e a consensuar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Entón, acepta a emenda. ¿Acepta a emenda?

**O señor RIVAS CRUZ:** É unha burla. A súa emenda é unha burla ao diálogo.

**O señor PRESIDENTE:** Non a acepta. Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas.

Agora, antes de nada, é interesante a clase de manipulación que nos deu o portavoz do Partido Popular, porque agora dános unha explicación marabillosa de por que reduciron as franxas de protección, que os números non son así como parece. Pois vaia á hemeroteca e mire as explicacións do señor Feijóo, que cando decidiron tomar esta medida dicía que coa experiencia actual, despois do 2006, cando se decidiu a modificación, non era necesaria tanta distancia. Non dicía que esa distancia era maior, dicía que era menor pero que non facía falta máis. E, se non, vaian á hemeroteca, porque iso está en moitas declaracións públicas de diferentes xornais. E deixen de mentir, porque é bastante ridículo e todas temos memoria. E, sobre todo, agora todo queda rexistrado para que poidamos volvelo ver.

Por suposto que houbo moitas comparecencias e houbo bastantes presións. Tamén habería que ver cantas comparecencias había se a oposición, e non só a oposición, senón toda a sociedade galega, non reclamase que deran unha resposta. Bastante patético foi que se negaran a falar aquel martes e mércores dos lumes, cando todos tiñamos na cabeza aquela situación e decidiron manter un pleno con total normalidade.

Pero o problema non é se houbo moitas ou poucas comparecencias, o problema é que as respostas foron totalmente insuficientes e volven falar das mesmas medidas, das grandes medidas, cando volvemos repetir que moitas xa estaban recollidas, non eran ningunha novidade, e ademais é mentira que teñan vontade de diálogo.

Veñen aquí cun ton moi agradable —a ver se na Comisión sempre teñen este mesmo ton conciliador— pero non escoitan. Entón, por moito que teñan un ton conciliador, se non escoitan e menten, é bastante difícil chegar a acordos e bastante difícil crer que realmente teñen vontade de diálogo.

Non é verdade que a maioría de propostas que trae hoxe a oposición estiveran recollidas polo propio presidente. É falso. Nin unha palabra din do plan de emprego rural, nin unha palabra do Pladiga, nin unha palabra da precarización do servizo etc. Poderíamos seguir así con moitísimas das medidas, pero bueno.

Di vostede que o presidente ratifica moitas das medidas. ¡Vale!, pois apróbenas. Se xa as anunciaron, entón apróbenas, e non veñan con esta emenda que é totalmente ridícula, e unha vez máis, ao mellor, cando pase de estar este foco no centro da axenda política, igual deciden dar marcha atrás a moitos dos seus discursos que agora parece que teñen asumidos.

Temos que dicir que a nós, por suposto, non nos parece mal que se creara esta comisión. Solicitámola e parécenos fantástico que se teñan estes debates con calma e con máis tempo e reflexión, pero, obviamente, hai cousas que nos fan desconfiar da súa vontade. Como todo o visto hoxe neste debate das mocións, que o levan facendo en todo o debate sempre, non só hoxe, senón en todas as súas intervencións. Non recoñecen ningún tipo de responsabilidade política, e entón, ante esa falta de recoñecemento e de autocrítica, pensamos que vai ser bastante difícil que, mantendo os mesmos responsables políticos, vaian pór en marcha outras políticas diferentes.

E a terceira, porque vostedes levan moitos anos no Goberno, e no ano 2006, cando se abriu esta comisión de estudo que, por certo, vostedes boicotearon —que tamén temos memoria—, ignoraron totalmente as conclusións que se sacaran desta comisión de estudo. Entón, permítannos cando menos desconfiar da súa boa vontade, porque, realmente, o único que parece que lles interesa é ralentizar e pospor indefinidamente este debate, pois, se realmente tiveran vontade política, aprobarían hoxe algunhas; non digo todas, pero aprobarían algunhas.

Está falando vostede mesmo de 39 medidas da oposición. Nin unha soa desas medidas pode ser aprobada polo Partido Popular. Iso é o que están dicindo. Dáme exactamente igual o relato que vendan. O que están dicindo co seu voto é iso: o Partido Popular vota en contra desas 39 medidas. Por moito que despois diga uns discursos maravillosos aquí, nesta tribuna, non ten absolutamente nada que ver co que despois fan e coas emendas que vostedes fan ás súas propias leis.

E como digo, deixen de limitar o debate, porque en todas as intervencións: política forestal, política forestal, política forestal. Si, falemos de política forestal, pero como levamos dicindo moito tempo, tamén hai que falar de políticas para o conxunto do país: de ordenación do territorio, de emprego, do rural etc., porque, se non, seguirán poñendo parches que non van solucionar absolutamente nada.

E, obviamente, se queren que creamos que teñen vontade de diálogo, cesen inmediatamente os responsables políticos de que esteamos aquí hoxe así.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Teñen que entender que hai moitos motivos para un certo escepticismo, e dentro dos grupos da oposición comprobamos que, unha ocasión tras outra, as iniciativas que presentamos neste eido son rexeitadas sistematicamente. Entón, partindo desa realidade, repito que teñen que entender o escepticismo de partida que temos no noso caso, sen referirme aos outros grupos.

Xa dixemos que debater na Cámara e na Comisión é perfectamente compatible, e non hai por que desviar os debates sobre algo tan importante que preocupa á sociedade galega en xeral.

Facendo alusión a algunhas das intervencións anteriores, eu tamén me sumaría a que o movemento se amosa andando, cando nos poñamos nel. Entón, nós queremos partir da idea de que iremos con espírito construtivo, de que a Comisión vai ser realmente resolutive. Entendemos que o momento é delicado e imos con ese espírito totalmente construtivo para tratar de chegar a un acordo que realmente poña os alicerces da solución para estes problemas: monte, forestal, incendio, rural, que están xa no centro do foco.



Tamén pensamos se se vai tocar sen ningunha cortapisa calquera tema dos que á Comisión se leven, sen ningún tipo de veto e sen ningún tipo de prexuízo á hora de analizalos. En canto á moción en concreto, a que presentamos nós aquí, que se nos intente despachar con esa emenda de «bueno, non falamos e xa falaremos», volvo repetir que non lle vemos sentido ningún.

Con respecto ao que dicía o portavoz do PP da medida 6, que reflicte a problemática das distancias da franxa de seguridade con respecto á poboación, que para nós é fundamental, pois moi probablemente se manteña a filosofía, pero o que está claro é que as medidas se alteraron. Volvemos reiterar que non é unha cuestión de cinco ou seis metros arriba ou abaixo. En todo caso, as que hai na actualidade non son suficientes e que hai que ser xenerosos neste tipo de franxas, posto que van ser un refuxio, van ser unha zona de refuxio fronte a situacións de perigo.

Con respecto ao que se nos criticaba do Banco de Terras, creo que é obvio para todo o mundo que é unha ferramenta e un mecanismo adecuado, e o que precisa non é só un orzamento, senón un respaldo político para que poida ser efectivo. Non é só cuestión de poñerlle «x» euros enriba, senón ademais crer que esa é unha ferramenta que nos vai axudar.

Nós, na nosa exposición, non falabamos de que as uxfor sexan un modelo a seguir a pies juntillas, senón que ese era un modelo que no pouco tempo que tivo para botar a andar, con 45 sociedades que se empezaron a crear, tiña unha filosofía que quizais haxa que retomar. Falaremos ou debateremos na mesa, pero entendemos que esa é a liña. Non o modelo estritamente das uxfor, senón a filosofía que presidía ese tipo de mecánica.

Con respecto a outros temas, evidentemente hai que amplialos. Nós traíamos un catálogo, pero ese catálogo estaba incompleto e é moitísimo máis amplo. De feito aquí —e non concordamos co BNG no tema das brigadas municipais, si concordamos en que hai que reformularlas de arriba a abaixo, darlles un xiro total, porque teñen que estar pensadas para o traballo de prevención, e un traballo de prevención ao longo do ano, non como un grupo de traballadores que entrarían máis ben dentro do concepto de colchón social ou de rede clientelar. Entón, isto precisa unha profunda transformación, e igual que noutros temas, pensamos que hai que ir con apertura a esa comisión, ou onde sexa, para o debate. E se fora preciso suprimilas e poñer en marcha outros mecanismos, tamén estaríamos a favor deles.

Nós acreditamos que desta volta o Plan forestal si ten que ter un carácter executivo, si ten que ter unha obriga que non tiña o do ano 1992, que amosou a súa incapacidade para planificar e para ordenar os usos do solo e as masas forestais deste país.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Rematado o debate sobre as mocións, procedemos á votación. Votación que faremos de xeito independente.

Comezamos votando, en primeiro lugar —pechen as portas, por favor—, a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 37; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Esquecinme de comentar que nesta moción non foron aceptadas as emendas, tanto do Grupo Socialista como do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, que non aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista, que non aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as dezaseis quince.

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha autoemenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 14121)*

*Emenda de modificación do punto primeiro.*

*Débase modificar o encabezado do punto primeiro da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido.*

*Onde di: «Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que realice as modificacións...» debe dicir: «Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo realice as modificacións...»*

*Emenda de modificación do punto segundo.*

*Débase modificar o encabezado do punto segundo da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido.*

*Onde di: «Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado que para os efectos de acreditación...» debe dicir: «Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo os efectos de acreditación...»*

*Emenda de modificación do punto terceiro.-*

*Débase modificar o encabezado do punto terceiro da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido.*

*Onde di: «Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que se realicen as modificacións necesarias...» debe dicir: «Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo se realicen as modificacións necesarias...»*

*Emenda de modificación do punto cuarto.-*

*Débase modificar o encabezado do punto cuarto da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido.*

*Onde di: «Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado que o previsto na presente proposición non de lei...» debe dicir: «Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo o previsto na presente proposición non de lei...»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Se hoxe trasladamos a este Parlamento sen competencias no sistema público de pensións esta PNL, que é de Confedetel, a Confederación Estatal de Asociacións e Federacións de Prexubilados e Xubilados de Telefónica, é porque apoiamos a súa loita de levar ao Goberno do Estado a necesidade de dignificar as pensións públicas, así que sirva este trámite parlamentario para recoñecerlles o esforzo á xunta directiva de Confedetel, especialmente á súa sección galega, e o apoio á súa dinámica de organización na defensa dun sistema público de pensións.

Por certo, está aquí Confedetel, está neste Parlamento. Non está na tribuna porque se nos penaliza ao noso grupo por ter onte expresado a cidadanía nesta Cámara a incomodidade sobre políticas que lles afectan. Lamentamos que isto recaia sobre outras persoas, outros cidadáns, que veñen hoxe aquí tamén defender pensións dignas.

Convidamos, por certo, a todos os grupos parlamentarios a que, se desexan reunirse con Confedetel, en lugar de facelo na tribuna, poderán facelo na sala de En Marea, onde están a seguir este pleno.

Pois ben, esta reivindicación que trae o colectivo non é parcial, xa que beneficia a todos e todas como sociedade, porque Confedetel defende os sistemas públicos de pensións, e neste sentido cabe lembrar que, tanto os complementos e as prestacións non contributivas como as prestacións contributivas, das que imos tratar nesta PNL, son parte do mesmo sistema de protección social que o Estado ten a obriga de garantir, tanto conforme a Declaración dos dereitos humanos como conforme a propia Constitución española que o PP, por certo, vulnera sistematicamente, sobre todo no que ten que ver con dereitos sociais.

Lembramos aquí o artigo 50, onde se di que os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica da cidadanía na terceira idade. ¿Onde queda esta suficiencia económica coa reforma das pensións do 2013? E aproveitamos para dicir que este dereito universal a unha pensión digna só é posible con sistemas públicos de pensións, que son viables, malia a propaganda interesada dos fondos privados.

Estamos, pois, ante un problema político e non económico. Por unha parte, queremos sinalar, antes de comezar a reivindicación concreta desta PNL, que, en relación co PIB, o sistema público de pensións no Estado español destina o 10,7 %, cando a media da eurozona é do 12,2 % do PIB. En conxunto, a realidade é que todo o gasto público español que se pode considerar de protección social é inferior á media da UE, igual que a presión fiscal. A presión fiscal no Estado español no 2014 foi do 34,3 % do PIB, fronte ao 40 % do conxunto da Unión Europea. Así pois —reiteramos—, non é un problema de recursos.

Lembramos, ademais, que o déficit do sistema público de pensións é unha decisión política cando, por exemplo, se aproba unha reforma laboral que reduce tremendamente as cotizacións. E traemos esta introdución porque non podemos aceptar o relato interesado acerca da inviabilidade dos sistemas públicos de pensións, nin podemos aceptar —como xa foi dito en Comisión— que non sexa viable reducir a penalización das xubilacións anticipadas como pide esta PNL, pois as sociedades europeas temos o volume de produción suficiente como para garantir unha vida digna para todas e todos, tamén ás persoas que están seguindo este debate neste Parlamento e tamén ás persoas que cada vez temos maior esperanza de vida.

Así pois, defender as pensións é defender a democracia, porque quen decide que os sistemas públicos de pensións non son viables —con números trucados, por certo— son institucións que non están controladas democraticamente.

Queremos remarcar que nesta proposición non de lei concreta, e neste marco de ataque aos sistemas públicos de pensións, Confedetal o que pide é, á parte de defender en xeral as pensións dignas, que no caso das xubilacións anticipadas se melloren as condicións de acceso, reivindicacións, por certo, que van no sentido contrario do Goberno Rajoy, que en 2012 se comprometeu coas autoridades europeas a endurecer as condicións de acceso á xubilación anticipada.

Pois ben, como di esta PNL, diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación na mesma co correspondente quebranto económico que afecta a xubilados e xubiladas anticipadas. Teñamos en conta tamén que existen diversas modalidades, tanto de xubilación anticipada como de prexubilacións, que son máis condicións reguladas entre empresa e traballador. Isto é importante, porque non todas as xubilacións antes de tempo son de carácter voluntario.

Así, os procesos de prexubilación foron habituais tanto nas reconversións industriais dos oitenta como nos procesos chamados de redimensionamento das grandes empresas dende os noventa, e incluímos aquí a privatización de Telefónica, chamada «*liberalización del sector de las telecomunicaciones*». Así que, deste xeito, a prexubilación pasou de ser unha fórmula excepcional para momentos de crise a converterse nun mecanismo de axuste de plantilla, que é o que sucedeu en Telefónica, porque sucedía mesmo en empresas con elevados beneficios. No caso desta empresa, sucede ademais que puxo exceso de celo na adaptación ás normas europeas, adiantándose e provocando un duro e precipitado recorte da súa plantilla dende o 1994.

A mediados do 1998, unilateralmente Telefónica implantou unha extinción de contratos de traballo extraordinaria baixo esta modalidade de prexubilacións, nas que a maioría de afectados eran mutualistas, e quero lembrar, ademais, que isto se produce no momento en que aparecen as famosas *Stock Options* —seguro que lle soan ao Partido Popular—, polas cales os directivos podían obter sobresoldos millonarios pola compra de accións da propia empresa. Pódese dicir entón que a extinción de emprego encuberto, este despedimento colectivo encuberto, se fixo para aumentar os beneficios destas accións.

Así que para estes traballadores —e xa remato esta parte segunda da exposición— Confedtel tivo unha loita concreta, porque houbo uns 10.000 traballadores que, logo de 2014, viron modificadas as súas condicións pactadas con Telefónica e aplicóuselles unha exención fiscal inferior á pactada, polo tanto, viron perdidos uns 2.000 euros de media ao ano. E téñase en conta —e isto gustaríame resaltalo especificamente neste Parlamento— que se trata de persoas con longas carreiras de cotización, que en moitos casos hoxe, como sucede en Galiza en moitos casos, sosteñen a fillos, netos ou netas coas súas pensións, porque as pensións en Galiza, das máis baixas do Estado, aínda así están a servir como unha renda mínima de ingresos, e contribuíron xa estas persoas sobradamente á caixa da Seguridade Social durante súa vida.

En fin, dende esta realidade concreta das persoas que tiveron que abandonar a súa carreira laboral no seu mellor momento, a loita xeral de Confedtel é mellorar as condicións de vida das persoas afectadas por xubilacións anticipadas, aminorando o impacto dos coeficientes redutores, tendo en conta —repito de novo— o aumento da esperanza de vida. E repíto, porque o aumento da esperanza de vida é un triunfo da humanidade e non pode ser unha penalización.

Por este motivo, estiveron presentando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ¿pasa algo co aumento da esperanza de vida? Por certo, que se reduciu durante a crise por primeira vez en toda a historia da humanidade, e algo terán de responsabilidade.

Presentaron esta PNL en diversos parlamentos autonómicos, solicitando que non se apliquen os coeficientes redutores a quen cotizara corenta anos ou máis, e que con trinta e cinco anos cotizados os coeficientes redutores sexan menos gravosos. Entende Confedtel que os factores asociados ao adianto da xubilación son desproporcionados e excesivos, tendo en conta a esperanza de vida das persoas xubiladas. Se un traballador decide aumentar o acceso á xubilación un ano, pode ver reducida a súa pensión nun 8 % durante o resto da súa vida.

Esta reivindicación coincide cunha proposición de lei que presentou En Marea no Congreso dos Deputados e que, por certo, está vetada polo Goberno; unha proposición de lei que defende tamén recuperar a idade ordinaria de xubilación aos 65, que defende facilitar a xubilación desde os 61, ou que defende a suba do salario mínimo interprofesional. Está vetada polo Goberno do Estado.

Coinciden estas reivindicacións no sentido de que di esa proposición de lei: «En calquera caso, a xubilación anticipada propiamente dita está suxeita á aplicación de coeficientes redutores que resultan moi penalizadores para a contía da pensión resultante, ao non ter en



conta que o seu impacto afecta de forma definitiva e permanente á pensión para toda a vida.»

Repito de novo: o aumento da esperanza de vida é unha conquista da humanidade e non pode supor unha penalización, como, por certo, tamén é unha penalización o chamado factor de sostibilidade, que calcula o pago da pensión en función desta esperanza de vida. É toda unha agresión á clase traballadora, e aquí novamente unha agresión ás mulleres sobre todo, que temos maior esperanza de vida e temos peores cotizacións ao longo da vida.

Así, a reforma das pensións do 2013 endurece os requisitos para o acceso á xubilación. Para que aos xubilados e xubiladas se lles apliquen as condicións vixentes antes da publicación deste real decreto deben acceder á xubilación antes do 1 de xaneiro de 2019. ¿Que pasa? Como sinala Confedotel, esta limitación temporal aplícase considerando exclusivamente a idade do traballador, e non ten ningún efecto a duración da carreira de cotización, entón, deste xeito, no caso das persoas despedidas de Telefónica, o novo marco legal penaliza os nados despois de 1958, orixinando que teñan condicións distintas de acceso á xubilación persoas que subscribiran o mesmo ERE. Polo tanto, podemos dicir que estamos ante unha situación de discriminación por razón de idade, como discriminación vai ser tamén —como reconece a OCDE— que as pensións españolas van ser de miseria para quen naza a partir dos anos sesenta, nun informe recente, prevendo a desigualdade na vellez. Non sei que problema hai con esta proposición de lei.

E non me parece gracioso, porque todo apunta a que camiñaremos cara a un empobrecemento masivo das pensións públicas se non modificamos o sistema, se non garantimos a viabilidade do sistema público, que —como digo— é viable, malia a propaganda interesada dos grandes... ¡É imposible falar aquí!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Estánlles escoitando as persoas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, eu non lle estou chamando a atención a ninguén, só estou pedindo silencio, pero pido dun bando e do outro. Pero é que, claro, hai un murmurio na sala, efectivamente, e ademais hai incluso problemas de audición tamén. Si, si, hai problemas de audición, posiblemente porque ao mellor non estea ben colocado o micrófono.

Quero dicir que garden silencio porque é o único que estou pedindo, non lle estou chamando a atención a ninguén. Entón, silencio, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Remato, e repito que están escoitando as persoas pertencentes a Confedotel, persoas con longas carreiras de cotización que se viron afectadas por un despedimento masivo encuberto, que traen unha proposición non de lei que pretende mellorar o sistema público de pensións. Nós engadimos, ademais, unha autoemenda para remarcar esta circunstancia.

Entendemos que este debate non é motivo de mofa e entendemos que non é argumento a suposta inviabilidade destas modificacións, porque o que hai que facilitar é a mellora dos ingresos do sistema. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Queremos dende o Grupo Socialista, antes de nada, saudar tamén os membros de Confedetel que hoxe nos acompañan, aínda que non sexa neste hemiciclo, dende a sala na que están, e valorar tamén o seu esforzo e o seu traballo a prol do sistema público de pensións.

Este é un traballo compartido polo Partido Socialista. Nós o que imos facer, votando hoxe a favor desta iniciativa, é reafirmar o compromiso do Partido Socialista —como lles dicía— cun sistema público de pensións de calidade que garanta un presente e un futuro digno para os cidadáns e as cidadás deste país.

É certo que esta iniciativa xa se debateu na Comisión 5ª, unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Os socialistas votamos a favor e —como dicía— hoxe volveremos facelo, explicando tamén, ao final da miña intervención, o porqué da emenda que incluímos.

Cando falamos de que reafirmamos o compromiso, antes de que previsiblemente veña o señor Tellado falar do presidente Zapatero —porque nós pensamos que unha persoa que foi presidente do Goberno merece ser chamado así, e de calquera cor política, non soamente os presidentes socialistas, parécenos o mínimo—, recordo que o presidente Zapatero, mentres gobernou, subiu un 30 % as pensións, incrementou un 50 % as pensións mínimas e un 90 % as de viuvez e con fillos a cargo. E si, señor Tellado —xa sei que o vai dicir—, conxelou as pensións pero conxelou as máximas. Como este debate é repetido, por iso me estou anticipando, porque non teño réplica despois.

É certo tamén que no 2010 actualizou as pensións o 1,3 % para compensar o IPC. E tamén é certo que dende a chegada do Partido Popular estamos nunha especie de travesía no medio do deserto, onde apenas se incrementou un 1 %.

A situación é tan preocupante que no 2017, a finais deste ano, 9 millóns de pensionistas perderán aproximadamente 2 puntos de poder adquisitivo polo incremento da inflación. O obxectivo da inflación, se chegamos ao 2 %, en 10 anos os nosos pensionistas van ser un 15 % máis pobres, nin máis nin menos. *(Aplausos.)*

¿Pero de quen fala esta iniciativa? Esta iniciativa fala de persoas seguramente como algún ou algunha das que nos acompañan hoxe, que comezaron a súa carreira laboral con 14 anos e, no mellor dos casos, foron quen de compaxinar os seus postos de traballo de aprendices

—por poñer un exemplo— cos seus estudos, estudando e formándose pola noite. A moitos deses traballadores resulta que os arrollou o tren da crise e os vagóns das reformas do Partido Popular destes últimos anos en forma de retallos.

Non nos estraña coñecer os datos segundo os cales hai moitas persoas desempregadas que están desprotexidas. Ocorre todo iso despois dunha longa vida laboral de persoas ás que a propia crise económica e as reformas que viñeron despois expulsou do mercado de traballo.

Non van ter fácil incorporarse, non o están tendo. Hai unha lagoa na súa vida laboral que lles leva a pensións que en moitos casos están por debaixo do propio limiar de pobreza. Actualmente en España cóbrase o 100 % da pensión con 65 anos e 36 cotizados, pero, señorías, se unha persoa ten menos de 65 anos e 40 anos cotizados, sofre unha penalización ao longo de toda a súa vida que pode chegar ata o 30 % en casos onde as persoas se atopan moi preto desa xubilación.

Estas xubilacións non llelas regalaram nunha tómbola, son persoas que conseguiron estas prestacións a base de esforzo e de moito traballo —como dicía ao principio da intervención— dende moi novos, e despois de pasar un tempo no paro, a moitos deles aos 61 anos non lles quedou máis remedio que xubilarse, perdendo aproximadamente un 24 %.

A maior parte destas xubilacións anticipadas —como dicía— non son por capricho, non son porque apeteza, son persoas ás que se expulsa do mercado laboral, e dende o Grupo Socialista pensamos que debemos, que temos que protexer estas persoas.

A respecto da emenda —posto que este debate xa se celebrou na Comisión 5ª—, o Partido Popular puña como un dos impedimentos para aprobala que non se enmarcara no Pacto de Toledo. Hoxe, señor Tellado —como eu sei e como no Grupo Socialista sabemos que vostede é unha persoa de consenso e o seu grupo tamén— incluímos esta emenda para circunscribirla ao Pacto de Toledo, para que vostede poida votar a favor, como fixo o Partido Popular na Asemblea de Madrid e en moitas outras deputacións e parlamentos para solucionar esta problemática dos coeficientes redutores, co cal esperemos hoxe chegar a un acordo nun tema —repito— que é importantísimo e que é crucial.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Eu tamén quero empezar a miña intervención saudando as persoas de Confedetal que nos están seguindo nesta intervención. Persoas que se puxeron en contacto cos grupos con representación neste Parlamento de Galiza para trasladarnos unha iniciativa e para reivindicar algo que ao BNG nos parece xusto e razoable, que é un trato igual a respecto das súas pensións tras as súas prexubilacións.

Unha iniciativa que o BNG fixo propia e trasladouna tal cal nos foi presentada por Confedetel, que levamos á Comisión 5ª o 9 de novembro e que infelizmente non foi aprobada, xa que o Partido Popular votou en contra da mesma.

De novo ao BNG parécenos razoable que, tras unha longuíssima vida laboral de 35, 40 e incluso máis anos, persoas que se deixaron a pel traballando, como consecuencia da situación dos anos finais dos oitenta e noventa, de reconversións de empresas públicas, reconversións navais e outro tipo de cuestións, foron obrigadas a acceder a unhas xubilacións anticipadas. Non foron unhas xubilacións anticipadas por vontade propia, senón que foron froito da situación económica das empresas nas que estaban a traballar.

A reivindicación deste colectivo é porque se lles están aplicando uns coeficientes redutores nunha lexislación do ano 1967, que foi modificada no ano 1997 e logo no ano 2001. Están-selles a aplicar tres tipos de coeficientes redutores diferentes: o 8 %, que é o que se lle está a aplicar a este colectivo; logo o 7 % coa modificación de 1997; e o 6 %, coa modificación do ano 2001. Hai tres categorías de xubilacións anticipadas que, a pesar de ter cotizado todos e todas 35 ou máis anos e ter sido abocados a xubilacións anticipadas pola extinción do contrato de traballo e por causas alleas á súa vontade, reciben tres tratamentos diferentes na contía das súas pensións.

Estamos falando dun colectivo no Estado español de arredor de 331.000 persoas, e demandan que o Parlamento galego se poña do seu lado, que o Parlamento galego apoie as súas demandas e traslade ao Goberno español e ao Congreso dos Deputados que procedan a facer unha modificación lexislativa de xeito que se lles apliquen os coeficientes redutores de igual xeito que a traballadores nas mesmas circunstancias que eles.

Consideran que as decisións que se foron tomando foron abusivas por parte da Seguridade Social; que a Seguridade Social está tirando do beneficio desta situación de xubilación anticipada forzosa, e que ese beneficio non o está tirando doutras xubilacións anticipadas posteriores.

Dende logo, trasladan esta petición que tamén trasladaron a outros parlamentos doutras comunidades autónomas, que foron votadas favorablemente noutros parlamentos por organizacións políticas de diferentes cores. E tal debe ser así, debe haber unha constatación unánime por todos os grupos de que se lles están aplicando uns coeficientes redutores abusivos, que, por exemplo, no Congreso dos Deputados no ano 2006 xa se aprobou, tamén por unanimidade, unha proposición non de lei que solicitaba medidas que melloraran esta situación. Unanimidade na que estaba incluído o Partido Popular, e eu agardo, señora Vázquez Verao, que hoxe o Partido Popular rectifique e sexa quen de votar a favor desta iniciativa.

Dende logo, foi sorprendente a posición que mantivo e que defendeu nesta cuestión na Comisión 5ª, o día 9 de novembro, o señor Tellado. Fixo alí unha soflama manifestando que lle preocupaba moito a viabilidade do sistema de pensións. Que era inconcibible que se trouxera unha iniciativa como esta sen memoria económica. Que traíamos unha iniciativa sen saber que custo tiña, canto ía supoñer para as arcas do Estado. Que isto era unha auténtica irresponsabilidade e que había que ser moi conscientes de onde se metían os cartos.

É evidente que o Partido Popular non ten esa preocupación cando se trata de meterlle miles de millóns de euros á banca, máis de 70.000 millóns de euros dos que practicamente non se vai recuperar máis que unha mínima parte. Pero aí o Partido Popular non ten problema. Cando se trata de defender dereitos da clase traballadora, cando se trata de defender dereitos de persoas que traballaron toda a súa vida —35, 40 ou máis anos— aí si que xa teñen reparos. Aí teñen reparos para ver como se gastan os cartos públicos. É unha diferente vara de medir, señor Tellado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...señores e señoras deputadas do Partido Popular, realmente curiosa e persistente no tempo. Sempre é o mesmo, cando é para os de arriba, non teñen ningún miramento, o que faga falta, aprobamos por urxente todo o que faga falta; agora, cando é para a clase traballadora, ¡aí temos que ser moi medidos!

O BNG vai votar a favor desta iniciativa que o único que fai é demandar igualdade de trato. Algo que parece lóxico, igualdade de trato. Que se houbo unhas modificacións lexislativas, que se lles apliquen as mesmas cuestións.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Dicía o señor Tellado que esta era unha iniciativa para defender intereses particulares e que no Parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...hai que defender os intereses xerais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Nós defendemos o interese particular da clase traballadora sempre, sempre, sempre.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

É evidente que o BNG xa ten asumido que non vai volver gobernar en ningún lado no futuro, por iso é capaz de facer propostas sen interesarlle o máis mínimo o futuro e a sostenibilidade do sistema, que é unha cuestión clave.

Mire, señora Prado, o sistema nacional de pensións é un sistema contributivo, un sistema solidario. E, dende logo, a mellor forma de defender un sistema público de pensións é facelo sostible e viable. Vostedes diso non saben nada, non lles interesa absolutamente nada, pero o sistema nacional de pensións é unha caixa na que entran recursos e saen recursos, e, polo tanto, a sostenibilidade desa caixa común é fundamental para poder falar en serio desta cuestión.

Vostede vén aquí, igual que foi á Comisión da semana pasada, con iniciativas quedabén. Vostede vai quedando ben con colectivos, pero o certo é que vostede non sabe nin sequera se o que vostede propón é viable, se é posible, e iso chámase demagogia. Pero para o seu grupo —que son 6, que xa caben nun Renault Scenic e aínda cabe a asesora de Bildu porque ten 7 prazas— é razoable. Polo tanto, eu nese sentido pouco máis lle podo dicir.

Efectivamente, falan vostedes dunha cuestión particular, e nós estamos obrigados a falar do problema en global, do problema xeral, do interese xeral.

Señora Blanco, é curioso que me responda... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...antes incluso de que fale. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Non tiña previsto falarlle de Zapatero, foi vostede a que insiste, e ten razón, porque foi Zapatero o único que conxelou as pensións no noso país. O único presidente do Goberno foi Zapatero. (*Aplausos.*) Efectivamente, foi Zapatero o único presidente do Goberno (*Aplausos.*) que propuxo ampliar a idade de xubilación dos 65 aos 67. Mire, Zapatero chegou no 2004, había 2 millóns de desempregados en España; marchou do Goberno no 2011 con 5 millóns de desempregados. Tres millóns, ese é o legado do señor Zapatero, do que vostedes se senten moi orgullosos.

Mire, a min, a nós, ao noso grupo, non nos parece realista dicirlles aos galegos que van traballar menos anos, que van cobrar pensións máis altas e que o sistema vai seguir sendo sostible. Non parece razoable, polo tanto, non lle mintamos á xente.

A nós preocúpanos a sostenibilidade e a viabilidade do sistema nacional de pensións, e o certo é que nos últimos corenta anos de democracia en España a esperanza de vida aumentou dez anos. Polo tanto, hoxe estamos falando dunha esperanza de vida situada nos 80 ou nos 82 anos, esa é a realidade, e é preciso incrementar o número de cotizantes á Seguridade Social para que o sistema nacional de pensións sexa viable, sexa sostible e sexa solidario de forma interxeracional. E non asumir esa cuestión como básica para poder falar en serio deste problema, dos problemas dos prexubilados de Telefónica, é mentirlle á xente e non falar en serio deste problema.

Polo tanto, ao que vostedes se refiren, efectivamente, aprobouse unha modificación do réxime xurídico das xubilacións coa Lei 27/2011, e posteriormente co Decreto lei 5/2013. ¿Que



fixemos? Retrasar, efectivamente, a idade de xubilación dos 65 aos 67, cunha cláusula progresiva, cun período transitorio ata o ano 2027. ¿E por que? Porque fan falla máis cotizantes para manter o sistema nacional de pensións. Se seguimos as súas consignas, quebraremos o sistema nacional de pensións. ¿Que fixemos con esta reforma? Incentivar a aquelas persoas que queren seguir traballando e que queren alongar a súa vida laboral. ¿Por que? Porque necesitamos máis cotizantes, ¡claro que si!, esa é a realidade. Vostedes poden facer o que queiran; sigan dicíndolle á xente que o sistema o aguanta todo, pero o certo é que vai ser a súa irresponsabilidade a que quebre este sistema.

¿Que fixemos? Establecer coeficientes redutores, claro que si, para aqueles que se xubilan antes da idade legalmente establecida, para todos os españois. ¿E por que? Porque fan falla máis cotizantes, ¡porque fan falla máis cotizantes!, algo que, por certo, coa lexislación anterior, non era posible. ¿Que fixemos? Regular a xubilación parcial. ¿Para que? Para que aqueles que cheguen á idade de xubilación e queiran seguir traballando, e que, polo tanto, poidan ampliar a súa pensión de xubilación, poidan facelo. ¿E por que? Porque necesitamos máis cotizantes. É a única forma de manter vivo este sistema. E, polo tanto, claro que lles pedimos unha memoria económica.

Miren, vostedes practican o populismo, que é dicirle á xente o que a xente quere escoitar, pero impórtalles ben pouco a realidade das cousas. E logo aproveita o Grupo de En Marea para autoemendarse a si mesmo. Presentan a iniciativa que lles traslada este grupo e eles engaden unha emenda autoemendándose a si mesmos —a señora Vázquez Verao non tivo ocasión de falar da súa propia autoemenda—, na que o que propoñen, ademais de todo isto, é derrogar a reforma do mercado laboral, recuperar a idade anterior de xubilación, recuperar mecanismos de xubilación anticipada...; cargarse o sistema. Dende logo, non conten con nós para isto.

E claro que todo o que fagamos temos que facelo no marco do Pacto de Toledo, por suposto que si. ¿Cal é a filosofía do Pacto de Toledo? Sacar as pensións do debate partidista e que todos nos preocupemos por acadar un modelo sustentable ao longo das próximas décadas —¡décadas!—, porque este sistema ten que manterse no tempo. Iso é o que nós pretendemos.

Mire, eu quero facerlles unha emenda *in voce* sobre esta cuestión. Redactemos un texto común que nos sirva a todos, no que, apelando ao Pacto de Toledo —como agora si reconece o Partido Socialista, non na comisión da semana pasada—, se estude a situación específica deste colectivo. E unha vez estudado, cunha memoria económica —claro que si— enriba da mesa, vexamos a posibilidade de satisfacer a súa demanda. Pero para cheques en branco que atenten contra o sistema nacional de pensións, cando ten que ser un sistema solidario, contributivo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...viable e sustentable no tempo, dende logo con nós non conten.

Acepten esta emenda *in voce*, redactemos de aquí á hora da votación un texto que contemple enviar a cuestión ao Pacto de Toledo e que o Pacto o estude, e nós, dende logo, votaremos a favor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ¡Caray!, para querer sacar o tema das pensións fóra do debate partidista puido ter comezado polo final.

Dixo vostede literalmente: «Precisamos máis cotizantes». Pois, ¿que sucede cando hai máis persoas cotizantes hoxe no Estado español que cando o Fondo de Reserva tiña superávit? ¿Que pasa? Que non hai. Recádase menos porque hai baixos salarios, recádase menos porque precarizaron o mercado laboral coa súa reforma laboral. Entón, ¡a ver quen se carga o sistema! Ademais, é falaz esa cuestión de relacionar só o rateo cotizantes/pensionistas. Non se ten en conta a produtividade, non se ten en conta a taxa de actividade, non se ten en conta o tipo de emprego, cada vez máis precario, nin se ten en conta a incidencia da economía somerxida, e vostedes, en cambio, no que non actúan con todo rigor é en perseguir, por exemplo, a fraude fiscal. Diso non falan. En fin...

Falou tamén vostede de caixas. ¿Quen dilapidou o Fondo de Reserva? O Partido Popular. É certo, o fondo está para utilizar durante as crises, pero é que o problema é que persiste, persiste ese déficit porque precarizaron o mercado laboral.

Estamos a falar dun tema que me preocupa. Preocúpame que utilizara ese ton durante a intervención, igual que fixo na comisión, porque estamos a falar de pensións en Galiza, nun lugar onde temos as pensións máis baixas do Estado e do que, como xa dixen, non só dependen persoas pensionistas, senón que nun terzo dos fogares galegos os únicos ingresos proceden destas prestacións públicas. Estamos a falar dun tema serio.

Collemos esa proposta de buscar unha transacción entre todos os grupos, condicionámola a falar coas persoas que temos hoxe na sala e a ver se podemos acadar un marco de consenso, pero non imos retirar a nosa autoemenda. Poderemos votala por puntos, pero mantémola, porque é fundamental apostar por un sistema público de pensións, que, como dixen, é o único que garante pensións dignas. E non imos cargarnos o sistema, porque no noso proxecto de lei tamén poñemos elevar o salario mínimo interprofesional, e diso tamén pouco falan.

Falar de pensións en Galiza —non quero deixar de dicilo, creo que xa o mencionamos todas as intervenientes durante a exposición de motivos— é falar tamén de mulleres. As mulleres son as máis afectadas por este endurecemento das condicións de acceso á xubilación que provocou o Partido Popular. E son máis afectadas, entre outras cousas, porque cotizan menos durante a súa vida laboral, pero tamén por ese aumento da esperanza de vida. É que se empeñan en que sexa o aumento da esperanza de vida unha penalización, e non, é un avance da humanidade. É unha realidade; pero en lugar de mellorar os ingresos do sistema tanto con emprego digno como con ver a vía tamén impositiva, vostedes relaciónano só entre cotizantes e pensionistas, e así é imposible.

Acollemos, de todos os xeitos, esa proposta de buscar un acordo, pero, evidentemente, non renunciaremos nin renunciaremos nunca a defender un sistema público de pensións dignas, que son viables. Non é cargarse o sistema, é defendelo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

En primeiro lugar, eu, Concepción Burgo, comprométome, como deputada do Partido Socialista, co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e prometo traballar por e para mellorar e enriquecer o mesmo dende o colectivo e individualmente. *(Aplausos.)*

Dito isto, que é fundamental, nós queremos falar esta tarde en parte de orzamentos, como falabamos onte, e tamén do acceso á cultura, que non garante o Goberno do señor Feijóo.

Falemos de orzamentos. Os orzamentos de Cultura son os orzamentos que máis retrocederon dende 2009 de todo o Goberno; un 55 % menos de orzamento en cultura. Pero, se miramos as partidas dedicadas a patrimonio cultural, á súa protección, mantemento e posta en valor e os capítulos de investimento, os capítulos VI e VII, vemos que estes orzamentos aínda descendieron máis, un 57 %. Nestes momentos hai en torno a 7 millóns destinados ao patrimonio do noso país e a todos os museos. Teño que dicirlles, señorías, que isto son 3 millóns menos que os que se dedican á Cidade da Cultura. E a maior parte destes escasos fondos diríxese á rehabilitación e ao mantemento dos bens patrimoniais, dos bens do patrimonio que son titularidade da Igrexa católica. É o único propietario privado que recibe axudas sen ningún tipo de problemas, e dígoo porque a nosa experiencia é que cada vez que pedimos axudas para salvagardar ou para manter un castelo, unha torre, o cuartel de San Fernando, en Lugo, o parque do Pasatempo, de Betanzos, dinnos que non pode ser, que non hai fondos suficientes e que, ademais os recursos públicos non se poden dirixir cara a propietarios privados.

O feito de que a maior parte dos fondos de Patrimonio vaian cara á Igrexa é fácil de ver na mesma páxina web da Consellería de Cultura. Entre os fondos Feder e a Consellería para patrimonio non relixioso destinan á muralla, ao patrimonio arqueolóxico, 2 millóns de euros, e para o patrimonio relixioso, mosteiros e varias catedrais, 5.700.000 euros. Esa é a diferenza, e non sabemos neste presuposto canto destina a Igrexa a arranxar este patrimonio. E hai que recordar que a Igrexa católica ten importantes privilexios fiscais, como non pagar

o IVE, recibe unha parte dos ingresos por IRPF do país, calcúlase que polo menos 250 millóns de euros ao ano, e ten outro tipo de axudas e de subvencións por parte de todas as administracións.

Nós non estamos en contra de que se destinen fondos de Patrimonio á Igrexa católica, por unha razón, porque a propia evolución histórica de Galicia nos últimos, como mínimo, dez séculos e a súa estrutura económica e social levou a que un dos maiores titulares de patrimonio deste país sexa a Igrexa católica e, polo tanto, é lóxico que axudemos a preservar ese patrimonio, que ademais da Igrexa é de todos. Pero cremos que esa colaboración ten que ser recíproca, que a colaboración non pode vir soamente dunha parte e non doutra; ademais, sobre todo cos escasos recursos.

O recente decreto de constitución da Comisión mixta Xunta de Galicia-Igrexa católica é un momento moi adecuado para fixar as obrigas das dúas partes, as obrigas da Administración pública, da Xunta de Galicia, e as obrigas da Igrexa católica. Unha oportunidade perdida, porque a verdade é que as obrigas da Igrexa non aparecen, o papel da Igrexa está desdibuxado, non se concreta en nada; son boas intencións, pero non hai nada máis, nin sequera tampouco cal vai ser porcentualmente o esforzo económico da Igrexa fronte á Consellería para o mantemento do seu patrimonio.

É verdade que nos convenios *ad hoc* que firma a Consellería de Cultura con cada un dos bispos de Galicia en ningún deles se di canto aporta a Igrexa. Dise o que se vai facer e canto aporta a Consellería. Dinse as obrigas da Igrexa, que en xeral son simplemente deixar que se fagan as obras necesarias para a rehabilitación, para o mantemento, para o que se teña que facer e nada máis. ¿Canto aporta cada vez que a Consellería rehabilita un ben da Igrexa católica? Non o sabemos, non está dito en ningún sitio.

E agora mesmo atopámonos con que tres das cinco catedrais que existen en Galicia, a de Mondoñedo, a de Tui e a de Ourense, cobran unha entrada para poder visitalas, porque tan só se pode entrar gratuitamente cando hai actos litúrxicos. Loxicamente, por un pouco de educación, ningún turista debería de poñerse a ver e a comentar nada das obras de arte que están dentro ao mesmo tempo que hai un acto litúrxico. Estas tres catedrais cobran entre 5 e 3 euros por persoa, e a desculpa para cobrar é ofertar unha audioguía ou ofertar unha visita guiada. Queira ou non queira o visitante, dá igual, hai que pagalo, e a desculpa é que se dá esta audioguía.

Estas tres catedrais, como as outras que non cobran, recibiron no pasado e están a recibir importantes fondos públicos da Xunta de Galicia: a de Mondoñedo, 1,2 millóns de euros, a de Ourense, en torno a 1 millón de euros, a de Tui, fondos da Xunta e fondos de Fomento, por un importe dun pouco menos dun millón de euros. Todas elas, por suposto, tiveron aportacións no pasado, e recorden que tiñamos 7 millóns para os museos, para o patrimonio, e, para a rehabilitación do patrimonio, 3 millóns ao ano nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Por suposto que nós estamos de acordo con que as catedrais e a Igrexa cobren por servizos adicionais, como audioguías, visitas guiadas, visitas ás cubertas, visita ao Museo diocesano ou catedralicio, que é unha tradición xa moi estendida, e ademais habería moitos argumentos

para xustificalo, pero co que non estamos de acordo é con que para entrar no templo haxa que pagar unha entrada, cando os cidadáns están poñendo o diñeiro público para rehabilitar estes edificios. Polo menos, a Xunta de Galicia tería que asegurar o dereito da cidadanía a poder entrar e a coñecer o patrimonio máis significativo e significado da Igrexa.

Pero, ademais, hai outro elemento a considerar. Dado que nestas tres catedrais non se pode, salvo para ir á misa, entrar sen pagar para visitalas, estase incumprindo a Lei de patrimonio cultural de Galicia, a Lei 5/2016, que, no seu artigo 48, como dicía, impón que todos os BIC teñen que ser visitados de balde polo menos catro días ao mes; algo que a toda a Cámara lle soa moito, aínda que só sexa porque debatemos moitas veces que o pazo de Meirás, que era un BIC, tiña que abrir as súas portas catro días ao mes. Pois isto é exactamente igual.

A min chámame moito a atención que a Consellería de Cultura non reparara nesta situación e que aos donos de varios BIC, que están incumprindo a súa obriga, sigan dándolles fondos públicos. Non repararon niso, non fixeron nada, e seguen aportando fondos públicos para a rehabilitación. Chama tamén moito a atención que cando falamos aquí de incumprimentos non corrixidos da Lei de patrimonio, falemos sempre ou ben da familia Franco ou ben da Igrexa católica, o cal resulta verdadeiramente curioso e significativo.

Polo tanto, consideramos que é inaceptable que a Igrexa estea cobrando por visitar bens que recibiron considerables fondos públicos, que está incumprindo a Lei de patrimonio, e cremos que a Xunta ten que tomar medidas e encontrar a maneira de que a cidadanía poida exercer o seu dereito a entrar nunha catedral —non nun museo, non nun museo catedralicio, senón na catedral—, sobre todo cando recibe fondos públicos. Ou ben se fai isto ou ben hai que deixar de dirixir fondos públicos cara aí, e entón si, se un propietario non ten fondos públicos, pode facer o que queira.

Os límites e as obrigas da Igrexa teñen que ser claros, teñen que estar claros e, dende logo, deberían de estar non soamente claros para a Igrexa senón tamén, por unha política de transparencia, para o resto da cidadanía.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Boa tarde.

É unha pena que non estea o señor Tellado. Había que recoñecerlle que o *scenic* estivera bastante ben e que cumpre á perfección absolutamente o papel de bufón dentro desta Cámara. *(Aplausos.)* Pero imos...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Rodil, vostede é unha deputada que non acostuma a dicir este tipo de cousas. Prégolle... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, perdón, coñézoa ben e observo a

súa traxectoria. Non é unha deputada que se caracterize por iso. Polo tanto, pídlle que retire esa expresión.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ¿Podo substituíla por outra?

**O señor PRESIDENTE:** Se ten vostede enxeño, si.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Diría «pallaso», pero supoño que tampouco, así que *clown*...

**O señor PRESIDENTE:** Non. Deixe a cousa. Pídlle por favor que o retire.

Ha de ser unha Cámara que se caracterice por non dicir..., e vostede é unha deputada que non o suele facer.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Faga o que considere.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Entón, retirámola.

Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Eu xa dixen o que tiña que dicir.

Imos á iniciativa.

Dende o BNG imos apoiar a proposición non de lei que presenta hoxe o Partido Socialista. Creo que as razóns xa as expuxo perfectamente na súa intervención a portavoz do Partido Socialista.

Nós tampouco concordamos con que se limite ou con que se restrinxa a entrada, o acceso, a través dun prezo simplemente, por entrar a visitar un ben que é parte do patrimonio deste país, que ademais foi catalogado como patrimonio universal, á par que o Camiño Norte, no caso, por exemplo, dunha das catedrais que se mencionan, que é a catedral de Mondoñedo, que é a que recentemente, ademais, se incorporou a esa tendencia —imos chamarlle así— de cobrar entrada polo acceso a ela, algo que xa viñan facendo outras, como xa se relatou aquí tamén, como é o caso da de Ourense ou da de Tui.

E, ademais, concordamos tamén con que non se pode limitar ese acceso ou restrinxir ese acceso a un ben patrimonial, ademais, cando recibe importantes —como xa se dixo— fondos públicos para a súa conservación. No caso da de Mondoñedo —tamén se citaba—, máis dun millóns de euros, concretamente 800.000 para a reparación da cuberta e 280.000 para a casa dos cóngos. Buscando así información en relación con estes casos onde se restrinxe a entrada a través do cobro dunha entrada —valla a redundancia— para visitar o ben, lía que se laiaba un sacerdote da catedral de Mondoñedo de que había xente que entraba dentro da catedral que non quería contribuír nin con unha esmola para garantir o mantemento



daqueles custos que ten para Igrexa, neste caso, este edificio, como a luz eléctrica, por exemplo, a iluminación, ou a limpeza da propia catedral. E a nós inspíranos dalgunha maneira as declaracións desta persoa, que non se laia tanto das súas exencións fiscais, como tamén se comentaba ao comezo da intervención por parte da portavoz do Partido Socialista. E non me refiro só, ou non nos referimos só, polo menos no BNG, a esas exencións fiscais que ten a Igrexa respecto daqueles lugares de culto, senón tamén a outros que lle son moi rendíbeis en termos económicos, porque son espazos lucrativos que ten en propiedade a Igrexa católica, como o caso, por exemplo, de aparcadoiros. É o caso do aparcadoiro que hai na cidade de Lugo, en pleno centro da cidade de Lugo, polo que non paga IBI e que a Igrexa ten arrendado a unha empresa para a súa xestión. Quizais poden contribuír a apoiar os sacerdotes de Mondoñedo cos cartos que deixan de pagar ao fisco, por exemplo, con ese espazo lucrativo, con ese aparcadoiro, no caso do concello da cidade de Lugo.

Nós concordamos, xa digo, con que non se pode limitar o acceso, e non se pode facer, ademais, dunha maneira bastante tendenciosa, simplemente permitindo a entrada de maneira gratuíta cando se está en actos litúrxicos ou, por exemplo —tamén explicaban—, para aquelas persoas que son peregrinas, para que poidan vela e poidan rezar. Decía este sacerdote de Mondoñedo que nese caso a entrada tamén sería libre, independentemente de que as persoas peregrinas teñan ou profesen algún tipo de crenza ou, neste caso, unha crenza relixiosa católica.

Nós coincidimos en que ten que garantirse o acceso e a entrada a estes bens patrimoniais de maneira libre.

Coincidimos tamén en que se se ofertan calquera outro tipo de servizos complementarios, como visitas guiadas, audioguías ou calquera outro tipo de servizo, que poida ser voluntariamente pagado polas persoas que deciden entrar ou acceder a eses bens patrimoniais —benvido sexa—, pero en ningún caso pode limitarse a entrada a estes espazos, que, xa digo, reciben inxentes cantidades de diñeiro público, que non reciben outras entidades que non pertencen a confesións relixiosas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde a todos e a todas.

Estamos totalmente de acordo coa iniciativa do Partido Socialista de Galicia, pero, reflexionando sobre ela, pensamos que habería que ir moito máis alá. A verdade é que non coñecemos se nos anos anteriores, nos que eu non estaba aquí, se tratou xa este tema, imaxino que si, porque é un tema de enorme importancia.

As achegas públicas para a conservación do patrimonio da Igrexa católica e de calquera outra institución privada deberían estar supeditadas á existencia dun plan que garanta a accesibilidade de toda a cidadanía a estes bens. E por iso sería imprescindible que todas as subvencións deste tipo existisen nos seus pregos un plan de accesibilidade ao patrimonio cultural subvencionado como condición inescusable para poder optar ás axudas; xa non para a súa concesión, senón simplemente para poder optar a elas.

A Igrexa católica, segundo varios estudos que consultei de forma directa ou pola vía de ingresar impostos, prezos públicos, etc., recibe do Estado, ou do resto de administracións públicas, unha cifra superior aos 11.000 millóns de euros ao ano.

A inmensa maioría dos bens que están no seu poder... As súas contas son totalmente opacas, un verdadeiro paraíso fiscal,, mentres aumenta a pobreza e se privatizan servizos públicos. Habería que revisar as propiedades que os seus bispos rexistraron a nome da institución relixiosa desde 1946 ata hoxe e con iso revisar tamén a política de subvencións públicas que se conceden para o mantemento e conservación dos devanditos bens, porque aínda que se trate de inmobles a nome da Igrexa, tamén o Goberno inviste diñeiro público en conservalos, rehabilitalos e mantelos e, como xa se comentou, dunha maneira moito máis xenerosa que con outros bens de interese cultural. É verdade que moitos son lugares dedicados ao culto, templos, capelas, igrexas, ermidas, etc., cuxa propiedade a nome da igrexa estaría xustificado, pero entre o resto do patrimonio que a Igrexa rexistrou ao seu nome figuran moitos outros bens culturais, vivendas, terreos, locais sociais, cemiterios, etc., cos que en moitos casos, como tamén se comentou anteriormente, se xeran importantes negocios.

Pero a realidade é que este é un asunto, como xa dixen ao principio, de moitísima entidade que este Parlamento debería afrontar con propostas específicas e concretas, que, dende logo, En Marea desenvolverá no seu momento e que van moito máis alá do que se desenvolve nesta proposta non de lei.

No asunto referente a esta iniciativa do Partido Socialista de Galicia, consideramos que o acceso á cultura debería ser considerado un dereito fundamental que todos deberíamos apoiar, e rexeitar trabas, sobre todo económicas, como as mencionadas nesta iniciativa, e máis aínda por estar mantidos os mencionados bens con fondos públicos.

Por todo o cal, e sen moito máis que engadir, o noso voto será positivo á proposta do Partido Socialista de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu, señora Burgo, teño que recoñecer que non teño moi claro cal é o fin real da súa proposición, máis aló de poñer o punto de mira na Igrexa católica. Porque, fíxese vostede, vostede pide que a Xunta de Galicia poña os medios necesarios para que toda a cidadanía poida entrar gratuitamente en todas as catedrais, xa que recibiron nalgún momento diñeiro público. ¿Está suxerindo vostede que a Xunta de Galicia achegue aos cabidos catedralicios os importes que podería ingresar en concepto de entrada? ¿Está suxerindo que a Xunta de Galicia prohiba aos cabidos catedralicios o establecemento dunha entrada, privándoos así da posibilidade de xerar recursos e, polo tanto, condenando persistentemente as administracións públicas a contribuír ao mantemento do seu patrimonio? É que vostede se queixaba da baixada de orzamentos, precisamente neste momento.

Extrapolemos o razoamento do PSdeG: ¿tería a Xunta de Galicia que prohibir que calquera outra institución que recibe as súas achegas para restaurar ou conservar o seu patrimonio establecera unha entrada ao público? ¿Fariamos iso co Museo do Pobo Galego?, ¿fariamos iso coa casa de Rosalía de Castro? ¿Ou é que este razoamento só serve para a Igrexa católica, señora Burgo? (*Aplausos.*)

Se extrapolamos ao absurdo o seu razoamento, ¿deberíamos pedir pases gratuítos para as películas que reciben subvencións das administracións públicas? O señor Casal pode explicarnos algo a este efecto. ¿E como xustifica a súa posición, señora Burgo, cando hai uns días, na Comisión 4ª, vostede aplaudía con entusiasmo a proposta do BNG de subvencionar a recuperación de patrimonio privado en distintos concellos, neste caso da provincia de Lugo? Vostede, realmente, ten un argumento, na nosa opinión, un pouco feble.

Na nosa opinión, a posta en valor dos bens integrantes do patrimonio galego deben levar consigo unha xestión; unha boa xestión que permita a súa preservación, a súa promoción e a súa divulgación, para achegar á cidadanía os valores culturais, os valores históricos, patrimoniais e artísticos que representan.

Consideramos que o establecemento dunha entrada para as catedrais ou para calquera ben cultural debe servir para, polo menos, dúas cuestións: contribuír ao mantemento diario, á súa conservación —é dicir, para reinvestir o recadado no propio monumento— e, por outra banda, para mellorar a atención ao público, tanto en medios persoais, creando así emprego, como materiais, para que as visitas turístico-culturais poidan realizarse en condicións óptimas.

E neste contexto é no que debemos valorar a existencia ou o establecemento dunha entrada para as catedrais de Mondoñedo, de Ourense ou de Tui, onde a catedral en si é a única fonte de ingresos posibles. Por certo, esta é unha práctica estendida noutras moitas cidades de España, en cidades onde vostedes tamén teñen algo que dicir —Sevilla, Córdoba, Toledo, Barcelona, Cádiz— e en cidades do resto do mundo, como Londres, Milán, etc.

É ao cabido de cada catedral a quen lle corresponde o goberno e a xestión da catedral, que, ao estar declarada BIC, como vostede recordaba, está sometida á lexislación vixente e, polo tanto, a catro días de visita gratuíta ao mes. Fóra desta obriga xenérica, nada impide que a entrada a un BIC sexa pagando. Malia iso, as súas señorías saben que a Xunta de Galicia

mantén unha interlocución coas dioceses de Galicia —vostede tamén o recordaba—, a través da Comisión Mixta Xunta-Igrexa, cuxo regulamento vén de aprobarse no pasado mes de agosto.

Este marco de colaboración institucional establecido xa no ano 1985 permite, entre outras cuestións, asesorar respecto do establecemento das condicións para o acceso á visita pública daqueles bens nos que se realizaron investimentos por parte da Administración autonómica. Esta recente regulación de seguro que permitirá mellorar as condicións de visita e goce desde a perspectiva cultural das catedrais e doutro patrimonio eclesiástico de valor cultural.

Remato xa insistindo na idea de que a valoración do patrimonio ten que pasar por unha boa xestión que permita xerar recursos propios destinados ao seu mantemento, á súa preservación para futuras xeracións, así como á súa divulgación e promoción.

Calquera iniciativa que sirva para contribuír a esta tarefa será benvida e apoiada por este Grupo Popular, pero cun argumento serio, señora Burgo, cun argumento sólido e fóra e libre de prexuízos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.

Bueno, en primeiro lugar, quero dar as grazas polo apoio a esta iniciativa ao BNG e a En Marea. En segundo lugar, dicirlle señora Antón, que non me estraña que vostede non entenda esta iniciativa, porque, mire, esta iniciativa se fundamenta no dereito que ten toda a cidadanía ao acceso á cultura, (*Aplausos.*) aí e niso é onde se fundamenta. E vostede non entende este principio nin este dereito; nin o entende vostede nin o entende o Partido Popular, e en coordinación co Partido Popular, nin o entende o Goberno nin a Consellería de Cultura.

A min gustaríame saber por que o Partido Popular e o Goberno, que seguro que está de acordo coa súa opinión, non encontra nada que dicir cando nin a familia Franco nin a Igrexa incumpra a Lei de patrimonio; ou sexa, a vostede non lle importa que a Igrexa incumpra a Lei de patrimonio no seu artigo 48, e vostedes son os que teñen que ser os encargados de cumprir a lei.

Xa sabemos que o Partido Popular ten unha idea moi propia do que é cumprir a lei. Xa sabemos, precisamente con todo o que está pasando con este partido, que para vostede cumprir a lei é retorcela sobre o seu propio beneficio e en beneficio de a quen queren axudar, e neste caso, polo que se ve, é á familia Franco e á Igrexa.

A Igrexa ten a obriga, como calquera propietario dun BIC, a abrir polo menos catro días ao mes, e dende logo debería de ter tamén a obriga —e deberían vostedes obrígallo dentro desta

comisión mixta— de abrir polo menos a catedral, as catedrais, sen ningunha entrada. Outra cousa son os museos, o Museo catedralicio, xa o dixen, e vostede sábeo, o Museo diocesano, ou o Museo do Pobo. Son outras cousas moi distintas a unha catedral ou a unha igrexa, moi distintas. Ten a obriga de facelo.

Quero falar doutra cousa tamén. Miren, se cobran entradas, teñen uns beneficios; se teñen eses beneficios, terán que pagar impostos por eses beneficios, porque están desenvolvendo unha actividade económica. ¿Sabe o que di o propio Cabido de Ourense que gañaron nun ano? 106.000 euros. ¿Sabe en Mondoñedo cantas persoas tiveron nun mes, a 4,5 euros por persoa? 15.000 euros. Polo tanto, se están exercendo unha actividade económica, que paguen os impostos pola actividade económica, porque non se pode estar en misa e repicando. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, ¿ten algo que dicirme vostede a min?...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...¿ten algo que dicirme, señor ...?

**O señor PRESIDENTE:** Non, xa lle mandei calar.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ¿Non vai recriminalo?

**O señor PRESIDENTE:** Díxenlle que silencio.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Non sei que me dixo. E é mellor para vostede que eu non saiba que me dixo, ¡eh!, ¡moito mellor! (*Aplausos.*) (*Protestas.*)

Vostedes están demostrando o que son, j están demostrando o que son! Non vou dar cualificativos, porque sabe, ademais, que non vou meter os seus compañeiros.

Señor Castiñeira, vostede está demostrando cada día, cada día, o que é, e, dende logo, non é unha visión nada agradable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

(*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Losada, por favor, silencio.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Engadir, ao comezo do punto 3, o seguinte texto:*

*«Desenvolver as modificacións orzamentarias precisas para non adiar a aplicación do Pacto de estado no escenario de prórroga orzamentaria así como incrementar as contías incluíndo a compensación polos recortes acumuladas nesta materia desde 2011».*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto 3 bis co seguinte texto:*

*«3 bis. Aprobar un calendario de cumprimento e avaliación do Pacto que garanta a realización das modificacións lexislativas precisas antes de setembro de 2018 así como a previsión orzamentaria para cada unha das medidas contempladas».*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo apartado co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:*

*1. Avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017 destinando, para tal efecto, o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.*

*2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir, desenvolver e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.



Eu, María Pierres, comprométome como deputada do Partido Socialista co Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e prometo traballar por e para mellorar e enriquecer o mesmo dende o colectivo. E, dende o individual, comprométome tamén a velar para que o meu neno non sexa vítima xa dende pequeno dos estereotipos de xénero, impulsando que o seu sexa un universo de cores diversas e non só o mundo azul no que a algúns lles interesa encadralo. *(Aplausos.)*

Permítanme agora saudar as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna, mulleres comprometidas coa loita pola igualdade e contra a violencia de xénero, representantes da asociación Fademur, da Asociación de Mulleres de Santa Mariña de Carracedo, de Caldas de Reis, e especialmente un saúdo para Esther e Eylín, representantes da asociación Por Todas, de Vilagarcía, exemplo vivo..., e digo vivo, porque literalmente sobreviviron á peor cara da violencia machista, non podendo máis que admiralas pola súa valentía... *(A señora Pierres López, emocionada, non pode continuar o seu discurso.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Quere descansar un momento, señora Pierres? Non hai problema.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...pola súa valentía...

**O señor PRESIDENTE:** Se quere descansar, pode descansar. *(Aplausos.)* Descanse un minuto, deixámoslle un minuto.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—non—, pola súa xenerosidade, e loitando agora para evitar que a violencia de xénero golpee outras mulleres.

Esther, Eilyn, hoxe a vosa presenza dignifica e humaniza este Parlamento. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Síntoo, non era a miña intención.

Todas elas, dicía, representan o sentir da sociedade, moito máis concienciada hoxe coa loita pola igualdade que hai anos. Loita que segue a precisar da implicación de todas e de todos. Isto non é un problema de mulleres, é un problema de todas e de todos porque a todas e todos nos afecta, e sen ese labor conxunto, loitando por esa sociedade á que aspiramos, non acadaremos mellora ningunha.

Seguindo coa exposición desta proposición non de lei que hoxe presentamos ante este Pleno, é preciso aclarar e lembrar que foi o Partido Socialista o primeiro partido que reclamou un pacto de Estado contra a violencia de xénero como instrumento complementario á actual lexislación e coa correspondente dotación orzamentaria.

Teñamos claro, polo tanto, a implicación e o compromiso dos socialistas coa loita pola igualdade e pola erradicación da violencia de xénero. Con esta iniciativa estamos a solicitar tres cuestións básicas, e que se resumen no seguinte: en que fagamos o comprometido, en que o fagamos canto antes e en que aportemos o orzamento necesario para que todo isto sexa posible. Fagamos, en definitiva, que o que é un problema de Estado, que conlevou un pacto de Estado, non sexa agora un fracaso de Estado.

E se hoxe traemos esta iniciativa é porque a implicación do mesmo na realidade dos galegos e das galegas é directa. É importante indicar, e así o comentamos na parte expositiva desta iniciativa, que as propostas reflectidas no documento do Pacto non recollen na súa integridade todas as iniciativas, neste caso presentadas polo Grupo Socialista, e sabemos que tamén por outros grupos, senón que no Pacto figuran aquelas que foron aceptadas por todos os grupos parlamentarios.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que estes acordos son necesarios, pero non son suficientes, e por iso seguiremos reivindicando máis avances nesta materia a través de distintas iniciativas, tanto dende as Cortes Xerais como dende os parlamentos autonómicos e os propios concellos.

A insuficiencia destas medidas recollidas no Pacto constatan as cifras que cada ano acompañan os datos da violencia de xénero no noso país.

Relátolles uns datos recentes sobre a percepción da violencia entre os xoves. O 27,4 % dos xoves españois de entre 15 e 29 anos considera que a violencia de xénero é unha actitude normal nas relacións de parella. Un 30 % dos xoves non perciben o control ou a vixilancia do móbil e as redes sociais como unha forma de violencia de xénero, e 3 de cada 4 xoves cren que as oportunidades das mulleres en canto a salarios ou ao acceso a postos de responsabilidade nas empresas son moito peores que as dos homes.

Todos son sinais de que entre os máis xoves non existe unha mellora suficiente en canto a avances en igualdade, e de rexeitamento claro da violencia. Considerala en alto grao como inevitable é un fracaso claro das políticas de igualdade. Unha violencia cada vez máis complexa, que abre novas vulnerabilidades, e que nós relacionamos directamente co machismo.

A violencia de xénero non é fortuíta, é o froito do fracaso das políticas de igualdade, e é preciso traballar e apuntalar dende o ámbito educativo estas políticas. Cuestións todas que nos están a lembrar cada día que non podemos seguir perdendo o tempo e que nos impulsan e nos obrigan a solicitar que se acurten, que se aceleren, que se axilicen os prazos establecidos para a posta en marcha das medidas, dado que o Pacto de Estado contra a violencia de xénero significa loitar contra un gravísimo asunto que afecta a seguridade das mulleres como cidadás.

Os datos deste ano das mulleres asasinadas froito da violencia machista son demoledores. Oficialmente, a día de hoxe, son 44 as vítimas de violencia de xénero, cifra que se equipara xa á cifra total de vítimas no 2016. Pero hai un dato que é absolutamente demoledor e desalentador: o pasado ano foi un, pero é que este ano foron oito os menores asasinados a mans dos seus pais; un dato que supera con creces todos os datos dos pasados anos, e un deles, tristemente, era galego.

Cinco foron as mulleres asasinadas este ano, que tiñan ordes de protección en vigor, e dende o 2011 son 35 as mulleres asasinadas nesta mesma situación. Mulleres, polo tanto, que solicitaron esa protección, que se demostrou insuficiente.

Eu entendo que estes datos son absolutamente graves. Que se fracase na orde de protección dunha muller que solicita amparo, axuda, e que este fracaso se materialice co seu asasinato, non é unha anécdota, non é excepcional; é un drama, é unha responsabilidade das políticas que nos afectan a todos e a todas.

Os métodos de protección das vítimas son, polo tanto, insuficientes, ineficaces. ¿Cantas máis mulleres ou nenos teñen que ser asasinados para que todos reaccionemos? ¿Como imos trasladar a mensaxe de que é preciso denunciar a violencia de xénero se un 20 % das que asasinaron o pasado ano denunciaron previamente o seu agresor e un 11,4 % delas tiñan orde de protección en vigor?

Nós entendemos que non é un problema tanto de protocolos como de medios. Os equipos e forzas de seguridade que atenden as vítimas con protección son insuficientes e incapaces de asegurar esa vixilancia do agresor e de velar pola seguridade das vítimas. Este é o caso co que podemos entender mellor esa importancia de investir e de facelo de urxencia, neste caso en protección das vítimas, pero o mesmo hai que trasladar á prevención, á formación e á especialización dos axentes do proceso de atención ás vítimas. É necesario poñer en marcha todas e cada unha das medidas reflectidas no Pacto de Estado, favorecer para que de maneira urxente se activen e trasladen as partidas orzamentarias acordadas para a execución dos acordos do Pacto ao conxunto das administracións implicadas, ás comunidades, aos concellos; no caso galego tórnase indispensable.

E se ben todas as medidas son necesarias e importantes, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que ten especial urxencia a posta en marcha daquelas medidas que teñen que ver coas entidades locais e co papel que lles corresponde no ámbito da atención e protección das mulleres vítimas, e das súas fillas e fillos.

A experiencia confirma que canto máis achegada, canto máis cercana está a Administración e a cidadanía, máis eficaces son as medidas de sensibilización, de educación ou de detección precoz, e máis eficaz é a resposta de urxencia ou de seguimento dos servizos.

As administracións locais teñen experiencia, implementando normas e plans con medidas específicas que favorezan a igualdade de oportunidades. Entendemos, polo tanto, que os 20 millóns de euros ao ano que teñen que ser aportados ás administracións locais non poden demorarse nin atopar escusas en prórrogas orzamentarias que ameazan a súa consecución.

E xa concluíndo, non hai nada do que hoxe lles propoñemos nesta iniciativa que non estea contido xa no Pacto de Estado, nada.

Por todo isto, agardamos que todos os grupos apoiem esta iniciativa, que vén demandar a maior das axilidades para a posta en marcha do Pacto, das súas medidas, dos prazos, da transferencia de orzamentos, non entendendo que non o fixeran de modo unánime, por tratarse de principios básicos e nos que se fundamenta o propio documento, consensuado e aprobado.

Polo de agora, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Quero saudar tamén as convidadas do Partido Socialista. Sen dúbida, sen o traballo que todas elas fan a nivel de base o noso traballo aquí sería máis solitario e máis inexacto. É agradable ter a alguén aquí que nos escoite, cando ás veces vemos un parlamento un pouco deshumanizado xa ao tratar as nosas propostas. Polo tanto, moitas grazas polo traballo de todos os días do ano e por vir hoxe aquí.

Apuntarei algunha cuestión ao fío desta iniciativa do Partido Socialista. Antes de nada, desde o BNG queremos dicir que nós queremos centrar os debates, ás portas deste 25 de novembro, fundamentalmente no ámbito galego e fundamentalmente nas cuestións que os señores e señoras deste lado da bancada teñen que votar e ás que dicir si ou non sen botar balóns fóra, sen botar balóns cara a Madrid, e queremos que se posicionen sobre todo sobre as cuestións que dependen directamente da Xunta de Galiza. Pero si que direi algunha cuestión a respecto deste tan manido pacto estatal, que de momento ten regalado bastantes máis titulares que cambios lexislativos ou cambios normativos.

Para o xuízo do BNG este é un pacto que podemos cualificar de mínimos. ¿É importante? Si, nós dicimos que é importante, non lle quitamos importancia. ¿Recolle avances que non debemos minusvalorar, nin moito menos, aínda que nos saiban a pouco? Pois tamén, tamén recolle avances que nos parecen importantes, aínda que insuficientes. Pero, ¿é este pacto todo?, ¿é todo como parece que é de repente da noite á mañá? Pois nós pensamos, sinceramente, que non. E dános mágoa porque perde unha oportunidade de ouro para moitas mulleres do Estado español que, aínda que non sexan do noso país, teñen a nosa solidariedade e os nosos mellores desexos. É unha perda dunha oportunidade fundamental, porque diante dese pacto de Estado había unha oportunidade fundamental para comezar por superar a Lei do Estado de 2004 e tomar exemplo da Lei galega de 2007, que, en canto á concepción de violencia, é moito máis ampla e deixa a moitas menos mulleres fóra do que o fai a lexislación estatal.

Ninguén nega que teña cuestións importantes, por exemplo —e xa a voceira do Partido Socialista fixo mención ás crianzas vítimas de violencia machista deste último ano—, nós alegrámonos de que a iniciativa do propio Partido Socialista, a partir deste teórico pacto, as nais desas crianzas sexan consideradas vítimas de violencia machista, non como era ata o de agora. Pero tamén pensamos que non se poden negar todas as carencias e lagoas que ten este pacto de Estado. Por exemplo, nunhas semanas nas que tanto temos que estremecemos ao ver a opinión social e de determinados medios de comunicación diante do caso da violación de San Fermín, pois cabe recordar que as violacións seguen a estar fóra da óptica, desde o punto de vista lexislativo, da violencia machista. Tamén continúa a faltar ese acoso sexual que tanto molesta ás veces a algúns deputados e deputadas desta Cámara.

Pero, sobre todo, para nós, o gran fracaso deste pacto —e xa a voceira socialista apuntaba algunha cuestión— é que sen orzamento, como calquera outra cuestión, pois será unha mera declaración de intencións, mero papel mollado. E a maior proba é que durante este mes o Partido Socialista e tamén o Partido Popular presentaron mocións nos concellos e nas deputacións, e agora o Partido Socialista, esta iniciativa, da que a propia voceira dixo que non se incluía nada novo. É desalentador que teñamos que asumir xa esa óptica pesimista de que será un fracaso e de que parece que non se vai cumprir.

Por iso, as nosas emendas van na liña de requirir compromisos económicos, independente do que pase nas negociacións do Estado en canto aos orzamentos, porque non imos permitir que tamén a violencia contra as mulleres sexa un argumento para que alguén aprobe ou deixe de aprobar os orzamentos —e vai un pouco na liña doutras reivindicacións que ten feito o propio Partido Socialista a este respecto—. E tamén incluimos emendas encamiñadas á propia Xunta de Galiza, porque está moi ben que nos preocupemos polo Pacto do Estado, pero tamén estaría ben que nos preocupáramos un pouco por ese teórico pacto desta Cámara galega e por que a Xunta de Galiza incremente os orzamentos que destina a esta cuestión, e poidamos falar de teoría e de práctica, non só de teoría. Por exemplo, simplemente por dar algún dato, xa que onte tivemos un debate sobre os orzamentos e o conselleiro de Facenda non empregou a palabra bufón, pero si que dixo que a esta humilde deputada ninguén lle explicara os movementos orzamentarios, de modificacións orzamentarias, hai que dicir que si que son legais, pero ás veces son un pouquiño inmorais. E, por exemplo, se vemos a execución orzamentaria e as modificacións orzamentarias do último exercicio orzamentario, vemos que programas tamén importantes —aínda que non sexan directamente de violencia machista—, como de accións para a igualdade, tiveron un recorte de máis dun 12 %. Agora vimos de aprobar o primeiro trámite duns orzamentos que incrementan en máis de 222 millóns a capacidade de gasto da Xunta de Galiza, pero o Programa de violencia machista incrementa en 222.000 euros...;

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...é dicir —e remato, señor presidente—, que nin sequera de cada millón que incrementa destinan 1.000 para prevención e erradicación da violencia machista.

Polo tanto, as nosas emendas van no sentido de exixirle ao Estado, si, pero de exixir tamén deste outro lado da bancada menos palabrería e máis recursos económicos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Boa tarde.

Dende de En Marea tamén quero recibir as persoas que estades aquí; o noso saúdo e o noso agradecemento, porque sabemos que as medidas que foron avances, aínda que insuficientes,

no eido da igualdade, fórono pola presión social, pola presión dos movementos feministas e por xente coma vós.

E, señora Pierres, non pida perdón por chorar, porque realmente soamente dende a empatía se poden facer políticas dignas; dende a empatía de entender que, cando falamos de leis, estamos a falar de persoas como as que estades aquí, como as que están aí fóra. Non hai que pedir perdón por iso.

E a gravidade da situación que temos enriba coas violencias machistas precisa, claro que si, unha acción decidida das institucións. É unha cuestión de democracia, é unha cuestión de garantir os dereitos de máis da metade da poboación. E por iso imos apoiar esta proposición non de lei, porque é urxente que se acurten os prazos para que se poñan en marcha estas medidas. ¿Insuficientes? Si. ¿Necesarias? Tamén. É urxente que se poñan en marcha, e é urxente tamén —foi dito aquí— que se incremente o orzamento, que haxa orzamento detrás destas medidas.

Por iso, aínda que imos apoiar esta proposición non de lei, tamén entendemos que o feito de que se presente é unha evidencia de que o Pacto de Estado ten eivas, e ten eivas porque non ofrece garantías para o seu cumprimento. Nós entendiamos —e por iso En Marea se abstivo na votación do mesmo, aínda que participou e achegou propostas— que sen garantías e sen compromiso orzamentario nacía un pacto de Estado con falta de apoio do Estado. Parece un contrasentido, pero foi así. Pero isto é unha realidade porque, visto que está a piques de rematar o prazo para implementar as medidas, non houbo avances, e houbo recortes nas partidas de igualdade nos últimos anos; como recortes houbo en sanidade e en dependencia, que, por certo, todos estes recortes nos afectan máis as mulleres en xeral, porque seguimos a ocuparnos maioritariamente das tarefas de coidado.

Por iso nós deixamos claras estas posicións cando votamos no Congreso absténdonos neste pacto de Estado, pedindo —repito— esas garantías de aplicación, tanto a nivel orzamentario como a nivel de control deste propio pacto. Polo tanto, sen orzamentos suficientes, non hai pacto de Estado.

Pero, con todo, aínda que eses orzamentos sexan insuficientes, parécenos fundamental, claro que si, que se avance esa consignación de crédito, porque, aínda que non se aprobaran orzamentos para o ano que vén, poderíase habilitar un crédito extraordinario para transferir tanto aos concellos como ás comunidades autónomas os fondos para aplicar as medidas deste pacto de Estado.

E aquí queríamos facer dous apuntes. En canto ás medidas que teñen que ver coas obrigas das comunidades autónomas, están sobre todo aquelas que van ao eido educativo. A señora Pierres dixo tamén a importancia da educación dende a infancia para superar estereotipos. Seguramente ela tamén comprende que esa educación incluso hai que estendela ao período de xestión. Porque sabemos moi ben iso de: «¡Uy!, es una niña, son más tranquilas», «É un neno, é o machote da casa». Igualdade en todo lugar, en todo momento, e superación dos estereotipos en todo momento.

Isto en canto ás competencias que ten a Xunta, pero, en canto aos concellos, tamén é fundamental reforzar os servizos sociais comunitarios. Non cansaremos de dicilo, son a porta



de entrada de todas as situacións sociais. Cuns bos servizos sociais comunitarios, reforzando o papel da educación social —en contra da posición de voto que tivo o Partido Popular a respecto dunha proposición de lei que pedía regulamentar máis a profesión de educación social—, teríamos moitos máis mecanismos para loitar contra a violencia machista. E o Partido Popular nos últimos anos recortou as competencias dos concellos e os seus fondos. Así non se pode loitar contra a violencia machista nas institucións máis próximas á cidadanía. Por iso apoiamos especialmente este espírito da PNL neste punto.

E, para rematar, nós consideramos que hai que chamar as cousas polo seu nome; nomear as cousas significa que existen. Neste sentido, estamos de acordo en que se amplíe o concepto de violencia machista, porque non é tolerable que unha violación non se considere violencia machista. E, neste sentido, pedímoslle ao Partido Popular... Non está aquí o señor Vega, pero o outro día, nun debate na radio, sinalou que as violencias non eran cuestión de machismo, que eran cuestión de violencia. ¡Pois non!, chamémoslle polo nome, ¡é cuestión de machismo! Non banalicen, porque falamos da violencia que sufrimos as mulleres polo feito de sermos mulleres. *(Aplausos.)*

Así que apoiamos a necesidade de concretar: compromiso orzamentario e compromiso de cumprimento do pacto. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Boas tardes.

Benvidas as invitadas a estar aquí hoxe no Parlamento de Galicia.

Dende logo, este é un momento importante. Este ano 2017 é un ano importante porque conmemoramos a maioría de idade do 25 de novembro.

Eu, de verdade, non quero entrar no xogo no que ten entrado algún outro grupo hoxe aquí, e menos nesta semana; nesa dinámica de intentar trasladar que hai xente, que hai grupos políticos, ou menos, que ao grupo político máis votado neste país non lle importa a violencia machista. De verdade que me nego a entrar nesa dinámica tan triste de valorar e comparar o compromiso contra este problema duns e doutros.

Eu non dubido nin por un segundo da boa vontade de todos os grupos da oposición na loita contra a violencia de xénero. *(Aplausos.)* Presupóñolles a mesma boa vontade que teño eu e que ten o meu grupo, e creo que facer o contrario é equivocarse de inimigo. Nós non o facemos, cremos —e isto é algo no que leva insistindo moito tempo o vicepresidente da Xunta de Galicia— que este non é un tema máis para someter á loita partidista coma se fora o trazado dunha estrada. Isto é moito máis importante, e por iso a mensaxe que debemos trasladar á sociedade é que aquí estamos todos a unha contra os agresores machistas. E de seguro que a Xunta pode acertar ou equivocarse, quedar curta ou pasarse, e chegar a tempo ou tarde, como calquera outra das administracións, das institucións onde gobernan vostedes, pero

creo que é irresponsable querer trasladar que, segundo quen governe, hai máis ou menos vontade de atallar este problema. Eu non o creo, creo que é unha vontade compartida e unha política que ten continuidade estea quen estea no Goberno.

Nós, dende logo, continuamos algunhas das políticas que iniciara o Bloque Nacionalista Galego, porque están ben enfocadas; votamos a favor da lei que promovera o Bipartito, porque estaba ben; votamos a favor da Lei orgánica que impulsara o Goberno do señor Zapatero, porque estaba ben; e creo que é inxusto dicir que nestes anos non se avanzou: dende a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral contra a Violencia de Xénero, en Santiago de Compostela, ata a creación do Observatorio da Violencia, pasando polo Programa de inserción laboral ou o empurre e o reforzo da rede de centros de información á muller de toda Galicia. Puxemos en marcha tamén o protocolo de coordinación entre institucións, a implicación da Policía Autonómica na defensa das vítimas ou a introdución da formación e prevención da violencia machista nos currículos escolares e na formación tamén dos empregados públicos. Foron iniciativas deste partido, do Partido Popular, que nos fixeron avanzar. Como tamén nos fixo avanzar algunha que pactamos co Bloque Nacionalista Galego, como foi a modificación legal para a mellora das axudas a vítimas, e que hoxe xa está desenvolvida e funcionando.

Por iso queremos seguir nese propósito de acordo, como fixemos cando elevamos unha postura común do Parlamento de Galicia sobre o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e como fixemos coa sinatura do pacto o pasado mes de setembro no Congreso dos Deputados.

Por iso, xa lle adianto que imos votar a favor de todo o que hai nesta proposición non de lei, que supón ir no camiño de executar e avanzar nese acordo. Pero non lle podemos votar a favor do punto no que propón rachar o compromiso de todos con este Pacto de Estado; iso nunca o apoiaremos.

Solicitan no seu primeiro punto falar dos prazos establecidos. Dende logo que o Partido Socialista e todos os grupos políticos apostamos no Congreso dos Deputados por un prazo de dous meses dende a ratificación do pacto o 28 de setembro, no último pleno do Congreso dos Deputados, e, dende logo que imos seguir con esa postura.

No seu punto 2 tamén solicitan que se poñan en funcionamento as medidas con entidades locais. Concretamente, nós mañá propoñemos aquí unha proposición non de lei na que solicitamos o impulso das mesas locais de coordinación e o reforzo da Rede de concellos contra a violencia de xénero. Agradezo de antemán o seu apoio á nosa proposta de mañá.

No seu punto 3 reclaman que se activen e trasladen as partidas orzamentarias acordadas. Sabe ben que no artigo 207 do Pacto de Estado hai un incremento de 1.000 millóns de euros durante os próximos cinco anos para este pacto, con 500 millóns de euros para a Administración autonómica, con 100 millóns de euros adicionais para a Administración local e con 400 millóns de euros para as medidas de competencia estatal.

Agardamos que este punto da súa iniciativa implique que vostedes van aprobar eses orzamentos para así poder darlle o amparo presupostario que o Pacto implica.

En definitiva, nós imos votar a favor de todo o que hai nesta proposición non de lei, que, como ben lles dicía, implica sumarse ao Pacto de Estado, cumprir co presuposto que está así ratificado no mesmo pacto e, dende logo, incorporarse ao traballo dos municipios en materia de violencia de xénero.

Se o Partido Socialista está realmente na liña de facer avanzar o Pacto, pode contar con nós, e nós agardamos poder contar con el. E se é así, sen dúbida, este ano 2017 será un ano importante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Señora García, teño que recoñecerlle que non lle entendín moito do que dixo, porque me falou dunha iniciativa de mañá... Non lle acabei de entender, a verdade. Non sei se me plantexaba un xogo de cromos... É que, de verdade, que non lle entendín, teño que ser sincera.

O que hoxe se presenta aquí é a posta en marcha de todas as medidas que se reflicten no Pacto de Estado, e de facelo coa máxima urxencia, con axilidade, na posta en marcha das medidas. É unha cuestión que só pode ter unha lectura: a de poñer o máximo interese en que non se volten dar situacións como o caso Juana Rivas, coa urxente posta en marcha de reformas lexislativas que amparen casos como o dela e recollidos no Pacto de Estado. Tamén favorecer con esa urxencia a reforma lexislativa, que contemple deixar en suspenso o réxime de visitas para pais maltratadores. Se estas e outras moitas cuestións non se impulsan coa máxima celeridade, de nada servirá que aparezan reflectidas como intención nun documento como é o Pacto de Estado. Así mesmo, o compromiso orzamentario co Pacto é unha das cuestións que aparece nomeada como eixo de actuación do propio documento; polo tanto, asegurar que as transferencias deses orzamentos se axilicen é totalmente acaído e está totalmente apoiado polo propio texto aprobado.

Alégrame, non obstante, o apoio que manifestaron os grupos, coas emendas que tamén presentaron, actuando, ademais, en coherencia co apoio ao documento no Congreso dos Deputados; non así a votación última dalgún dos grupos, pero entendemos que si o seu espírito.

Volvo incidir en que este pacto nós tamén o entendemos un paso importante, pero que tampouco satisfai completamente as necesidades e peticións deste grupo. Si entendemos que nos acordos deste tipo chegar a consenso é máis importante que non dar pasos e permanecer inmóbiles.

Considerando algunhas das emendas presentadas polo BNG, e sendo emendas de adición, aceptamos a primeira delas en parte, a segunda enteiramente, e vémonos na obriga de rexeitar os dous puntos da terceira, porque, se ben concordamos en gran parte con ela, en-

tendemos que son froito doutro tipo de iniciativa que afasta o obxecto último desta de hoxe, que é o posicionamento claro sobre o Pacto e a urxencia sobre todo da súa posta en marcha. Por tanto, nós animámoslos a presentala noutra ocasión e a falar dela.

E co Partido Popular, que solicitaron primeiramente unha votación por puntos, que nós rexeitamos por considerar que todos os puntos son indispensables e complementarios, chegamos a un cambio no primeiro punto para modificar o termo «acurtar» por «cumprir e axilizar na medida do posible».

En todo caso, e máis alá da semántica e das voltas e reviravoltas, agradecemos o espírito de apoio dos grupos, e alegrámonos, ademais, de que o partido do goberno, o Partido Popular, reflexione dende a votación ao voto particular 35, presentado polo Partido Socialista, que na súa base contén os principios desta iniciativa de hoxe, que foi rexeitada unicamente cos seus votos. Sempre se está a tempo de razoar e de reflexionar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Cando sexa posible, se nos fai chegar a transacción, perfecto.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018 do cuadraxésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como é ben sabido, o constitucionalismo contemporáneo é un punto de chegada das esperanzas e das aspiracións, das arelas seculares do ser humano por vivir en paz, liberdade e seguridade. Xa Locke, cando inicia este movemento, afirma: «Sendo os homes libres iguais e independentes por natureza, ningún deles pode ser arrancado desa situación e sometido ao poder político doutros sen que medie o seu propio consentimento».

As constitucións modernas nacen, precisamente, porque os homes e as mulleres queren ser libres, queren ser iguais, queren ser cidadáns e non queren ser súbditos, e son os movementos ilustrados que preceden aos movementos revolucionarios que implantan o constitucionalismo os que marcan a fin do absolutismo e a fixación por escrito dos principios dunha comunidade a través dunha norma racional, sistemática e ordenada, que é o que é unha constitución. Sabemos que ese texto é desde que a Asemblea Nacional Constituínte

Francesa declarou, na famosa Declaración dos dereitos do home e do cidadán de 1789, que precisamente non hai ou, como di na súa base 16, «unha sociedade na que a garantía dos dereitos non estea asegurada nin a separación de poderes determinada non ten constituicións». Pois ben, dende finais do século XVIII, desde esta época, España anda á procura dunha constituición, no senso dito na Declaración dos dereitos do home.

A historia de España neste ámbito é, ou polo menos debera ser, ben coñecida. Sucesivas maiorías conxunturais, golpes militares de toda dirección, fundamentalmente reaccionarios, abren un período convulso, longo, demasiado longo, de períodos constitucionais conservadores, algúns deles progresistas e, sobre todo, de anos de absolutismo ou de ditadura. Así, tras a Constitución progresista de 1812, suspendida polo Sexenio Absolutista, reinstaurada no 1820 co Trienio Liberal, que volve ser suspendida pola Década Ominosa, chegamos a 1836 cunha nova constituición progresista, a de 1837, despois da breve restauración no 1836 da Pepa, da do 1812. En 1845 Narváez impón unha constituición moderada. Como é ben sabido, despois a «Revolución Gloriosa» impón a Constitución progresista de 1869. En 1873 iníciase a I República, que chega a facer un borrador de constituición que nunca é aprobado. En 1876 instáurase a Constitución canovista, a de restauración, de carácter moderado ou conservador. Iso remata co golpe de Estado de Primo de Rivera e coa instauración da II República, no 1931, que remata, como todos sabemos, cun golpe militar, unha guerra civil e máis de corenta anos de conflito civil e de profunda ditadura.

Iso quere dicir que entre 1812 e 1978 España tivo 62 anos sen constituición, 68 anos de constitucionalismo conservador e 30 de constitucionalismo progresista, que son os anos que estiveron vixentes a constituición de 1812, a do 1837, a de 1868 e a de 1931.

E por iso é difícil falar de movemento pendular, como se adoita ás veces, porque non houbo realmente un movemento pendular, o que houbo foi un constante truncar das arelas constitucionais de España. E por iso é tan transcendente o que acontece en España nos anos 1977 e 1978. Un constitucionalista galego, aínda que profesor da Universidade de Oviedo, Joaquín Varela, elaborou un estudo analizando que papel ten a Constitución do 1978 na nosa historia constitucional. Chega a dúas conclusións, en relación co seu método de elaboración: ningunha constituición anterior á do 1978, nin sequera a do ano 1837, que é a máis parecida neste aspecto, se elaborou con máis vontade de consenso e con máis vocación integradora que a actual; e a segunda conclusión á que chega, relativa neste caso ao contido, di que respecto do constitucionalismo do século XIX, a Constitución de 1978 innova moito máis que conserva, incluso en relación cos dous textos que lle son máis afíns, o de 1812 e o de 1869; coa de 1931, en cambio, a vixente constituición presenta moita máis continuidade que ruptura, pese a algunhas importantes diferenzas no seu contido, sobre todo no que supuxo o texto de 1978 de apertura ao ordenamento xurídico supranacional.

Método, consenso; contido, liberal-progresista, porque se instaura o Estado social e democrático de dereito, e por iso a Transición e a Constitución española son vistas, e foron vistas no seu momento, e inspiraron moitos fenómenos de transición á democracia, tanto en Hispanoamérica como en Europa como en Asia, nomeadamente nos antigos países da Unión Soviética, porque, efectivamente, se fixo —o modelo español de transición á democracia—

como un modelo de transición democrática a escala mundial. E así o teñen recoñecido moitos historiadores especificamente centrados na análise do cambio político.

A Constitución ten éxito, e tivo éxito no seu día, porque soubo resolver os cinco grandes conflitos nos que se centraba a polémica constitucional española: en primeiro lugar, a forma de Estado, quitándolle todo o poder ao Rei, e dándolle a sede da soberanía nacional ao Parlamento, coa monarquía parlamentaria; resolveu o problema das relacións Igrexa-Estado, porque instaura o principio de liberdade relixiosa, que implica a confesionalidade do Estado, pero a necesidade de cooperación coas igrexas —cousa que, por certo, no debate anterior, parece que non todos teñen claro nesta Cámara—.

Terceiro, relacións entre o poder civil e o militar, subordinando o poder militar ao civil e sendo o poder militar non un poder senón unha parte da Administración, neste caso da Administración militar.

En cuarto lugar, a cuestión social. É evidente que España non é a mesma, e só hai que mirar as cifras da evolución da presenza do Estado na economía: cando morre Franco, o 25 % do gasto público en relación co PIB; na actualidade, como saben vostedes, estamos por riba do 42 %.

E, evidentemente, a Constitución resolveu, dentro da cuestión social, os problemas dos dereitos, comezando polos das mulleres —aínda queda moito por percorrer, pero é evidente que a situación en relación co franquismo, non ten nada que ver, afortunadamente—; e dereitos como o divorcio, o aborto, o matrimonio homosexual e outros foron recoñecidos grazas a esta constitución.

E, finalmente, afortunadamente neste caso para Galicia, resolveuse a cuestión territorial cun sistema de soberanía compartida entre os distintos poderes do Estado, de tal maneira que o concepto de soberanía perdeu todo o sentido, porque as comunidades autónomas exercen unha parte da soberanía que lle corresponde ao Estado, como demostramos todos os días cando lexislamos nesta Cámara.

En definitiva, estamos ante un éxito en toda a súa extensión económica, social, política, e precisamente, ademais, porque unha das cuestións que se resolven, que é a do autogoberno, afecta moi fundamentalmente a Galicia, e en Galicia estamos especialmente satisfeitos do texto constitucional. Eu busquei algúns datos para reflectir a diferenza que había entre a Galiza preautonómica, preconstitucional, a do ano 1977, e a Galicia actual.

Daquela á agricultura dedicábase o 44 % da poboación activa, da poboación ocupada galega; actualmente é o 6 %; á industria, o 17 %, actualmente, o 14 %; á construción, un 8 %, actualmente, o 5,6 %; e aos servizos pasaron do 28 % ao 60 %. O 40 %, que vivía da agricultura, todos sabemos como vivía, especialmente os maiores, e vivía do autoconsumo; non vivía especialmente ben, e todos recordamos como se vivía cando non había nin auga nin luz e a xente convivía no mesmo edificio que os animais.

O PIB per cápita de Galicia subiu do 74,2 en relación co España ao 89,1. A esperanza de vida pasou nos homes dos 70 aos 80 anos e nas mulleres dos 75 aos 86. A mortalidade infantil:



no ano 75 morrían 23,6 nenos menores dun ano por cada mil nacidos; na actualidade, 2,7 de cada mil nacidos. Tiñamos unha universidade, un campus, agora hai tres universidades, sete campus. Había 90.000 persoas con estudos universitarios, actualmente hai 380.000 con terceiro grao. En produción editorial, o dato máis antigo que encontrei foi o do ano 1983, que había en Galicia —no ano 1983— 289 títulos de libros; na actualidade —2015—, 1.787. Autopistas tiñamos 100 quilómetros, actualmente 1.100. En persoal que investiga e desenvolve, persoal en I+D, pasamos de 3.000 a 9.000 persoas. E a porcentaxe de persoas de 25 a 34 anos con educación terciaria é de 37 homes en Galicia e de 52 mulleres, e se comparamos estas cifras de mulleres: 52 en Galicia, 47 en España e 43 na Unión Europea; e de homes, 37 en Galicia, 35 en España e 33 na Unión Europea.

Señorías, entendemos que a Constitución española de 1978 merece ser celebrada no seu corenta aniversario, porque lle debemos, precisamente, os mellores corenta anos da nosa historia; unha historia de paz, de integración en Europa, de democracia, de liberdade e de exercicio do autogoberno.

Por iso lle pedimos á Xunta e mesmo a este Parlamento que se unan aos actos que outras institucións do Estado están a organizar para que esta efeméride sexa conmemorada como realmente se merece.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

O señor Puy xa ten preparada a conferencia para ir facer unha xira por toda Galiza; ademais, ten aí un montón de datos. Non sabemos nós que se publicaban tantos libros grazas á Constitución. Nós pensabamos que se publicaban os libros grazas á xente que está loitando todos os días desde as editoriais, desde as asociacións de escritores, que están pelexando, co Goberno en contra, para publicar libros en galego. Pensabamos que era por iso, pero non, foi grazas á Constitución, esa constitución máxica... Claro, vénnos aquí vostede con ese relato mítico-máxico, incluso metendo na exposición de motivos algo coma isto: «Pasamos un tránsito dun réxime autoritario a unha democracia sólida». Señor Puy, non era un réxime autoritario, era unha ditadura, unha ditadura cruel e sanguinaria, xenocida. Chamémoslles ás cousas polo seu nome; non dulcificuemos ese pasado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non sei se o señor Crespo quere matizar algo...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Non, escoitei ben o debate. Si escoitei o debate. El fala da exposición de motivos... (*Murmurios.*) Non, pero eu oín ben. El está falando da exposición de motivos e o señor Puy falou de «ditadura profunda». Isto é exacto.

**O señor BARÁ TORRES:** Chamémoslle sanguinaria e cruel.

Non temos nada que celebrar como nacionalistas e como demócratas. Como nacionalistas opuxémonos e opoñémonos a esta constitución porque, señor Puy, señores do Partido Popular, temos ese veneno no corpo, o veneno do nacionalismo, o mesmo veneno que tiñan Alexandre Bóveda e Ánxel Casal, que os mataron precisamente para intentar acabar con ese veneno, pero non o conseguiron. (*Aplausos.*) Nin sequera esa ditadura cruel e sanguinaria conseguiu acabar con ese veneno que tiñan no corpo Alexandre Bóveda e Ánxel Casal, o veneno do compromiso e a paixón coa nosa nación, que tiñan tamén e que levaban dentro da súa alma Amparo López Jean, María Miramontes ou Castelao. Por iso tiveron que fuxir ao exilio, e levaron con eles ese veneno precisamente alén mar.

Cremos que a Constitución non a temos que celebrar como nacionalistas porque é un corsé, unha camisa de forza, para as nosas arelas de liberdade, de autogoberno, de soberanía e de benestar. Defendemos o exercicio dos dereitos colectivos porque somos unha nación, e sómola per se, non porque nolo diga ninguén. Nin nación, nin nacionalidade histórica, porque o somos. (*Aplausos.*) Non necesitamos que ninguén nolo conceda graciosamente.

E tamén, non temos que celebrar esta constitución como demócratas porque non queremos nin podemos celebrar unha constitución nada baixo a coacción da sombra, do aparello franquista, que perviviu máis alá do 1977, consagrado, lexitimado e branqueado tamén nesa constitución. Non queremos nin podemos celebrar unha monarquía imposta pola Ditadura, outra herdanza franquista, (*Aplausos.*) unha institución medieval que nunca se someteu a referendo. E queremos que lles quede claro: non queremos que se someta a monarquía a referendo, queremos que desapareza, porque a monarquía e a democracia son incompatibles, por certo. (*Murmurios.*) Unha institución moi pouco exemplar —e ás sentenzas dos tribunais me remito— e profundamente clasista e machista; unha institución constitucionalmente machista —a monarquía—, señores do Partido Popular.

Non queremos nin podemos celebrar unha constitución que legalizou o espolio, a corrupción, a inxustiza, que permite a regresión, o retroceso de dereitos e liberdades e a persecución do pluralismo e da discrepancia; unha norma ríxida, petrificada, inamovíbel, sacralizada, que só foi modificada, curiosamente, ao longo de todos estes anos —39 anos— dúas veces. ¿Sabe para que, non? Para cumprir os ditados da Unión Europea, do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional, para defender os intereses da banca; fundamentalmente por iso se fixo a reforma do 135.

E hai que ir acabando cos mitos, cos mitos tamén do consenso, porque o consenso non foi tal. Eu recórdolle —que non sei se se acorda— que había un partido que se chamaba Alianza Popular —non se si se acorda, pero algo con vostedes debe ter que ver— e que sobre todo polo título VIII en Alianza Popular 8 deputados votaron a favor, 5 en contra e 2 abstivéronse. Claro, vostedes deben ter mala conciencia, por iso agora se queren converter nos adais, nos campións e nos máximos defensores da Constitución, pero daquela pensaban outra cousa.

A maioría das persoas que estamos aquí non votamos a Constitución, non puidemos votar a Constitución. Eu faríalles un exercicio, se me permiten, unha consulta popular —se se poden

facer consultas populares aquí—, á bancada popular, e preguntarlles que levanten a man as deputadas ou os deputados do Partido Popular presentes na Cámara que votaron a Constitución —xa non lles vou pedir se votaron a favor porque, ao mellor, igual descubren algún segredo de alcoba que non poden confesar—...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** O señor Crespo. O señor Crespo votou a favor da Constitución.

Polo tanto...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...cremos que hai que superar ese pasado, ese pretérito imperfecto como nacionalistas e como demócratas, construír un futuro para a nosa nación, un futuro democrático, un futuro laico, un futuro republicano da república galega, un futuro no que se respecten os dereitos individuais e colectivos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que non teñen cabida nesta constitución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grazas, señor Bará.

Silencio.

Quedou patente que temos un parlamento moi xove. (*Risos.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

Eu tamén me comprometo, como deputada do Partido Socialista, co Pacto de Estado contra a violencia machista, e prometo traballar de maneira individual e dentro do meu partido para mellorar a situación e enriquecer o propio pacto.

E, dentro desa idea de igualdade, que, por certo, a nosa Constitución recoñece no artigo 14, quero citar a Mary Shelley, que non era só a muller dun dos mellores poetas da historia,

senón que tamén era unha gran escritora, que dicía: «Non desexo que as mulleres teñan máis poder que os homes, senón que teñan máis poder sobre si mesmas.», e creo que, respecto da celebración do 25 de novembro deste ano, a frase nos pode valer. (*Aplausos.*)

Nós imos votar a favor desta iniciativa. ¿E como non imos celebrar os 40 anos de conmemoración da Constitución? Un dos seus redactores e logo ponente foi Gregorio Peces Barba. Era militante do Partido Socialista. Representou o noso partido como un dos pais, o chamados «pais da Constitución», e fora no seu tempo un dos defensores máis radicais dos dereitos humanos naquela Ditadura sanguinaria, como dicía o señor Bará, no franquismo. Foi avogado defensor en procesos ante o Tribunal de Orde Pública e en consellos de guerra. Foi detido pola policía no ano 1969, desterrado da súa casa e suspendido do exercicio da avogacía precisamente pola defensa dos dereitos humanos. Primeiro, foi un defensor da democracia, cando non a había, e despois foi un defensor da Constitución do ano 1978, e era deputado do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

¿Como non imos apoiar unha proposición non de lei que defende a Constitución de 1978 se tamén é filla do Partido Socialista e se serviu para amparar e impulsar os dereitos individuais e as liberdades civís e a súa garantía efectiva? Foi a expresión do pluralismo lexítimo, foi a modernización da nosa vida social, económica e cultural, e, de feito, estamos aquí grazas á Constitución do ano 1978. E non esquezamos que moitos dos nosos compañeiros de partido deron a vida pola defensa daquela constitución na que se baseara no seu día un goberno lexítimo que foi desbancado do poder, deron a vida por unha norma fundamental, a do ano 1931 —por certo, moito menos avanzada que a actual do ano 1978—, e sufriron durante a Ditadura, igual que Peces Barba, para acadar unha constitución como a do ano 1978.

Tempo despois, no ano 2003, aqueles «pais da Constitución» firmaban unha declaración simbólica polo 25 cumpreanos da Constitución, e dixeron que, con independencia dos seus méritos xurídicos, das súas deficiencias, que as tiña, ou das libres opinións sobre se era perfecta ou non o era, estaban intactos o seu espírito de reconciliación, o afán de cancelar as traxedias históricas do noso dramático pasado, a vontade de concordia e a busca de espazos de encontro na tolerancia, e nós estamos de acordo con iso, con ese espírito, e por iso imos votar a favor.

Tamén porque esta constitución regula os estados de autonomía. É case a mesma que a da Segunda República do ano 1931. No noso artigo 2 fala das autonomías das nacionalidades e rexións, e a do ano 1931, no seu artigo 1, falaba dun estado integral compatible coa autonomía dos municipios e das rexións. As nosas comunidades autónomas son fillas daquelas entidades autónomas das que falaba a Constitución do ano 1931, a da Segunda República; polo tanto, autogoberno. E grazas a esa Constitución —que para nós aínda non é suficiente o autogoberno que temos—, o noso Estado autonómico ten sido capaz de representar o proxecto descentralizador do Estado do poder político máis importante e máis longo da historia do noso país.

Non obstante, a Constitución ten unha eiva, unha eiva grandísima; ten moitos defectos, pero ten unha grande eiva. Eu teño dous fillos, e os meus fillos non a coñecen, e non coñecen o Estatuto de autonomía, e seguro que se saímos á rúa e preguntamos cousas sobre a Consti-

tución ninguén ou moi pouca xente vai poder respostar. Seguro que dos que estamos aquí dentro, se preguntamos cousas da Constitución, é posible que poucos aprobaran ese exame. E esa é unha eiva que temos como sociedade, e é unha eiva sobre todo dos representantes políticos, que non fomos capaces de transmitir ao resto da sociedade, durante case corenta anos, o que significou a Constitución do ano 1978.

Ata hai pouco ninguén falaba nin sabía que existía o artigo 155. Tampouco coñecían nin coñecen moitos cidadáns que os dereitos van variando, e volvo a Peces Barba. Peces Barba fora entrevistado por Iñaki Gabilondo cando se reformou o Código civil para que os homosexuais puidesen contraer matrimonio, e falaban do artigo 32 da Constitución, que fala do dereito das mulleres e dos homes a contraer matrimonio. Non di entre si, non di con quen. O propio Peces Barba era o único —o resto dos pais da Constitución dicían que non era así, ou que non fora así— que dicía naquel momento... E é certo, porque a maioría dos ponentes non se plantexaran a posibilidade de que os homes puidesen casar con homes e as mulleres con mulleres, porque era o ano 1978. Pero para el era claro que a Constitución permitía avanzar no tempo a interpretación dos dereitos, e, grazas a iso e grazas a un presidente socialista, Zapatero, as mulleres poden casar coas mulleres e os homes poden casar con homes. *(Aplausos.)*

Non podo terminar sen facer referencia a que o Senado e o Congreso se reuniron o día 20 de setembro, e nesa reunión conxunta das mesas o Grupo Parlamentario Socialista votou a favor dos actos de celebración do 40º aniversario. E nós, con ese texto que compartimos, hoxe imos votar tamén a favor, porque é necesario que sirva como recoñecemento para todas aquelas persoas que antes do ano 1978 deron non só a súa situación persoal, senón a súa vida para a Constitución...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...—remato agora, presidente—, que, por certo, si que se votou en referendo e, polo tanto tamén, a parte relativa ao autogoberno. Si houbo un referendo sobre a nosa situación actual en Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Boa tarde, señorías.

Dicía Boaventura de Sousa que para que as constitucións funcionasen os procesos constituíntes tiñan que ser obra, non dunhas vangardas, senón dunhas retagardas, falando disto das maiorías sociais, que en cada momento histórico tiñan que acompañar os procesos constituíntes, porque á fin e ao cabo estes momentos constituíntes rexían as regras de convivencia para algún tempo; algún tempo que, de todas maneiras, tampouco era eterno.

E esa é unha das razóns polas que En Marea non vai apoiar esta festa; unha festa que celebra o texto vixente, porque pensamos que, neste momento histórico, precisamente o noso país, e o conxunto do Estado, necesitan e están demandando un proceso constituínte que alumee un novo texto constitucional; un novo texto constitucional que aborde varias asignaturas pendentes:

En primeiro lugar, no ámbito da soberanía popular, que recolla o recoñecemento do carácter nacional de Galicia, igual que a das outras nacións que integran o Estado español, co recoñecemento pleno do seu dereito a decidir a forma de organización política.

E, en segundo lugar, no ámbito da xustiza social, que recoñeza plenamente o carácter vinculante de todos os dereitos sociais que están recoñecidos mesmo na hoxe vixente parte dogmática da Constitución e que non teñen e que non constitúen verdadeiros dereitos subxectivos invocables por parte da cidadanía directamente, como é o caso do dereito a unha vivenda digna ou a unhas condicións laborais aceptables para toda a poboación; ademais, na nosa opinión, de incluír novos dereitos de última xeración, hoxe xa interiorizados socialmente e que, polo tanto, constitúen un reclamo colectivo que necesita amparo xurídico e que hoxe non teñen reflexo constitucional, por exemplo, o dereito a un mínimo vital ou renda básica, dereitos ambientais que inclúan o concepto de xustiza ecolóxica e, dentro dela, a protección dos dereitos dos animais, dereitos culturais ou o acceso á cultura como un básico universal, ou o dereito á auga mesmo, como dereito con substantividade propia.

Ademais, evidentemente, rexeitamos reformas que se fixeron de costas a esas maiorías sociais, como foi o caso do artigo 135, que tivo por finalidade sepultar políticas económicas que acompañasen a efectividade dos dereitos sociais, e que nós, polo tanto, non podemos festexar na medida en que supuxeron un sufrimento para as maiorías sociais, para millóns de persoas durante os últimos anos.

Ademais, na medida en que dous terzos das persoas vivas con dereito a voto neste momento, non soamente nesta Cámara, senón na nosa sociedade, non foron partícipes do momento constituínte de 1978, é momento xa de que estas dúas xeracións que viñemos posteriormente tomemos as rendas do noso propio destino político. Como dixo Antoni Domènech, somos republicanas e, polo tanto, queremos decidilo todo.

Pero é que, aínda que quixésemos conmemorar algo con vostedes, vostedes nolo poñen moi difícil, como recordaba tamén o profesor Pereira Menaut nunha entrevista hai pouco recollida nun medio galego. Porque, vaíamos mesmo ao texto constitucional vixente, non pasemos do artigo 1, incluso, o pluralismo político; principio de pluralismo político que o Partido Popular leva pervertido constantemente mediante unha concorrencia electoral, de forma dopada economicamente polo seu financiamento ilegal, algúns deles en fase de investigación, como o caso do señor Conde Roa, investigado por financiamento ilegal do PP de Santiago, e noutros casos a punto de caramelo, como é o caso Gürtel, por financiamento ilegal do Partido Popular a nivel estatal, que os levou a ter a dubidosa honra de ser a primeira vez que un partido político como tal está sendo investigado por corrupción na Audiencia Nacional, ou determinados casos que xa coñecen de sobra —mellor ca nós— e que foron xa plenamente condenados en firme.



Outras cuestións que tamén atentan contra o pluralismo político manteñen neste momento o alcalde de Palas de Rei, a pesar de ter sido condenado por prevaricación e por acoso laboral á súa propia secretaria do concello; ou a forma na que se desenvolveu unha moción de censura en Tui, que esta mesma semana deu lugar a unha situación —si, si— na que sería plenamente aplicable o Pacto antitransfuguismo.

O principio do pluralismo político está acompañado no artigo 1, punto 1, polo principio de xustiza, a xustiza como valor superior ao ordenamento xurídico, e polo artigo 118, que di que é obrigatorio —xa que falan de Constitución— prestar tamén a colaboración aos xuíces requirida no curso do proceso na execución das resolucións xudiciais. ¿Como entende o Partido Popular o artigo 118, de colaborar coa Administración de xustiza? A martelazos; a martelazos cos discos duros dos ordenadores que gardaban as probas sobre o seu financiamento ilegal.

Pero o artigo 103 da Constitución tamén fala de que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. E para mostra do Partido Popular, o caso Campeón, onde foron condenados por malversación de fondos públicos o director do Igape, ou tamén, no propio caso Campeón, por delito contra a Facenda pública, e polo tanto contra este artigo constitucional, Pablo Cobián, que non hai demasiado tempo sentaba cerca de onde está agora o señor Tellado.

O artigo 104 da Constitución establece cal é a función das forzas e corpos da seguridade do Estado, é dicir, protexer o libre exercicio de dereitos e liberdades e a garantía de seguridade cidadá, mentres que coñecemos, non hai demasiado tempo, como o ministro do Interior realizaba chivatazos a Ignacio González de que a policía o estaba investigando; ou o propio ministro Catalá, implicado igualmente no chivatazo policial ao entorno de González.

O artigo 117 di que a xustiza emana do pobo e que é administrada por xuíces e maxistrados independentes, e, sen embargo, na operación Lezo, coñecemos as gravacións de Ignacio González con Zaplana, ambos do Partido Popular, conspirando para quitar e poñer xuíces e fiscais. Ou o propio Ignacio González, no caso Ático, dicirlle a Cerezo: «Aquí, ¿que queda?, ¿pegarlle dous tiros ao xuíz?».

Ou o artigo 124 da Constitución, sobre o papel do Ministerio Fiscal, que á parte das funcións encomendadas a outros órganos, ten como finalidade promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos aos cidadáns e do interese público tutelado pola lei...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Aquí, despois de amosar o informe do Tribunal Superior de Xustiza do ano 2016, con cada ano máis de 200 novos casos de corrupción en Galicia, a inmensa maioría deles protagonizados polo Partido Popular, En Marea trouxo a esta Cámara a posibilidade de que vostedes se pronunciasen a favor dunha fiscalía anticorrupción para Galicia, e votaron non, e agora traeremos tamén outra proposición non de lei que debatemos mañá sobre a creación dunha oficina anticorrupción e terán oportunidade de votar non, o cal demostrará cal é o seu interese na Constitución vixente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Réplica.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Permítame comezar dándolle as grazas ao Grupo Socialista. Efectivamente, o Partido Socialista estivo na Constitución e desenvolveu fundamente, en aspectos moi importantes, a Constitución; polo tanto, agradecemos que se unan a isto, que creo que é un motivo de celebración.

A única cuestión que lle quería dicir é que a Constitución da República falaba, efectivamente, de «rexións», e a actual fala de «nacionalidades», e o representante nacionalista na Comisión constitucional, un dos sete pais da Constitución, dixo que precisamente esa palabra era a que facía que por primeira vez na historia, nin sequera na República, o principio da multinacionalidade de España estivera reflectido na Constitución, cousa que non é menor.

Ao señor Bará quero dicirlle que a Constitución non é máxica, a que é máxica é a liberdade, e a Constitución española é boa porque garante a liberdade (*Aplausos.*), e garante a liberdade despois de corenta anos dunha ditadura sanguinaria, efectivamente. ¿Hai algún problema? Parece que o que lle gusta é pensar que nós iamos aquí dicir outra cousa.

Seguimos. Di que non hai motivo para que se alegren os nacionalistas pola Constitución, cando vostede acaba de dicir que no réxime sanguinario se fusilaba os autonomistas e os galeguistas, e agora estase rehabilitando a imaxe, a persoa, a obra e a memoria de todos aqueles galeguistas que foron fusilados durante a Ditadura. É dicir, ¿vostede cre que os nacionalistas non teñen nada que celebrar? Eu creo que teñen moito que celebrar, para empezar, a existencia da autonomía, que precisamente foron a Guerra Civil e a Ditadura as que frustraron a posibilidade de que Galicia accedese á autonomía.

Di que os demócratas non teñen nada que celebrar. ¡Home!, aquí, nun debate, un dos primeiros que estaba aquí, o señor Beiras, dixo que estabamos nunha época franquista, e eu díxenlle que estaba insultando a memoria de quen estivera na cadea por ser antifranquista. (*Aplausos.*) Daquela houbo incluso quen dixo: ¡Xa está o Puy sacando o comunismo, os cornos dos comunistas a pasear!, e hoxe dino moitos daqueles que estaban alí. Non se poden banalizar as cousas. Se foi tan sanguinaria a Ditadura franquista, ¿como pode vostede sequera equiparar o réxime de liberdades, este Parlamento e a democracia española coa Ditadura franquista? (*Aplausos.*)

Falou de dúas reformas. Unha foi, efectivamente, a de que España debe cumprir os seus compromisos de pago da débeda pública, pero non dixo que había unha segunda. Pareceu que eran as dúas para... Non, a segunda é para que voten os cidadáns da Unión Europea nas

eleccións municipais. ¡Fíxese que diferenza co nacionalismo franquista!, que os cidadáns europeos residentes en España poden votar grazas a unha constitución, que, efectivamente, tivo dúas reformas.

Non pregunte vostede en Estados Unidos nin diga que levante a man quen votara a Constitución de Estados Unidos, (*Aplausos.*) porque..., se apunta ao principio de Jefferson, de que cada dezasete anos ten que haber unha constitución... Bueno, a Estados Unidos non lle foi mal, e a Constitución é de 1788. (*Murmurios.*)

Efectivamente, houbo unha división en Alianza Popular no 1977 porque houbo varios que non seguiron o noso presidente fundador, un dos pais da Constitución, que apoiou a Constitución, e por iso marcharon de Alianza Popular.

O grave non é iso, que marchara xente de Alianza Popular. Eu xa lle dixen aquí algunha vez que fixeron ben vostedes, que deixaron que marcharan algúns dos que deixaron o BNPG naquela época; fixeron moi ben. O grave non é iso, o grave é que nós, ¿onde estamos hoxe? Estamos defendendo a Constitución, estamos defendendo a liberdade, estamos defendendo Europa. ¿Onde están vostedes? Vostedes están no 1977, contra a Constitución e contra o franquismo. (*Aplausos.*) Están fóra do seu século. (*Aplausos.*) E, se lles digo a verdade, eu laméntoo. É unha pena que o nacionalismo estea involucionando mentres o Partido Popular está evolucionando. Pero é o seu problema, non o meu.

E, se me permite o presidente, dúas cuestións co señor Villares.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando xa.

**O señor PUY FRAGA:** Ben, paréceme moi ben que non apoie a festa, paréceme moi ben que pida un proceso constituínte. Eu creo que vostedes piden un proceso constituínte porque non queren pedir a reforma da Constitución. Porque a reforma da Constitución o que pide é maiorías cualificadas, pide consenso, pide entendemento. E vostedes, cando piden unha asemblea constituínte, piden todo menos consenso, menos acordo, menos pacto, menos transacción, menos crear unha Constitución onde caibamos todos. E iso, señor Villares, preocúpame, case tanto como oír a un maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dicir que en España non hai independencia do Poder xudicial. ¡Case tanto! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Proposición non de lei... (*Continúan os aplausos.*) Os aplausos son libres. (*Aplausos.*) Un pouco máis de aplausos... é un tema... Entenderán que eu non podo entrar niso. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Aquí é libre, pódese aplaudir... En fin. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, perdón, xa houbo outros debates onde se aplaudiu tamén intensamente. Son vostedes, eu no teño nada que dicir. (*Murmurios.*)

Bueno, ¡vamos ao noso! (*Murmurios.*)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea que xa foi adaptada pola Mesa para que poida ser debatida.

*(O G. P. de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Débese substituír o texto resolutivo polo seguinte:*

*“O Parlamento de Galiza acorda como resolución:*

*— Manifestar o rexeitamento e condena da xudicialización de procesos políticos, o recorte de dereitos e liberdades e as encarceracións que está a executar o goberno do Estado diante dun conflito político.*

*— Instar ao goberno do Estado a deixar sen efecto a aplicación das medidas governativas derivadas do artigo 155 da Constitución e á aceptación do dereito a decidir como un dereito fundamental dos pobos. Estabelecer os mecanismos políticos que permitan a celebración dun referéndum coas garantías esixibles que posibiliten dar unha saída ao conflito de forma que se respecte a vontade do pobo catalán.*

*— Instar ao goberno do Estado a asumir e recoñecer o carácter plurinacional do Estado español, recoñecendo de forma expresa o carácter nacional de Galiza, Euskadi e Cataluña.*

*— Rexeitar as medidas represivas que poidan contribuír a seguir danando a convivencia.*

*— Remarcar a defensa do autogoberno e, nese sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercer como tal. Reclamar que se respecte a lexitimidade das institucións democraticamente electas.*

*— Instar ao inicio dun proceso constituínte que recoñeza o carácter plurinacional do Estado, o dereito a decidir e anule o artigo 135. Proceso constitucional que garanta de forma expresa, e non só nominal como na actualidade, os dereitos á educación e á sanidade pública universal, o dereito á vivenda, ao emprego digno, que combata de forma efectiva a corrupción e declare o acceso á enerxía como dereito fundamental.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Menos mal que agora xa non nos matan, polo menos fisicamente, aínda que nos encarceran, señor Puy. Si, agora encarcérannos. Aos demócratas e aos nacionalistas encarcérannos (*Aplausos.*) por defender ideas, por defender liberdades colectivas. (*Murmurios.*) Si, si, si, efectivamente.

Este debate sobre a situación no Estado en relación con Cataluña ten que ver co exercicio de dereitos fundamentais, de dereitos colectivos como o dereito á autodeterminación, o dereito

a decidir, e sobre a democracia. Esta cuestión pon en evidencia o fracaso, o esgotamento, a podremia, do réxime de 1978, ese réxime representado pola Constitución, e neste momento é o nacionalismo quen está cuestionando ese réxime. E vemos como o Estado, ante ese cuestionamento, ten unha resposta autoritaria, reaccionaria, retrógrada e centralista baixo diferentes formas e distintos lemas. Está o lema do patriotismo constitucional tripartidista que invocou agora aquí o señor Puy. Está tamén outro slogan que tivo bastante éxito, que era «*más dura será la caída*». Houbo outro tamén —outro lema— desta resposta que foi «*todos a la cárcel*». E un tamén que tivo moito éxito foi «*a por ellos*». Este é o patriotismo constitucional, o respecto polo pluralismo e polas liberdades: «*a por ellos*» con música de Manolo Escobar, toda unha declaración de intencións. E despois están tamén outras formas de persecución, de cuestionamento, por exemplo, cos barcos de Piolín, ou tamén con ese famoso axente cipolino, que tivo moito éxito nos últimos tempos, que era realmente un axente secreto que lle ía causar un grave mal ao Estado español.

Eu creo que sería oportuno facer un pouco de historia —como fixo antes o señor Puy— sobre os antecedentes deste conflito, sobre como chegamos á situación actual. A orixe ten que ver coa frustración das arelas lexítimas de autogoberno, co «cepillado do Estatut» —esta é unha expresión do señor Guerra— polas Cortes do Estado no ano 2006 e despois polo Tribunal Constitucional no ano 2010, despois do recurso coñecido do Partido Popular. Aí constatouse a imposibilidade de romper ese ríxido corsé —ao que me refería antes— imposto polo réxime do 78, un marco abafador no que as nacións sen Estado teñen difícil acomodo.

A partir do ano 2010 produciuse realmente unha mutación no mapa político de Cataluña e tamén das alianzas e da correlación de forzas. Houbo unha manifestación multitudinaria baixo o lema «somos unha nación, nós decidimos», que foi o punto de partida dun novo tempo histórico, coa configuración dun polo soberanista cada vez máis amplo; unha fronte común soberanista que axudou tamén a incrementar a política represiva e recentralizadora do Partido Popular, que é unha gran fábrica de independentistas en Cataluña, como se sabe. E houbo unha ofensiva recentralizadora do Goberno do señor Rajoy a partir do ano 2011, cunha auténtica involución democrática: lei mordaza, reformas do Código penal para perseguir a discrepancia e o pluralismo, ata a recente reforma da Lei do Tribunal Constitucional.

E houbo outro punto de inflexión nese proceso que foi a negativa do Estado español, do Goberno do Estado do señor Rajoy, a chegar a un acordo sobre unha proposta que fixo Cataluña no ano 2012 para un pacto fiscal. Unha demanda semellante á do cupo vasco —que vostedes agora están tan contentos con el—, ou a proposta que fai tamén o BNG para Galiza, dun sistema de financiamento como estes que se defenden desde Cataluña ou desde o País Vasco.

Entón, neste contexto de frustración de diversas tentativas de acordo co Estado, é como xorde o proceso participativo sobre o futuro político de Cataluña no ano 2014 e a consulta do 9 de novembro, na que votaron a favor —e vostedes a isto parece que non lle dan a importancia que merece— máis de 1,8 millóns de persoas —que non son poucas—. O que veu despois xa o sabemos: as eleccións ao Parlamento catalán do 2015, o referendo do 1 de outubro e toda a política represiva previa do Goberno do Estado, como o secuestro dos xornais, asalto de imprentas, incautación de papeletas, prohibición de mitins, intimidación e denuncias a alcaldías e funcionariado, peche de webs, intimidación, amedrentamento, chantaxes

e ameazas, a pesar do cal houbo realmente unha votación con todos estes atrancos —vostedes tampouco lle dan a importancia que merece—, na que máis de dous millóns de persoas votaron a favor dese proceso de independencia para Cataluña.

Tamén é de sobra coñecida a resposta represiva do Estado o propio 1 de outubro, a base de paos e de malleiras, como todo o mundo viu pola televisión, aínda que vostedes parecen tamén querer non recoñecer esa realidade, que foi realmente un día de infamia e de vergoña para esta chamada democracia española, que puido ver todo o mundo e que causou auténtico asombro e un grande impacto internacional.

O secuestro de urnas, as malleiras a persoas indefensas, a violencia desmesurada e innecesaria constitúen unha auténtica páxina negra dunha democracia de moi baixa calidade. É parte dun proceso de involución política de recentralización e de recorte de dereitos e de liberdades que chegou a límites insospeitados nunha acción perfectamente coordinada, simultánea e en tempo récord, en tempo exprés, de todas as instancias do réxime, que se vía ameazado: a monarquía, o sistema de partidos, a oligarquía económica, o Goberno, o Tribunal Constitucional, a Fiscalía, a Audiencia Nacional etc.

E, claro, ameazan con facer caer todo o peso da lei nunha auténtica vinganza —que non se pode chamar doutra maneira—, con esa frase de «*más dura será la caída*» que aparecía no documento do defunto fiscal xeral do Estado. Produciuse a vulneración de dereitos e liberdades fundamentais, unha aplicación do 155 que moitos xuristas consideran auténticamente excesiva e abusiva, coa suspensión da autonomía de Cataluña, a destitución do Goberno, a ocupación polo Goberno central da Generalitat, que o señor Rajoy chegou a dicir —presumindo, nunha especie de complexo de inferioridade— que non se producía desde a Segunda Guerra Mundial. E non é certo que non se producira esta ocupación e destitución do Goberno da Generalitat desde a Segunda Guerra Mundial, non se producía desde que a comezos do ano 1939 o Exército franquista ocupou Cataluña e destituíu e eliminou o Goberno lexítimo de Cataluña. (*Aplausos.*) Aí é cando se produciu ese feito.

Procesamento e encarceramento do Goberno e da Mesa do Parlamento. E, claro, vostedes xa están anunciando que, se lles sae todo ben —se todo este proceso que teñen entre mans lles sae ben—, o seguinte paso vai ser a ilegalización de partidos, a prohibición de ideas e avanzar aínda máis no centralismo. E non cremos neses cantos de serea das comisións de estudo, da reforma constitucional e do modelo territorial porque xa deixaron claro os portavoces do Partido Popular que nada de nada de reformar a Constitución, e menos de reformar o modelo territorial. Porque ademais, tanto o Partido Popular como algúns dos seus aliados, saben perfectamente que lles sae rendíbel esa política represiva e recentralizadora. Esta solución policial, represiva, xudicial, para un conflito político demostra os límites da democracia e da Constitución española: a incapacidade para o diálogo e para a negociación política.

Non lle teñan medo á democracia, non lle teñan medo ás urnas, non lle teñan medo aos votos. Esa é a proba do algodón da baixa calidade democrática do Estado español, que vulnera dereitos democráticos fundamentais como o dereito de autodeterminación ou o dereito a decidir. Por certo, son moito máis democráticos outros estados, como o Reino Unido, como Canadá ou como Dinamarca, que si permiten este tipo de consultas e referendos.



Miren, este xa non é un conflito pola soberanía, é un conflito moito máis profundo; é un conflito que ten que ver coa defensa da democracia, coa defensa do dereito a poder votar, a expresar libremente nas urnas que futuro queren para a súa nación. Esta arela democrática choca coa lei, e isto non é a primeira vez que acontece na historia nin será a última, foi precisamente cuestionando os marcos legais como avanzou o mundo: como votaron as mulleres, como se conseguiu o dereito ao aborto, como se acabou coa escravitude ou como conseguiron a independencia moitos estados que hoxe están recoñecidos no mundo. Porque os dereitos non se outorgan, os dereitos conquístanse, e a xustiza sempre prevalece sobre a lei.

Como nacionalistas galegos e galegas móvenos a solidariedade con Cataluña porque temos unha vocación internacionalista, solidaria e antiimperialista. E igual que a temos co Sáhara, co pobo kurdo ou co pobo palestino, témola tamén con Cataluña. Pero móvenos sobre todo o noso propio interese, o interese supremo de Galiza, que é a razón de ser do nacionalismo ao longo da historia. Cada pobo, en todo caso, ten o seu camiño, ten o seu tempo e ten o seu ritmo.

Queiran que non, somos unha nación e reclamamos o dereito de autodeterminación para Galiza; reclamamos outro lugar no mundo e en Europa; reclamamos que queremos ser — como lles dixen antes— unha república laica, soberana e igualitaria. Queremos romper eses marcos, eses corsés, esas camisas de forza que nos afogan e conquistar o autogoberno, a soberanía, o benestar e a democracia. Estas son —aínda que non lles guste escoitalo— ideas lexítimas que temos o dereito a defender, e teñen que escoitalas aínda que non lles guste.

E, desde logo, seguiremos loitando, como fixeron ao longo da historia os nacionalistas deste país, por eses ideais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Murmurios.)* Silencio.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor Puy, quero empezar... Un inciso simplemente con relación á súa última referencia na intervención anterior, que me sorprendeu un pouco, máis ben máis propia dalgún dos seus compañeiros de filas que de vostede.

Quero pensar que foi porque nese momento non estaba prestando atención, estaba prestando atención aos murmurios que lle chegaban do seu oído dereito, do señor Tellado, e por iso non prestou atención ás miñas palabras, invocando ademais a condición de maxistrado que

son, en excedencia, evidentemente. Razón pola cal aproveitei —igual que aproveitou o Grupo Parlamento de En Marea— para reivindicar a independencia xudicial e, polo tanto, citar expresamente o artigo 118, e precisamente por esa razón considerar especialmente indignante e especialmente *sonrojante* que coñecésemos por medio da Operación Lezo a conspiración que diversos membros do Partido Popular tiñan para poñer e quitar xuíces e fiscais. E iso é algo que todo o mundo que nos estea escoitando recorda perfectamente porque non hai tantos meses, e aínda que se decidirá posteriormente sobre o alcance penal ou non desas conversacións —as conversacións son xa coñecidas por todo o mundo—, e a ancoraxe normativa na que se producen tamén, que foron determinadas reformas da Lei orgánica do poder xudicial e outras que intentou Gallardón e que, afortunadamente para esta democracia, non puido levar a cabo nese intento de reforma da Lei orgánica do poder xudicial, dá lugar a que nós, evidentemente, teñamos que reivindicar iso como principio. E unha das razóns polas cales nós viñemos aquí, precisamente, a invocar preceptos da constitución vixente que vostedes están violentando sistematicamente e por iso nos parece pouco adecuado vir reivindicar unhas partes si e outras partes non. Así que... (*Aplausos.*) Xa lles dixemos máis veces: vostedes son moito do 155, nós somos máis do artigo 10, da dignidade das persoas, de que a ninguén lle falte de nada. Vostedes son moito do 135 e nós somos máis do artigo 35, que reconece o dereito de todos ao traballo, a traballar con plena dignidade e cunhas remuneracións suficientes para chegar a fin de mes.

Dito isto, antes de que o señor presidente me chame á orde, comento cal foi o sentido da nosa emenda... Digo á orde para...

**O señor PRESIDENTE:** Quédanlle dous minutos.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moi ben.

Con relación ao tema principal, o sentido da nosa emenda é duplo. Dunha banda, harmonizarnos tamén con outras declaracións que fixemos conxuntamente co BNG, neste caso concreto con Compostela Aberta no concello de Santiago, onde entendiamos que quedaba perfectamente recollido cal era o sentido da propia proposta do BNG, incidindo fundamentalmente, ademais, polo que a nós se refire, en tres puntos concretos.

En primeiro lugar, o feito do referendo como manifestación ou como cume xurídico-político dun reclamo ao cidadán, dun reclamo democrático como é o dereito a decidir, que debe de ter unha resposta igualmente política e igualmente democrática, e, polo tanto, non-represiva, como sinalaba algún autor que agora non vou citar, pero que explicaba que, cando as institucións non permiten canalizar os reclamos cidadáns, será hora de modificar as institucións para que os reclamos dos cidadáns collan, tendo en conta que estamos ante reclamos dos cidadáns de carácter democrático, única e exclusivamente consistentes en expresar a opinión política nun tema que é de interese xeral, algo que, por certo, o propio artigo 92 da Constitución permitiría tamén expresar no réxime vixente se vostedes quixeran, cousa que, evidentemente, non quixeron.

En segundo lugar, pensamos que era igualmente acaído facer unha referencia ao recoñecemento do carácter plurinacional do Estado —ao que xa me referín na intervención ante-

rior— como paso previo ou como paso simultáneo á necesidade de abrir un proceso constituínte, ao que tamén nos referimos. E ese é, precisamente, o último punto da nosa proposta de emenda: a necesidade de instar un proceso constituínte que recoñeza ese carácter plurinacional co dereito a decidir. Ademais —si, é certo—, incluímos tamén como proposición a anulación do artigo 135, por unha razón que tamén explicamos antes. Nós consideramos, como republicanas e republicanos que somos, como cidadáns e cidadás libres, que temos dereito a decidir, pero a decidilo todo, no ámbito nacional e tamén no ámbito social. Por iso queremos que nos procesos constituíntes que se cheguen a abrir, ese proceso constitucional garanta de forma expresa —e non só nominal como na actualidade— determinados dereitos que están proclamados como fundamentais ou como de carácter social, ou como principios reitores da política social e económica, que pensamos que é necesario asegurar de forma efectiva para toda a cidadanía, de tal maneira que non sexan un simple proclamo ou que non sexan —como se di habitualmente— un simple papel mollado.

Nós consideramos que o estado de madurez da nosa sociedade, en termos democráticos e en termos de xustiza social, acadou un punto idóneo para defender que a dignidade da persoa sexa o punto esencial a partir do cal afirmar o resto de dereitos fundamentais e o resto de dereitos sociais, e poñelos por riba dos ditados económicos que hoxe en día nos compelen por parte do artigo 135.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes.

Eu tamén, como os meus compañeiros, me comprometo, como deputado e como persoa, co Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (*Aplausos.*) E agora vaíamos ao asunto.

Xa quedou claro no debate da PNL anterior que nós somos defensores da Constitución española de 1978, de toda a Constitución, por moitas razóns que xa foron expostas, pero hai outra moi importante, que eu creo que é algo que non se entende ben, é que a Constitución é un marco que debe ser necesariamente amplo, o cal permite o xogo político e ampara que, cando existan maiorías sociais alternativas, se poidan facer políticas diversas. Por tanto, podemos estar en desacordo —como estamos nós— con moitas das políticas que fai o Goberno, pero, sen embargo, estar a favor de que o edificio, o marco xeral, sexa o que é, como é neste caso a Constitución española. E seguramente, despois de corenta anos, precisa reformas. Nós somos os primeiros en defender que hai que facer reformas no edificio constitucional, non só no título VIII, pero fundamentalmente no título VIII, porque —como é ben sabido— na organización territorial de España no ano 1978 non houbo instrucións, houbo un ámbito que se ía construíndo pouco a pouco pero sen que houbera regras que organizasen o conxunto de relacións que debe haber entre as comunidades autónomas e o Estado a todos os niveis. E iso necesitámolo hoxe tamén. Por tanto, reformas, tamén, pero reformas que están previstas na propia Constitución.

Nós defendemos tamén na Constitución aquel título que fai referencia á súa reforma; e as reformas da Constitución hai que facelas desde dentro, desde o marco constitucional.

A corrente política que existe, que cree que para progresar precisamos cambiar de réxime, nós cremos que está equivocada. O que necesitamos é solucionar problemas, dificultades, límites, introducir novas referencias porque a realidade é cambiante, e para iso propoñemos a reforma constitucional.

En relación con outros aspectos da proposición non de lei, a verdade é que chama un pouco a atención a percepción selectiva que teñen os autores da proposición sobre a realidade catalá, e, como consecuencia, a nós parécenos que esta realidade está mal interpretada, dando lugar a unha mistificación da linguaxe que seguro que un autor como Victor Klemperer, que xa foi citado aquí nalgunha outra ocasión, tería moito interese en analízalo para facer un novo traballo se estivese vivo.

¿Por que falamos de percepción selectiva? Porque na toma de posición do BNG óbvíase o que resulta fundamental para entender os últimos acontecementos en Cataluña. E o que se obvia é que altísimos responsábeis políticos da comunidade utilizaron as súas posicións de poder para quebrantar a legalidade, para saírse do marco constitucional e para impulsar unha estratexia de desconexión que para nós foi inxenua e foi mendaz, como se saírse... (*Aplausos.*) ...de España e da Unión Europea fose o mesmo que cambiar de canal de televisión, sen darse conta das gravísimas consecuencias que ten en moitos planos. E esta ausencia de percepción da realidade é o que provoca a mistificación da linguaxe.

Na proposición fálase dun profundo proceso de involución democrática, dun auténtico golpe de estado para a democracia, do sistemático atropelo de dereitos e liberdades básicas, e así podíamos continuar. Pero todos eses conceptos non se aplican a aqueles que causan isto, que foron os gobernantes da Generalitat embarcados nun proceso independentista, nun proceso de secesión, que provoca xustamente estas e outras consecuencias nefastas. Non se aplica a estes, senón que se aplica a un goberno que utiliza ferramentas que están previstas na propia Constitución para restaurar a orde democrática.

Na súa posición non teñen en conta a aprobación de leis de desconexión polo Parlamento catalán, nin a DUI, nin a conspiración para a secesión, nin a falta de respecto a cando menos a metade da sociedade catalá, así como a unha ampla maioría da sociedade española.

Fíxese se a democracia española é de calidade que os responsables políticos independentistas, despois de todo o que pasou, poden presentarse ás eleccións e ser elixidos, incluído un presidente á fuga que esqueceu aquel consello de que en política pode facerse de todo menos o ridículo. (*Aplausos.*) Fíxese se centos de miles de cataláns, centos de miles de cataláns partidarios da independencia, que claro que os hai, poden non só seguir defendendo a independencia sen ser molestados, tamén organizar partidos políticos, encontros públicos, xestionar alcaldías ou a Generalitat durante anos sen ter ningunha necesidade de abxurar das súas condicións independentistas. ¿Ou é que os dirixentes da CUP, de Esquerra, do PDeCAT, que non estaban en posicións de poder, non están todos libres, participando no xogo político, presentándose ás eleccións e aspirando incluso a gobernar Cataluña despois do 21 de decembro?

Non é admisible que vostede nos diga aquí que hai unha clara vulneración da división de poderes. Vulneraríase se aprobásemos a súa PNL, porque nos está dicindo que, fronte ás decisións autónomas do Poder xudicial, tiñamos que xulgar nós quen debe estar en prisión ou non, quen debe ser condenado ou non, e iso non é admisible.

E falemos do 155. Cando hai un desafío á democracia do calibre do que houbo en Cataluña, os poderes públicos teñen a obriga de defendela, porque é defender a convivencia común, porque é defender a maioría da sociedade catalá que non apoiou o *procés* e o conxunto da sociedade española.

Fíxense o que din vostedes sobre a situación en Cataluña, e que eu comparto: Non é un problema que afecte en exclusiva ao pobo catalán, aféctanos a todos e a todas. Non podo estar máis de acordo. Pero en vez de remitirse aos procedementos constitucionais, como, por exemplo, que o Parlamento catalán podería remitir ao Congreso dos Deputados unha iniciativa de reforma constitucional se quixera; podería facelo, vostedes avalan a estratexia de desconexión do independentismo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** En realidade gustaríalles, seguramente, ter a forza social para impulsar unha estratexia similar en Galicia.

O Goberno español —remato xa— estivo en condicións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** O Goberno español estivo en condicións de aplicar o artigo 155 bastante antes, e non o fixo. Eu estou orgulloso do que fixo o Partido Socialista: negociar para que houbera unha aplicación do artigo 155 moderada, proporcionada e limitada no tempo, que dá lugar xustamente a unha convocatoria electoral que vai producir unha maioría política, a que sexa, a partir do 21 de decembro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Isto é o que vai pasar, e iso é o que nós defendemos como un bo resultado da calidade da democracia española.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Señor presidente, moitas grazas outra vez.

Nós non imos apoiar isto, e basicamente porque —como se dixo xa hai un minuto— a súa proposición non de lei di cousas que sinxelamente non son realidade. E quero, como teño cinco minutos, referirme brevemente a cada unha delas.

Primeiro, vostedes din que os conflitos políticos se teñen que resolver politicamente. Eu creo que iso, como principio, queda ben, é un bo principio. Resolver as cuestións falando politicamente é interesante. Pero esquecen vostedes algo que é esencial nun estado de corte federal como o noso; que precisamente se caracterizan porque hai unha resolución xudicial dos conflitos políticos, e precisamente por iso existe o Tribunal Constitucional.

Un ilustre constitucionalista español, Juan José Solozábal, ten dito que: *Lo que ha conseguido el estado autonómico es, ni más ni menos, que los conflictos territoriales no se hayan presentado en términos esencialistas, como una colisión entre identidades o lealtades, sino como una disputa competencial, aducida en términos jurídicos y por ello solubles por los tribunales.*

Precisamente, cando hai un problema no ámbito da política, para iso hai tribunais —neste caso o Constitucional— que resolven os conflitos políticos. Precisamente este profesor recorda que foi no 1934, non no 1939, cando houbo o primeiro problema coa Generalitat catalá, en tempos de vixencia da II República; porque foi no 1934 cando por primeira vez un goberno —neste caso o rexional catalán— desobedeceu unha orde do Tribunal de Garantías Constitucionais da República.

Dentro deste aspecto —e ademais eu quero salientar, como xa se dixo— este mesmo profesor que dicía en xullo que *el recurso al artículo 155 era problemático*, sen embargo, unha vez que se aplicou, dixo que as decisións do Goberno, que foron adoptadas en virtude da autorización do Senado, como exige a Constitución, respectan o principio de proporcionalidade, especialmente no seu momento de adecuación; supoñen unha intervención limitada aínda que suficiente para conseguir a finalidade buscada, que non é outra —como corresponde nunha democracia— que deixar que sexa o corpo electoral o que estableza as bases para afrontar a situación política que se seguiu do comportamento anticonstitucional da Generalitat. Polo tanto, estamos, en primeiro lugar, ante a resolución lóxica dun conflito que se produce cando unha autoridade do Estado como son as autoridades da Generalitat abandonan a Constitución.

Segunda cuestión. Din que non se deixa exercer o dereito á autodeterminación do pobo catalán. Primeiro, na Constitución, evidentemente, non está o dereito á autodeterminación. Pero se aplicamos a categoría do que significa o dereito á autodeterminación a nivel internacional, Cataluña tampouco sería suxeito colectivo de exercicio dese dereito. Non estamos diante dunha colonia, non se están vulnerando os dereitos das minorías, e calquera que vexa como funcionan as competencias e as decisións que adoptan os cataláns, evidentemente non se pode falar de persecución. É posible que algúns queiran que diga que hai persecución para dar a idea de que hai un dereito e vulneración do dereito á autodeterminación. Señor Bará, se vostede confunde a situación da Cataluña democrática e autonómica coa situación do Sáhara ou a situación do Kurdistán, entón é que temos un problema tamén de entendemento, porque non teñen nada que ver o exercicio da autonomía e do poder polas autoridades autonómicas coas posibilidades que teñen os masacrados pobos saharauís e kurdistanistas. *(Aplausos.)*



Terceiro aspecto. Falan votedes de que o 155 foi un atropelo democrático. Eu creo que houbo un atropelo democrático: vulnerouse o Regulamento da Cámara ao aprobar as leis de desconexión e de referendo contra o informe dos servizos xurídicos da Cámara; vulnerouse o mandato do Consello de Garantías Estatutarias catalán, que dixo que se estaba incumprindo a normativa; foron contra o Estatuto. O Estatuto de Cataluña, que non se tocou polo Tribunal Constitucional, o aprobado e que apoiaron, o Estatuto vixente de Cataluña, no seu artigo 222 establece que a reforma do Estatut require unha maioría de dous terzos. Eles modifican o Estatut ata o punto de que deixa de ter vixencia, e evidentemente o fan cunha maioría moito menor.

Foron contra a propia Constitución, que non contempla o dereito que vostede di que non se deixa exercer; foron contra as instrucións do Tribunal Constitucional e mesmo desobedeceron a xuíces, no caso do referendo, que dixeron que non se podía facer un referendo en condicións naquelas circunstancias. Evidentemente, hai unha involución democrática, e ademais chegaron a pechar o Parlamento catalán, e a oposición estivo máis dun mes sen poder controlar o seu goberno, que andaba noutras cuestións.

Cuarto motivo. División de poderes. Tamén se fixo algunha referencia. Eu, señor Villares, alégrome de escoitar que un xuíz di que hai independencia do Poder xudicial. Xa sei que hai delincuentes que están en contra da independencia do poder xudicial, como están en contra da propiedade privada e de moitas outras cousas, pero a mostra de que a independencia do Poder xudicial existe está en que eses que están intentando vulnerar están onde están. E, por certo, aquí non hai ningún, están todos onde teñen que estar, sendo axuizados por un poder xudicial independente, como están os que vulneraron a Constitución no caso do Procès catalán.

Aproveito para dicir que instrumentalizar a xustiza non é denunciar algo á xustiza. Instrumentalizar a xustiza é vir aquí e porque hai un auto, porque hai un fiscal, porque hai unha declaración ata que haxa unha sentenza firme, estar ano a ano xeneralizando o comportamento dunha persoa a un colectivo que non ten nada que ver con ese comportamento individual. (*Aplausos.*) Iso si que é instrumentalizar a xustiza. E cando hai un fiscal que fai un informe a favor, ese está manipulado; e cando hai un fiscal que fai un informe en contra, ese é un bo fiscal. ¡Iso si que é manipular a xustiza! Nós sempre respectaremos a xustiza, a independencia xudicial e de todos os actores do Poder xudicial. Si, señor. E os que dan martillazos tamén están diante da xustiza, por iso a xustiza está funcionando ben.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** E, desde logo, cun goberno do Partido Popular, tamén hai que dicilo.

Quinto motivo. Unha cousa é ter ideas e outra cousa é actuar. É posible ser secesionista en España. A Constitución española —recórdolle— ten no artigo 166 a previsión de que os parlamentos autonómicos poidan dirixirse ao Congreso e presentar unha proposta de reforma constitucional. Está no 87.2 da Constitución. Polo tanto, é certo que se pode defender, e pódese defender o dereito á autodeterminación e a reforma da Constitución desde un Parlamento autonómico. Polo tanto, se o que fixeron estaba á marxe da Constitución, non é porque a Constitución non deixe plantexar os debates...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ... é simplemente por iso.

Si, vou rematar.

O malo da declaración unilateral de independencia é que rachou...

**O señor PRESIDENTE:** Vostede pasouse case dous minutos.

**O señor PUY FRGA:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, coidado. No do tempo si que... no do tempo coidado, que iso contróloeu eu moito. Vaia rematando, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** ... familias, moitas delas de orixe galega, introduciu divisións territoriais, está a facer un desastre económico con empresas, patrimonios e aforros de xente do común que marchou do seu banco domiciliado en Cataluña. Estanlle a facer un gran dano a toda a economía.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Evidentemente, nós, dende Galicia, especialmente dende Galicia, non imos apoiar o separatismo dos ricos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Esta sobreactuación aplausiva do Grupo Popular xa o di todo. Teñen que... (*Aplausos.*) (*Risos.*) ¡Son como niños! Unha reacción moi infantil pola súa parte.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** Antes de nada, dicir que non imos aceptar as emendas, unha emenda de substitución do Grupo de En Marea, porque gran parte do texto está incluído xa na proposta do BNG e hai algunhas cuestións nas que temos algunhas discrepancias, e, polo tanto, non as aceptamos.

Con respecto a intervención do Grupo Socialista que fixo referencia á legalidade e ao cumprimento da lei, claro, non quixo escoitar ou non quixo entender todo o proceso histórico ao que fixen referencia dos últimos dez anos, que explica por que chegamos a esa situación. O

Partido Socialista, a verdade, tamén foi cambiando de postura ao longo deste tempo, porque é certo que defendeu daquela o Estatut promovido por Pascual Maragall, pero despois tamén lle deu lexitimidade a todas as decisións antidemocráticas e represivas do Partido Popular, incluída esa utilización absolutamente abusiva e inconstitucional do propio artigo 155, como explicarei despois.

O señor Puy di que si lle deu unha resposta política mediante unha sentenza do Tribunal Constitucional, reforma do Tribunal Constitucional incluída polo medio tamén nos últimos tempos, cando está claro e máis que demostrado que o Tribunal Constitucional é un tribunal absolutamente partidista e que foi en contra, laminou e liquidou un estatuto que fora aprobado polo Parlamento catalán, polo Parlamento do Estado —iso si, cepillado—, e foi botado abaixo polo Tribunal Constitucional. Se iso é resolver politicamente un conflito, non sei, ¡alá vostedes!

Efectivamente, o artigo 155, con esa aplicación abusiva que fixeron vostedes, é inconstitucional, porque xa cando se debateu a Constitución, un dos seus pais, o señor Fraga, fixo unha emenda pedindo que o 155 incluíse a suspensión da autonomía e convocar eleccións e non foi aprobada esa emenda, e agora, cando non está na redacción dese artigo, aplicárona nesa conxunción.

Vostedes falan tamén da autonomía do poder xudicial, e realmente houbo unha actuación coordinada e conxunta de todos os poderes do Estado: do Executivo, do Lexislativo, do Xudicial, do policial, do militar e de todos, por acción ou por omisión, para poñer as cousas no seu sitio, porque aquí todo queda na Constitución atado e ben atado.

Por último, dicirllas aos señores e tamén ás señoras do PSOE e do Partido Popular que foi —porque vostedes son grandes defensores da legalidade e das leis— precisamente cuestionando as leis —e temos miles de exemplos diso— como avanzou a humanidade e como avanzaremos como pobo, tanto Galiza, como Cataluña, como o Sáhara, como Palestina, como Kurdistán ou todos os pobos do mundo que están procurando a súa liberdade. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas de todos os grupos que teñen representación na Cámara.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 19594)*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutive pola seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente para levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas universidades públicas galegas para garantir:*

*a) a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito dos grados de mestres e mestras en educación infantil e primaria.*

*b) a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.*

*c) a ampliación da formación continua para o profesorado en formación en prevención e atención á violencia machista.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 19594)*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutive da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia a, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e do acordado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas universidades públicas galegas para garantir a incorporación de contidos específicos de igualdade e de formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 19594)*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutive polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, desde o respecto a autonomía universitaria, propor ás universidades galegas que estuden a oportunidade e idoneidade de modificar os actuais*

*plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado de Educación para, de ser o caso, ofertar baixo unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero os contidos que se imparten na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Traemos esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, e como reflexión inicial queríamos recordar que o patriarcado e a violencia machista non entenden de razas, nin de condición social, nin de ubicación xeográfica, nin de profesión, nin tampouco de idade. As súas mostras están absolutamente normalizadas, dulcificadas e, en moitas ocasións, invisibilizadas na nosa sociedade, pero non entende de perfís, e asumir isto debería facer que desde as institucións e desde a sociedade deamos un paso tan fundamental como é evidenciar esta circunstancia para avanzar colectivamente.

Neste camiño, entendemos que a prevención debe ser un paso fundamental. Atender non só á violencia machista cando se exerce, senón actuar desde toda a capacidade que temos para previla e para erradicala na súa orixe.

A semana pasada saían de forma pública, e fixo antes a voceira do Partido Socialista a mención, as conclusións do Barómetro 2017 do Centro Reina Sofía sobre adolescencia e xuventude. Xerou bastante alarma, bastante polémica nas redes sociais e bastantes titulares, por alertar de que case un 30 % dos mozos e mozas entre os 15 e os 29 anos crían que a violencia machista era unha conduta normal no ámbito da parella.

Temos outros estudos no ámbito máis próximo á nosa realidade sobre a incidencia da violencia na mocidade. Por exemplo, aquilo que nos indica un estudo que elaborou no curso pasado a deputación da Coruña, que desenvolveu un importante estudo de campo como traballo de investigación previo para desenvolver o programa «Suprime o control», que chegou a máis de 14 concellos e máis de 600 rapaces e rapazas. É un estudo moi completo que eu lles recomendo. Poden acceder a el na páxina web. Fai unha diagnose do que vén ser a percepción da violencia machista nas e nos adolescentes enquisados. Aмоса cuestións interesantes, algunhas delas que combinan o optimismo, amosan que son moitos os avances conseguidos. Por exemplo, un alto recoñecemento dos sinais que identifican como comportamentos de relacións pouco saudábeis e sexistas. Pero, aínda así, tamén amosa que non está todo conseguido e que, por exemplo, nin todas as formas de violencia, nin todos os comportamentos que supoñen situacións de maltrato, son identificados como tal.

Por exemplo, resulta alarmante a baixa percepción do maltrato psicolóxico como tal. Máis da metade pensa que o maltrato é só o físico, que son só os golpes, e non outro tipo de violencias. Aмоса tamén a terrible vixencia dos mitos do amor romántico. E amosa tamén outra

cuestión moi interesante, que hai diferenzas entre os centros e que, polo tanto, hai cuestións na educación destas persoas que poden estar influíndo nesa percepción; que non todo son os centros, pero tampouco non todo son as familias.

Este estudo, e calquera outro que puidera desenvolverse ou que puido facerse no pasado, van amosando liñas nas que camiñar, debilidades pero tamén fortalezas, e este é o escenario no que pensamos desde o BNG que hai que intervir, que hai que espresmer o marco legal que xa existe e ir da teoría á práctica, e para iso sería moi interesante incluír unha materia específica para garantir a formación inicial do profesorado neste caso de secundaria.

Pensamos que é absolutamente imprescindible educar a quen educa, darlle chaves para que en situacións de violencia machista, e tamén para previla, poidan actuar. Xa a Lei 2007, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, á que xa fixemos mención nesta tarde, facía mención de forma específica da importancia da poboación xuvenil e do importante e estratéxico que era o ensino. E tamén o artigo 14 recolle como as administracións educativas deberán asegurar na totalidade dos estudos conducentes —leo textualmente—: «a obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero incorporen estes contidos». Isto é o que di a teoría, porén, a práctica conserva aínda hoxe moitas lagoas que nos motivan a presentar esta iniciativa.

Existe, ao noso ver, un baleiro importante na formación exigida e ofrecida ao persoal docente. Poden, por exemplo, con carácter voluntario facer algúns dos cursos de igualdade que se ofertan dentro dos centros de formación e recursos, ou tamén acollerse á participación nos plans Proxecta, pero, jollo!, isto é voluntario. En todo caso, pensamos que faltan recursos e exixencias, e algo tan importante como do que estamos a falar, esta capacitación, non pode depender da voluntariedade.

Entendemos que falta tamén compromiso por parte da Administración galega para desenvolver os seus plans. Temos, por exemplo, case recén saído do prelo, nin un ano, o primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos do abano de 2016 a 2020, que entendemos que, se non se traballa cos centros e simplemente se envía, vai ficar —se non depende dun equipo que o acolla— en mero papel mollado. Tamén, por exemplo, na mesma liña, o Caderno sobre identidade de xénero, que segue unha fortuna semellante.

Pero, aínda así, entendemos que o noso país é tamén exemplo en positivo. Non queremos deixar pasar a oportunidade que nos dá esta iniciativa para poñer en valor o importantísimo traballo que en moitos centros do país están a levar a cabo magníficos e magníficas docentes. Temos unha ampla rede que é un importante caldo de cultivo que temos que aproveitar ao noso favor para acelerar e mellorar colectivamente.

Por poñer algún exemplo, o Comité Lila do IES Dionisio Gamallo, de Ribadeo, ou o Comando de Igualdade do IES Alexandre Bóveda, de Vigo, impulsado por unha docente absolutamente referencial e multipremiada como Mercedes Oliveira, pioneira no noso país, e tamén a nivel de Estado, na educación de xénero e sexual.



Dous exemplos de dous extremos da xeografía, de Ribadeo e de Vigo. E tamén terán que permitirme as súas señorías que, falando de Vigo, me resulte inevitable facer unha mención específica á nosa compañeira e deputada ata hai pouco nesta Cámara, Carme Adán, que está a facer tamén un traballo importantísimo arredor de cuestións como o ciberacoso ou a visibilización do colectivo LGTBI, con compañeiras como Ana Ojea, no IES Politécnico de Vigo.

A experiencia demostra que temos unha importante mostra de experiencias previas ao longo do territorio, e que cando lle sumamos o acompañamento da Administración, que moitas veces existe e está aí, como é o Plan Proxecta, ten permitido avances, pero queremos que non sexan casos illados, como se dicía antes, e que sexa un caldo de cultivo maior. Por exemplo, o Plan Proxecta foi o que permitiu a publicación impresa do «Libro do mal amor», eses *haikus* contra a violencia de xénero que saíron do IES Laxeiro, de Lalín, e que contaron tamén coa colaboración do mundo da cultura e coa colaboración de moitas máis persoas e moitos máis axentes implicados que os propios alumnos e alumnas e que o propio profesorado, enriquecendo moito máis o traballo que nesta materia se pode facer, implicando a pais e nais e implicando tamén á sociedade en xeral. Insistimos en que hai sensibilidade, en que hai experiencias e que, con máis información e con máis formación, teríamos capacidade de chegar moito máis alá.

Dende o BNG pensamos que por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas como co conxunto da sociedade, como tamén co propio futuro profesorado, temos que exixir e facilitar que estean preparados para detectar este tipo de situacións. Entendemos que debemos garantir e mellorar a formación e a capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que van estar ou están en formación inicial. Como saben as súas señoría, desde o curso 2009 e 2010 impártese no noso país o máster docente, o coñecido como máster docente, que ten un nome terriblemente longo, que é imprescindible para acceder á función docente, tanto no ensino público como privado, e imprescindible para presentarse a calquera oposición. Polo tanto, entendemos que é de sentido común que deba incorporarse formación específica neste máster que avance na identificación, na detección, na prevención e na intervención de situacións deste tipo.

Entendemos que a día de hoxe esa formación segue a depender fundamentalmente da vontade e da voluntariedade das e dos docentes deste máster. Se consultamos os programas, e é certo que se consultamos as memorias, faise fincapé en inputs e en marcadores como o da igualdade, pero temos a sensación de que dunha forma moi automática, do mesmo xeito que se fai mención á necesidade dos traballos en grupo ou outro tipo de valores que son comúns, xerais e loxicamente exixibles, e que aparecen no marco legal. Pero, por exemplo, se collemos os programas que aparecen resumidos en calquera portal web, como por exemplo o da Universidade de Santiago de Compostela, vemos como as palabras violencia machista non aparecen por ningún lado.

Nós entendemos que é importante centrar os esforzos e que está ben que moitas veces deamos debates macro neste Parlamento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...—remato, xa—, pero aquí temos unha proposta moi concreta e estamos a falar xa de propostas de transacción para a súa aprobación cos grupos desta Cámara. Pensamos que, malia ás diferencias de matiz que introducen as emendas, será posible chegar a un acordo, e confiamos que isto no futuro teña receptividade tamén por parte da comunidade universitaria e que se poida engadir esa materia para reforzar e darlle importancia e visibilidade a esa formación e a importancia que ten unha cuestión como é o ensino dos futuros galegos e galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas.

A mellora da formación en igualdade e en prevención e atención á violencia machista daqueles e daquelas nas que se deposita a formación dos nosos nenos e nenas, así como dos mozos e mozas adolescentes, é unha das prioridades do propio Pacto de Estado, como tamén foi un dos puntos que se recollen na propia ponencia aprobada pola Comisión de Igualdade deste Parlamento, e é unha reclamación que vén de atrás e que o propio Partido Socialista persegue dende hai anos.

Este grupo entende que é fundamental a introdución de contidos de carácter transversal nas materias que forman parte dos programas dos máster de formación de profesorado de secundaria, como tamén nos de infantil.

Se asentamos ben esa base e as aulas se converten no primeiro exemplo palpable de igualdade, no que se traballe por derribar os estereotipos de xénero, por fomentar a corresponsabilidade ou por evitar as discriminacións por razón de xénero, os avances na convivencia en igualdade do futuro deses nenos e nenas serán moito máis factibles.

Comentabamos antes tamén, coa outra iniciativa impulsada por este grupo, como existe un dato demoledor entre os xoves, que entenden nun 30 % que a violencia de xénero é unha cuestión dificilmente evitable. Esa normalización da violencia, especialmente nas relacións de parella, é cando menos alarmante, e francamente decepcionante, polo esforzo que durante anos se vén facendo, e que nos dá unha pista do imprescindible que é actuar dun modo máis contundente e dende idades máis temperás.

Este grupo parlamentario estando de acordo, por tanto, na parte principal desta iniciativa, presentou, sen embargo, unha emenda de substitución á proposición non de lei presentada polo Grupo do BNG que pretende matizar algún punto que nos pareceu preciso sinalar.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, avoga no seu artigo 7 para que se inclúa, e di así: «...unha formación es-

pecífica en materia de igualdade». O documento da ponencia aprobado na Comisión de Igualdade, consensado por todos os grupos desta Cámara, di no seu punto 5, relativo á educación: «Introducir contidos obrigatorios en materia de igualdade, prevención e detección das violencias machistas nos plans de formación para o corpo docente», tal e como se recolle e se remite no artigo 7 da Lei orgánica. E no propio Pacto de Estado tamén se fala de inclusión de plans de estudos con contidos especializados, inclusión de competencias ou introdución de módulos.

Polo tanto, facemos esta apreciación considerando que é máis acaído falar de traballar pola introdución de contidos na formación, os que sexan precisos e de modo transversal, pero cuestión esta que cremos que é importante matizar, non podendo obrigar á introdución de materias específicas pola autonomía para a programación das mesmas coa que conta —e entendemos que acertadamente— a día de hoxe a Universidade. E puntualizamos tamén a necesidade de que nos contidos se ten que incluír formación en igualdade, e non só a formación en prevención e atención á violencia machista.

En todo caso, o grupo propoñente propón unha transacción na que se recollen peticións de todos os grupos, transacción que estudaremos e sobre a que mañá nos posicionaremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Boa tarde a todas e todos.

Vaia por diante que dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta proposición non de lei, e ímola apoiar porque coincide na súa esencia con algunha das medidas que este grupo parlamentario trouxo a esta Cámara hai uns meses, cando trouxemos unha batería de propostas para loitar contra as violencias machistas nas aulas.

Falamos naquel intre da necesidade da elaboración dun plan de formación en igualdade para o corpo docente. Non todo está na escola, repetiron unha e outra vez os voceiros do Partido Popular. Non todo está na escola, repetiu unha e outra vez o conselleiro de ensino. Ignorando deliberadamente o carácter transformador que posúe a escola. Desprezando a capacidade que teñen precisamente os centros de ensino, os mestres e mestras deste país, para transformar o futuro da sociedade galega.

Lamentámolo daquela, polo que agardamos que esta proposición non de lei do Grupo Nacionalista Galego conte con máis e mellor sorte. Dende logo, sería unha boa noticia para todas, porque non todo está na escola, claro, pero hai moito que pode e debe estar nas escolas, porque a ausencia de formación específica en igualdade no corpo docente é realmente preocupante.

Como aquí se comentou, actualmente o profesorado non recibe nin unha soa materia obrigatoria de xénero. Non existe nin na carreira de maxisterio nin nos mestrados de educación

secundaria necesarios para impartir docencia na etapa secundaria. Por iso presentamos a nosa emenda, que agardamos que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego teña a ben incluír, pero, de non ser así —como dicíamos—, igualmente imos apoiar esta PNL, posto que pensamos que a formación específica en prevención e detección das violencias machistas debe atinxir a todos os niveis formativos, debe incluír o profesorado dos institutos, pois á fin e ao cabo é aquel que trata cada día con mozos e mozas nas idades nas que se inician as primeiras relacións de parella e, ao tempo, os primeiros síntomas da violencia machista máis visibles.

Xa se dixo aquí hoxe, hai motivos de alarma cando máis de 1 de cada 4 mozos e mozas considera normal a violencia dentro da parella. Pero pensamos que non só hai que actuar con eles, tamén deberíamos incluír o profesorado infantil e primaria, para que estes profesionais conten coas ferramentas necesarias para traballar na igualdade dende os primeiros anos, etapa na que cómpre lembrar que se establecen os primeiros estereotipos de xénero, segundo un estudo publicado a principios de ano na revista *Science*. Etapa na que se establecen os primeiros piares da desigualdade, etapa na que, polo tanto, cabe traballar para formar unha cultura da igualdade.

Así, na nosa proposta falamos dunha formación inicial e obrigatoria en igualdade, prevención das violencias machistas e coeducación para todos os niveis, tanto nos graos universitarios de maxisterio como nos mestrados de educación secundaria, pero tamén dunha necesaria oferta máis ampla de formación continua.

Menos cursos illados e máis programación integral, que dicíamos hai uns meses. Menos cursos illados e máis programación integral para que as escolas sexan unha verdadeira trincheira contra o machismo e a desigualdade. Menos cursos illados e máis programación integral para que mestres e profesoras teñan todas as ferramentas necesarias para transmitirllas aos nenos e nenas para detectar situacións de desigualdade, e, por suposto, as ferramentas necesarias para loitar contra elas.

Porque si, hai violencias machistas nas escolas, como hai violencias machistas no resto da sociedade. Saben que son moitos os estudos que o evidencian e moitos deles xa se comentaron nesta tribuna, pero podemos referirnos a un que, pese a ter uns anos —é un estudo do 2008 realizado polo Instituto da Muller—, poñía precisamente o foco sobre o tema da violencia machista nas aulas. Segundo este estudo, e cito textualmente: «As nenas que asisten á escola primaria reciben agresións por parte dos seus compañeiros e compañeiras provocadas polos estereotipos de xénero e fundamentadas na supremacía dos varóns sobre as mulleres, servindo isto para consolidar os futuros comportamentos cara ás mulleres».

Nós pensamos que hai que rachar con isto, que hai formar os profesores e profesoras para que sirvan de freo contra o machismo e todas as súas formas de violencia, para que sexan eles e elas os primeiros en explicarlles ás nenas que a causa de que vaian ter peores salarios, máis precariedade laboral, chámase machismo; que a causa de que vaian ser sinaladas, cuestionadas, vixiadas, e poidan ser golpeadas, chámase machismo; que os ciumes non son proba de amor, senón proba de machismo, e o machismo pódese e débese combater.

A cuestión fundamental é: ¿estanse empregando todos os medios dispoñibles para loitar contra as violencias machistas nas aulas? Se é que non, reflexionemos, porque en realidade sabemos que non, que o que estamos facendo non é suficiente. Polo tanto, agardamos que hoxe o consenso si sexa posible. É necesario. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A verdade é que hai unha cuestión que está clara. Do ton do debate das diferentes intervencións das voceiras que me antecederon no uso da palabra, creo que tamén queda patente. E é que, se hai algún ámbito, dentro do que é o desenrolo do labor político, tanto dun goberno como neste caso dun parlamento, no que hai que centrar todos os esforzos para conseguir erradicar, probablemente, o que é a maior lacra que temos hoxe na sociedade, é o ámbito da violencia machista. Nese sentido, eu creo que todos temos que ter o firme compromiso de traballar, precisamente, para en todos os ámbitos intentar erradicar esta lacra da nosa sociedade. Porque erradicando esta lacra, a nosa sociedade, dende logo, será unha sociedade mellor, indiscutiblemente.

E nós presentamos unha emenda a esta proposición non de lei por unha cuestión moi sinxela: porque queriamos ou entendiamos que era necesario sinalar dúas cuestións que queriamos que estivesen presentes.

Unha delas era sinalar a autonomía universitaria —fixo referencia a señora Pierres na súa intervención a esta cuestión—. Como todos saben, a Lei orgánica de universidades consagra no seu artigo 2 a autonomía universitaria. No caso que nos ocupa, este artigo recolle literalmente no seu punto 2, apartado d), que a autonomía das universidades comprende a elaboración e aprobación dos plans de estudo e de investigación e de ensinanzas específicas de formación ao longo de toda a vida. Polo tanto, como todos coincidiremos, son as universidades as que teñen que determinar, en cumprimento desta normativa vixente, os plans de estudo. Os contidos dos mesmos son verificados posteriormente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e logo de terse cumprido todo o correspondente procedemento de renovación das titulacións universitarias. Tendo isto presente, parece evidente que a Xunta non debe interferir nesta autonomía das universidades, de tal xeito que só debe propoñer ou suxerir a posibilidade, por instancias dun acordo parlamentario, da implementación dunha asignatura específica deste contido. Pero debemos ter en conta tamén —e esta era outra cuestión que queriamos deixar patente na nosa emenda— que, como non podía ser doutro xeito, as universidades xa están a impartir os seus másters de profesorado axustados á normativa vixente, tanto no ámbito educativo universitario como no propio ámbito de igualdade e de prevención e tratamento integral de violencia de xénero.

Nós cremos que non é bo trasladar á sociedade que non se está facendo nada, porque isto non é así. Que non exista unha materia específica non quere dicir que non se forme os fu-

turos docentes para estar capacitados e que poidan actuar en prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Hai varias materias coas que se forman, de xeito transversal, en coñecementos e, ademais, tal e como promoven as novas tendencias pedagóxicas, en competencias sobre esta materia os futuros docentes.

Dende o Grupo Popular parécenos ben que a existencia de transmisión de competencias a través de distintas materias decididas nos correspondentes plans de estudos, de ser o caso, poida ser complementada cunha materia específica —tal e como pide esta proposición non de lei—, pero sempre co carácter e contido que decidan as propias universidades. Entendemos, e cremos que todos poden coincidir con nós, que parece máis oportuno deixar que as universidades decidan a metodoloxía e a organización da formación coa que deben posibilitar a adquisición de coñecemento e competencias en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero por parte dos futuros docentes. Tanto os graos como os másters xa permiten, de acordo cos correspondentes plans de estudos, que se adquiran coñecementos e, sobre todo, competencias na prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Hai que lembrar tamén que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria conta tamén con plans de formación permanente do profesorado dirixidos aos profesionais que xa exercen nos centros educativos públicos. Por suposto, nas accións de formación que se imparten tamén se aborda de xeito directo ou transversal a transmisión de competencias en materia de convivencia, resolución de conflitos en igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

En definitiva, eu coido que todos os presentes sabemos que a Consellería non pode obrigar, aínda que si pode trasladar o interese do Parlamento por suxerir ás tres universidades galegas que, en exercicio da súa competencia e da súa vontade, estuden e decidan a idoneidade de proceder á modificación dos plans de estudos e do máster universitario que habilitan para o exercicio da profesión docente, co obxecto de introducir esta materia específica en relación coa violencia de xénero.

Nós coincidimos en que a loita contra a violencia de xénero ten que facerse dende a educación. Pero tamén somos conscientes de que hai que falar de educación entendendo esta en sentido amplo, porque estamos a falar non só de educación na escola. E si que reitero esas palabras, que non só é educación na escola senón tamén educación das familias, educación do profesorado, educación do sistema, educación dos medios de comunicación de masas, educación das administracións, etc.; en definitiva, educación e conciencia social.

Dende logo, con esa perspectiva e con esas ansias de mellorar para erradicar esta lacra que machaca a nosa sociedade, poderán sempre contar con nós para levar a cabo todo aquilo que nos permita mellorar esta situación. Polo demais, simplemente agardamos a que poidamos chegar a un acordo de aquí á votación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas Bergantiños.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor vicepresidente.

Desde o BNG imos ter que empezar a traballar máis iniciativas deste tipo, de educación, xénero e ensino, nas que se ve que son menos polémicas que outras ou máis permeables ao diálogo. Aínda ninguén nos dixo que estabamos a politizar, algo que eu agradezo. E agradezo tamén o ton e a vontade de construción.

Por achegar algunha cuestión máis, aquí falouse moito de que os contidos xa eran transversais ou que debían de ser transversais. Nós concordamos con que deben ser transversais. E unha materia deste tipo non debe eximir de que loxicamente eses contidos se traballen doutra forma noutras materias. É coma se dixeramos que outro tipo de valores só teñen cabida nunha materia en concreto e non en máis. É certo que, na teoría, este tipo de valores e a cuestión da igualdade e demais debería atravesar todas as materias. Pero o certo é que no tránsito da teoría á práctica nós observamos, pola nosa experiencia e polo que temos contrastado, que acaba dependendo dese profesorado. En canto ao que se fala de se debería ser unha materia ou non, nós pensamos que si, que dar o corpo de que haxa unha materia específica permite que haxa un marco no que realmente se ten que traballar iso de forma específica. Por propia experiencia, porque eu cursei este máster en concreto, podo dicir que as materias son moi pequenas, ás veces de dous créditos, de dúas semanas ou tres semanas. E, polo tanto, moitas veces o privilexio duns temas e duns contidos sobre outros depende de circunstancias do propio profesorado e do que se avalíe. E, polo tanto, unha materia específica non é algo esaxerado, non é coma se estiveramos a falar de materias de moita máis duración e que tiveran que ir en detrimento doutros contidos. E, polo tanto, sería unha forma interesante de cubrir un espazo que pensamos que eses contidos unicamente de forma transversal non están a cubrir.

Pensamos que sería tamén unha oportunidade —insisto— para que iso se faga de forma práctica e non na teoría. Porque na teoría tamén existe a recomendación —e así o fai a propia Xunta de Galiza, a Consellería de Educación e a propia lexislación— de que haxa actos, por exemplo, e actividades propias arredor do 25 de novembro en cada centro educativo. Pero, se imos a cada centro, a realidade é moi diversa en como iso se traballa ou se deixa de traballar.

E outra cuestión que saía era a autonomía da universidade. Nós concordamos con iso, entendemos que, como Parlamento, aconsellamos. Se cadra, nin sequera a denominación que no propio BNG poñemos nesta proposición é a máis atinada, porque tamén habería que avaliar o tratamento e a prevención doutro tipo de violencias, como a que hai sobre o colectivo LGBTI. Nós aconsellamos, é o noso labor. E se hai unha receptividade por parte da universidade, isto avanzará. Entendemos que é especialmente importante que nos «entremetamos» —entre comiñas— cando estamos a falar dunha profesión que afecta ao noso ben público do ensino e que afecta á capacitación concreta para que alguén se dedique a esta profesión, e que, polo tanto, isto podería enriquecer.

Esgótaseme o tempo. Simplemente vou comentar, a respecto da cuestión da primaria ou de infantil, que nós concordamos co espírito do que trasladaba a señora Chao, pero entendemos que estamos a falar de ámbitos moi diferentes e con complexidades moi diferentes. Nós temos

presentado xa iniciativas para tratar a cuestión concreta da primaria, e a respecto tamén das escolas de nais e pais, nese sentido de querer sacar dos centros de ensino tamén toda a responsabilidade. Pero entendemos que neste pouco tempo é complexo explicar as diferenzas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pero, pola diferente formación que ten o profesorado que se vai incorporar á secundaria, pola diferente formación tamén en tempo e anos que ten o da primaria, nós entendemos que hai adoptar medidas diferentes e que temos que debatelo ao fío doutro tipo de iniciativas.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E remato xa.

Estou falando das emendas. Esta é unha emenda do Grupo de En Marea, señor Santalices.

**O señor PRESIDENTE:** Pero, ¿vainas aceptar? ¿Acéptaa?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Xa remato.

Simplemente quero indicar que para nós o pacto de Estado a respecto desta cuestión é absolutamente incompleto, queda curto. Por exemplo, no punto 12, o pacto de Estado fala de competencias sobre esta cuestión para a educación secundaria; e, porén, para a primaria si que prevé...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...esas materias específicas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que teremos ocasión de discutir como complementalas na primaria.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Acéptaa, logo?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non, non; hai unha proposta de transacción. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perfecto. Vale.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo, posibles casos de corrupción no sector público galego**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, hoxe traemos ao Pleno unha proposta de ética, transparencia e democracia que cremos que é transversal e na que cabemos todas as que queremos limpar o nome da política e o nome das institucións deste país.

Está claro, señores do Partido Popular, que conseguiron un gran fito: que a corrupción sexa desprazada da segunda preocupación dos cidadáns e cidadás para que pase a ocupar o seu lugar Cataluña. Un dos territorios, por certo, cun dos niveis máis altos de corrupción do Estado — neste caso, responsabilidade dos do 3 %—. Pero por desgraza — e para a súa desgraza — a corrupción, porque sexa desprazada no CIS, non desapareceu. E, así, non se fala, por exemplo, do xuízo da maior trama criminal e corrupta da nosa historia democrática, o xuízo da Gürtel, relacionado non sabemos xa con cantos ministros do señor Aznar. Parece que entre imputados e investigados están 11 de 14. Entre a Gürtel e a Lezo xa non lle deixou case ningún libre de sospeita. Ou dos papeis do seu ex-tesoureiro, Luis Bárcenas, onde sae o señor «M. Rajoy». ¡Soaralles! ¿Quen cren que pode ser M. Rajoy? ¿Ou non ten nada que ver con vostedes? ¿Escoitaron o inspector xefe da UDEF? ¿Este é o comodín da corrupción do que falaba onte a señora Paula Prado?

Señores do Partido Popular de Galicia, nas últimas eleccións municipais presentaron vostedes 15 candidatos a alcalde imputados por corrupción: o de Fisterra ía por tráfico de influencias, prevaricación e cohecho; o do Carballiño, por tráfico de influencias e revelación de segredos; o de Malpica, licenzas urbanísticas ilegais; o de Abegondo, licenzas urbanísticas ilegais — igual que o do Pino —; o de Sada tiña catro imputacións; o de Coristanco, por prevaricación e abuso de confianza; en Ourense concorreron imputados; o de Xinzo de Limia; o de Rairiz de Veiga; a alcaldesa de Melón, que sucedeu no cargo ao seu marido cando foi inhabilitado por prevaricación; o do Porriño, investigado por prevaricación e tráfico de influencias.

Señores do Partido Popular, ¿van seguir coma a avestruz, coa cabeza debaixo da terra e xogando a *los comodines*? ¿Ou van asumir a súa responsabilidade e afrontar o problema, un problema que se chama «corrupción estrutural do Partido Popular en Galicia»?

¿Falamos no Parlamento galego dos problemas de Galicia ou falamos de Irán e Venezuela e seguen vostedes facendo o ridículo? É a diferenza entre a verdade e a mentira. Iso está en todas as querelas por calumnias gañadas que sempre impulsaron contra nós, e as que perderon outros despois de acusarnos con mentiras e infamias. Mentres aínda sigan tomando

comidas con outros dos seus solemnes ex-membros, agora repudiados, como o señor Granados, antes de comparecer en comisión no Senado, ¿que credibilidade van ter vostedes? ¡Ningunha!

Utilizaron o Ministerio do Interior e comisarios políticos para inventar probas falsas contra a oposición, para facer oposición á oposición, do quen facían referencia onte mesmamente intentando tapar as súas miserias para tapar as miserias do seu presidente, o señor Rajoy. ¡Pero sigan e sigan co disco raiado de Venezuela e Irán! O que si non coa é o comodín de Venezuela e Irán contra quen denuncia as actuacións corruptas dos membros dos gobernos populares ou membros da súa organización. Non ten lexitimidade nin para mentarnos quen é membro dunha organización imputada por corrupción e unha organización que ten as mans manchadas do roubo do público en todas as formas inimaxinables. Si, en todas as formas: cohecho, solicitude ou obtención de dádivas, tráfico de influencias, inxurias, revelación de segredos, desobediencia á autoridade, malversación de fondos, vulneración de dereitos laborais, contratacións ilegais, manipulación do censo... Téñenas todas, teñen vostedes ata desacato, como en Boborás, onde o partido do 155 non atende nin aos requirimentos de Patrimonio nin ás ordes xudiciais.

E miren, como vostedes sempre intentan aludir a que isto da corrupción do PP é cousa de Madrid, igual tiñan que plantexarse escindir-se, señores do PPdeG. Porque, se non teñen nada que ver cos seus compas madrileños, de Valencia e Murcia, salvo para ir de visita e ás *partys*, ou para tratar cuestións de financiamento e das «zonas grises» —como dixo o señor Feijóo— da súa organización, pois escíndanse pero non fagan trampas ao solitario. Pero o problema é que esta trama corrupta ten grandes ramificacións en Galicia, tal e como xa vimos denunciando dende o anterior período de sesións. E este, é máis, considerámolo un dos epicentros da trama galega, un epicentro que é o PP galego. De feito, ao inspector xefe da UDEF, no Congreso, na comisión de investigación sobre financiamento ilegal dos partidos, preguntáronlle concretamente por vostedes, polo PP galego xunto co valenciano e o madrileño, e non fomos nós. Imaxino que tamén lles soará. E avalan esta pregunta múltiples casos e actuacións corruptas que citamos innumerables veces, demasiadas, e que seguiremos citando mentres non saquen vostedes a cabeza de debaixo da terra e sigan na táctica da avestruz.

E ¿saben por que? Non porque sexa un comodín, o que pasa é que nos custa demasiados cartos cando a este país e ás súas xentes non nos sobran. E iso doe. Dóenos porque, despois de sesións como a de onte, dos orzamentos, dámonos conta de que é infame, tal e como está sufrindo a xente neste país, que se siga facendo política baseándose no negocio, no negocio do público, en todo tipo de contratos públicos en detrimento da cidadanía e do que necesitan. Pero, claro, vostedes volveron gañar por maioría absoluta. Entón, impunidade, ningún tipo de vergoña nin autocritica. Pensan que a cidadanía vai seguir outorgándolles un cheque en branco ano tras ano apoiándose no seu control férreo dos medios de «desinformación», a TVG, unha administración instrumental, unha rede caciquil, clientelar, que non fai máis que traballar para vostedes —en multitude de casos con recursos públicos— para perpetuarse no poder dándolle migallas a unha maioría que os cre e á cal enganan. ¿Van seguir vostedes en *el cacique bueno*, que dicía Baltar padre antes de herdar o cargo Baltar fillo? *El cacique bueno* acabou con nove anos de inhabilitación por prevaricación continuada. ¡Que orgullo! Pero en

Ourense arrasan, claro. ¡Que máis dá! Non deberían nin ser xulgados, con tanto apoio popular. Pero hai que cumprir a lei, esa é a pena. E os cidadáns e cidadás terán que ter respostas, aínda que vostedes van seguir tentando convencelos de que hai caciques bos e de que ese xeito de estruturación social vampírica, por poñerlles unha farola ou taparlles un bache na pista da súa casa, é mostra de que están mirando polo ben da maioría, polo seu ben, e que a corrupción é un mal menor.

Afortunadamente, nas cidades galegas a xente xa non os cre, e por iso andan cos xornais do Partido Popular para difamar os gobernos municipais de esquerdas, o cal é patético, ¡patético! Non lles dá vergoña que o defunto fiscal xeral do Estado, o señor Maza —non sospeitoso, pola súa traxectoria, de ser progresista, senón que máis ben era do seu pau, inmobiliista—, non tivese outro remedio que recoñecer que en Galicia, polos niveis de corrupción, necesitabamos unha fiscalía anticorrupción específica para o noso país. Mentres, vostedes non deixaron de votar en contra desta medida proposta dende En Marea en todas as ocasións. Votan en contra, igual que votan en contra de case todas as nosas medidas en materia de loita anticorrupción e de rexeneración democrática, e seguen tendo unha política ausente respecto de apostar realmente pola transparencia e pola loita contra estas prácticas.

As galegas e os galegos vivimos corenta duros anos de posfranquismo social, no que as prácticas caciquís e o uso en beneficio propio, e dos amigos e afíns, das institucións remataron por sementar definitivamente a suspicacia e o descrédito dos gobernos entre a cidadanía, sexan da cor que sexan —aínda que non nos imos enganar nin caer en inxustas equidistancias, nin no café para todos—. En Galicia foron e son maioritariamente do Partido Popular de Fraga, dos baltares e do señor Feijóo. Unha nación como a galega na que non se persegue de xeito claro e directo a corrupción é unha nación enferma, moi enferma, na que se tambalea o progreso social e se pon en perigo a igualdade e a convivencia. Deixen de axitar bandeiras porque a súa patria non é nin Galicia nin España, a súa patria é outra: *don dinero* para os seus petos.

Hoxe traemos unha proposta de consenso, unha medida que está na rúa e que xa se aplica en países non sospeitosos de ser bolivarianos, como Alemaña ou os países escandinavos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Unha medida que actúa de xeito preventivo contra a corrupción, algo tan sinxelo como que os galegos e galegas teñan un buzón onde denunciar anonimamente prácticas que indiciariamente agochen casos de corrupción. ¿Non estamos todos fartos xa de escoitar a xente que nos di «en tal concello entréganse obras a dedo», «se queres facer algo aí, tes que pasar por tal empresa», «a este proceso selectivo de emprego público non te presentes que xa están as prazas dadas»? ¿Por que non podemos canalizar dunha maneira sinxela para os veciños e as veciñas algo tan simple como un buzón onde se poña enriba da mesa algo que pode estar mal?

O Partido Popular ten certa tendencia a botarlle a culpa á lentitude da xustiza para defenderse dos casos de corrupción que o afogan, e iso que moitas veces é responsabilidade do propio Partido Popular a lentitude da Administración de xustiza. Señores do PP, aquí en Galicia podemos seguir na Pokemon, na Patos, na Pikachu, Campión, Lingotes, Manga, Núpel, Ora, Orquestra, Carioca, Vendex ou Zeta, e podemos seguir así toda a tarde, ou buscamos medidas para que actúen de maneira disuasoria ante os corruptos.

Falemos tamén de anonimato, do buzón anónimo, porque un exemplo claro de que é necesario é Palas de Rei, onde unha sentenza xudicial recolle a condena a cargos do Partido Popular por acosar a unha traballadora pública que denunciou as irregularidades. E ¿iso é o que queren vostedes?, ¿queren que sigamos no medo ao franquismo caciquil corenta anos máis? Nós, dende logo, non. Cremos nunha administración do século XXI, transparente e ao servizo da xente. É por iso —e xa remato— que dende o Grupo Parlamentario de En Marea instamos á Xunta de Galicia á creación dunha oficina anticorrupción onde funcionarios ou persoas individuais poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción no sistema público galego.

Esperamos o seu voto tamén, señores do Partido Popular, porque o contrario significaría que lles preocupa... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...máis ben pouco o que pasou e o que pasa, e que o que intentan é agochar o que está a acontecer. Vostedes deberán, entón, explicar por que.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde de novo.

O outro día saía publicada unha viñeta, ou unha ilustración, do Carrabouxo na que dicía un dos personaxes: «Con tanta butifarra non se ven os chourizos». Xa falamos antes das butifarras, agora falaremos un pouco dos chourizos, tanto castellanos como do país.

E eu preguntaría-lles aos deputados e deputadas do Partido Popular qué sentimento teñen, se é de orgullo ou de vergoña, cando ven ese lamentábel e indecente espectáculo de corrupción que día tras día protagoniza o seu partido, militantes do seu partido, cargos públicos do seu partido, de aquí, de alá e de acolá, esa auténtica enxurrada, auténtico pozo negro de corrupción que o enlorda todo. Falaba antes a voceira de En Marea que o señor Feijóo denominaba isto como «as zonas grises» do Partido Popular. Eu creo que son máis ben marróns, de cor marrón e bastante fedorentas, con ese bochornoso e vergonzoso espectáculo das conversas telefónicas que nos están retransmitindo nestes días, o espectáculo dos papeis de Bárcenas, dos ministros e altos cargos do Partido Popular procesados e condenados, da interminábel listaxe de casos e/ou das afirmacións como as da Fiscalía Anticorrupción. Fíxense: «*Ha quedado plena y abundantemente acreditada la existencia de una caja «b» en el Partido Popular. Existen sobradas pruebas de que el Partido Popular se benefició de la trama de la corrupción, quienes no se beneficiaron fueron el Estado y los españoles. Anticorrupción pide la condena del Partido Popular por lucrarse con la Gürtel*». Procesado o Partido Popular pola destrución dos discos duros e da contabilidade «b».



Ben, despois de todo isto e de moito máis que non cito xa, porque non teño tempo, non sei se senten vergoña e non sei se prevén devolver todo isto que din os fiscais, por exemplo, que roubaron. Non sei se van devolvelo tamén vostedes.

E, claro, parece que a xente xa está tan acostumada a isto que é algo tan cotián que xa está tamén un pouco cansa. E isto é só unha pequena parte do problema, porque, ademais, a propia Unión Europea recordoulles recentemente, nun informe que se fixo público na pasada primavera, un informe moi crítico co Estado español, que neste Estado non se desenvolven estratexias preventivas específicas para combater os riscos de corrupción, que falta lexislación para protexer as persoas denunciante, que falta un regulamento dos grupos de presión ou que os procedementos xudiciais para os casos de corrupción son excesivamente prolongados. E disto aquí en Galicia tamén sabemos bastante.

Xa por non entrar agora no debate —xa falamos outras veces disto— do que entendemos por corrupción. Porque, claro, algúns temos un concepto un pouco distinto do que é a corrupción do que teñen vostedes. Para nós, desde logo, a corrupción tamén é o espolio económico da renda das clases traballadoras con todas as medidas que aprobaron, medidas legais que aprobaron —incluída a reforma da Constitución— para favorecer as grandes fortunas e a banca, a permisividade cos paraísos fiscais, coa propia excepción, coa propia legalización, da evasión fiscal; a utilización do aparato do Estado para perseguir ideas políticas ou os cambios das leis para beneficiar intereses privados. Aquí en Galicia tamén sabemos un pouco disto, que ten moito que ver tamén coas portas xiratorias que levaron, por exemplo —isto para nós tamén é corrupción; se non é corrupción legal, polo menos é corrupción ética—, ao señor Aznar ao consello de administración de Endesa; ao señor Felipe González, ao de Gas Natural; ao señor Borrell, que está agora moito de actualidade, ao consello de administración de Abengoa; ao señor Acebes, ao de Iberdrola; ao señor Martín Villa, reclamado pola xustiza de Arxentina, ao de Endesa —premiado, claro, cómo non, cun consello de administración—; a Elena Salgado, tamén ao de Endesa; ou ao señor Solana, tamén xubilado cun substancioso soldo —supoñemos— no consello de administración de Acciona, etc.

En canto á proposta de En Marea, que é o asunto que nos ocupa, nós imos apoiala. Parécenos que é unha proposta un tanto xenérica. Ademais hai mecanismos no actual sistema, por exemplo, no Consello de Contas, onde se poderían facer este tipo de denuncias. O que pasa é que o Partido Popular non o dota de medios necesarios porque non lle interesa que se fagan estas denuncias. En todo caso, preferiríamos que fose un órgano independente, preferiríamos que estivesen moito máis detalladas as características desta oficina ou deste órgano, pero parécenos unha proposta que pode ser positiva e por iso imos apoiala.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Nós, de entrada, imos evidentemente apoiar esta iniciativa do Grupo de En Marea para a creación dunha oficina por parte da Xunta de Galicia para facilitar as denuncias anticorrupción. Porque como o CIS —non nós, senón o CIS— vén mes tras mes recordando que unha das principais preocupacións da cidadanía precisamente é a corrupción, despois do paro, evidentemente non podemos esquecer que este é un dos problemas —insisto— principais, das preocupacións principais, que ten toda a cidadanía.

Lembremos tamén —xa o recordabamos nalgunha outra iniciativa— como un grupo de estados contra a corrupción no Consello de Europa xa deu lugar a un severo correctivo, a un severo varapalo, ante a inacción das autoridades españolas, das autoridades precisamente do Partido Popular, ao observar que o noso país non cumpría ningunha das recomendacións do propio Consello de Europa.

E nesa liña de denuncia, o Grupo Parlamentario Socialista vén desenvolvendo unha acción decidida nesta cuestión tan transcendental para a nosa vida pública e para a saúde da nosa democracia. Presentamos sistematicamente iniciativas anticorrupción que veñen sendo sistematicamente rexeitadas polo Partido Popular nesta Cámara. E así, olímpicamente, foi rexeitada polo Partido Popular unha moción que presentamos no pasado pleno do 9 de maio deste ano na que presentabamos precisamente oito medidas claras e contundentes contra as prácticas de corrupción, que ían desde a creación precisamente de todo un sistema integral de protección das persoas denunciante de prácticas de corrupción, todo o que é a necesaria regulación dos grupos de interese, dos grupos de presión, dos lobbys, tamén toda unha batería de iniciativas que aumentaran a transparencia pública na acción por parte da Xunta de Galicia ou precisamente —o que se falaba no debate da Lei de medidas onte— a delimitación material da aplicación das leis de medidas anuais en materia fiscal ou en materia administrativa, ou a incorporación tamén das orientacións da propia Comisión Europea en Materia de Avaliación de Riscos de Fraude. Pero ningunha destas iniciativas foi precisamente apoiada, nesta moción que presentamos, por parte do Grupo Popular.

E tamén, especificamente, defendemos no anterior pleno do 13 de decembro de 2016 unha PNL sobre a protección integral das persoas denunciante de prácticas corruptas, tamén, dunha forma sistemática, rexeitada polo Partido Popular. Polo que a ver se á terceira vai a vencida e conseguen o apoio do Partido Popular nalgunha iniciativa que vaia contra as prácticas de corrupción e pola protección das persoas que denuncian estas situacións

Itziar González, Maite Carol, Fernando Urruticoechea, Albert Gadea, Carlos Martínez, son todas persoas, funcionarios, cidadáns, que denunciaron prácticas de corrupción en España. E non debían ser —e non son— heroes. Son precisamente cidadáns con principios. Recentemente, o Tribunal Supremo ratificou que a denunciante de Gürtel, Ana Garrido, sufriu acoso por parte do concello do Partido Popular ao que denunciou. Desde que se negou a firmar irregularidades no Concello de Boadilla del Monte hai dez anos e as puxo en coñecemento da Fiscalía Anticorrupción hai oito anos, Ana Garrido ten sufrido ameazas, extorsión, perda de traballo, todo un calvario, polo que o máximo tribunal lle concedeu unha indemnización de case 100.000 euros, que eran con cargo ao erario do propio concello denunciado.

Se comunidades autónomas como Baleares, como Valencia, como Cataluña ou mesmamente como Castela-León, onde gobernan vostedes, son capaces de legislar e de establecer mecanismos para loitar contra esta lacra da corrupción, ¿por que nós, ou, máis ben, vostedes, aquí en Galicia non son capaces? Incluso un concello mediano, como Culleredo, acaba de poñer en marcha unha canle de denuncias, precisamente, ante posibles prácticas de corrupción na aplicación de fondos europeos. Non podemos entender —ou si entendemos— as actitudes do Partido Popular contrarias precisamente a calquera medida anticorrupción, basta con ler cada día practicamente todos os medios de comunicación. Por certo, o secretario de organización do Partido Popular de Galicia, Pablo Crespo, ten solicitados pola Fiscalía máis de oitenta anos de prisión na Gürtel, pero temos Lezo, temos Púnica... O Partido Popular —xa se ten reiterado pero non por iso hai que deixar de recordalo— é o primeiro partido político procesado por traballar precisamente en prácticas de corrupción coa destrución dos ordenadores de Bárcenas. E así temos unha hemeroteca que case a un lle dá vergoña repasar nesta Cámara. Incluso na última reforma que entrou no Congreso para ilegalizar partidos corruptos, precisamente durante este mandato, foi aprobada por todos os grupos a toma en consideración menos, precisamente, por parte do Partido Popular, que levou adiante o seu voto con abstención.

Vista realmente esta terrorífica praga de corrupción que provocaron neste país, eu creo que o Partido Popular está fóra de xogo xa non para gañar senón nin sequera para xogar o partido contra a corrupción. E xa que —e quero aproveitar— nos veñen dar aquí leccións de constitucionalismo, precisamente un compromiso constitucional e un compromiso absolutamente democrático é tamén loitar contra a corrupción.

Máis nada e espero que prospere esta iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, señor presidente. Sobre todo, grazas pola orde do día, porque, se non, probablemente non saberíamos cal é a proposta que quería consensuar hoxe A Marea, porque non falou dela.

Miren, As Mareas de Podemos atravesan crise interna e, polo tanto, toca presentar iniciativa co obxectivo de zurrar ao Partido Popular. ¿Discuten pola independencia de Cataluña? ¡Zurra ao Partido Popular! Hoxe a escusa é propoñer a denuncia anónima como fórmula para combater a corrupción política. Fano a pesar de que distintas organizacións internacionais o desaconsellan e recomendan implementar mecanismos de confidencialidade nas denuncias, por entender que así se garante unha debida protección ao denunciante de corrupción ao tempo que se limitan os incentivos perversos e indesexados da delación anónima.

Seguindo esas recomendacións, o Goberno galego implementou mecanismos de confidencialidade, e hoxe os galegos poden presentar as súas denuncias a través do Consello Consultivo. Pero Marea discrepa dos expertos e por iso nos ilustra hoxe cun exemplo que xustifica a implantación da denuncia anónima: Palas de Rei, un caso no que unha secretaria

municipal, no exercicio das súas funcións, denuncia presuntas irregularidades na xestión municipal. ¿Pretende En Marea que os informes do secretarios municipais sexan anónimos? Non creo, pero, como simplemente buscan unha escusa para zurrar ao PP, pódese prescindir de calquera rigor. O importante aquí é zurrar, zurrar ao Partido Popular. E para iso vale todo, señorías, e para iso súmanse todos. E, como vale todo, onte, un adañil da posverdade, sen poñerse colorado, afirma nesta Cámara que 12 ministros de Aznar están imputados ou condenados. Repetírono hoxe. É absolutamente falso, así que ou mente ou comete un erro. Talvez ese deputado simplemente se confundiu nas siglas do partido que ten, ou tivo, unha ducia de ministros imputados ou condenados, e referíase a Barrionuevo, a Corcuera, a García Valverde, a Asunción, a López Aguilar, a Serra, a Borrell, a Magdalena «Plan Galicia de mierda» Álvarez, a Griñán, a Chaves, a Blanco e a Caballero. (*Aplausos.*) ¡Efectivamente, 12!, 12 ministros. E espero así ter rectificado o erro da súa señoría, porque as acusacións en datos ou con datos falsos non son máis que insidia. E eu non quixera que ningún deputado desta Cámara incorrese no pecado da insidia.

Tamén dicía ese orador onte que no pasado do seu partido non había nada do que avergoñarse. ¿Non se avergoñan dos ministros condenados?, ¿nin dos casos de corrupción?, ¿nin de enchufar cuñadísimas?, ¿nin de acompañar os ministros condenados á cadea? ¡Poden estar orgullosos! Pois nós si, señorías. A nós avergoñanos os delincuentes que aproveitan as nosas siglas e a nosa confianza para lucrarse a custa dos cidadáns. (*Aplausos.*) ¡Sentimos vergoña!, e ese é o primeiro paso, sentir vergoña.

O segundo, o segundo paso, é perseguir os corruptos. E o terceiro é tomar as medidas para impedir que esas actuacións se repitan. E iso fixemos. Vostedes non só non apoiaron a maioría desas medidas, utilízanas, ademais, para seguir difamando o PP. Hoxe mesmo, ou onte, afirmaron sen ningún recato que o PP está imputado na Gürtel. Non é certo, señorías. A imputación é unha figura penal que implica participación nun acto delitivo. O PP está chamado a ese proceso como responsable civil a título lucrativo, e esa figura, señoría, implica dúas cousas, dúas cousas...: (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que o PP non participou na comisión do delito e, segunda, que o PP non tivo coñecemento de que se estaba perpetrando un delito. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Non, non, silencio!

¡Mesmo respecto para todos!

Cando faláron antes, aí non se movía ninguén. Agora o mesmo.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Unha cousa si é certa. É a primeira ocasión na que a un partido lle piden responsabilidades polas actuacións irregulares dalgúns dos seus membros. E isto é así porque o PP, con maioría absoluta nas Cortes, modificou a lexislación para que iso fose posible. Houbo outras ocasións para facelo. ¿Recórdollelas? O caso Flick, Filesa, Aída, AVE, Pallerols, Casinos, caso tragaperras, Caja de Ronda, Ferraz, fondos de réptiles... Isto por citar algúns.

Pero onde o PP adoptou a estratexia de combate, outros preferiron a estratexia da avestruz. E agora veñen a darnos leccións. Non llelas acepto, señorías. Non lles acepto leccións.

Como tampouco lle acepto leccións a quen fixo da hipocrisía a pedra angular da súa política. Onte díxose —e díxose ben— que non somos iguais, señorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para vostedes non pagar a cotización social dos seus empregados é un acto de caridade; a elisión fiscal, un acto de transparencia; injuriar o adversario, liberdade de expresión; agredir os adversarios políticos ou embarazadas, defender os dereitos dos traballadores; Otegi é un home de paz, Leopoldo López é un terrorista; os golpistas cataláns son presos políticos e os opositores encarcerados en Cuba e en Venezuela son presos comúns. ¿Verdade que si, señor Bará? España é un pozo de corrupción e Venezuela un enviable sistema democrático. (*Aplausos.*) ¡Claro que non somos iguais, afortunadamente!

Fálannos aquí de Palas de Rei. Esquecen Vimianzo, esquecen Arzúa, esquecen Viveiro, esquecen Melide e tamén esquecen Camariñas ou Bembrive, ¡non vaia ser que se estropeen as alianzas para as municipais!

Persecución, señoría, hai en Camariñas, onde os socialistas teñen condenado, por un delito continuado de prevaricación, a don Valeriano Alonso de León, alcalde máis coñecido por «Pichurri». O señor Villoslada sabe que a Pichurri o apartaron. Pero cando están nas primarias esquécelles. ¡Miren que bonita foto!, foto das recentes primarias socialistas: Pichurri, os alcaldes socialistas da zona, e deputados do PSdeG encabezados polo seu voceiro. ¡Precioso retrato da ética socialista, señorías, precioso!

Mire, persecución aínda peor acontece en Bembrive, nos territorios do amado líder e da campioa do escapismo parlamentario. Aí teñen vostedes un alcalde pedáneo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...cunha condena firme por prevaricación —sete anos, condena firme—. Pero por agora non plantexan a súa expulsión porque —cito literalmente— «os estatutos federais do Partido Socialista determinan que a expulsión sería inmediata se o fallo xudicial demostrase un delito de corrupción». Pero non é o caso. E eu supoño que...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...esa é a reforma legal que propón a oposición para combater a corrupción: que a prevaricación non sexa un delito de corrupción e que introduzamos no Código penal a figura da prevaricación (...) (*Inintelixible.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Remato xa, señor presidente.

Esa é a Galicia que queren, unha Galicia na que os paxaros disparan ás escopetas, as artistas porno nos falan sobre feminismo e vostedes nos dan leccións sobre corrupción.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Nós pensamos que os galegos merecen algo mellor, señorías. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

*(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas.

A verdade é que queda unha sen palabras, porque é indescribible este nivel, este nivel... *(Murmurios.)* É que, de verdade..., ao final a bancada da oposición imos declararnos fans absolutos da desvergoña do Grupo Popular nas réplicas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou sexa, sen ningún tipo de vergoña, nin ningún tipo de... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ... rigor, nin ningún tipo de autocrítica, sen ningún tipo de absolutamente nada, ¡absolutamente nada! Sacan peito de ser o maior partido da corrupción da historia do noso país e de Europa. É unha cousa increíble, ¡sacan peito! *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡É que é unha cousa...! De verdade, ¡ver para crer!

E miren, a verdade é que hai unha gran diferenza entre non só non avergoñarse, senón sentir orgullo de tantos compañeiros e compañeiras a nivel estatal, a nivel municipal, sexa Pablo Iglesias, sexa Ada Colau, sexa Manuela Carmena, sexa Martiño, sexa Xulio, sexa Jorge..., que son os que están facendo unha política de rexeneración democrática de verdade en todos os eidos, e que lle plantamos cara... *(Interrupcións.) (Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...e por iso atacan a calquera que lles destapa as vergoñas. E fano habitualmente cos que estamos nesta bancada. Vostedes son os que teñen que avergoñarse, porque teñen os presidentes, os alcaldes e as alcaldesas da corrupción. *(Aplausos.)* ¡Téñense que avergoñar vostedes! Son vostedes os que teñen que sentir profunda vergonza.

E, señores deputados e deputadas, a corrupción é un problema que ataca o corazón da democracia. É un mal estrutural pero que non afectou por igual todas as cores políticas, por moito que estean tamén falando doutros partidos que están tamén nesta outra bancada. É unha irresponsabilidade, é unha vergoña, que intenten trasladar á sociedade que a corrupción é algo inevitable e que en todos os partidos hai corrupción cando actualmente están vivindo o maior e máis escandaloso xuízo de corrupción da historia deste país. ¡Por favor! ¡Polo menos, agachen a cabeza e teñan máis humildade! *(Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** E xa non digamos da súa falla de vontade real de combatela, salvo pola repulsa social e indignación que se xerou neste país nos últimos anos, e grazas a xuíces e xornalistas valentes que axudaron a destapala para que o pobo, ese pobo ao que vostedes queren moitas veces ocultar as cousas, se enterase de en que andaban vostedes. E, sen embargo, mentres non teñan vostedes custo electoral, o PP mira para outro lado e esconde a cabeza.

Despois, malia ser os grandes protagonistas da corrupción a todos os niveis, pois resulta que son os que máis loitan contra a corrupción de todos os partidos do noso sistema político, o cal non entra na cabeza de ninguén. E rachan as vestiduras dun xeito que é pasmoso.

Pero as medidas contra a corrupción que traemos —como dixemos aquí— é que as votan todas en contra. E ¡como din que non se pode implantar iso! ¿En Alemaña non cumpren a normativa internacional nese eido? Alemaña e os países escandinavos están incumprindo a lei, ¡increíble!

Miren, nós non estamos criminalizando a ninguén —e remato—, simplemente estamos propondo unha vía preventiva en vista do que pasou neste país e do custo social e económico, que é indignante, sangrante e doloroso, unha vía preventiva para que a Administración poida autocontrolarse. Se as nosas pemes reciben inspeccións de traballo, inspeccións de sanidade, ¿por que non poden as nosas administracións ter inspeccións anticorrupción e pola transparencia para a cidadanía? ¿Por que non queren? Pois vostedes saben perfectamente por que: porque non lles convén. ¡É un escándalo! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos. (*Murmurios.*)

¡Silencio, silencio!.

Antes de rematar o pleno, un rogo. Temos aberta aínda a campaña de vacunación. Fágolles unha recomendación porque na campaña de vacunación tamén queremos que se vacune toda a poboación, e está nunha porcentaxe moi baixa. Vostedes son deputados elixidos. E coa súa imaxe, se se vacunan —que ata lles vén ben para a saúde—, podemos fomentar que a xente se vacune.


Polo tanto, pídolles que se vacunen. Non lles fai dano, vacúnense.

Grazas, suspendemos ata mañá.

*Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos da noite.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25